XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
17 XAN. 2017
Núm. 3510

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta na súa reunión do día doce de xaneiro de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Remitir ao Parlamento de Galicia a memoria 2016 de control das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, en cumprimento do previsto no artigo 11 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia."

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a doce de xaneiro de dous mil dezasete.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE



SUSTENTABILIDADE TERRITORIAL

PLAN DE SEGUIMENTO DAS DOT

MEMORIA AO PARLAMENTO

2016

XUNTA DE GALICIA

INDICE

Presentación 5

RESUMO 7

Desenvolvemento das Directrices de ordenación do territorio 11

Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI) 11

Criterios que constitúen as liñas estratéxicas da política territorial de Galicia: 15

Liña estratéxica A: Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa 15

Liña estratéxica B: Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio 20

Liña estratéxica C: Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio 27

Liña estratéxica D: Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial 29

Liña estratéxica E: Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural 31

Liña estratéxica F: Protexer o patrimonio natural e cultural 36

Liña estratéxica G: Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental 38

Liña estratéxica H: Afianzar o protagonismo exterior de Galicia 41

Conclusión 43

ANEXO I. Informe Plan de seguimento 2016 49

Índice de ilustracións 51

Índice de táboas 51

Decembro 2016

Presentación

A Memoria 2016 sobre os efectos da aprobación das Directrices de ordenación do territorio corresponde á terceira edición do sistema de seguimento das DOT, publicado por primeira vez en 2014 e actualizado en 2015.

Coa aprobación do procedemento para o seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial, iniciouse a tarefa de avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos enunciados nas DOT e, polo tanto, coñecer se o rumbo das políticas implementadas é concorrente con estes obxectivos.

A presente memoria elabórase a partir do traballo desenvolvido pola Comisión de Seguimento, a través dos Grupos Técnicos de Traballo (GTT), integrados por representantes de distintos departamentos da Xunta de Galicia.

Este traballo formalízase nun informe que elabora o Instituto de Estudos do Territorio, ao igual que a presente memoria. A Comisión de Seguimento aprobou o 21 de decembro o devandito informe, que se xunta como anexo a esta memoria.

O contido desta memoria describe a situación e evolución dos distintos parámetros analizados e a súa estrutura responde ás oito liñas estratéxicas que propoñen as DOT para unha Galicia máis sustentable e cohesionada. A análise abórdase dende as tres ferramentas de avaliación que inclúe o plan; os indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI), os indicadores de sustentabilidade territorial (IST) e, por último, a enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU).

Os Indicadores de Desenvolvemento e Implementación (IDI) reflicten o grao de cumprimento das obrigas concretas establecidas polas DOT, no que se refire aos instrumentos que debe desenvolver a Comunidade Autónoma para acadar os obxectivos estratéxicos de sustentabilidade. Eses obxectivos formúlanse para distintos aspectos, ben sexa no eido da planificación urbanística ou da ordenación e xestión dos recursos naturais e produtivos, ben na valorización e protección dos valores paisaxísticos e patrimoniais de Galicia ou na mellora da eficiencia do metabolismo urbano.

A segunda das ferramentas nas que se apoia o seguimento das DOT é a análise dunha serie de Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST), que axudan a obxectivar os efectos derivados da planificación territorial a partir dos valores obtidos para estes e da súa relación cos obxectivos ambientais, sociais e económicos establecidos nas DOT.

A Memoria 2016 inclúe os primeiros resultados da Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística, elaborada no ano 2015 polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Asemade, a información obtida co Plan de seguimento permitiu desenvolver paralelamente unha operación estatística homónima incardinada na programación estatística da Xunta de Galicia, que o IGE publica anualmente na súa web[1].

Dende a primeira edición, tanto o informe e os indicadores como a memoria contan con versións preparadas para a descarga desde INTERNET[2].

[1] http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0101001001
[2] http://cmaot.xunta.gal/seccion-organizacion; http://cmaot.xunta.gal/indicadores

RESUMO

A Memoria 2016 sobre os efectos das Directrices de ordenación do territorio correspóndese coa a terceira edición do sistema de seguimento das DOT iniciado tras a súa aprobación, publicado por primeira vez en 2014 e actualizado en 2015.

Esta memoria describe a situación e evolución dos parámetros empregados para analizar as oito liñas estratéxicas que propoñen as DOT para unha Galicia máis sustentable e cohesionada. A análise abórdase con tres ferramentas: os Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI), os Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST) e a Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU).

Os IDI reflicten o grao de cumprimento das obrigas establecidas polas DOT no que se refire aos instrumentos de ordenación urbanística e territorial que se deben desenvolver para acadar os obxectivos de sustentabilidade. Neste senso, dende a aprobación das DOT, aprobáronse 33 novos PXOM (sendo en total 91 os que se teñen adaptado á LOUG). En resumo, son 215 os PXOM adaptados ou en proceso de adaptación aos criterios que marcan as DOT; isto supón o 68,47% dos concellos, o 63,11% da poboación galega e abrangue máis de dúas terceiras partes da superficie de Galicia. No último ano aprobáronse 11 novos PXOM, o maior índice dende 2011, que supón un incremento superior ao 114% respecto á taxa anual (5,1 PXOM/ano) rexistrada no período 2013-15. No que se refire aos instrumentos de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia aprobou un plan territorial integrado, o Plan de ordenación do litoral, e está elaborando o segundo. Así mesmo, dende 2011 aprobáronse catro plans sectoriais de incidencia supramunicipal e outros catro atópanse en elaboración.

Para a avaliación do grao de cumprimento das liñas estratéxicas da política territorial establecidas nas DOT, analizouse o estado e a evolución dos IST, así como as actuacións desenvolvidas polo Goberno de Galicia en cada unha das liñas.

Na liña estratéxica **A "Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa"** hai que destacar a aprobación no ano 2016 da **Lei do solo 2/2016 de Galicia** e do seu regulamento, constituíndo un novo marco urbanístico que facilitará a tarefa de adaptar o planeamento municipal á normativa urbanística e territorial, incorporando os criterios de racionalidade e compacidade na expansión do solo urbano.

Estes criterios avalíanse a través de indicadores como o **Grao de conurbación**, segundo o cal, como media, o 40% do perímetro dos novos desenvolvementos urbanos propostos nos plans é adxacente a zonas urbanas xa existentes, aínda que na metade dos concellos non supera o 33%, unha cifra que deberá ir aumentando ao longo do tempo para acadar o obxectivo de crecemento urbano compacto.

Por outra banda, os datos dos indicadores demográficos, que reflicten unha diminución da poboación do 2,3% no último lustro e do 0,6% no último ano, entran en contradición cos resultados do indicador **Crecemento previsto**, que acada unha media para Galicia do 39% e unha mediana do 12%. Isto quere dicir que na metade dos concellos de Galicia o plan urbanístico prevé un crecemento urbano inferior ou igual ao 12% da superficie urbana actual, ascendendo a media ao 39% e oscilando entre o 874% e o 0% segundo o concello. A pesar disto, o indicador ***Índice de saturación***, que relaciona a superficie de solo que o planeamento recolle como transformada ou suxeita a futuros desenvolvementos urbanísticos fronte á superficie total do concello só acada o 8,5% de media. Nesta mesma liña, a **Superficie ocupada pola edificación**, que representa unha porcentaxe inferior ao 1% da superficie galega, incrementouse un 13% no período 2003-14; unha evolución que representa unha taxa anual entre 2011 e 2014, un 35% inferior á do período 2003-2011; así ata 2011 a taxa anual supuxo unha variación positiva anual do 1,27% mentres que a partir do ano 2011, esta variación non acada o 1% (0,75%).

No que respecta á liña **B "Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio"**, destaca a aprobación este mesmo ano do **Catálogo das paisaxes de Galicia**, un instrumento que aborda a primeira etapa da planificación da paisaxe, consistente na súa análise e diagnose, polo que proporciona un marco idóneo para a comprensión e valorización do territorio. A aprobación deste instrumento permitiu acadar o valor máximo no indicador que medía a porcentaxe de territorio con unidades de paisaxe delimitadas e a superficie galega incluída nun catálogo de paisaxes.

Unha vez aprobado o Catálogo, iniciouse a tramitación das **Directrices de paisaxe**, nas que se inclúen unha serie de indicadores sobre diversidade da

paisaxe, xestión da paisaxe, paisaxes abandonadas e dispersión urbana, que foron incorporados neste Plan de seguimento e cuxos valores en sucesivos informes permitirán avaliar a evolución e o estado das unidades de paisaxe.

Por outra banda, a modificación da cobertura do solo supón a alteración máis importante do medio causada polo home. O indicador **Usos do solo** reflicte que no período 2005-11 as variacións máis significativas revelan un incremento da matogueira (2%) e da superficie artificial (1,73%), un incremento das frondosas caducifolias (0,7%) e unha diminución das repoboacións forestais (3,51%), o que revela unha expansión notable en termos relativos, da superficie artificializada e, pola contra, un uso menos intensivo do solo rural.

O caso específico dos núcleos tradicionais é abordado a través de diferentes actuacións como o **Plan estratéxico de dinamización dos pequenos cascos históricos**, o **Plan REHABITA**, o **Plan estratéxico de rehabilitación de Galicia**, o **Plan de vivenda 2013-16** e a declaración de **Áreas de Rehabilitación Integral**.

Por último, entre as actuacións encamiñadas ao fortalecemento do litoral, atópanse os **Plans de acción costeira**, o **Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2016**, o **Plan para a explotación de poliquetos en Galicia 2016** e a tramitación do **Plan director de acuicultura litoral**, Os indicadores dispoñibles neste sector son o de **Especialización acuícola**, que reafirma o peso dos bivalvos na acuicultura (95,9%) e o de **Capacidade pesqueira**, que amosa unha diminución do 3,2% no número de buques.

Na liña **C "Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio"** os indicadores revelan que só un 5% dos desprazamentos ao traballo se realizan en transporte público, o 67% en vehículo privado e o 26% a pé ou en bicicleta. Segundo a EPTU o uso do transporte público varía entre o 1% nos concellos de menos de 10.000 hab. e o 9% nos de máis de 50.000. Neste eido, a Xunta de Galicia está a levar a cabo o **Plan de transporte metropolitano de Galicia**, a **Estratexia en materia de Mobilidade Alternativa** e o **Plan de Sendas de Galicia**.

Por último, a mellora das tecnoloxías da información e as telecomunicacións inflúe de xeito directo na forma de traballar da poboación e, polo tanto, na súa mobilidade. Así, unha vez acadados os obxectivos do **Plan de banda larga**, tal e como demostra o indicador **Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais**, cun 98,57% da poboación galega con cobertura de banda larga e o 97,5% dos asentamentos cunha cobertura do 80-100% da súa poboación, aprobouse en 2015 o **Plan de banda larga 2020**.

Na liña **D "Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial"**, os indicadores demográficos reflicten a perda de poboación, unha baixa natalidade e un alto avellentamento. É por isto que a Xunta de Galicia puxo en marcha o **Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-16** e está a tramitar a norma que regula o **Observatorio de Dinamización Demográfica**.

O despoboamento rural e o desequilibrio territorial plásmase no indicador **Densidade de poboación**: só o 29% dos concellos superan a densidade media de Galicia (92,4 hab/km^2) e o 50% dos mesmos teñen unha densidade inferior aos 38,3 hab/km^2. A distribución espacial do crecemento da poboación tampouco mostra coherencia coas expectativas formuladas polas DOT, que propugnaba a necesidade de consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades, xa que durante o período 2005-2015 só creceron a metade dos concellos do Sistema Urbano Intermedio e catro dos 26 Nodos para o Equilibrio do Territorio.

Para frear o despoboamento rural son necesarias normativas capaces de redirixir as dinámicas no uso da terra e de acadar un nivel de servizos e infraestruturas axeitado, coordinadas cunha política de desenvolvemento rural eficaz. Nesta liña van dirixidas a **Lei 6/2011 de mobilidade de terras** ou a **Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia**. Neste senso, o indicador **Autosuficiencia en emprego** sinala unha mellora no equilibrio entre oferta e demanda de emprego. Tamén cabe sinalar a posta en marcha do **Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia 2015-20** co obxectivo de adecuar a estrutura comercial á estrutura territorial comarcal e potenciar o comercio rural.

Na liña **E "Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural"**, algúns dos indicadores que avalían a actividade agraria, como o de **Agricultura ecolóxica**, que presenta un incremento constante da superficie rexistrada e do número de operadores (33% e 36% respectivamente entre 2011 e 2015), o **Número de vacas por explotación** (que pasou de 15,7 en 2013 a 16,6 en 2014), a superficie en arrendamento (do 8,47% ao 15,28%) ou a **Superficie con instrumentos de ordenación forestal** (que aumentou un 21,8% desde o 2011), amosan o xurdimento de novas oportunidades no medio rural, a profesionalización e redimensionamento das explotacións gandeiras ou a mellor xestión da produción forestal. Sen embargo, estas melloras non son quen de inverter o proceso de perda de poboación no rural, onde segue diminuíndo o **Número de explotacións de gando vacún**

(un 3% menos entre 2013 e 2014) e a **Carga gandeira**. Neste sector obsérvase un incremento do 2% no peso dos cultivos forraxeiros entre 2011 e 2015 e unha diminución na mesma porcentaxe dos prados e pasteiros, indicando unha tendencia clara á intensificación na produción de forraxes. Neste contexto, no ano 2016 púxose en marcha o **Plan de reestruturación parcelaria** e o **Plan MARCOS**.

Na liña **F "Protexer o patrimonio natural e cultural"**, a aprobación do Plan Director da Rede Natura supuxo acadar case o 100% do indicador **Espazos naturais con instrumentos de planificación** . Nesta mesma liña, a Xunta de Galicia creou neste ano 2016 a **Rede de parques naturais de Galicia** e está a tramitar a **Rede de Reservas da Biosfera**, ao que haberá que engadir a posta en marcha no ano 2017 da **Estratexia de Infraestrutura Verde**, orientada a garantir a provisión e mellora dos servizos ecosistémicos.

No que respecta ao patrimonio cultural, neste ano 2016 aprobouse a **Lei do patrimonio cultural de Galicia** e púxose en marcha unha actuación de integración paisaxística dos camiños de Santiago neste concello, en liña co **Plan director e Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-21**. Os indicadores neste eido reflicten un aumento no **Número de Bens de Interese Cultural** rexistrados (5 máis), acadando un total de 714, así como un aumento progresivo do indicador **Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais,** que mide o número de actuacións realizadas sobre os bens do patrimonio cultural (cun incremento do 12% entre 2013 e 2015).

Na liña **G "Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental"** pode destacarse a posición de Galicia no indicador **Número de organizacións rexistradas no Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambiental (EMAS)**, cun 20% das organizacións rexistradas en España.

No que se refire ao ciclo da auga, no ano 2016 aprobouse o **Plan hidroló-xico da Demarcación hidrográfica Galicia Costa 2015-21** e o **Plan de xestión do risco de asolagamento da Demarcación hidrográfica Galicia Costa 2015-21**, xunto a outras planificacións como **os Plans de saneamento das rías**. Os efectos destes plans reflíctense no indicador **Estado das masas de auga**, que é bo no 77,3% das augas superficiais e no 100% das subterráneas, así como no indicador **Calidade da auga nas zonas de baño**, que reflicte unha constante mellora, cun incremento dende o ano 2011 do 4% no número de puntos con calidade excelente, do 2,3% nos de calidade boa e suficiente e unha diminución do 21% nos de calidade insuficiente.

No que atinxe á xestión de residuos, no período 2011-15 os indicadores sinalan unha tendencia positiva na **Xeración de residuos urbanos**, que se reduciu nun 4%, e no incremento dun 22% da poboación con **Acceso aos puntos limpos**, ata acadar o 88% da mesma.

Por outra banda, a redución das **Emisións de gases de efecto invernadoiro** acadou o 12% en dous anos, o que sitúa a Galicia na senda do cumprimento do obxectivo europeo para 2020. Isto únese á mellora da eficiencia enerxética dende o ano 2010 ata o 2013, reflectida no indicador **Intensidade enerxética final** (-4,32%), e no incremento do 4% entre 2011 e 2013 na **Enerxía procedente de fontes renovables**, acadando un 35% total, superior ao obxectivo europeo do 20%.

Finalmente, na liña **H "Afianzar o protagonismo exterior de Galicia"** pode destacarse a posta en marcha da **Axenda de competitividade industrial de Galicia**, o **Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-15**, a **Estratexia de especialización intelixente de Galicia** ou a **Estratexia de internacionalización 2020**.

Así mesmo, o turismo contribúe a afianzar o protagonismo exterior de Galicia. O **Plan integral de turismo de Galicia 2014-16** amosa o cumprimento e mesmo a superación dos obxectivos marcados, o que se reflicte no indicador **Intensidade turística**, que presenta un incremento do 13,1% no número de pernoctacións de viaxeiros foráneos entre 2013 e 2015.

Desenvolvemento das Directrices de ordenación do territorio

Cara a un territorio sustentable

Enmarcado nas liñas estratéxicas que propoñen as DOT para Galicia, faise un percorrido que abrangue, por unha banda, o grao de desenvolvemento dos instrumentos de planificación (IDI), e por outra, a avaliación do cumprimento das liñas estratéxicas da política territorial establecidas nas DOT. Para isto, analízanse as accións despregadas polo Goberno de Galicia en cada unha destas liñas, así como o valor dos indicadores de sustentabilidade territorial (IST), que facilitan a lectura, en termos de tendencia, de aspectos clave da sustentabilidade. Por último, o resultado da Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU) permite coñecer a valoración da cidadanía en relación aos niveis de calidade de vida relacionada coa ordenación territorial e a paisaxe.

Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)

A planificación en cascada establecida nas DOT baséase na relación xerárquica entre os instrumentos de ordenación territorial e urbanística, que atopan distinto grao de concreción en función da natureza, escala e alcance territorial.

As DOT propoñen a elaboración de distintos instrumentos de ordenación do territorio co obxectivo de aplicar os criterios e obxectivos definidos e así propiciar a materialización destes no territorio e na sociedade. Neste senso, o grao de implementación destes instrumentos permite avaliar en que medida se está levando a cabo a concreción do modelo proposto.

No que se refire aos instrumentos de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia aprobou un plan territorial integrado, o Plan de ordenación do litoral (POL), que abrangue máis de 215.000 ha e ao 57% da poboación. Un segundo plan territorial integrado, o da bacía hidrográfica do río Eume está a desenvolver o modelo territorial proposto polas DOT. Así mesmo, aprobáronse catro plans sectoriais de incidencia supramunicipal e outros catro atópanse en elaboración. Estes plans teñen diferentes ámbitos territoriais en función da súa natureza ou sector ao que responden. Os Plans sectoriais da rede viaria atenden a distintas provincias, o Plan de acuicultura litoral esténdese no ámbito litoral, mentres que o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais abrangue a totalidade da Comunidade Autónoma.

Nas Táboa 1 e 2 reflíctese o desenvolvemento dos instrumentos de planificación territorial e urbanística.

Táboa 1. Indicadores IDI do bloque Ordenación do territorio

Indicador	Nome	Estado	Superficie	Poboación*
Plans territoriais integrados	Plan de ordenación do Litoral (POL)	Aprobado	2.153,62 km^2	1.564.100
	PTI da bacía hidrográfica do río Eume	En trámite	470,06 km^2	56.440
Plans sectoriais	PS. de ordenación territorial do campus científico-tecnolóxico "Cidade do Mar"	Aprobado	109,06 km^2	-
	PS de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL	Aprobado	200.000 m^2	2.732.347
	Plan director de acuicultura do litoral	En trámite	-	-
	PS da rede viaria de Lugo e a súa área de influencia	En trámite	464 km^2	-
	PS da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia	Aprobado	432.03 km^2	-
	PS de actividades extractivas na Comunidade Autónoma de Galicia	En trámite	-	-
	PS de aparcadoiros disuasorios	En trámite	-	-
	PS de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia	Aprobado	5.218,46 ha.	-
Programa coordinado de actuación	Plan forestal de Galicia	En trámite		-

* Decembro 2015.Concellos completos

Táboa 2. Indicadores IDI do Bloque Planificación urbanística

Código	Indicador	Medidas
PA1	Número de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	Núm. PXOM aprobado
		Núm. PXOM en tramitación
PA2	Porcentaxe de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	% aprobados
		% en tramitación
PA3	Porcentaxe de superficie con PXOM adaptado ás DOT aprobado ou en elaboración	% superficie con PXOM aprobado
		% superficie con PXOM en tramitación
PB1	Desenvolvemento urbanístico	Núm. concellos

O carácter estratéxico do modelo concibido polas DOT prevé gañar concreción coa planificación en fervenza. Así no terceiro nivel, os Plans Xerais de Ordenación Municipal desenvolverán os principios, criterios e normas xerais dos PTI ou as determinacións das DOT, no seu defecto.

No período 2011-2016 aprobáronse 33 Planes Xerais de Ordenación Municipal e outros 182 atópase en elaboración (Ilustración 1).

Neste último ano aprobáronse 11 novos PXOM, o maior índice dende 2011 e que supón un incremento superior ao 114% respecto á taxa anual (5,1 PXOM/Ano) rexistrada no período 2013-2015. Por outra banda, ata 182 concellos están tramitando o seu plan xeral, un 58% da totalidade dos municipios, que en termos de poboación supón un 47,6% e un 59,2% da superficie galega.

No ámbito do Plan de Ordenación do Litoral, a porcentaxe de superficie con plan adaptado ou en elaboración é do 73,89% o que supón o 68,22% da poboación residente neste ámbito.

En resumo, son 215 os PXOM adaptados ou en proceso de adaptación aos criterios que marcan as DOT; isto supón o 68,47% dos concellos, o 63,11% da poboación galega e abrangue máis de dúas terceiras partes da superficie de Galicia.

Os seguintes gráficos e mapas reflicten o estado e a evolución do planeamento xeral en Galicia desagregado por provincias, municipios e sistema de asentamentos (Ilustración 2 a 5)



Ilustración 1. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2016



Ilustración 2. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT



Ilustración 3. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2016



Ilustración 4. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos



Ilustración 5. Estado do planeamento municipal en setembro de 2016

Os instrumentos de planeamento de desenvolvemento no ámbito do urbanismo e os proxectos sectoriais no da ordenación do territorio constitúen o último nivel de concreción do modelo das DOT. As operacións de transformación urbanística defínense nestes instrumentos a partir das determinacións de carácter xeral dos instrumentos de planificación de rango superior. O indicador só contabiliza os proxectos sectoriais que supoñen a transformación urbanística do solo.

Dende a aprobación das DOT ata o mes de setembro de 2016 aprobáronse 49 figuras de planeamento territorial ou urbanístico, que supoñen a modificación da natureza urbanística dos terreos aos que afectan. Destas 49, 18 responden á plans parciais, 11 son plans de sectorización e 20 son proxectos sectoriais (Ilustración 6).



Ilustración 6. Planeamento de desenvolvemento 2011-2016

Criterios que constitúen as liñas estratéxicas da política territorial de Galicia:

Liña estratéxica A: Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa

As Directrices de ordenación do territorio establecen a necesidade da existencia dunha rede urbana dinámica, na que basear os procesos de modernización e transformación do conxunto do territorio e a través da cal se deben dar os procesos de integración en estruturas territoriais máis amplas, unha rede de cidades sustentables baseadas na compactidade, complexidade, eficiencia e estabilidade

As características das cidades e a organización do sistema urbano son factores que determinarán o papel de Galicia no contexto global. De como sexan as cidades e de como actúen conxuntamente dependerán moitos dos elementos que contribúen ao benestar cotián dos cidadáns.

Para iso, é esencial adoptar modelos de planificación que promovan a compacidade dos tecidos urbanos, desbotando formas dispersas de poboamento, e que favorezan unha adecuada coherencia entre infraestruturas, servizos, actividade e residencia. A compactidade incrementa a eficiencia dos fluxos metabólicos dos asentamentos e reduce o seu impacto e pegada ecolóxica. A dispersión xera altos índices de ineficiencia no emprego dos recursos públicos para dotar de servizos e equipamentos básicos á poboación en condicións de igualdade.

A identificación de áreas que deben permanecer como espazos libres, a procura dunha relación coherente entre densidade e opcións de transporte e a potenciación dos núcleos existentes como base na que apoiar os novos crecementos son orientacións fundamentais para lograr este obxectivo esencial.

Estes modelos defínense nos instrumentos de planificación territorial e urbanística, xa que son estas figuras as que sinalan os novos ámbitos de actividade económica e de residencia, así como as características para a súa implantación.

A ***Lei do solo de Galicia*** e o seu ***regulamento***, aprobados este ano 2016, constitúen o novo marco urbanístico que facilitará a tarefa de adaptar o planeamento municipal á normativa urbanística e territorial, en particular aos 99 concellos que aínda non contan con planeamento adaptado ou a aqueles que precisen revisalo. Os novos plans urbanísticos terán entre os seus criterios o da eficiencia territorial na regulación de usos do solo e o da racionalidade no consumo de solo dos novos ámbitos de desenvolvemento urbanístico.

No eido da planificación territorial, o ***Plan de ordenación do litoral*** (POL), fai fincapé nestes dous aspectos. Dende a súa aprobación, nove concellos adaptaron o seu plan urbanístico aos criterios de ocupación de solo e integración paisaxística deste instrumento de ordenación territorial. Un destes criterios é crecer dende o existente, respectando as singularidades e protexendo os elementos máis fráxiles e de maior valor ambiental e paisaxístico. En relación a estes valores identificados no POL, desde o 2011, informáronse máis de 1.600 expedientes en materia de paisaxe en virtude do previsto no POL.

En relación á compacidade, a contigüidade entre ámbitos urbanos e urbanizables evita incrementar a dispersión característica de Galicia. O indicador ***Grao de conurbación-fragmentación urbana*** mide o grao de contigüidade existente entre os crecementos urbanísticos e o tecido consolidado. Calcúlase a porcentaxe do perímetro de solo urbanizable que coincide co dos solos urbanos e de núcleo rural. O coñecemento do grao de conurbación ou fragmentación das reservas de solo para desenvolvemento urbanístico, permite caracterizar o territorio segundo a maior ou menor contigüidade dos novos desenvolvementos aos solos urbanos ou de núcleo rural xa existentes. Asemade, a análise deste indicador podería servir para establecer prioridades entre os diferentes crecementos previstos, promovendo o desenvolvemento preferente dos crecementos cun maior grao de contigüidade..

A diversidade de valores obtidos para este indicador (Ilustración 7) revela fortes contrastes entre concellos que planifican os crecementos en contigüidade coa trama urbana existente e, polo tanto, dun xeito máis eficiente, e outros nos que o solo urbanizable se sitúa de forma máis desconectada do solo urbano. Mentres que o indicador ***Grao de conurbación*** acada un valor medio para Galicia do 40%, o valor correspondente á metade dos concellos non supera o 33%. Este dato indica que o perímetro dos novos desenvolvementos en contacto cos ámbitos urbanos non acada un terzo da súa lonxitude e, así mesmo, que os concellos con maior superficie de solo urbanizable presentan un maior grao de conurbación. A avaliación deste indicador terá en conta os datos de indicadores como Crecemento previsto e Usos do solo.

Cabe sinalar tamén, o diferente comportamento deste indicador cando se refire ao ámbito litoral; neste caso o valor medio é superior ao de Galicia, o que indica unha maior contigüidade dos ámbitos de solo urbanizable na franxa costeira que nos concellos do interior e, polo tanto, unha tendencia a unha maior compacidade dos asentamentos.



Ilustración 7. Grao de conurbación-fragmentación urbana, febreiro 2016

Por outra banda, os datos demográficos obrigan a ser rigorosos coas expectativas dos crecementos urbanísticos que no estean ligados a un turismo ou a unha segunda residencia sustentables. O indicador ***Variación da poboación*** avisa sobre o futuro demográfico da Comunidade Autónoma; na última década, Galicia perdeu case 30.000 habitantes, o que supón unha variación do -1,1%, valores negativos que se repiten no último lustro e tamén no último ano, con variacións do -2,3% e do -0,6% respectivamente.

Cómpre sinalar que no ámbito litoral a tendencia galega estase a reproducir máis lentamente. A variación decenal é positiva; aumentou un 1,1% (17.000 habitantes) aínda que é inferior ao 3,1% da década 2003-2013. No entanto, nos períodos quinquenal e anual, os resultados do indicador son negativos, o que significa que a evolución demográfica tamén está entrando en declive neste territorio (Ilustración 8).

O consumo racional do solo é un dos obxectivos recollidos nas DOT e no POL, polo que resulta necesario establecer criterios que permitan perfilar un crecemento axustado ao modelo territorial definido por estes instrumentos e coherente co proceso demográfico da Comunidade autónoma. O proceso asociado ao cambio de uso máis transcendente é o incremento da superficie artificial, particularmente polo seu carácter irreversible. As dinámicas de usos do solo indican que, entre 2005-2011, o solo transformado para usos urbanos ou de infraestruturas se incrementou un 1,73% e supón un 6,5% da superficie total de Galicia.

Tras a denominada 'burbulla inmobiliaria', amparada nunha puxante situación financeira e económica, no contexto actual a planificación urbanística ten que facer da contención na ocupación do solo un dos seus principios reitores.

Unha aproximación ao estudo desta contención no consumo de solo dos plans faise a partir da evolución de determinados indicadores incluídos no PSST. Analizar o ***Crecemento previsto*** conxuntamente cos datos do ***Índice de saturación***, así como co indicador ***Usos do solo*** permite extraer conclusións en relación a como o proceso urbanizador se está a axustar ao modelo territorial.

O ***Índice de saturación*** cun valor medio para Galicia do 8,5% revela que máis do 90% da superficie queda ao marxe da transformación urbana. Así mesmo, estudar a relación entre a superficie transformada e a superficie ocupada pola edificación indicará o grao de dispersión do construído ou, dito de outra forma, se a construción se produce sobre os ámbitos de desenvolvemento planificados.



Ilustración 8. Variación relativa da poboación no decenio 2005-2015

No período 2003-2014, a ***Superficie ocupada pola edificación,*** que representa unha porcentaxe inferior ao 1% da superficie de Galicia, incrementouse un 13%, debuxando unha liña que se modera no período 2011-2014, período no cal o incremento é do 2,3% fronte ao 10,2% entre 2003 e 2011. Esta ocupación concéntrase maioritariamente nos concellos do Arco Atlántico situados no eixo entre as dúas Rexións Urbanas (Ilustración 9).

O indicador ***Crecemento previsto*** mide a intensidade do proceso urbanizador ao relacionar a superficie dos solos urbanizables previstos polo plan xeral coa dos solos urbanos e de núcleo rural existentes. O indicador revela unha media do 39% para toda Galicia, é dicir, os plans urbanísticos prevén como media unha superficie para novos desenvolvementos igual ao 39% do solo urbano xa existente, así como unha importante dispersión e amplitude de valores, que oscilan entre o 874% e o 0%. Esta dispersión fai preciso obter outras medidas como a da mediana, que acada o 12,1% (moi por debaixo do 39,4% para o conxunto de Galicia) ou as dos percentís 25 e 75, co 3,7% e o 30% respectivamente. É dicir, na metade dos concellos de Galicia prevese un crecemento urbano ao menos igual ao 12% do seu crecemento histórico. Porcentaxes de crecemento superiores ao 100% rexístranse en 20 concellos mentres que en 41 non se prevé ningún. Este escenario revela que determinados casos, con valores extremos que presentan crecementos pouco axustados ás necesidades reais e dificilmente materializables, polo comportamento demográfico analizado, están a distorsionar o valor medio para Galicia.

A evolución dos indicadores ***Crecemento previsto*** e ***Dispersión urbana*** medirán se os novos crecementos tenden á rehabilitación, a rexeneración e a redensificación dos espazos urbanos existentes ou se, pola contra, colonizan novos ámbitos non urbanizados. Asemade, a análise conxunta destes indicadores co de ***Conectividade da paisaxe***, sinalará en que medida esta transformación afecta ao funcionamento dos ecosistemas naturais, responsables dos beneficios ecosistémicos dos espazos de maior valor natural; en definitiva a Infraestrutura verde, espazo que a Xunta de Galicia proponse definir nesta lexislatura.

O indicador de ***Vivendas familiares*** permite relacionar o anterior indicador *Crecemento previsto* coa evolución de inmobles de carácter residencial nos últimos anos.



Ilustración 9. Superficie ocupada pola edificación, ano 2014.

O número de bens inmobles de uso residencial seguiu unha liña ascendente desde 2008 ata 2015, ano en que se contabilizaron 1.585.353 bens (Ilustración 10). Esta tendencia á alza (9,0%) amosa bastante correlación co que veu acontecendo co parque de vivendas baleiras, cuxo incremento se cifrou nun 30% para a década 2001-2011 (últimos datos dispoñibles), e tamén pode estar influenciada pola actualización dos datos catastrais nalgúns concellos despois da burbulla inmobiliaria. O que resulta evidente é que o aumento, tanto do número de bens inmobles como das vivendas baleiras, non se pode xustificar polas necesidades ocupacionais da poboación, xa que Galicia perdeu case 52.000 habitantes (-1.9%) entre 2008 e 2015. Responde, máis ben, á interacción de diversos factores económicos, sociolóxicos e mesmo demográficos (abandono da vivenda habitual por mortalidade), que son alleos ás anteditas necesidades.



Ilustración 10. Bens inmobles de uso residencial (2008-2015)

Outro dos indicadores con evolución positiva é o denominado ***Conservación e rehabilitación de bens patrimoniais,*** que presenta unha tendencia crecente continuada, o que está vinculado a unha maior conciencia na rexeneración dos elementos construídos de valor, factor de influencia no desenvolvemento harmónico das cidades e na súa compacidade (Ilustración 11 e 12).

De xeito complementario aos instrumentos de planificación territorial, outras iniciativas postas en marcha pola Xunta de Galicia, axudan a racionalizar e minimizar o consumo de solo. Para iso, coñecer a demanda real de solo empresarial ou de vivenda protexida mediante o ***Rexistro de demandantes de solo empresarial*** e o ***Rexistro de demandantes de vivenda protexida*** creados polo IGVS para estes efectos axuda a planificar o desenvolvemento de solo unicamente nestes ámbitos.



Ilustración 11. Evolución das autorizacións 2013-2015



Ilustración 12. Conxuntos históricos con/sen plan especial aprobado (ano 2015)

Liña estratéxica B: Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio

A natureza holística da paisaxe fai que sexa este enfoque o máis completo para acadar o obxectivo do fortalecemento dos núcleos tradicionais, do litoral e do territorio en xeral. De carácter transversal, a paisaxe establece un marco de referencia para todas as lexislacións sectoriais, plans e programas que poidan influír na paisaxe.

O ***Catálogo das paisaxes de Galicia*** foi aprobado polo Consello da Xunta o 28 de xullo deste ano, no seo da *Estratexia da paisaxe galega.* Este documento aborda a descrición e clasificación das paisaxes galegas, co fin último de coñecer, comprender e difundir os seus valores paisaxísticos, e así contribuír, tal e como recoñecen as DOT, a que a paisaxe proporcione un marco idóneo para abordar a comprensión e a análise do territorio.

Un dos indicadores de paisaxe avalía o grao de desenvolvemento e ***aplicación da Lei da paisaxe de Galicia***, mediante a cuantificación de tres aspectos: a superficie de Galicia que conta con Catálogo de paisaxe, a superficie de Galicia con unidades de paisaxe delimitadas e o número de Estudos de Impacto e Integración Paisaxística elaborados en virtude do disposto nesta Lei.

Nas dúas primeiras medidas acádase este ano 2016 un valor do 100%, constatándose o cumprimento total do disposto na lei, xa que a aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia implicou a delimitación das unidades de paisaxe da totalidade do territorio galego, a excepción das que xa delimitara o POL, e este instrumento abarca todo o territorio galego.

A terceira das medidas analiza a evolución cuantitativa e territorial dos Estudos de impacto e integración paisaxística que se levan a cabo en virtude de diferentes normas que perseguen unha axeitada integración paisaxística das accións humanas con incidencia territorial. No ano 2015 informáronse 67 Estudos de impacto e integración paisaxística, cunha incidencia en 72 concellos (Ilustración 13).

Unha vez aprobado o Catálogo das paisaxes de Galicia, iniciouse a elaboración das Directrices de paisaxe de Galicia, documento que se atopa na fase inicial da avaliación ambiental estratéxica e no seno do cal, definíronse indicadores capaces de avaliar a evolución da calidade paisaxística. Estes indicadores apóianse en métricas espaciais que atenden á diversos aspectos da estrutura e composición das paisaxes.



Ilustración 13. EIIP en aplicación da Lei 7/2008, do 7 xullo de protección da paisaxe de Galicia

No indicador ***Diversidade da paisaxe*** estas métricas atenden unicamente á distribución, tamaño e variabilidade das coberturas agrícola e forestal, o que permite cuantificar a evolución da paisaxe e consecuentemente avaliar o obxectivo de calidade paisaxística expresado como a necesidade de fomentar paisaxes agrícolas e forestais diversas.

A paisaxe agrícola, en xeral, presenta unha baixa diversidade, onde os cultivos e prados supoñen a cobertura dominante en case a cuarta parte da superficie cun paisaxe agrícola. É nas grandes áreas paisaxísticas do sur, nas que a diversidade acada os valores máis altos, ben pola baixa intensificación da agricultura, ben pola marxinalización da agricultura nas áreas urbanas no caso de Rías Baixas e Costa Sur-Baixo Miño, ben pola orografía adversa en Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil ou polo abandono da agricultura en Serras Orientais.

Pola contra, as grandes áreas situadas ao norte son as que presentan a menor diversidade agrícola, debido a unha maior intensificación da agricultura nalgúns casos, como ocorre en Galicia Central e Chairas e Fosas Luguesas (Ilustración 14).

No entanto, as paisaxes forestais presentan unha alta diversidade. As distintas coberturas forestais presentan porcentaxes de ocupación similares, aínda que as especies caducifolias, cun 12%, son as máis abundantes. Por tipo de cultivo, as especies de cultivo intensivo, como o eucalipto ou as repoboacións de coníferas, teñen unha presenza superior ás masas naturais. Así mesmo, a variabilidade do tamaño das manchas é bastante grande; os tamaños maiores son os das manchas de eucalipto, especie que tamén rexistra a maior variabilidade no tamaño da mancha. O índice de diversidade de Shannon, para as coberturas forestais, é bastante similar en todas as grandes áreas.

A evolución de parámetros como o tamaño, a distribución ou a porcentaxe das distintas coberturas agrícolas e forestais, permite avaliar indirectamente o grao de consecución dalgúns obxectivos de calidade paisaxística. Neste senso, o obxectivo de fomentar paisaxes agroforestais ben xestionadas pode relacionarse co índice de Shannon para coberturas agrícolas e forestais, xa que este índice ofrece información sobre a integración entre usos e, por tanto, dá unha visión do grao de mestura e xestión da paisaxe.



Ilustración 14. Índice de Shannon das coberturas agrícolas (2011)

O resultado do indicador ***Índice de xestión das paisaxes agroforestais*** amosa un índice bastante elevado en Galicia. Este dato é especialmente relevante dende o punto de vista comparativo e servirá de base para analizar a súa evolución.

Por grandes áreas paisaxísticas, a diversidade agroforestal é menor nas áreas do centro norte e centro sur de Galicia. Estas zonas coinciden coas que teñen menor diversidade de coberturas tanto agrícolas como forestais. No caso de Galicia Central, a baixa diversidade agroforestal débese a que a diversidade agrícola é moi baixa e a diversidade forestal é media (Ilustración 15).

O indicador ***Paisaxes abandonadas*** permite analizar a degradación do patrimonio etnográfico. A cuantificación do número de asentamentos abandonados ofrece información sobre zonas que concentran problemas asociados ao abandono de núcleos de poboación. Neste sentido, estas zonas poden ser máis susceptibles de sufrir deterioro das edificacións e degradación da paisaxe circundante por falta de poboación que a xestione.

A maior parte dos asentamentos abandonados en Galicia localízanse nas grandes áreas do centro de Galicia e na costa norte. Resulta especialmente curioso que na área Serras Orientais, Rías Baixas, Costa Sur-Baixo Miño e Golfo Ártabro, o número de asentamentos abandonados sexa similar. Isto debe interpretarse con precaución debido á posible asignación da poboación de asentamentos periféricos ás entidades principais cando se fusionan por mor da expansión urbana, como pode ocorrer na área rías Baixas ou Golfo Ártabro, mentres que na área Serras Orientais debe atribuírse á diminución da poboación ou ao abandono do rural. A evolución deste indicador será complementario a outros que midan o retorno de poboación ao medio rural ou a diminución dos movementos do rural ao medio urbano (Ilustración 16).

O indicador ***Dispersión urbana*** permite analizar a dispersión das coberturas urbanas e pódese relacionar con obxectivo de fomentar a integración dos asentamentos na paisaxe.



Ilustración 15. Índice de Shannon agroforestal (2011)



Ilustración 16. Numero de asentamentos abandonados (2011).

A métrica escollida é o *índice de proximidade* que ten en conta a distancia entre coberturas distintas e o seu tamaño, o que ofrece unha aproximación á fragmentación destas. Así, se as manchas urbanas están moi afastadas, diminúe a conectividade entre elas e pode ter, se o tamaño é insuficiente, repercusións na mobilidade, incrementando o uso do automóbil). Esta métrica precisa completarse coa media das áreas urbanas.

A media do índice de proximidade é moi alta para as grandes áreas Rías Baixas e Golfo Ártabro mentres que Serras Orientais e Serras Surorientais son as que presentan o valor máis baixo.

A media da área do núcleo das manchas segue un patrón similar ao da media do índice de proximidade. Non obstante, obsérvase que, en Rías Baixas, as manchas son máis pequenas e menos compactas que en Golfo Ártabro. De feito, o coeficiente de varianza da área do núcleo das manchas urbanas é maior en Rías Baixas, indicando que o tamaño das mesmas é máis irregular.

Este patrón coincide coas zonas de maior e menor superficie urbanizada. A maior urbanización, existen máis manchas e están máis próximas entre elas, como se observa nos resultados do índice de proximidade.

A estratexia de valorización do territorio, incardinada nunha aposta por un futuro sustentable, implica mudar substancialmente o uso que ate o de agora se fixo do solo, deixando as veigas e zonas agrícolas fértiles para a agricultura, minimizando a artificialización do territorio, especialmente nos ámbitos con maiores valores naturais (litoral, humidais, bosques...) ou produtivos, promovendo unha expansión urbana compacta e xestionando as zonas rurais para aproveitar toda a súa potencialidade dun xeito sostible. En definitiva, utilizando o solo como un recurso natural non renovable sometido, moitas veces, a unha xestión irreversible.

Un territorio intelixente é aquel que acada a sustentabilidade equilibrando o desenvolvemento económico, a cohesión social e a calidade ambiental. Para isto é imprescindible a protección e posta en valor de ecosistemas craves tales como as zonas agrarias fértiles, os bosques maduros, os ecosistemas costeiros ou os humidais.

A variación cuantitativa e cualitativa da ocupación do territorio reflicte o modelo de ocupación do territorio, o cal pode confrontarse coa vocacionalidade e aptitude do solo ou a súa capacidade de acollida para os distintos usos co fin de avaliar a eficiencia no uso do solo. Neste senso, o indicador ***Usos do solo*** permite avaliar as transformacións do territorio a partir dos cambios de uso ou cobertura do solo. Analizado o período 2005-2011, as variacións máis significativas revelan un incremento da matogueira (2%), de superficie artificial (1,73%) e unha perda de masas arbóreas (1,6%), en concreto das superficies de eucalipto e outras perennifolias, cunha diminución do 4%. Cabe destacar o aumento do viñedo (2%) aínda que é unha cobertura de peso relativamente pequeno.

O mapa da Ilustración 17 amosa a variación das masas arboradas entre 2005 e 2011. A evolución entre 2005 e 2011 indica a perda de arboredo, en concreto, das superficies de eucalipto e outras perennifolias cunha diminución do 4%, as coníferas nun 3,04%, mentres que as frondosas caducifolias crecen un 0,7%.

Por concellos, destaca a diminución do arboredo e o incremento da matogueira nos concellos do eixo atlántico, mentres que nos concellos do interior de Galicia, especialmente nos concellos da provincia de Lugo, é a cobertura cultivos a que diminúe, experimentando un incremento a cobertura matogueira. O conxunto destes datos revela unha expansión notable en termos relativos, da superficie artificializada e, pola contra, un uso menos intensivo do solo rural.

Outros dos aspectos prioritarios nos procesos de transformación dos usos do solo é o de propiciar a conectividade ecolóxica, evitando a formación de barreiras, para o cal é esencial respectar as estruturas que a facilitan. En Galicia, a aptitude para a conectividade é baixa nas zonas máis poboadas, isto é, no Golfo Ártabro e Rías Baixas, mentres que é elevada nas grandes áreas Serras surorientais, Serras orientais ou Chairas, Fosas e Serras Ourensás (Ilustración 18).



Ilustración 17. Variación das masas arboradas entre 2005 e 2011.



Ilustración 18. Conectividade da paisaxe 2011 (índice de contaxio)

Un dos aspectos máis relevantes desta estratexia está relacionada con núcleos tradicionais. Para favorecer a revitalización dos conxuntos e centros históricos das vilas e das cidades pequenas, o Goberno galego impulsou o ***Plan estratéxico de dinamización dos pequenos cascos históricos***. Trátase dun plan para promover e potenciar os seus recursos patrimoniais e garantir a súa conservación e salvagarda, así como para explorar experiencias que recuperen a ocupación residencial e a creación de comercios e negocios de proximidade. Deseñaranse liñas de actuación para a mellora da oferta de equipamentos e servizos públicos, en especial os relacionados coa información, sinalización dos recursos patrimoniais, culturais e turísticos, e o acceso ás redes de comunicación social, así como a mobilidade dentro dos mesmos e a través dos seus bordos en relación co resto da cidade e do ámbito territorial ao que pertencen e ao que caracterizan.

O obxectivo principal desta estratexia, que deberá ter carácter e desenvolvemento transversal dentro da política da Xunta de Galicia, será a salvagarda dos valores culturais, a fixación e recuperación da poboación e o desenvolvemento dunha actividade social, turística e urbana a partir dos conceptos directores de sustentabilidade, plena conservación do patrimonio herdado e mellora da calidade de vida da poboación.

Ao ter un carácter transversal, está impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pero tamén participan a Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Consellería de Facenda, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como os concellos implicados.

De xeito parello, a posta en marcha de plans de rehabilitación (***Plan REHABITA*** e ***Plan estratéxico de rehabilitación de Galicia***) contribúen a desenvolver modelos de crecemento que promoven a coherencia entre infraestruturas, servizos, actividade e residencia. O reciclaxe do construído nos núcleos tradicionais facilita o acceso inmediato aos equipamentos e servizos, así como unha opción residencial de calidade que o diferencia claramente do desenvolvemento periurbano.

Nesta liña pode inscribirse a xestión levada a cabo no ***Plan de vivenda 2013-2016*** e as actuacións en materia de eficiencia enerxética, infravivenda ou a declaración de ***Áreas de rehabilitación integral*** en concellos rurais; cabe destacar a ARI dos Camiños de Santiago, que discorre por 107 concellos.

Deste xeito non só se favorece a posta en valor do patrimonio construído senón tamén un menor consumo de solo. A valorización do territorio e a maior integración paisaxística das actuacións con incidencia no mesmo leva consigo aplicar criterios de minimización de consumo de solo, principio no que converxen aspectos como o de atender ás necesidades baseadas nunha demanda real, que teña en conta a realidade demográfica, os ámbitos turísticos ou as edificacións baleiras.

Por último, analízanse as actuacións encamiñadas á protección e fortalecemento do litoral, un territorio valioso cunha gran diversidade e alta fraxilidade. Neste senso, a Consellería do Mar leva anos desenvolvendo a Estratexia de desenvolvemento local participativo a través dos ***Plans de acción costeira***, que perseguen a valorización do ámbito litoral e do seu patrimonio natural e cultural, así como o fomento do valor engadido dos recursos pesqueiros e a xeración de rendas alternativas ou complementarias para os pescadores.

Asemade, este mesmo departamento levou a cabo outras accións para potenciar e protexer este sector estratéxico de Galicia, entre elas, a redacción dos planes de ordenación dos cultivos na zona marítima e na zona marítimo terrestre, o ***Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2016*** ou o ***Plan para a explotación de poliquetos en Galicia 2016.***

No contexto da *Estratexia Galega de Acuicultura,* marco para a ordenación e racionalización das actuacións da actividade acuícola, a Consellería do Mar elaborou o ***Plan director de acuicultura litoral***, que se atopa na fase de alegacións.

Dentro do sector da pesca e da acuicultura, o indicador de ***Capacidade pesqueira*** amosa unha diminución do 3,2% no número de buques con porto base en Galicia e do 9,3% no arqueo de rexistro bruto nos buques con porto base en Galicia, respecto do 2013 (Ilustración 20). O indicador de ***Especialización acuícola*** reafirma o peso dos bivalvos na acuicultura, cun incremento dun punto porcentual (95,9%) en relación ao ano 2013. O mexillón representa o 94,8% da produción acuícola mariña e o 60% do valor económico deste sector (Ilustración 19).



Ilustración 19. Porcentaxe do valor da produción por especie 2015



Ilustración 20. Número de buques con porto base en Galicia segundo zona administrativa

Liña estratéxica C: Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio

As DOT establecen a mobilidade como un dos elementos estratéxicos do modelo territorial e as infraestruturas como factor de cohesión social e competitividade dos territorios.

Así, no eido das infraestruturas, o goberno galego está a desenvolver estratexias como as novas infraestruturas viarias de articulación con outras rexións do Estado e mesmo europeas ou os espazos de apoio loxístico ás dinámicas comerciais.

En relación ás vías de alta capacidade, este ano 2016 entrou en servizo o treito Carballo-Baio Norte da autovía da Costa da Morte e a finais de ano está previsto a posta en servizo de 7,8 km do treito Celeiro-San Cibrao da autovía da Costa Norte. En execución atópanse dous treitos do Corredor CG-4.1 (subtreito I: PPQQ 0+000 -3+250 e subtreito II: PPQQ 3+250 - 7+300).

Por outra banda, un axeitado transporte colectivo público, conxugado coa ordenación espacial dos ámbitos residenciais e económicos, poden reducir significativamente o uso do vehículo privado e, polo tanto, os efectos derivados disto, como son a contaminación do aire, o gasto enerxético e a dependencia dos combustibles fósiles. Porén, os datos sinalan que só un 5% dos desprazamentos ao traballo se realizan en transporte público mentres que o 67% desprázanse en vehículo privado e un 26% fano a pé ou en bicicleta.

Segundo os datos aportados pola EPTU, as porcentaxes de uso do transporte público varían entre o 1% nos concellos de menos de 10.000 habitantes e o 9% nos de máis de 50.000 hab. Atendendo aos resultados desta enquisa, o motivo principal da escasa utilización do transporte público reside na falla de servizo ou nunha frecuencia escasa nun 63% dos casos e nun 12% na duración da viaxe ou na necesidade de facer moitos transbordos. Só un 5% aproveitan a viaxe doutra persoa (Ilustración 21).

Na mesma liña, unha maior autosuficiencia en emprego, é dicir, un maior encaixe entre a oferta e demanda laboral, actuaría como factor atenuante das necesidades habituais de mobilidade dos cidadáns. Nese contexto ideal, as formas de mobilidade alternativa atoparían un terreo propicio para o seu desenvolvemento. Con todo, da EPTU do ano 2015 despréndese que case o 40% dos traballadores tiñan o seu centro de traballo nun concello distinto ao da súa residencia (Ilustración 22).



Ilustración 21. Porcentaxe de ocupados segundo o medio de transporte utilizado no desprazamento ao traballo por tamaño de concello (2015)



Ilustración 22. Ocupados segundo o lugar no que se atopa o centro de traballo por tamaño de municipio (2015)

Os datos da enquisa do 2015 indican que máis do 60% das vivendas teñen os servizos públicos (centros de saúde, farmacia, ata centros educativos) a menos de 15 minutos a pé, un 18% en transporte público mentres que case un 10% non dispón deses servizos nese tempo (Ilustración 23). Estes datos deberían poñerse en relación coa accesibilidade aos servizos do territorio para identificar aquelas zonas nas que é necesario reforzar as inversións en equipamentos co obxectivo dun equilibrio territorial, baseado no sistema de asentamentos que propoñen as DOT.



Ilustración 23. Accesibilidade das vivendas a servizos en menos de 15 min(%)

Neste eido da mobilidade, a Xunta de Galicia, coa aprobación do ***Plan de transporte metropolitano de Galicia*** ten iniciado hai anos, o camiño para mellorar a mobilidade e accesibilidade nas áreas metropolitanas. Os plans metropolitanos propician un transporte público máis eficiente e polo tanto un mellor servizo para os cidadáns.

Así mesmo, no marco da ***Estratexia de mobilidade alternativa de Galicia***, o Goberno galego acordou a posta en marcha da primeira fase do ***Plan de Sendas de Galicia*** para a construción de 55 itinerarios peonís e ciclistas en distintas comarcas galegas. O plan prevé a actuación nun total de 170 quilómetros de sendas seguras, sustentables e integradas na paisaxe. Este plan ten como obxectivo promover modos de desprazamento non contaminantes e alternativos ao coche, que sirvan para percorrer de forma segura a distancia entre os núcleos urbanos e centros de equipamentos e servizos de uso cotián, tales como centros de saúde ou escolas, entre outros. Á data desta memoria aprobáronse as actuacións para o acondicionamento de sendas peonís ou ciclistas nas comarcas de Bergantiños, A Coruña, Ferrol, Vigo, O Salnés, Terra Chá, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e O Morrazo.

A evolución dos indicadores ***Dispersión urbana, Índice de saturación e Grao de conurbación*** permitirán analizar en qué medida os desenvolvementos urbanísticos inciden na evolución das necesidades de mobilidade cidadá, e consecuentemente, na dependencia do vehículo privado e, polo tanto, no crecemento da economía hipocarbónica.

Por outra banda, non menos importante, as tecnoloxías da información e telecomunicacións interveñen de forma decisiva na forma de traballar e vivir das persoas. A mellora das redes dixitais é un reto constante no que a Administración autonómica está a desenvolver políticas para estender estas redes e incrementar as súas prestacións.

Aos avances normativos do 2015 (***Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación***) súmanse outras normas (***Decreto 127/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción***) ou programas que favorecerán as funcionalidades dixitais das novas vivendas. Nos polígonos industriais implantáronse programas de extensión de redes de banda larga de alta velocidade, financiados con fondos FEADER. Así mesmo, cómpre sinalar a posta en marcha de actuacións para a ampliación da Rede Dixital de Emerxencias ou a aprobación da norma que pulará, no ámbito dos edificios da Administración autonómica, por acadar edificios intelixentes, conectados a redes ultrarrápidas e de alta eficiencia enerxética.

O ***Plan de banda larga 2020*** asume os obxectivos da Axenda dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps. Este plan, aprobado o 1 de outubro de 2015, substitúe ao anterior ***Plan de banda larga,*** que acadou os obxectivos fixados na cobertura de banda larga, medido en dous parámetros: os núcleos e a poboación.

O indicador ***Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais*** confirma a consecución dos obxectivos fixados polo Plan de banda larga ao acadar o 98,57% a poboación galega con cobertura de banda larga e o 97,5% dos asentamentos galegos cunha cobertura entre o 80% e o 100% da súa poboación (Ilustración 24).



Ilustración 24.Porcentaxe de asentamentos de poboación con máis do 80% de acceso á banda larga

Liña estratéxica D: Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial

Faise imprescindible a procura dun equilibrio territorial que adecúe os recursos do propio territorio á súa carga demográfica. Deste xeito poderase lograr unha maior valorización dos recursos endóxenos de cada ámbito espacial e, por extensión, fixar poboación no territorio.

Para acadar a cohesión territorial resulta necesario que no rural se executen medidas e accións encamiñadas á redución do proceso actual de despoboamento. Para iso resulta esencial garantir, por unha banda, un nivel de rendas axeitado para os traballadores, independentemente do sector de actividade ao que estes se dediquen; e por outro, un rango de infraestruturas, dotacións e servizos equiparable ao das contornas urbanas e accesible nun tempo razoable.

Debe facilitarse que o rural siga ocupado por aqueles que desexen vivir nel e asemade ofreza condicións axeitadas para recibir novos poboadores, continuos ou estacionais, así como novas vías empresariais.

O indicador ***Implantación das TIC*** amosa unha evolución positiva cara a corrixir o desequilibrio territorial entre a Galicia urbana e a Galicia rural. Se no ano 2011 existían máis de 17.000 entidades de poboación sen acceso á banda larga, na actualidade, o número de núcleos con cobertura menor ao 80% é inferior a un millar, o que indica a consecución dun maior equilibrio territorial neste aspecto. A consecución dos obxectivos do ***Plan de banda larga 2020*** terá unha incidencia positiva e determinante na fixación de poboación no rural, tanto polas novas posibilidades de teletraballo como por unha mellor cohesión social que poida proporcionar aos traballadores do sector primario.

Outro aspecto con incidencia no proceso de despoboamento do rural é o fomento e posta en valor dos espazos naturais a través dunha axeitada xestión nunha dobre vertente; aquela que fai compatible a conservación dos seus valores ecolóxicos e, polo tanto, dos beneficios ecosistémicos destes espazos, coa explotación económica sustentable dos seus recursos. A creación da ***Rede de parques naturais de Galicia*** ou a ***Rede da Reservas da biosfera*** desenvolverán, entre outras, estas funcións en prol da dinamización económica dos ámbitos suxeitos a algunha figura de protección de espazos naturais.

Entre as novas oportunidades xeradas no medio rural, que poden favorecer o retorno de persoas a este, atópase a agricultura ecolóxica, subsector con

aínda pouco peso, pero en constante aumento (un 21% máis de operadores en dous anos) e cun potencial de crecemento moi importante. Ente o ano 2012 e o ano 2015, o valor da produción medrou un 47%.

No eido da protección dos bens culturais, existen ferramentas de xestión que poden favorecer o desenvolvemento económico e o reequilibrio territorial, tendo en conta os axentes públicos e privados, como está a acontecer coa aposta condensada no ***Plan director e Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021***. Moitos núcleos rurais do Camiño benefícianse directamente do seu impacto en canto a aspectos como: a fixación de poboación, creación de novas empresas, xeración de postos de traballo, crecemento dos sectores produtivos, acondicionamento e conservación de elementos patrimoniais e naturais etc. Ademais doutras vantaxes inmateriais de intercambio cultural, cohesión social, orgullo de pertenza, posicionamento e diferenciación ou promoción turística.

Isto reflíctese nos datos do indicador ***Intensidade turística*** que revelan unha consolidación e mesmo un aumento da oferta turística nos concellos do Camiño de Santiago francés e tamén nos concellos costeiros do Camiño a Fisterra-Muxía, nestes concellos.

Agora ben, como xa se citou, os estudos máis recentes sobre a evolución dos principais indicadores demográficos e as previsións dun continuado decrecemento da súa poboación sitúan a Galicia ante un problema estrutural de importantes consecuencias económicas e sociais e ante un horizonte demográfico sobre o que é necesario actuar.

O problema demográfico de Galicia maniféstase en perda de poboación, baixa natalidade e alto avellentamento, fortes niveis de dependencia, forte polaridade rural-urbana e devalo socioeconómico do rural. As perspectivas sinalan que estes desequilibrios se agudizarán nos vindeiros anos. A realidade demográfica galega está a constituír un dos retos máis difíciles de abordar polos poderes públicos, o que fai aínda máis complexo o problema do despoboamento rural e o reequilibrio territorial. Varios son os enfoques dende os que abordar este reto; a mellora das rendas dos traballadores, por unha banda, e por outra, acadar un rango axeitado de infraestruturas e servizos.

A distribución espacial do crecemento tampouco mostra coherencia coas expectativas formuladas polas DOT, que propugnaban a necesidade de consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades, xa que tamén se está perdendo poboación neses termos municipais. Neste sentido, é moi ilustrativo o feito de que durante o período 2005-2015 só creceron a metade dos concellos do Sistema urbano intermedio (SUI) e catro dos 26 Nodos para o equilibrio do territorio (NET) existentes

É por isto que a Xunta de Galicia puxo en marcha o ***Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016*** co obxectivo prioritario de fomentar a natalidade. Así mesmo está a tramitar a norma que dea luz verde ao ***Observatorio de Dinamización Demográfica***. Este órgano levará a cabo unha análise permanente das dinámicas demográficas, das accións desenvolvidas e dos avances acadados por parte da Administración autonómica. Por outra banda, formulará propostas e recomendacións para seren consideradas á hora de establecer as prioridades de actuación transversais da Administración autonómica.

O problema do despoboamento rural e o desequilibrio territorial plásmase nos resultados do indicador ***Densidade de poboación*** plasma esta realidade. Unicamente o 29% dos concellos superan a densidade media de Galicia (92,4 hab/km^2), mentres que o 50% dos municipios teñen unha densidade inferior aos 38,3 hab/km^2, valor da mediana.

As densidades máis baixas de Galicia localízanse en concellos interiores pertencentes ás provincias de Lugo e Ourense, sobre todo, do sector oriental. Pola contra, os municipios con densidades de poboación máis elevadas coinciden coas zonas urbanas: cidades, periferias urbanas, cabeceiras e subcabeceiras do SUI, así como algún pequeno concello situado no litoral.

A evolución do indicador ***Dispersión urbana,*** neste contexto demográfico***,*** deberá ser coherente cun incremento da poboación nos concellos do sistema urbano intermedio e nodos para o equilibrio territorial ao tempo que se manterá sensiblemente estable nas áreas máis poboadas. Isto indicará un retorno de poboación ao medio rural.

Polo tanto, unha normativa capaz de redirixir dinámicas indesexables no uso da terra e un nivel de servizos e infraestruturas axeitado, coordinada cunha política de desenvolvemento rural eficaz, sen dúbida promoverán unha redución do abandono do medio rural e incluso propiciarán certo retorno a este. Aínda é cedo para avaliar os resultados da ***Lei 6/2011, de mobilidade de terras*** ou da ***Lei 4/2015, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia,*** que establecen mecanismos de eficiencia nos procesos de reagrupación da propiedade, así como criterios de ordenación de cultivos segundo a súa aptitude, pero tamén incorpora ferramentas correctoras en materia fiscal ou sancionadora orientadas a evitar o abandono do aproveitamento da terra. No entanto, pode apreciarse nestes últimos anos un crecemento da mobilidade da terra, que se concreta no aumento significativo do réxime de arrendamento como se verá máis adiante.

O investimento que leve a cabo o ***Plan de desenvolvemento rural 2014-2020,*** por un importe de máis de 1.118 millóns de euros, actuará en prol da incorporación de novos traballadores ao sector primario e terciario neste

ámbito e dunha mellora do nivel de vida das persoas que residen nel ou mesmo de novos residentes que se trasladen desde ámbitos urbanos. Entre os anos 2010 e 2016, investíronse máis de 61 millóns de euros en axudas de incorporación de mozos á actividade agraria.

Por outra banda, o indicador de Autosuficiencia en emprego sinala o nivel de equilibrio nas comarcas entre a oferta e demanda de emprego tendo en conta as distintas ramas de actividade e, polo tanto, a súa evolución sinalará, indirectamente, se melloran as condicións para a fixación de poboación no rural que favoreza o reequilibrio terrtorial. Das 53 comarcas, seis rexistran un índice de ocupabilidade superior a 1 en todas as ramas de actividade, mentres que no ano 2011 só catro comarcas o facían. A formación que imparte a Consellería de Economía, Emprego e Industria aos traballadores estará orientada a diminuír os desequilibrios entre oferta laboral e man de obra dispoñible. No ano 2015, foron 26.009 persoas as que recibiron *formación continua* ou *a desempregados* en 27 familias profesionais.

Neste eido, a Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 contempla a formación como un dos compoñentes necesarios do programa de reforzo das persoas e das organizacións, así como a necesidade de que o sistema formativo se oriente ás necesidades da industria, de maneira que cómpre que se impartan accións formativas vinculadas con certificados de profesionalidade.

Así mesmo, no informe sobre a Axenda 20 para o Emprego inclúese o reto "Formación e capacitación como pancas de cambio" e contémplanse as medidas de reforzo e modernización dos centros de formación profesional para o emprego, desenvolvendo vínculos co seu contorno sectorial e local, así como de implantación de novos sistemas de formación atendendo ás necesidades do mercado.

Por último, cabe sinalar que no ano 2015, coincidindo co inicio da recuperación económica, púxose en marcha o ***Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia 2015-2020*** co obxectivo de impulsar a competitividade do sector comercial galego. Este plan incide na necesidade de adecuar a estrutura comercial á estrutura territorial comarcal e na importancia da potenciación do comercio rural como modo de incrementar a calidade de vida e os servizos do territorio galego.

Liña estratéxica E: Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural

O espazo rural esixe unha política ordenadora transversal na que se integren, dun xeito coordinado e complementario, os instrumentos de ordenación do territorio cos plans municipais e con outros marcos reguladores de singular incidencia como a Lei da paisaxe de Galicia, a Lei de conservación da natureza ou as estatais Lei do patrimonio natural e da diversidade e a Lei de desenvolvemento sostible do medio rural.

A dinamización do medio rural é un dos obxectivos prioritarios para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, o cal deberá incidir ademais na mellora medioambiental e paisaxística do territorio. Este obxectivo, que formulan as DOT, precisa da adaptación das actuacións ás necesidades e potencialidades de cada zona rural. Estas actuacións poderán ser implementadas a través do ***Plan de desenvolvemento rural,*** unha das ferramentas definidas para pular por unha dinamización do rural en todas as súas facetas.

Así, e desde unha perspectiva territorial, faise preciso a posta en práctica de políticas específicas que consideren a diferente vocación produtiva de cada espazo rural que axuden a facer máis eficiente o uso do solo. Neste sentido e debido á irreversibilidade dos procesos de edificación, estes non deberían afectar, en xeral, a ecosistemas fundamentais como os humidais, as hortas tradicionais ou substituír ecosistemas de gran valor ecolóxico como bosques por superficies artificiais.

Neste contexto territorial e social, o ***Plan territorial integrado do Eume***, actualmente en elaboración, desenvolve unha metodoloxía para a identificar a potencialidade do territorio para os distintos usos agroforestais co fin de contribuír á mellorar a eficiencia do sector primario na cunca. O mapa de aptitude agroforestal incluído neste plan, pretende ser pioneiro na "identificación e cartografado da aptitude do solo como base dunha planificación rural eficiente en Galicia" (determinación 3.3.2 das DOT).

Con este obxectivo, o PTI da bacía hidrográfica do Eume introduce criterios de eficiencia no uso do solo a partir indicadores baseados na aptitude agroforestal, no estado das masas de auga, na función hidrolóxica do terreo, na aptitude para a conectividade ecolóxica ou na accesibilidade a equipamentos.

Á Consellería de Medio Rural correspóndenlle as actuacións encamiñadas á potenciación do sector primario do medio rural en prol dun sector agro-gandeiro e forestal eficiente e sustentable.

Neste sentido, o Plan de Seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial (PSST) a través de indicadores como o de ***Agricultura ecolóxica***, amosan o xurdimento de novas oportunidades no medio rural, presentando un incremento constante da superficie rexistrada e do número de operadores na agricultura ecolóxica, concretamente o 33% e o 36% respectivamente entre 2011 e 2015. Sen embargo, a súa representatividade respecto da superficie de cultivo, prados e pasteiros total de Galicia segue a ser baixa, ao redor do 1,5% (Ilustración 25 e Ilustración 26). A relevancia deste subsector inscríbese dentro da política de calidade alimentaria e o seu desenvolvemento incide favorablemente no medio ambiente (solo, auga, biodiversidade etc.) pola aplicación de principios ecolóxicos, sendo desexable que esta actividade siga incrementándose e constitúa un dos alicerces da economía verde en Galicia.

O sector gandeiro é a principal actividade económica no medio rural galego, e ademais, a que máis contribúe á fixación de poboación no territorio.

Neste contexto, o ***Número de explotacións de gando vacún*** amosa unha redución continuada (un 3% entre 2013 e 2014) acompañada dun crecemento do tamaño destas. O ***Número de vacas por explotación*** pasou de 15,7 no ano 2013 a 16,6 no ano 2014, mostrando que o axuste do sector, tamén expresado na diminución unidades técnicas de traballo (UTA), segue a súa progresión, acompañado dun redimensionamento das explotacións e da mellora na viabilidade e profesionalización das que se manteñen en activo.

Como medida da composición e estrutura do sector gandeiro, o indicador ***Especialización gandeira*** sinala unha diminución progresiva da cabana gandeira galega, tendencia que se modera nos últimos anos. E é o subsector do vacún, cun maior peso, (representaba un 58% en 2013 mentres que no 1999 era o 59%), o principal responsable deste axuste. Os subsectores ovino, caprino e equino, con moi pouca representatividade, seguen unha tendencia decrecente e pasaron de representar no ano 1999 case o 5% das UG a menos do 3% en 2013, o cal en termos territoriais significa unha perda de efectivos gandeiros que basean a súa alimentación en recursos producidos nas explotacións (Ilustración 27).



Ilustración 25. Superficie agricultura ecolóxica total rexistrada e número de operadores (CRAEGA)



Ilustración 26. Superficie provincial de agricultura ecolóxica total rexistrada

A propiedade é o réxime de tenza máis representativo na agricultura e a gandería galega. Sen embargo, na serie temporal 1999–2013 reflíctese unha diminución moi significativa da superficie baixo o réxime de propiedade, experimentando un importante crecemento o arrendamento, a parcería e outros réximes de tenza ou uso da terra, dato que resulta esperanzador en relación á desexable transferencia do uso da terra de propietarios absentistas a agricultores en activo. O incremento do arrendamento, entre 1999 e 2013, foi case do 7%. Neste senso, a ***Lei de mobilidade de terras***, a través do ***Banco de terras***, está a dinamizar o mercado de arrendamento de terras.

Sen embargo, os datos procedentes do *Sistema de Información da Ocupación do solo de España (SIOSE*), amosan unha lixeira tendencia decrecente da *Superficie agraria útil: o 24,72%* en 2005, o 24,59% en 2009 e o 24,58% en 2011. Se esta tendencia se mantén, unida á tamén decrecente da cabana gandeira (motivada fundamentalmente polo descenso no vacún de leite), pode estar indicando unha redución paulatina da actividade gandeira.

O indicador ***Carga gandeira*** relaciona os efectivos gandeiros en termos de unidades gandeiras (UG) cos recursos do territorio para sustentar esa cabana, é dicir, a superficie agraria utilizada (SAU). Este indicador está relacionado coa sustentabilidade dos sistemas agrarios. A carga calculada a partir das UG dos monogástricos (avícola e porcino) aumentou e obsérvase unha tendencia crecente a partir de 2007, mentres que a carga calculada a partir do número de UG de bovino, ovino, caprino e equino mantén unha tendencia decrecente, ao igual que o fai a carga total, e dicir, considerando o número de UG das 6 especies respecto das hectáreas de superficie agraria utilizada (SAU) (Ilustración 28).

A análise da evolución da carga gandeira parece indicar que, en liñas xerais, non estamos ante un escenario de sobre explotación dos recursos por parte da cabana gandeira, aínda que se aprecia aumento no peso relativo do sector avícola e porcino (moi dependente do mercado internacional de forraxes).

Co indicador ***Especialización agrícola*** abórdase outro dos factores determinantes do sector primario galego, moi relacionado co anterior, dado o carácter maioritariamente gandeiro de Galicia.



Ilustración 27. Especialización gandeira relativa



Ilustración 28. Carga gandeira

A evolución da superficie ocupada polos distintos cultivos vén sendo un dos factores máis relevantes desde a perspectiva da rendibilidade e a sustentabilidade das explotacións. A superficie ocupada polos *prados e pasteiros* é a maioritaria en Galicia, observándose nesta unha tendencia decrecente entre os anos 2011 e 2015 respecto aos demais grupos de cultivos. Os cultivos forraxeiros é o segundo grupo en termos de superficie ocupada, observándose unha tendencia crecente no período de 2011-2015.

O cultivo de forraxes, principalmente millo e pradeira, supón unha intensificación na produción respecto do aproveitamento mediante pastoreo de prados e pasteiros, polo que unha diminución do peso dos prados e pasteiros, pode estar indicando unha aposta por producir máis forraxe en menos terra nas explotacións.

A nivel de Galicia, o peso relativo dos *cultivos forraxeiros* respecto da totalidade dos cultivos vese incrementando nos últimos anos, pasando do 30% en 2011 ao 32% en 2015, mentres que o dos *prados e pasteiros* decreceu, pasando do 52% no 2011 ao 50% en 2015. Na base de datos do *Sistema de información da ocupación do solo de España* (SIOSE) tamén se observa esta lixeira tendencia a perda de representatividade dos prados e pasteiros: en 2005 supoñían o 7,51%, en 2009, o 7,40% e un 7,36% no ano 2011, porcentaxes sobre o total da superficie de Galicia. Este feito parece indicar unha tendencia cara á intensificación da produción de forraxes, posiblemente motivada pola dificultade no acceso ao uso da terra, que fai optar por sistemas máis intensivos de produción.

A aproximación ao grao de xestión do sector forestal, mediante o indicador ***Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal,*** amosa un crecemento continuado aínda que débil. En 2015, a superficie ordenada foi de 199.928 ha, un 21,8% máis que en 2011. Esta superficie representa un 9,8% respecto da superficie arborada, desarborada e de pasteiro, só un 1,76% máis que no 2011, polo que parece necesario seguir mellorando na ordenación e xestión do espazo forestal (Ilustración 30).

O sector forestal en Galicia resulta estratéxico para a Comunidade tendo e conta que o peso da industria forestal é superior ao da pesca extractiva, sector téxtil ou ao de transformación da pesca. En 2013, en 52 dos 314 concellos, a industria de base forestal representaba máis do 30% dos establecementos industriais. Así mesmo, a rama da silvicultura sobre a que se asenta a cadea forestal-madeira, supuxo o 2% da economía en termos de Valor engadido bruto (VAB) no ano 2010 e o 2.3% en termos de emprego.

Neste senso, estas medidas no só contribúen a poñer en valor as potencialidades do espazo forestal, incluídas as súas externalidades sociais e paisaxísticas, senón que, xunto ás incorporadas pola ***Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia***, inciden sobre a diminución da superficie queimada. O indicador ***Ocorrencia de incendios*** amosa unha tendencia á baixa tanto da superficie incendiada como no número de incendios nas últimas décadas, liña que debuxa dentes de serra, na que os picos se corresponden, polo xeral, con anos nos que as condicións meteorolóxicas eran favorables para o inicio e propagación dos incendios forestais. Así, na serie estudada neste informe, entre 2011–2014 obsérvase unha redución dun 95% na superficie incendiada e dun 81% do número de incendios. Na seguinte gráfica (Ilustración 29) amósase esta evolución en dentes de serra con tendencia á baixa.



Ilustración 29. Evolución da ocorrencia de incendios 2011 - 2014



Ilustración 30. Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal 2015

Por outra banda, a Xunta de Galicia iniciou a revisión do ***Plan forestal*** co obxectivo de adecuar o modelo de ordenación do monte ás novas circunstancias, demandas e tendencias emerxentes, tanto en Galicia como a nivel nacional e internacional. A potencialidade forestal de Galicia precisa dun instrumento de planificación estratéxica que estableza obxectivos, directrices e programas de actuación necesarios para o seu desenvolvemento e execución.

Á vista da análise dos indicadores pódese dicir que a actividade agrogandeira non está sendo capaz de inverter o proceso de perda de poboación no rural en Galicia. Sen embargo, parece que se están encamiñando algúns aspectos clave como a potencialización da agricultura ecolóxica, a transferencia do uso da terra con base en arrendamentos ou a profesionalización e redimensionamento das explotacións, aínda que en proporción e dimensión insuficiente.

Obsérvase unha gran dependencia do sector gandeiro, especialmente do vacún de leite, do porcino e o avícola, fronte o viñedo, horta, pataca etc., que poderían contribuír a crear riqueza e fixar poboación. Constátase unha perda de presenza de subsectores como o ovino, o caprino, o cabalar ou o do vacún de carne que podían contribuír á sustentabilidade territorial, amortiguando o desequilibrio norte-sur e este-oeste que se está a producir, tanto poboacional como no referente á actividade agrogandeira.

Neste contexto, a Consellería de Medio Rural, nunha clara aposta polo sector agrario, acometeu no 2016 o ***Plan de reestruturación parcelaria*** co obxectivo de mellorar a base territorial das explotacións, poñendo especial énfase nas gandeiras. Para iso, invertéranse 27,1 millóns de euros en impulsar as estruturas e infraestruturas rurais e prevese a concentración de 21.000 hectáreas no ano 2016. Estes fondos distribuiranse entre os destinados á execución das redes de camiños principais e secundarios, e ao acondicionamento de terreos para a súa adecuación ás labores agrogandeiras, así como na mellora dos camiños que comuniquen núcleos entre si.

Así mesmo, púxose tamén en marcha o ***Plan MARCOS*** *(Mecanismo Agrario de Reestruturación Comunitaria da Superficie),* que introduce un novo modelo de reorganización da superficie para facilitar a mobilidade de terras agrarias e mellorar o seu aproveitamento.

Pola outra banda, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) estableceu como medida de fomento do tecido empresarial vinculado ao sector primario, o acceso de empresas deste sector ao solo empresarial dos parques da Xunta de Galicia mediante o dereito de superficie.

Liña estratéxica F: Protexer o patrimonio natural e cultural

Os recursos naturais e os espazos de interese ambiental son un dos activos diferenciais de Galicia e unha das claves para o desenvolvemento dalgunhas das áreas máis desfavorecidas da Comunidade.

A Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) representa un 12,14% do territorio galego, as áreas protexidas no marco da Rede Natura 2000 o 11,99% e os espazos incluídos en ámbitos Reserva da Biosfera o 24,63**%**

No eido do patrimonio natural, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza aprobou[3], mediante decreto, a creación da ***Rede de parques naturais de Galicia***, co fin de facilitar unha xestión coordinada dos espazos que a conforman, así como contribuír ao seu coñecemento e divulgación; e iniciou a tramitación da norma pola que se crea a ***Rede de Reservas da Biosfera de Galicia,*** como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación, para promover o coñecemento e difusión dos valores das reservas da biosfera de Galicia. O Plan director da Rede Natura incorporou máis de 306.952,50 ha como superficie suxeita a instrumentos de planificación, o que supón un incremento de máis do 600% da superficie da Rede galega de espazos protexidos con instrumentos de planificación (Ilustración 31). Así mesmo, este departamento proponse levar a cabo o proxecto de ***ampliación da Rede Natura*** e a aprobación da ***Lei de patrimonio natural.***

O indicador de ***Conectividade da paisaxe*** permite relacionar as paisaxes de valor natural, ecolóxico e estético coa aptitude do territorio para a conectividade ecolóxica, é dicir, coa maior ou menor facilidade que a matriz biofísica ofrece ás especies para a súa distribución e mantemento no territorio.

A análise da conectividade ecolóxica a partir da facilidade que as distintas coberturas do solo e a súa distribución espacial proporcionan para a mobilidade das especies no territorio, sinala que Galicia ten un alto índice de conectividade nas grandes áreas paisaxísticas das Serras orientais e Serras surorientais, mentres que é baixo nas comarcas que albergan as áreas metropolitanas do Eixo Atlántico. Este indicador amosa unha relación inversa cos indicadores ***Índice de saturación*** ou ***Superficie ocupada pola edificación***, xa que a artificialización do territorio é unha das causas que diminúen ou impiden a conectividade da paisaxe.

Ilustración 31. Espazos naturais con instrumentos de planificación 2015

[3] Decreto 69/2016, do 19 de maio, polo que se crea a Rede de parques naturais de Galicia

O patrimonio cultural é un dos maiores atractivos, xeneralizado no territorio galego e que se manifesta mesmo en poboacións de moi escasa entidade; destaca pola súa abundancia, variedade e ampla dispersión xeográfica, así como pola vinculación á paisaxe que o rodea. Esta abundancia e dispersión, unida ao despoboamento dalgunhas zonas do territorio, son, en parte, a causa da dificultade para garantir que todos os elementos do patrimonio cultural sexan obxecto da axeitada protección e desempeñen unha función relevante na posta en valor do territorio.

Por conseguinte, resulta prioritario desenvolver ao máximo o coñecemento do territorio, para poder identificar e caracterizar estes bens e así poder facer posible a súa protección, a toma de conciencia, a valorización e o seu uso.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, neste ano 2016, completou a tramitación da ***Lei do patrimonio cultural de Galicia***[4], norma que nace co obxectivo reforzado do "desenvolvemento dos principios estatutarios que lle dan sentido á autonomía de Galicia, consciente do valor material e inmaterial do recibido nesas mil formas que ao longo do tempo configuraron a identidade cultural galega".

Para favorecer a conservación e protección do Camiño, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas e da dirección técnica do Instituto de Estudos do Territorio, puxo en marcha unha liña de actuación para a posta en valor e integración paisaxística do Camiño Inglés e do Camiño Francés, á súa chegada a Santiago de Compostela. Esta estratexia está aliñada co ***Plan director e Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021***, co obxectivo de potenciar os valores culturais e avanzar na excelencia turística da capital de Galicia.

Así mesmo, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural tramitou e completou os procedementos de protección que culminaron coas declaracións de cinco novos bens de interese cultural (un inmoble e catro colección de bens mobles), acadando un total de 714 bens de interese cultural catalogados (Ilustración 32).

Os resultados do indicador ***Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais*** constatan o aumento progresivo do número de actuacións realizadas sobre bens do patrimonio cultural: 6.829 no ano 2013, 7.225 en 2014 e 7.657 en 2015. Iso supón un incremento do 12% entre 2013 e 2015. Cómpre subliñar que o carácter destas actuacións, ao depender da iniciativa privada, constitúe tamén un síntoma de recuperación económica. Tamén hai que destacar un novo plan especial de conxunto histórico (Ilustración 33).

Por outra banda, e como xa se mencionou, outra das accións do Goberno galego para promover e potenciar os recursos patrimoniais é o ***Plan estratéxico de dinamización dos pequenos cascos históricos***.



Ilustración 32. Evolución do número de BIC



Ilustración 33. Evolución das autorizacións 2013-2015

[4] Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia

Liña estratéxica G: Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental

Resulta prioritario mellorar os niveis de eficiencia dos vectores ambientais para reducir a pegada ecolóxica e aproximarse aos niveis fixados polos acordos de París. En coherencia con estes acordos, o obxectivo das políticas da Xunta de Galicia, como organismo implicado nos compromisos internacionais, é reducir a pegada que o consumo de materiais, de enerxía e os residuos xerados imprimen no territorio e na atmosfera e que inciden directamente na calidade de vida da cidadanía galega.

O Rexistro EMAS é unha ferramenta voluntaria deseñada pola Comisión Europea para a inscrición e recoñecemento público daquelas empresas e organizacións que teñen implantado un sistema de xestión ambiental que lles permite avaliar, xestionar e mellorar os seus impactos ambientais, asegurando así un comportamento excelente neste ámbito. O número de empresas acollidas a sistemas de xestión ambiental indica unha maior sensibilización ambiental do sector empresarial ao ser un acto voluntario dirixido á avaliación e mellora do seu comportamento ambiental.

A posición de liderado de España en número de Organizacións rexistradas no Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambientais (EMAS) é indiscutible: a decembro de 2014 tiña 1.026 organizacións rexistradas. Esta cifra na contorna europea representa o 31% de todas as organizacións rexistradas na UE-28. Neste contexto, Galicia desenvolve un papel destacado, xa que máis do 20% sitúanse nesta comunidade (Ilustración 34).

No 2015 contabilízanse 363 certificacións EMAS en vigor, tres máis que en 2013. A totalidade das 13 ramas de actividade económica consideradas contaban con centros de traballo con certificados EMAS, aínda que o 62% das certificacións respondían a tres delas (a rama financeira, inmobiliaria e profesional; a rama das administracións públicas e a rama do comercio, transporte e hostalaría).

No que se refire ao ciclo da auga, tanto en relación cos recursos existentes e futuros, como na calidade desta, no ano 2016 aprobouse o ***Plan hidroló-xico da Demarcación hidrográfica Galicia costa 2015-2021***[5] e o ***Plan de xestión do risco de asolagamento da Demarcación hidrográfica Galicia costa 2015 - 2021***[6].

Nas restantes demarcacións hidrográficas da Comunidade Autónoma aprobáronse os correspondentes plans hidrolóxicos[7]: o Plan hidrolóxico 2015-2021 do Miño-Sil, o Plan hidrolóxico do Cantábrico occidental e o Plan hidrolóxico do Duero

Así mesmo, por Real decreto 18/2016, do 15 de xaneiro, aprobáronse os ***plans de risco das demarcacións do Miño-Sil, Cantábrico occidental e Duero***.

A calidade das augas é outro dos retos fixados pola Unión Europea e o ***Plan hidrolóxico Galicia Costa*** unha das ferramentas para acadalo, xunto a outras planificacións como os ***Plans de saneamento das rías***.

En particular, no que se refire ao estado das masas de auga, na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, o estado é bo no 77,3% das augas superficiais (continentais, de transición e costeiras), mentres que nas augas subterráneas é bo no 100%.

De cara a acadar o bo estado das masas de auga, en cumprimento da Directiva Marco da Auga, resulta prioritario o saneamento das rías, obxectivo dos ***plans de saneamento local da ría do Burgo, da ría Arousa, da ría de Ares-Betanzos*** e ***o da ría de Corcubión-Cee*** que ten rematado Augas de Galicia e do ***Plan de saneamento local da ría de Pontevedra***, en elaboración.

No que se refire á ***Calidade da auga nas zonas de baño***, o indicador refire unha tendencia constante na mellora das masas de auga destinadas ao lecer, tanto na diminución dos puntos con calidade insuficiente como no incremento das augas con cualificación de “excelente”. Dende o ano 2011, o número de puntos con calidade excelente viuse incrementado nun 4%, os de calidade boa e suficiente nun 2,3% mentres que os de calidade insuficiente diminuíron un 21% (Ilustración 3435).

No que atinxe á xeración, recollida selectiva e valorización dos residuos, no período 2011-2015, os indicadores estudados sinalan unha tendencia positiva, excepto o que se refire á recollida selectiva que apenas sofre variacións.

[5] Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro

[6] Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro

[7] Real Decreto 11/2016 do 8 de xaneiro



Ilustración 34. Número de organizacións rexistradas no EMAS 2014



Ilustración 35. Evolución provincial da calidade da augas nas zonas de baño

O indicador de ***Xeración de residuos urbanos*** revela un reponte da tendencia descendente dende o ano 2011, cun incremento que se verifica tanto no volume total de residuos xerados no ano 2015 (2,41%), como na relación por habitante e día (3,61%) no período 2013-2015.

Na repercusión por habitante e día debe terse en conta a diminución da poboación neste período pero tamén o incremento do turismo. O indicador subliña os valores máis altos en gran parte dos concellos costeiros, as grandes cidades e as súas periferias, así como noutros nos que existen grandes superficies de solo empresarial (San Cibrao das Viñas) ou en concellos pequenos con complexos penitenciarios importantes (Curtis).

O indicador de ***Recollida selectiva*** apenas marca variación neste período para cada unha das fraccións analizadas (envases lixeiros, materia orgánica, vidro ou papel-cartón).

O indicador de ***Dotación de puntos limpos*** sinala un incremento constante dende 2011. Para o ano 2015, dá como resultado un 80% de poboación con instalación de punto limpo no seu concello e un 88% de poboación con servizo de punto limpo. Ese ano tiñan instalacións de punto limpo 143 concellos, o que supón o 46% dos municipios galegos, e un 19% máis que no ano 2011 (Ilustración 36).

Por outra banda, o Programa aire puro para Europa foi aprobado en decembro de 2013 e establece a política da UE sobre calidade do aire nos próximos anos. Inclúe a proposta dunha nova Directiva sobre teitos nacionais de emisión e unha proposta de Directiva para reducir a contaminación procedente das instalacións de combustión de tamaño medio.

O Marco de actuación en materia de clima e enerxía para 2030 propón novos obxectivos e medidas para que o sistema económico e enerxético da UE sexa máis competitivo, seguro e sustentable. Inclúe obxectivos para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e establece unha redución de polo menos un 40% de emisións de Gases Efecto Invernadoiro en comparación con 1990.

Neste marco internacional, en Galicia, os datos de emisións de GEI debuxan unha curva que no ano 2012 ten un punto de inflexión e inicia o descenso das emisións, liña que se suaviza no período 2013-2014. Entre 2011 e 2014, a emisión de GEI reduciuse un 3,4%.

Por outra banda, en materia de enerxía abórdanse distintos indicadores que, por unha banda miden a eficiencia enerxética nun territorio, e por outra, sinalan o grao de cumprimento dos obxectivos que a Unión Europea ten fixado neste eido, particularmente no que se refire á participación das enerxías limpas na produción e consumo de enerxía.

O indicador ***Intensidade enerxética final*** mide a eficiencia enerxética nun territorio, xa que analiza o custe enerxético que ten a produción de riqueza. Este indicador amosa unha tendencia positiva cunha redución do 4,32%, é dicir, unha mellora da eficiencia enerxética desde o ano 2010 ata o 2013 aínda que esta mellora vén acompañada dunha tendencia decrecente do consumo enerxético final.

En Galicia, a ***enerxía consumida procedente de fontes renovables*** supera o obxectivo do 20%, fixado para o ano 2020 pola Directiva 2009/28/CE, desde hai máis dunha década. En 2013 acadou o 36%, un 4% máis que en 2011 (Ilustración 37).

No que se refire ao consumo de ***electricidade obtida a partir de fontes renovables*** presenta unha tendencia crecente en Galicia; no ano 2013 acadou 17.281 GWh/ano, un 9,8% máis que en 2011 (Ilustración 38).

Nese ano 2013, Galicia xestionou o 10% da enerxía primaria do Estado (12.136 quilotoneladas equivalentes de petróleo) que provén de distintas fontes: petróleo, carbón, gas natural, residuos e renovables. Os combustibles fósiles dominan o consumo anual de enerxía primaria: o petróleo continúa a ser a principal fonte de enerxía primaria (cun 47,0%), seguido polo carbón (18,6%) e polo gas natural (11,4%). Porén, Galicia superou o obxectivo marcado pola Unión Europea para o ano 2010 que fixaba nun 12% o consumo de enerxía primaria procedente de fontes renovables. En 2010 acadouse o 21% e o 23% en 2013.

Por último, a devandita Directiva 2009/28/CE marca como obxectivo para o ano 2020, unha couta do 10% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo de combustibles para calquera tipo de transporte. Para cumprir este obxectivo, o Estado español fixou unhas porcentaxes de venta ou de ***consumo de biocarburantes*** sobre o total da gasolina e gasóleo destinados ao transporte. En Galicia, no período 2011-2013, o consumo de biocarburantes increméntase un 3,93% e acada o obxectivo fixado (3,9%).



Ilustración 36. Servizo e dotación de puntos limpos por concello 2015



Ilustración 37. Consumo final bruto de enerxía renovable (%)



Ilustración 38. Consumo (GWh/ano) final bruto de electricidade xerada a partir de fontes renovables

Liña estratéxica H: Afianzar o protagonismo exterior de Galicia

O reto de Galicia cara a ter un papel destacado no contexto internacional demanda o desenvolvemento de políticas de diversa índole ao goberno galego: por unha banda políticas de inversión en infraestruturas capaces de articular Galicia e Europa pero tamén accións de apoio ao emprendemento e a mellora da competitividade do tecido produtivo da Comunidade Autónoma, dentro do contexto internacional e particularmente europeo.

As iniciativas de cooperación e integración con Europa amósanse claves para o desenvolvemento económico. Trátase da Axenda da competitividade industrial de Galicia, o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, a Estratexia de especialización intelixente de Galicia ou a Estratexia de internacionalización 2020.

O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e das comunicacións multiplica a capacidade de interacción a todos os niveis e con isto a apertura dos mercados internacionais, o que introduce novas pautas de comportamento nas empresas que operan globalmente. A implantación territorial destas tecnoloxías, xunto a unha formación especializada capaz dotar de valor engadido aos produtos ao sector primario, incidirá nunha maior comercialización deste no exterior.

Neste eido e unha vez cumpridos os obxectivos de cobertura da banda larga, cómpre acometer a mellora das prestacións desta tecnoloxía e acadar cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación, así como impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps. A consecución destes obxectivos medirase a través do indicador Implantación das TIC.

Por outra banda, a presenza de Galicia no exterior reflíctese en indicadores como Especialización acuícola que sigue a indicar o protagonismo de especies como o mexillón a nivel internacional; porén, o indicador Capacidade pesqueira amosa a perda da presenza galega nos caladoiros internacionais.

O sector primario, apoiado no valor engadido a súa produción, posúe un alto potencial de internacionalización, ben sexa o subsector agroalimentario (vacún de carne) como o sector forestal (produtos silvícolas).

O ***Plan director e Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021*** favorece a contribución do Camiño ao afianzamento da identidade universal de Galicia. Isto conseguirase:

- garantindo a experiencia da peregrinación nun contexto no que a seguridade e a atención excelente sexan prioritarias
- garantindo a continuidade dos seus valores no tempo mediante o seu mantemento, protección e difusión, e mediante un desenvolvemento sustentable, social, económico e ambiental
- convertendo o Camiño no embaixador de Galicia para dar apoio ás empresas e á cultura galegas na súa proxección internacional

Neste contexto, desenvolveranse accións como a nova sinalización do Camiño en Galicia, o Centro internacional de acollida ao peregrino, o Plan de actuación do Monte do Gozo, a recuperación de rutas marítimas dende outros países, o impulso do ***Smart Camiño***, o deseño de programas para a cooperación internacional e o apoio á Federación Europea do Camiño, entre outras moitas.

O turismo é un subsector económico que contribúe a afianzar o protagonismo exterior de Galicia e que se manifesta nun aumento do peso do turismo receptor fronte ao interior nos últimos anos. A intensidade turística está crecendo –nas súas tres vertentes: oferta, demanda e poboación turística– (Ilustración 39), despois de acusar a crise económica no informe anterior. Esta tendencia é máis perceptible nos destinos urbanos e litorais. Nestes últimos destinos, a evolución do indicador ***Calidade da auga nas zonas de baño*** reforza a potencialidade turística internacional de Galicia.

Por outra banda, o balance do ***Plan integral de turismo de Galicia 2014-2016*** amosa o cumprimento e mesmo a superación dos obxectivos marcados. A ocupación media hoteleira do 2015 pechou co 33,81%, 24 décimas por riba do obxectivo fixado (33,54%). O número de viaxeiros internacionais que elixiron os establecementos regrados da nosa comunidade en 2015 superou o obxectivo presentado de 1.250.000, ao rexistrarse 1.271.687 viaxeiros internacionais só nos establecementos hoteleiros, cifra que se incrementará coa publicación dos datos rexistrados nos establecementos extra hoteleiros da Comunidade.

Estudos sobre o sector turístico de Galicia confirman o seu papel relevante na economía galega. Segundo estes, o PIB turístico en Galicia alcanzou no ano 2014 os 6.015 millóns de euros, o que supón o 11,1% do total do PIB da Comunidade e un crecemento interanual do 1,2% respecto aos niveis do ano 2013. Tamén é relevante, en termos de emprego, ao xerar este sector 109.762 empregos en 2014, o que representa o 12% do total do emprego de toda a Comunidade nese ano.



Ilustración 39. Intensidade da demanda turística 2015

Conclusión

As Directrices de ordenación do territorio de Galicia, na súa determinación 10.1.19, establecen que a Xunta de Galicia impulsará un sistema de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial co obxectivo de emprender unha xestión dinámica do territorio.

Para estes efectos, mediante o Decreto 156/2012, do 12 de xullo, creouse a Comisión de Seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia como órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nas súas actuacións. Esta comisión é a responsable de desenvolver e adaptar o sistema de indicadores ou métodos para o seguimento que permiten coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre ditas variables e, por outra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada variable.

A comprobación da coherencia dos resultados con estes obxectivos precisa dunha metodoloxía que sexa quen de avaliar os efectos producidos polas diferentes políticas e actuacións sobre o territorio. Con este obxectivo deseñouse o PSST que actúa a través de tres instrumentos: o seguimento dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, os indicadores de sustentabilidade territorial e a EPTU.

A implementación dos indicadores segue a completarse neste informe co fin de abarcar progresivamente o conxunto de determinacións das que emana o seguimento das DOT. A evolución destes indicadores, irá mostrando a coherencia coa tendencia explicitada para cada un deles, en virtude das que concreten os diferentes instrumentos que en desenvolvemento das DOT se aproben, como é o caso do Plan de ordenación do litoral. No caso de que a evolución sinale unha distorsión coa tendencia de referencia será preciso actuar para a corrección da desviación a través das políticas sectoriais da Administración Autonómica.

No Anexo I recóllese a relación entre as determinacións e obxectivos das DOT e os distintos indicadores, así como unha táboa resumo da evolución dos indicadores do PSST.

No Anexo II inclúese a relación dos Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI) incluídos no PSST. A súa análise permite avaliar en que medida as administracións están a cumprir cos compromisos derivados das determinacións das DOT no ámbito das súas competencias. É dicir, deben dar resposta aos compromisos que a Comunidade Autónoma se impón no desenvolvemento dos seus instrumentos de planificación territorial.

No período de tempo transcorrido dende a emisión do segundo informe, cabe subliñar algunhas cuestións relevantes, como a aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia, elaborado polo Instituto de Estudos do Territorio; un documento de carácter técnico que aborda a primeira etapa do proceso de planificación da paisaxe, consistente na súa análise e diagnose, e que serve de base para as Directrices de paisaxe, xa en tramitación. O conxunto do Catálogo e as Directrices de paisaxe dará soporte aos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística, así como aos Estudos de impacto e integración paisaxística e aos informes sectoriais en materia de paisaxe.

No eido da planificación urbanística, 33 concellos en Galicia teñen adaptado o seu plan ás DOT, o que supón máis do 15,5% da súa poboación e o 9,8% da súa superficie. Neste último ano aprobáronse 11 novos PXOM, o maior número dende 2011 e que supón un incremento superior ao 115% respecto á taxa rexistrada no período correspondente á Memoria anterior (5,1 PXOM/ano). Por outra banda, ata 182 concellos están tramitando o seu plan xeral, un 58% da totalidade dos municipios, que en termos de poboación supón un 47,6% e un 59,2% da superficie galega. Resumindo, 215 concellos, que constitúen o 63% da poboación e o 68% da superficie da Comunidade teñen o seu planeamento adaptado ás DOT ou en elaboración.

O Anexo III do Informe que se xunta a esta memoria contén os indicadores de sustentabilidade territorial (IST). No primeiro informe sentouse a base conceptual e o punto de partida para o desenvolvemento deste sistema de avaliación e recolleuse o estado actual de cada un dos aspectos que avalían os indicadores de sustentabilidade territorial.

Desde a aprobación das DOT transcorreron cinco anos, lapso de tempo insuficiente para avaliar con rigor a evolución dalgúns indicadores, aínda que cabe subliñar algunhas cuestións que permitirán obter conclusións en relación ás tendencias observadas sobre variables como a funcionalidade dos ecosistemas naturais, metabolismo urbano, mobilidade, cohesión social ou paisaxe.

Segundo isto, na terceira edición do PSST, aínda que sen a perspectiva suficiente en moitos casos, algúns indicadores amosan valores e tendencias que cómpre subliñar, ben polo que significan como reflexo dunha evolución cara á sustentabilidade, ou ben, para pular pola mellora das condicións reflectidas. Trátase de analizar esas evolucións, que nuns casos ratifican procesos coñecidos, e noutros demandan unha especial atención cara a despregar políticas e instrumentos sectoriais orientados á consecución do modelo territorial recollido nas DOT; neste senso, cómpre salientar os seguintes aspectos relativos a:

Consumo eficiente de solo

- A necesaria racionalidade no consumo de solo como recurso finito e non renovable precisa da avaliación de indicadores como o Índice de saturación, que pon en relación a superficie de solo que o planeamento recolle como xa transformada ou suxeita a futuros desenvolvementos urbanísticos fronte a superficie total. En Galicia este índice acada o 8,5%, o que significa que máis do 90% da superficie queda ao marxe de iniciativas de transformación urbana.

- A ocupación do solo pola edificación tamén rexistra valores moi moderados, menos do 1% da superficie total, unha situación que debería estabilizarse mediante iniciativas que promovan a rehabilitación, reforma e renovación fronte a actuacións que demanden maior consumo de solo.

- Os plans urbanísticos que se elaboran baixo os criterios das DOT e da Lei do solo deben pular por unha planificación dos usos do solo acorde coa súa capacidade de acollida e a súa potencialidade produtiva, residencial, económica etc. e que propicien unha maior cohesión social a partir da planificación dos usos, servizos e equipamentos.

Autosuficiencia dos fluxos metabólicos

- Diminución das emisións Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) en Galicia. Os datos de emisións de GEI debuxan unha curva na que o ano 2012 é o punto de inflexión e o inicio do descenso das emisións, liña que suaviza a súa pendente no período 2013-2014 ata acadar a cifra de 27.114 CO2-eq (kt). Isto supón unha redución superior ao 12% en dous anos, o que sitúa a esta Comunidade na senda de cumprimento do obxectivo europeo para 2020 (40% de redución respecto dos niveis de 1990).

- Mellora da eficiencia no consumo de enerxía a través da redución da intensidade enerxética, medida como a cantidade de enerxía necesaria para a creación de riqueza, en coherencia cos obxectivos establecidos pola Comisión Europea, que supuxo unha redución do 4,32% entre 2010 e 2013.

- Aumento do consumo de enerxía primaria procedente de fontes renovables nun 23% en 2013 que supera os niveis marcados polo Plan de Enerxías Renovables (PER).

- Aumento do consumo final bruto de enerxía obtida a partir de fontes renovables que se reflicte na liña crecente, e sempre superior ao obxectivo do 20% para o ano 2020 (no ano 2013 Galicia acadou o 36,4%).

- Nesta mesma tendencia crecente de utilización das enerxías renovables, cabe situar o consumo final bruto de electricidade obtida a partir destas fontes; no ano 2013 Galicia acadou 17.281 GWh/ano superando as cifras de anos anteriores (15.739 GWh/ano en 2011) o que supón un incremento do 9,79%.

- A evolución do consumo de biocombustibles no transporte terrestre marca unha tendencia ascendente en coherencia cos obxectivos fixados. En Galicia acadouse unha porcentaxe do 3,93% algo superior ao 3,9% fixado para o ano 2013.

- En relación á situación do ciclo hídrico, destaca a mellora da calidade das augas de baño, que se reflicte aumentando as de cualificación ‘excelente’ ou ‘boa’ nun 3% entre os anos 2011 e 2015 ata representar o 86% do total.

- Mellor xestión dos residuos, reflectido na redución da xeración de residuos urbanos nun 4% dende a aprobación das DOT e no incremento en-

tre 2011 e 2015 dun 22% da poboación con acceso aos puntos limpos, ata acadar o 88% neste último ano.

Funcionalidade dos ecosistemas

- Mellora da funcionalidade dos ecosistemas naturais, que se sustentan as máis de 360.000 ha que se engaden aos espazos protexidos que contan con instrumentos de ordenación, o que supón un incremento superior ao 600% con respecto ao ano 2013. A planificación, ordenación e xestión dos espazos naturais redunda nunha mellora destes ecosistemas e, consecuentemente, nos múltiples beneficios ambientais e sociais que delas se derivan.

- A delimitación de novos corredores, iniciada nos concellos litorais de acordo aos obxectivos sinalados no POL, é un exemplo que se debe seguir para mellorar a conectividade entre os espazos naturais de maior valor, favorecendo a dispersión das especies e a biodiversidade.

- O estudo da conectividade ecolóxica, a partir da facilidade que as distintas coberturas do solo e a súa distribución proporcionan para a dispersión das especies no territorio, sinala que Galicia ten un alto índice de conectividade en áreas das serras orientais e surorientais, mentres que é baixo nas comarcas que albergan as áreas metropolitanas do Eixo Atlántico.

- Redución continuada dos incendios entre 2011 e 2014, tanto no que se refire ao seu número (81%) como á superficie queimada (95%). A perda de biodiversidade, erosión do solo ou inundacións son, xunto cos riscos para a poboación e as perdas económicas, efectos que deben combaterse de xeito decidido, traballando para que sexa mínima a incidencia dos incendios.

Valorización do patrimonio humano

- As estratexias de valorización do patrimonio cultural que sinalan as DOT móstranse nos valores dos indicadores definidos, tanto no que se refire á novas declaracións de elementos protexidos como á intervencións nestes elementos. Cinco novos BIC, que totalizan 714, e un novo Plan especial de conxunto histórico, para Ferrol Vello, súmanse ás máis de 7.600 actuacións sobre os bens patrimoniais, un 12% máis que en 2013.

Cohesión social e diversidade

- Demografía. Os datos relativos á poboación, tanto de variación como de densidade, seguen a reflectir o problema demográfico de Galicia, que leva consigo desequilibrios territoriais, por coexistir espazos onde se continúan dando procesos de densificación con outros, nos que predomina o abandono humano, socioeconómico e paisaxístico.

  A información analizada continúa mostrando unha dualidade costa-interior. Os concellos do ámbito POL –onde se concentra o 57% da poboación galega– aínda mantiveron un lixeiro crecemento poboacional na última década (1,1%), pero tamén se está invertendo a tendencia (-1,2% e -0,4% no último quinquenio e no último ano respectivamente).

  A distribución espacial do crecemento tampouco mostra coherencia coas expectativas formuladas polas DOT, que propugnaban a necesidade de consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades, xa que tamén se está perdendo poboación neses termos municipais. Neste sentido, é moi ilustrativo o feito de que durante o período 2005-2015 só creceron a metade dos concellos do Sistema urbano intermedio (SUI) e catro dos 26 Nodos para o equilibrio do territorio (NET) existentes.

- Desenvolvemento das novas tecnoloxías da telecomunicación contribuíndo á mellora da calidade de vida da poboación e á competitividade do sector empresarial. Esta evolución evidéncíase no incremento tanto da porcentaxe de poboación como dos núcleos con acceso ás novas tecnoloxías da información (TIC). O indicador Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais está relacionado co obxectivo de acadar a cohesión territorial con medidas e accións encamiñadas a garantir un rango de infraestruturas de telecomunicacións equiparable ao das contornas urbanas.

  No período 2010–2015 a porcentaxe de poboación con cobertura de banda larga pasou do 78% a máis do 98%. No que se refire aos núcleos con cobertura, no ano 2010 eran menos do 50% e no ano 2015 superan o 97%.

- Sector primario. O sector gandeiro, a principal actividade económica no medio rural galego e a que máis contribúe a fixación de poboación no territorio, segue unha tendencia decrecente tanto en número de explotacións como no emprego, particularmente derivado do subsector vacún (58% das UG totais). Porén, o número de vacas por explotación experi-

mentou un lixeiro incremento en 2014 nas provincias da Coruña, Lugo e norte de Pontevedra.

É destacable a escasa presenza dos subsectores equino, ovino e caprino en Galicia, especies cunha importante capacidade de aproveitar os recursos pastícolas nas zonas menos produtivas.

Segue a reducirse a superficie ocupada por prados e pasteiros mentres que os cultivos forraxeiros manteñen unha tendencia crecente. Isto indica a intensificación do sistema de produción e posiblemente a dificultade de acceso á terra que atopan os gandeiros. Outros cultivos como o viñedo só teñen unha presenza significativa en Pontevedra e Ourense. Ao viñedo séguenlle as froiteiras e o castiñeiro, a especie máis relevante en Ourense.

A Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas do INE – IGE reflicte, xunto a certa caída do emprego total, un incremento sostido do emprego asalariado fronte ao familiar, o cal vai en consonancia co redimensionamento das explotacións que está a acontecer no sector. Relacionado co este proceso está a diminución da superficie baixo o réxime de propiedade, o máis representativo en Galicia, que se mantén desde 1999 ata 2013 e simultaneamente un importante crecemento do arrendamento (6,81%), a parcería e outros réximes de tenza ou do uso da terra (9,76%).

Un dato que pode pode significar un maior grao de resiliencia do territorio rural galego e do proceso de reestruturación no que está inmerso é o aumento do número de mulleres titulares de explotacións, como o reflicte a Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas, pasando do 51,4% en 2003 o 56,1% en 2013.

- A acuicultura en Galicia é, ademais dunha actividade de profunda pegada cultural e na paisaxe, unha fonte de recursos moi importante para a súa economía. O indicador de Especialización acuícola no ano 2015 analiza as producións do sector e reafirma o maior peso dos bivalvos, entre os que destaca o mexillón, que representa o 94,8% da produción acuícola mariña e o 60,25% do valor económico deste sector.

  Porén, o sector pesqueiro transluce perdas no número (3,2%) e tamaño (9,3%) dos buques con porto base en Galicia, dos cales máis dun terzo pertencen á zona administrativa de Arousa.

- No sector servizos destaca a tendencia alcista da oferta, da demanda e do índice de poboación turística, que poñen de manifesto a recuperación desta actividade económica en Galicia. Ademais, aumentou o peso dos turistas procedentes de fóra da Comunidade, o que constitúe un indicio do afianzamento da presenza de Galicia no exterior. Este dato reflíctese no número de pernoctacións dos viaxeiros de fóra de Galicia que se incrementou nun 13,1% entre 2011 e 2015.

Integración paisaxística

Nestes cinco anos tense avanzado significativamente no desenvolvemento da Lei de protección da paisaxe de Galicia.

- A determinación 8.2 das DOT establece que a Xunta desenvolverá os instrumentos previstos pola lexislación paisaxística necesarios para asegurar unha axeitada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia. Estes instrumentos legais son os Catálogos de paisaxe, as Directrices de paisaxe e os Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas. En cumprimento desta Determinación, no ano 2016 aprobouse o Catálogo das paisaxes de Galicia e está a piques de rematar a elaboración e tramitación das Directrices de paisaxe.

- Por outra banda, modificacións normativas como as rexistradas na Lei do solo incrementaron as cautelas sobre a actividade desenvolvida no territorio susceptibles de causar impactos paisaxísticos. Nestes últimos 12 meses, informáronse xa 1.015 expedientes en materia de paisaxe e é previsible que estas cifras aumenten significativamente no futuro.

Mobilidade

- O xeito no que se produce a ocupación do territorio ten consecuencias na mobilidade. Un urbanismo difuso aumenta non só o consumo de solo, tamén o de enerxía, materiais e auga. A división en usos e funcións no territorio incide negativamente nos desprazamentos e na súa natureza, aumentando aqueles dependentes de medios motorizados. Os novos crecementos deben orientarse a concentrar as maiores densidades de edificación na contorna dos grandes eixes que soportan o transporte público e dos nodos que dan acceso a eles, co fin de evitar a urbanización difusa e a dispersión da poboación en extensións de moi baixa densidade, así como posibilitar e facer viables os modos de mobilidade alternativa coa planificación de percorridos peonís e ciclistas. Ambos criterios son fundamentais para reducir a necesidade de novas estradas, aumen-

tar o atractivo da vida cidadá, usar a enerxía de forma máis eficiente e reducir a contaminación.

A denominada Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU) tamén achega datos de interese en relación aos obxectivos de mobilidade derivados do modelo territorial definido nas DOT.

Datos desta enquisa sinalan que a poboación con acceso en 15 minutos dende a súa vivenda a determinados servizos públicos (centros de saúde, farmacia e centros educativos) supera o 60%. Un 18,8% dispón deses servizos utilizando o transporte público, un 11,17% noutros medios de transporte e case un 10% non dispón deses servizos, nese tempo.

No que atinxe aos desprazamentos dende a súa vivenda ata o centro de traballo, máis do 66% dos ocupados despráz anse só en transporte privado (coche, moto,...); o 25,86% van andando ou en bicicleta, e o 5,04% empregan só en transporte público. Atendendo ao tamaño do concello, o uso de só o transporte público vai decrecendo do 9,52% naquelas poboación de máis de 50.000 habitantes ata o 1,31% nas de menos de 10.000 habitantes.

ANEXO I. Informe Plan de seguimento 2016

Índice de ilustracións

Ilustración 1. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2016 13
Ilustración 2. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT 13
Ilustración 3. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2016 13
Ilustración 4. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos 13
Ilustración 5. Estado do planeamento municipal en setembro de 2016 14
Ilustración 6. Planeamento de desenvolvemento 2011-2016 14
Ilustración 7. Grao de conurbación-fragmentación urbana, febreiro 2016...16
Ilustración 8. Variación relativa da poboación no decenio 2005-2015.....17
Ilustración 9. Superficie ocupada pola edificación, ano 2014. 18
Ilustración 10. Bens inmobles de uso residencial (2008-2015).....18
Ilustración 11. Evolución das autorizacións 2013-2015 19
Ilustración 12. Conxuntos históricos con/sen plan especial aprobado (ano 2015).....19
Ilustración 13. EIIP en aplicación da Lei 7/2008, do 7 xullo de protección da paisaxe de Galicia 20
Ilustración 14. Índice de Shannon das coberturas agrícolas (2011).....21
Ilustración 15. Índice de Shannon agroforestal (2011) 22
Ilustración 16. Numero de asentamentos abandonados (2011). 23
Ilustración 17. Variación das masas arboradas entre 2005 e 2011. 24
Ilustración 18. Conectividade da paisaxe 2011 (índice de contaxio) 25
Ilustración 19. Porcentaxe do valor da produción por especie 2015 26
Ilustración 20. Número de buques con porto base en Galicia segundo zona administrativa 26
Ilustración 21. Porcentaxe de ocupados segundo o medio de transporte utilizado no desprazamento ao traballo por tamaño de concello (2015) 27
Ilustración 22. Ocupados segundo o lugar no que se atopa o centro de traballo por tamaño de municipio (2015).....27
Ilustración 23. Accesibilidade das vivendas a servizos en menos de 15 min(%) 28
Ilustración 24.Porcentaxe de asentamentos de poboación con máis do 80% de acceso á banda larga 29
Ilustración 25. Superficie agricultura ecolóxica total rexistrada e número de operadores (CRAEGA).....32
Ilustración 26. Superficie provincial de agricultura ecolóxica total rexistrada 32
Ilustración 27. Especialización gandeira relativa 33
Ilustración 28. Carga gandeira 33
Ilustración 29. Evolución da ocorrencia de incendios 2011 - 2014 34
Ilustración 30. Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal 2015 35
Ilustración 31. Espazos naturais con instrumentos de planificación 2015 ...36
Ilustración 32. Evolución do número de BIC 37
Ilustración 33. Evolución das autorizacións 2013-2015 37
Ilustración 34. Evolución da calidade das augas de baño 39
Ilustración 35. Evolución provincial da calidade da augas nas zonas de baño 39
Ilustración 36. Servizo e dotación de puntos limpos por concello 2015.....40
Ilustración 37. Consumo final bruto de enerxía renovable (%) 41
Ilustración 38. Consumo (GWh/ano) final bruto de electricidade xerada a partir de fontes renovables 41
Ilustración 39. Intensidade da demanda turística 2015.....42

Índice de táboas

Táboa 1. Indicadores IDI do bloque Ordenación do territorio 12
Táboa 2. Indicadores IDI do Bloque Planificación urbanística 12

Sustentabilidade Territorial

Plan de Seguimento das DOT

INFORME 2016

XUNTA DE GALICIA

Presentación 5
Introdución 7
1. Desenvolvemento das DOT e da sustentabilidade territorial 9
Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI) 9
Criterios que constitúen as liñas estratéxicas da política territorial de Galicia: 13
Liña estratéxica A: Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa 13
Liña estratéxica B: Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio 15
Liña estratéxica C: Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio 16
Liña estratéxica D: Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial 18
Liña estratéxica E: Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural 19
Liña estratéxica F: Protexer o patrimonio natural e cultural 20
Liña estratéxica G: Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental 21
Liña estratéxica H: Afianzar o protagonismo exterior de Galicia 23
2. Eficacia das Directrices de ordenación do territorio 24
Ocupación do territorio (OC) 25
Subbloque Usos do solo 26
Subbloque Intensidade 27
Paisaxe 33
Subbloque Dinámica da paisaxe 33
Subbloque Xestión da paisaxe 38
Patrimonio natural 39
Subbloque Biodiversidade 40
Subbloque Xestión 41
Patrimonio cultural 43
Subbloque Abundancia e diversidade 44
Sociedade e economía 46
Subbloque Espectro social 46
Subbloque Complexidade 49
Subbloque Emprego e formación 51
Subbloque Autosuficiencia 52
Subbloque Innovación 53
Subbloque Agricultura e gandería 56
Subbloque Pesca e acuicultura 65
Subbloque Aproveitamento forestal 67
Subbloque Turismo 68
Metabolismo 71
Subbloque Enerxía 71
Subbloque Ciclo hídrico 75
Subbloque Ciclo de materiais 76
Subbloque Atmosfera e cambio climático 78
Enquisa de percepción territorial e urbanística EPTU 79
Resultados da Enquisa Estrutural de Fogares 2015 79
3. Desenvolvemento da Lei da paisaxe de Galicia 87
O Catálogo das paisaxes de Galicia 87
As Directrices de paisaxe de Galicia 90
Sistema de información xeográfica colaborativo de imaxes da paisaxe galega 93
Guías de boas prácticas para a integración paisaxística 94
Guía de cor e materiais 94
Informes en materia de paisaxe 95
4. Conclusión 96

Data do Informe: setembro 2016

Presentación

O Informe 2016 do *Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e da sustentabilidade territorial* (PSST) é a terceira edición do sistema de seguimento das DOT iniciado tras a aprobación das DOT e publicado por primeira vez en 2014.

O traballo é desenvolvido pola Comisión de Seguimento creada a tal fin polo Decreto 156/2012, do 12 de xullo, integrada por representantes de distintos departamentos da Xunta de Galicia.

A elaboración e publicación do Informe lévaa a cabo o Instituto de Estudos do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a partir do traballo realizado nos distintos grupos técnicos de traballo (GTT) constituídos para o desenvolvemento dos bloques temáticos nos que se estruturan as variables de sustentabilidade.

O contido do Informe describe a situación e evolución dos distintos parámetros analizados, organizados en áreas de estudo. A análise abórdase dende as tres ferramentas de avaliación que inclúe o plan; os indicadores IDI, IST e a Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU).

Os Indicadores de Desenvolvemento e Implementación (IDI) reflicten o grao de cumprimento das obrigas concretas establecidas polas DOT, no que se refire aos instrumentos que debe desenvolver a Comunidade Autónoma para acadar os obxectivos estratéxicos de sustentabilidade. Eses obxectivos formúlanse para distintos aspectos, ben sexa no eido da planificación urbanística ou da ordenación e xestión dos recursos naturais e produtivos, ben na valorización e protección dos valores paisaxísticos e patrimoniais de Galicia ou na mellora da eficiencia do metabolismo urbano.

A segunda das ferramentas nas que se apoia o seguimento das DOT é a análise dunha serie de Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST), que axudan a obxectivar os efectos derivados da planificación territorial a partir dos valores obtidos para estes e da súa relación cos obxectivos ambientais, sociais e económicos establecidos nas DOT. A eficacia das DOT para acadar un maior nivel de sustentabilidade territorial avaliouse mediante 44 indicadores, dos cales 33 xa estaban incluídos nalgún informe anterior e 11 son de nova incorporación ao PSST. Destes 11 novos indicadores, catro corresponden a indicadores de seguimento da calidade paisaxística, catro están referidos a consumo e produción de enerxía, un a patrimonio natural, un a formación e emprego e un á superficie edificada. Estes indicadores están estruturados en sete bloques: ocupación do territorio, paisaxe, patrimonio natural, patrimonio cultural, sociedade e economía, metabolismo e mobilidade.

O Informe 2016 inclúe os primeiros resultados da Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística, elaborada no ano 2015 polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Este informe sirve de base para a elaboración da Memoria que anualmente se remite ao Parlamento de Galicia e na que se da conta dos efectos da aprobación das Directrices.

Así mesmo, a información obtida co PSST permitiu desenvolver paralelamente unha operación estatística homónima incardinada na programación estatística da Xunta de Galicia, que o IGE publica anualmente na súa web[1].

Dende a primeira edición, a publicación conta con versións preparadas para a descarga desde INTERNET[2].

[1] http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0101001001

[2] http://cmaot.xunta.gal/seccion-organizacion; http://cmaot.xunta.gal/indicadores

Introdución

Nesta terceira edición do PSST continúase o camiño emprendido nos anos anteriores co obxectivo, marcado pola Memoria ambiental das DOT, de avaliar o percorrido pola senda da sustentabilidade e da cohesión social coa que Galicia se comprometeu definitivamente no ano 2011, como consecuencia da aprobación das DOT.

A consolidación do Plan de Seguimento que tutela estes informes fai aconsellable introducir modificacións na estrutura do documento, que alixeire o seu contido e se cinga á análise dos datos estudados e á avaliación destes, desde os parámetros sociais, económicos e ambientais, evitando reiterar os procesos e metodoloxía que subxacen na súa elaboración e que se incorporan como anexo.

Neste ano 2016, co obxectivo sinalado e a metodoloxía desenvolvida en anteriores edicións, o Informe estrutúrase en tres partes ou capítulos. A primeira parte configura un bloque de información no que se expoñen as distintas actuacións do Goberno de Galicia en desenvolvemento da DOT, e como estas repercuten ou poden repercutir na consecución dos obxectivos marcados.

A segunda parte reproduce a estrutura de anos anteriores, na que a información das distintas ferramentas empregadas se organiza en bloques e subbloques segundo os elementos clave do territorio e as variables de sustentabilidade, no caso dos indicadores, e tematicamente no caso da EPTU.

O Informe 2016 incorpora os primeiros resultados da terceira das ferramentas, a EPTU, complementaria das anteriores e que reflicte a percepción da cidadanía sobre a calidade de vida e do medio físico que habita.

A terceira parte, recompila e desenvolve polo miúdo as accións, levadas a cabo no eido da protección, mellora e xestión da paisaxe neste ano 2016.

Nos anexos inclúense as fichas dos indicadores analizados e os resultados da EPTU, así como un resumen dos obxectivos e determinacións das DOT; a súa relación cos indicadores e a tendencia que amosan os resultados obtidos.

O período de cinco anos dende a aprobación das DOT aínda non permite, en moitos casos, determinar tendencias claras. A variación dos datos, en ocasións obedece á conxuntura económica ou a factores socioambientais volátiles. No entanto, algunhas das variables, si están a sinalar tendencias moi arraigadas, non sempre positivas nin doadas de redirixir, e noutros subliñan unha liña clara en prol de obxectivos marcados.

Ademais de proporcionar unha foto fixa do estado do medio ambiente e a socioeconomía en Galicia este documento inclúe a evolución dos indicadores ao longo do tempo, o que permite apreciar a eficacia das políticas levadas a cabo e coñecer os espazos existentes para a mellora.

1. Desenvolvemento das DOT e da sustentabilidade territorial

Cara a un territorio sustentable

Enmarcado nas liñas estratéxicas que propoñen as DOT para Galicia, faise un percorrido que abrangue, por unha banda, o grao de desenvolvemento dos instrumentos de planificación (IDI), e por outra, as accións despregadas polo Goberno de Galicia para achegarse aos obxectivos das DOT. Para isto, inclúese o valor dos indicadores (IST) que facilitan a lectura, en termos de tendencia, de aspectos clave da sustentabilidade así como o resultado da Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU), que permite coñecer a valoración da cidadanía en relación aos niveis de calidade de vida relacionada coa ordenación territorial e a paisaxe.

Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)

A planificación en fervenza establecida nas DOT baséase na relación xerárquica entre os instrumentos de ordenación territorial e urbanística, que atopan distinto grao de concreción en función da natureza, escala e alcance territorial.

As DOT propoñen a elaboración de distintos instrumentos de ordenación do territorio co obxectivo de aplicar os criterios e obxectivos definidos e así propiciar a materialización destes no territorio e na sociedade. Neste senso, o grao de implementación destes instrumentos permite avaliar en que medida se está a levando a cabo a concreción do modelo proposto.

O plan de seguimento prevé que o número de indicadores pode ser ampliado con outros de análogas características e funcións. Por isto, os distintos departamentos con incidencia territorial son consultados sobre as actuacións que poidan estar levando a cabo neste senso.

Non obstante, outras figuras como os plans directores ou as estrate-xias deseñadas e postas en marcha por distintas consellerías son igualmente documentos vinculantes cos obxectivos das DOT, cunha clara finalidade de ordenación territorial que supoñen pasos interme-dios ou previos aos recollidos nas DOT.

No que se refire aos instrumentos de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia aprobou un plan territorial integrado, o Plan de ordenación do litoral, que abrangue máis de 2015.000 ha e ao 57% da poboación. Un segundo plan territorial integrado, o da bacía hidrográfica do río Eume está a desenvolver o modelo territorial proposto polas DOT. Así mesmo, aprobáronse catro plans sectoriais de incidencia supramunicipal e outros catro atópanse en elaboración. Estes plans teñen diferentes ámbitos territoriais en función da súa natureza ou sector ao que responden. Os Plans sectoriais da rede viaria atenden a distintas provincias, o Plan de acuicultura litoral esténdese no ámbito litoral, mentres que o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais abrangue a totalidade da Comunidade Autónoma.

Nas táboas seguintes reflíctese o desenvolvemento dos instrumentos de planificación territorial e urbanística.

Táboa 1. Indicadores IDI do bloque Ordenación do territorio

Indicador	Nome	Estado	Superficie	Poboación*
Plans territoriais integrados	Plan de ordenación do Litoral (POL)	Aprobado	2.153,62 km^2	1.564.100
	PTI da bacía hidrográfica do río Eume	En trámite	470,06 km^2	56.440
Plans sectoriais	PS. de ordenación territorial do campus científico-tecnolóxico "Cidade do Mar"	Aprobado	109,06 km^2	-
	PS de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL	Aprobado	200.000 m^2	2.732.347
	Plan director de acuicultura do litoral	En trámite	-	-
	PS da rede viaria de Lugo e a súa área de influencia	En trámite	464 km^2	-
	PS da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia	Aprobado	432.03 km^2	-
	PS de actividades extractivas na Comunidade Autónoma de Galicia	En trámite	-	-
	PS de aparcadoiros disuasorios	En trámite	-	-
	PS de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia	Aprobado	5.218,46 ha.	-
Programa coordinado de actuación	Plan forestal de Galicia	En trámite		-

* Decembro 2015.Concellos completos

Táboa 2. Indicadores IDI do Bloque Planificación urbanística

Código	Indicador	Medidas
PA1	Número de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	Núm. PXOM aprobado
		Núm. PXOM en tramitación
PA2	Porcentaxe de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	% aprobados
		% en tramitación
PA3	Porcentaxe de superficie con PXOM adaptado ás DOT aprobado ou en elaboración	% superficie con PXOM aprobado
		% superficie con PXOM en tramitación
PB1	Desenvolvemento urbanístico	Núm. concellos

O carácter estratéxico do modelo concibido polas DOT prevé gañar concreción coa planificación en fervenza. Así no terceiro nivel, os Plans Xerais de Ordenación Municipal desenvolverán os principios, criterios e normas xerais dos PTI ou as determinacións das DOT, no seu defecto.

No período 2011-2016 aprobáronse 33 Planes Xerais de Ordenación Municipal e outros 182 atópase en elaboración (Ilustración 1).

Neste último ano aprobáronse 11 novos PXOM, o maior índice dende 2011 e que supón un incremento superior ao 114% respecto á taxa anual (5,1 PXOM/Ano) rexistrada no período correspondente ao Informe anterior. Por outra banda, ata 182 concellos están tramitando o seu plan xeral, un 58% da totalidade dos municipios, que en termos de poboación supón un 47,6% e un 59,2% da superficie galega.

No ámbito do Plan de ordenación do Litoral, a porcentaxe de superficie con plan adaptado ou en elaboración é do 73,89% o que supón o 68,22% da poboación residente neste ámbito.

En resumo, son 215 os PXOM adaptados ou en proceso de adaptación aos criterios que marcan as DOT; isto supón o 68,47% dos concellos, o 63,11% da poboación galega e abrangue máis de dúas terceiras partes da superficie de Galicia.

Os seguintes gráficos e mapas reflicten o estado e a evolución do planeamento xeral en Galicia desagregado por provincias, municipios e sistema de asentamentos (Ilustración 2-6).



Ilustración 1. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2016



Ilustración 2. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT



Ilustración 3. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2016



Ilustración 4. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos



Ilustración 5. Estado do planeamento municipal en setembro de 2016

Os instrumentos de planeamento de desenvolvemento, no ámbito do urbanismo, e os proxectos sectoriais, no da ordenación do territorio, constitúen o último nivel de concreción do modelo das DOT. As operacións de transformación urbanística defínense nestes instrumentos a partir das determinacións de carácter xeral dos instrumentos de planificación de rango superior. O indicador só contabiliza os proxectos sectoriais que supoñen a transformación urbanística do solo.

Dende a aprobación das DOT ata o mes de setembro de 2016 aprobáronse 49 figuras de planeamento territorial ou urbanístico, que supoñen a modificación da natureza urbanística dos terreos aos que afectan, é dicir, que transforman a natureza rústica dos terreos con destino a solo urbanizado. Destas 49, 18 responden á plans parciais, 11 son plans de sectorización e 20 son proxectos sectoriais (Ilustración 6).



Ilustración 6. Planeamento de desenvolvemento 2016

Criterios que constitúen as liñas estratéxicas da política territorial de Galicia:

Liña estratéxica A: Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa

A consecución dun equilibrio territorial é prioritario para acadar os obxectivos establecidos nas DOT, para o cal nestas directrices proponse a materialización dun sistema xerarquizado de asentamentos baixo o lema "Galicia, cidade única".

Para iso, é esencial adoptar modelos de planificación que promovan a compacidade dos tecidos urbanos, desbotando formas dispersas de poboamento. A dispersión xera altos índices de ineficiencia no emprego dos recursos públicos para dotar de servizos e equipamentos básicos á poboación en condicións de igualdade.

Estes modelos defínense nos instrumentos de planificación territorial e urbanística, xa que son estas figuras as que sinalan os novos ámbitos de actividade económica e de residencia así como as características para a súa implantación.

A Lei do solo de Galicia e o seu regulamento, xa aprobados este ano 2016, constitúen o novo marco urbanístico que facilitará a tarefa de adaptar o planeamento municipal á normativa urbanística e territorial, en particular aos 99 concellos que aínda non contan con planeamento adaptado ou a aqueles outros que precisen revisalo. Os novos plans urbanísticos terán entre os seus criterios o da eficiencia territorial na regulación de usos do solo e o da racionalidade no consumo de solo dos novos ámbitos de desenvolvemento urbanístico.

No eido da planificación territorial, desde a aprobación do Plan de ordenación do litoral, nove concellos adaptaron o seu plan urbanístico aos criterios de ocupación de solo e integración paisaxística deste instrumento de ordenación territorial. Un destes criterios é crecer dende o existente, respectando as singularidades e protexendo os elementos máis fráxiles. Neste senso, no período de tempo transcorrido, informáronse máis de 1600 expedientes en materia de paisaxe en virtude do previsto no POL.

Esta contigüidade entre ámbitos urbanos e urbanizables evita incrementar a dispersión característica de Galicia. O indicador ***Grao de conurbación–fragmentación urbana*** mide o grao de contigüidade existente entre os crecementos urbanísticos e o tecido consolidado. O coñecemento do grao de conurbación, ou fragmentación das reservas de solo para desenvolvemento urbanístico permite caracterizar o territorio segundo a maior ou menor contigüidade destas aos solos urbanos ou de núcleo rural. Asemade, a análise deste indicador podería servir para establecer prioridades de desenvolvemento para os diferentes crecementos previstos.

A diversidade de valores obtidos revela fortes contrastes entre concellos que planifican os crecementos en contigüidade coa trama urbana existente e, polo tanto, dun xeito máis eficiente, e outros nos que o solo urbanizable se sitúa de forma máis desconectada do solo urbano. Mentres que o indicador Grao de conurbación acada un valor medio para Galicia do 40%, o valor correspondente á metade dos concellos non supera o 33%. Isto pode indicar que os concellos con maior superficie de solo urbanizable presentan un maior grao de conurbación.

Cabe sinalar tamén o diferente comportamento deste indicador cando se refire ao ámbito litoral; neste caso o valor medio é superior ao de Galicia, o que indica unha maior contigüidade dos ámbitos de solo urbanizable na franxa costeira que nos concellos do interior e, polo tanto, unha tendencia a unha maior compacidade dos asentamentos.

Por outra banda, os datos demográficos obrigan a ser rigorosos coas expectativas dos crecementos urbanísticos que no estean ligados a un turismo ou a unha segunda residencia sustentables. O indicador ***Variación da poboación*** insiste en avisar sobre o futuro demográfico da Comunidade Autónoma; na última década, Galicia perdeu case 30.000 habitantes, o que supón unha variación do -1,1%, valores negativos que se repiten no último lustro e tamén no último ano, con variacións do -2,3% e do -0,6% respectivamente.

Cómpre sinalar que no ámbito litoral a tendencia galega estase a reproducir máis lentamente. A variación decenal é positiva; aumentou un 1,1% (17.000 habitantes) aínda que é inferior ao 3,1% da década 2003-2013. No entanto, nos períodos quinquenal e anual, os resultados do indicador son negativos, o que significa que a evolución demográfica tamén está entrando en declive neste territorio.

O consumo racional do solo é un dos obxectivos recollidos nas DOT e no POL, polo que resulta necesario establecer criterios que permitan perfilar un

crecemento axustado ao modelo territorial definido por estes instrumentos e coherente co proceso demográfico da Comunidade.

Tras a denominada burbulla inmobiliaria, amparada nunha puxante situación financeira da economía e por uns plans urbanísticos expansivos, no contexto actual a planificación urbanística ten que facer da contención na ocupación do solo un dos seus principios reitores.

O estudo desta contención no consumo de solo dos plans faise a partir da evolución de determinados indicadores incluídos no PSST. Analizar o ***Crecemento previsto*** conxuntamente cos datos do ***Índice de saturación*** e/ou outros indicadores dos bloques Ocupación do territorio e Sociedade e economía permite extraer conclusións en relación a como o proceso urbanizador se está a axustar ao modelo territorial.

Por outra banda, estudar a relación entre a superficie transformada e a superficie ocupada pola edificación indicará o grao de dispersión do construído ou, dito de outra forma, se a construción se produce sobre os ámbitos de desenvolvemento planificados.

No período 2003-2014, a ***Superficie ocupada pola edificación*** incrementouse un 13%, debuxando unha liña que se modera no período 2011-2014, período no cal o incremento é do 2,3% fronte ao 10,2% entre 2003 e 2011. En termos relativos, no ano 2014, representa unha porcentaxe inferior ao 1% da superficie de Galicia. Esta ocupación concéntrase maioritariamente nos concellos do Arco Atlántico situados no eixo entre as dúas Rexións Urbanas.

As dinámicas de usos do solo indican, para o período 2005-2011, que o solo transformado para usos urbanos ou de infraestruturas se incrementou un 1,73% e supón un 6,5% da superficie total.

O indicador ***Crecemento previsto*** mide a intensidade do proceso urbanizador ao relacionar o solo urbano existente co solo urbano previsto polo plan xeral. O indicador revela unha importante dispersión e amplitude de valores, que oscilan entre o 874% e o 0%, o que fai preciso obter outras medidas como a da mediana, que acada o 12,1% (moi por debaixo do 39,4% para o conxunto de Galicia) ou as dos percentís 25 e 75, co 3,7% e o 30% respectivamente. Porcentaxes de crecemento superiores ao 100% rexístranse en 20 concellos mentres que en 41 non se prevé ningún. Este escenario revela que determinados casos con valores extremos, que presentan crecementos pouco axustados ás necesidades reais e dificilmente materializables, polo comportamento demográfico analizado, están a distorsionar o valor medio para Galicia.

O indicador de ***Vivendas familiares*** permite relacionar o anterior indicador ***Crecemento previsto*** coa evolución de inmobles de carácter residencial nos últimos anos.

Así, o número de bens inmobles de uso residencial en Galicia, en decembro de 2015, ascendía a 1.585.353, cifra que supón un aumento do 1,4% con respecto ao ano 2013. A evolución anual desde a aprobación das DOT indica que os bens inmobles de uso residencial seguen unha liña ascendente, desde o 1.554.749 en novembro de 2012, cun incremento ao redor do medio punto porcentual anual entre os anos 2012 e 2014 e cun aumento no último ano que acada case o punto porcentual.

Este incremento de 30.604 bens inmobles debe poñerse en relación co número de vivendas baleiras, que no ano 2011 rexistrou un valor absoluto de case 300.000, e coa variación da poboación que no período 2005-2015 rexistrou unha perda de case 30.000 habitantes. No entanto, a análise debe facerse por concellos para comparar a correlación directa ou inversa entre poboación e construción de bens inmobles.

De xeito complementario aos instrumentos de planificación territorial, outras iniciativas postas en marcha pola Xunta de Galicia, axudan a racionalizar e minimizar o consumo de solo. Para iso, coñecer a demanda real de solo empresarial ou vivenda protexida mediante os rexistros creados polo IGVS para estes efectos axuda a planificar o desenvolvemento de solo unicamente nestes ámbitos.

Liña estratéxica B: Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio

A natureza holística da paisaxe fai que sexa este enfoque o máis completo para acadar o obxectivo do fortalecemento dos núcleos tradicionais, do litoral e do territorio en xeral. De carácter transversal, a paisaxe establece un marco de referencia para todas as lexislacións sectoriais, plans e programas que poidan influír na paisaxe.

O ***Catálogo das paisaxes de Galicia*** foi aprobado polo Consello da Xunta o 28 de xullo deste ano, no seo da *Estratexia da paisaxe galega.* Este documento aborda a descrición e clasificación das paisaxes galegas, co fin último de coñecer, comprender e difundir os seus valores paisaxísticos, e así contribuír, tal e como recoñecen as DOT, a que a paisaxe proporcione un marco idóneo para abordar a comprensión e a análise do territorio.

Unha vez aprobado o Catálogo das paisaxes de Galicia, iniciouse a elaboración das Directrices de paisaxe de Galicia, documento que se atopa na fase inicial da avaliación ambiental estratéxica. Estes e outros traballos desenvolvidos no eido da paisaxe e os resultados acadados analízanse no terceiro apartado deste informe.

Para favorecer a revitalización dos conxuntos e centros históricos das vilas e das cidades pequenas, o Goberno galego impulsou o ***Plan estratéxico de dinamización dos pequenos cascos históricos***. Trátase dun plan para promover e potenciar os seus recursos patrimoniais e garantir a súa conservación e salvagarda, así como para explorar experiencias que recuperen a ocupación residencial e a creación de comercios e negocios de proximidade. Deseñaranse liñas de actuación para a mellora da oferta de equipamentos e servizos públicos, en especial os relacionados coa información, sinalización dos recursos patrimoniais, culturais e turísticos, e o acceso ás redes de comunicación social, así como a mobilidade dentro dos mesmos e a través dos seus bordos en relación co resto da cidade e do ámbito territorial ao que pertencen e ao que caracterizan.

O obxectivo principal desta estratexia, que deberá ter carácter e desenvolvemento transversal dentro da política da Xunta de Galicia, será a salvagarda dos valores culturais e a fixación e recuperación da poboación e o desenvolvemento dunha enriquecedora, plural e diversa vida e actividade social, turística e urbana a partir dos conceptos directores de sustentabilidade, plena conservación do patrimonio herdado e mellora da calidade de vida da poboación.

Ao ter un carácter transversal, está impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e tamén participan a Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Consellería de Facenda, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como os concellos implicados.

De xeito parello, a posta en marcha de plans de rehabilitación (***Plan REHABITA*** e ***Plan estratéxico de rehabilitación de Galicia***) contribúen a desenvolver modelos de crecemento que promoven a coherencia entre infraestruturas, servizos, actividade e residencia. O reciclaxe do construído nos núcleos tradicionais facilita o acceso inmediato aos equipamentos e servizos, así como unha opción residencial de calidade que o diferenza claramente do desenvolvemento periurbano.

Nesta liña pode inscribirse a xestión levada a cabo no Plan de vivenda 2013-2016 e as actuacións en materia de eficiencia enerxética, infravivenda ou a declaración de Áreas de Rehabilitación Integral (ARI) en concello rurais; cabe destacar a ARI dos Camiños de Santiago, que discorre por 107 concellos.

Deste xeito non só se favorece a posta en valor do patrimonio construído senón tamén un menor consumo de solo. A valorización do territorio e a maior integración paisaxística das actuacións con incidencia no mesmo leva consigo aplicar criterios de minimización de consumo de solo, principio no que converxen aspectos como o de atender ás necesidades baseadas nunha demanda real, que teña en conta a realidade demográfica, os ámbitos turísticos ou as edificacións baleiras.

Dunha gran diversidade e alta fraxilidade é o espazo litoral, un territorio valioso que precisa accións de fortalecemento e protección. Neste senso, a Consellería do Mar leva anos desenvolvendo a Estratexia de desenvolvemento local participativo a través dos ***Plans de acción costeira***, que perseguen a valorización do ámbito litoral e do seu patrimonio natural e cultural así como fomentar o valor engadido dos recursos pesqueiros e rendas alternativas ou complementarias para os pescadores.

Asemade este departamento levou a cabo outras accións para a potenciación e protección deste sector estratéxico de Galicia, entre elas, a redacción dos planes de ordenación dos cultivos na zona marítima e na zona marítimo terrestre, o ***Plan xeral de explotación marisqueira*** para o ano 2016 ou o ***Plan para a explotación de poliquetos en Galicia,*** tamén neste ano 2016***.***

No contexto da *Estratexia Galega de Acuicultura,* marco para a ordenación e racionalización das actuacións da actividade acuícola, a Consellería do Mar elaborou o ***Plan director de acuicultura litoral***, que se atopa na fase de alegacións.

Dentro do sector da pesca e da acuicultura, o indicador de ***Capacidade pesqueira*** amosa unha diminución do 3,2% no número de buques con porto base en Galicia e do 9,3% no arqueo de rexistro bruto nos buques con porto base en Galicia, respecto do 2013. O indicador de ***Especialización acuícola*** reafirma o peso dos bivalvos na acuicultura, cun incremento dun punto porcentual (95,9%) en relación ao ano 2013. O mexillón representa o 94,8% da produción acuícola mariña e o 60% do valor económico deste sector.

Liña estratéxica C: Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio

As DOT establecen a mobilidade como un dos elementos estratéxicos do modelo territorial e as infraestruturas como factor de cohesión social e competitividade dos territorios.

Así, no eido das infraestruturas, o goberno galego está a desenvolver estratexias como as novas infraestruturas viarias de articulación con outras rexións do Estado e mesmo europeas ou os espazos de apoio loxístico ás dinámicas comerciais.

En relación ás vías de alta capacidade, este ano 2016 entrou en servizo o treito Carballo-Baio Norte da autovía da Costa da Morte e a finais do ano 2016 está previsto a posta en servizo de 7,8 km do treito Celeiro-San Cibrao da autovía da Costa Norte. En execución atópanse dous treitos do Corredor CG-4.1 (subtreito I: PPQQ 0+000 -3+250 e subtreito II: PPQQ 3+250 -7+300).

Por outra banda, un axeitado transporte colectivo público, conxugado coa ordenación espacial dos ámbitos residenciais e económicos, poden reducir significativamente o uso do vehículo privado e, polo tanto, os efectos derivados disto, como son a contaminación do aire, o gasto enerxético e a dependencia dos combustibles fósiles, cara a unha economía circular e hipocarbónica. Porén, os datos sinalan que se realizan só un 5% dos desprazamentos ao traballo en transporte público mentres que o 67% desprázanse en vehículo privado e un 26% fano a pé ou en bicicleta.

Segundo os datos da EPTU, as porcentaxes de uso do transporte público varían entre o 1% nos concellos de menos de 10.000 habitantes e o 9% nos de máis de 50.000. Atendendo aos resultados desta enquisa, o motivo principal da escasa utilización do transporte público reside na falla de servizo ou nunha frecuencia escasa nun 63% dos casos e nun 12% na duración da viaxe ou por ter que facer moitos transbordos. Só un 5% aproveitan a viaxe doutra persoa.

Na mesma liña, un encaixe entre oferta e demanda laboral por territorios actuaría como segundo factor atenuante das necesidades habituais de mobilidade dos cidadáns. Nese contexto ideal, as formas de mobilidade alternativa atoparían un terreo propicio para o seu desenvolvemento. Con todo, da EPTU do ano 2015 despréndese que case o 40% dos traballadores tiñan o seu centro de traballo nun concello distinto ao da súa residencia.

Neste eido da mobilidade, a Xunta de Galicia, coa aprobación do ***Plan de transporte metropolitano de Galicia*** ten iniciado hai anos, o camiño para mellorar a mobilidade e accesibilidade nas áreas metropolitanas. Os plans metropolitanos propician un transporte público mellor e polo tanto un servizo mellor para os cidadáns.

Así mesmo, no marco da Estratexia en materia de Mobilidade Alternativa de Galicia, o Goberno galego acordou a posta en marcha da primeira fase do ***Plan de Sendas de Galicia*** para a construción de 55 itinerarios peonís e ciclistas en distintas comarcas galegas. O plan prevé a actuación nun total de 170 quilómetros de sendas seguras, sustentables e integradas na paisaxe. Este plan ten como obxectivo promover modos de desprazamento non contaminantes e alternativos ao coche, que sirvan para percorrer de forma segura a distancia entre os núcleos urbanos e centros de equipamentos e servizos de uso cotián, tales como centros de saúde ou escolas, entre outros. A data deste informe aprobáronse as actuacións para o acondicionamento de sendas peonís ou ciclistas nas comarcas de Bergantiños, A Coruña, Ferrol, Vigo, O Salnés, Terra Chá, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e O Morrazo.

Por outra banda e non menos importante, as tecnoloxías da información e telecomunicacións interveñen de forma decisiva na forma de traballar e vivir das persoas. A mellora das redes dixitais é un reto constante no que a Administración autonómica está a desenvolver políticas para estender estas redes e incrementar as súas prestacións.

Aos avances normativos do 2015 (Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación) súmanse outras normas (Decreto 127/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción) ou programas que favorecerán as funcionalidades dixitais das novas vivendas. Nos polígonos industriais implantáronse programas de extensión de redes de banda larga de alta velocidade. Así mesmo, cómpre sinalar a posta en marcha de actuacións para a ampliación da Rede Dixital de Emerxencias ou a aprobación da norma que pulará, no ámbito dos edificios da Administración autonómica, por acadar edificios intelixentes, conectados a redes ultrarrápidas e de alta eficiencia enerxética.

O ***Plan de banda larga 2020*** asume os obxectivos da Axenda dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps. Este plan, aprobado o 1 de outubro de 2015, substitúe ao anterior ***Plan de banda larga,*** que acadou os obxectivos fixados na cobertura de banda larga, medido en dous parámetros: os núcleos e a poboación.

O indicador ***Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais*** confirma a consecución dos obxectivos fixados polo Plan de banda larga ao acadar o 98,57% a poboación galega con cobertura de banda larga e o 97,5% as entidades de poboación cunha cobertura entre o 80% e o 100% da súa poboación.

Liña estratéxica D: Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial

O dato anterior da implantación das TIC é un dos indicadores que amosa uns resultados máis positivos de cara a corrixir o desequilibrio territorial entre a Galicia urbana e a Galicia rural. Se no ano 2011, existían máis de 17.000 entidades de poboación sen acceso á banda larga, na actualidade, o número de núcleos con cobertura menor ao 80% é inferior a un millar, o que indica a consecución dun maior equilibrio territorial neste aspecto.

No eido da protección dos bens culturais existen ferramentas de xestión que poden traballar polo desenvolvemento económico e o reequilibrio territorial, tendo en conta os axentes públicos e privados, como está a acontecer coa aposta condensada no ***Plan director e Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021***. Moitos núcleos rurais do Camiño benefícianse directamente do seu impacto en canto a aspectos como: a fixación de poboación, creación de novas empresas, xeración de postos de traballo, crecemento dos sectores produtivos, acondicionamento e conservación de elementos patrimoniais e naturais etc. Ademais doutras vantaxes inmateriais de intercambio cultural, cohesión social, orgullo de pertenza, posicionamento e diferenciación ou promoción turística.

Agora ben, como xa se citou, os estudos máis recentes sobre a evolución dos principais indicadores demográficos e as previsións dun continuado decrecemento da súa poboación sitúan a Galicia ante un problema estrutural de importantes consecuencias económicas e sociais e ante un horizonte demográfico sobre o que é necesario actuar.

O problema demográfico de Galicia maniféstase en perda de poboación, baixa natalidade e alto avellentamento, fortes niveis de dependencia, forte polaridade rural-urbana e devalo socioeconómico do rural. As perspectivas sinalan que estes desequilibrios se agudizarán nos vindeiros anos.

A realidade demográfica galega está a constituír un dos retos máis difíciles de abordar polos poderes públicos, o que fai aínda máis complexo o problema do despoboamento rural e o reequilibrio territorial. Varios son os enfoques dende os que abordar este reto; a mellora das rendas dos traballadores, por unha banda, e por outra, acadar un rango axeitado de infraestruturas e servizos.

É por isto que a Xunta de Galicia puxo en marcha o ***Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016*** co obxectivo prioritario de fomentar a natalidade. Así mesmo está a tramitar a norma que dea luz verde ao ***Observatorio de Dinamización Demográfica***. Este órgano levará a cabo unha análise permanente das dinámicas demográficas, das accións desenvolvidas e dos avances acadados por parte da Administración autonómica. Así mesmo, formulará propostas e recomendacións para seren consideradas á hora de establecer as prioridades de actuación transversais da Administración autonómica.

O indicador ***Densidade de poboación*** plasma esta realidade. Unicamente o 29% dos concellos superan a densidade media de Galicia (92,4 hab/km^2) mentres que o 50% dos municipios teñen unha densidade inferior aos 38,3 hab/km^2, valor da mediana.

As densidades máis baixas de Galicia localízanse en concellos interiores pertencentes ás provincias de Lugo e Ourense, sobre todo, do sector oriental. Pola contra, os municipios con densidades de poboación máis elevadas coinciden coas zonas urbanas: cidades, periferias urbanas, cabeceiras e subcabeceiras do SUI, así como algún pequeno concello situado no litoral.

Polo tanto, unha normativa capaz de redirixir dinámicas indesexables no uso da terra e un nivel de servizos e infraestruturas axeitado, coordinada cunha política de desenvolvemento rural eficaz, sen dúbida promoverán unha redución do abandono do medio rural e incluso propiciarán certo retorno a este. Aínda é cedo para avaliar os resultados da ***Lei 6/2011, de mobilidade de terras*** ou da ***Lei 4/2015, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia,*** que establecen mecanismos de eficiencia nos procesos de reagrupación da propiedade así como criterios de ordenación de cultivos segundo a súa aptitude, pero tamén incorpora ferramentas correctoras en materia fiscal ou sancionadora orientadas a evitar o abandono do aproveitamento da terra.

O investimento que leve a cabo o ***Plan de desenvolvemento rural 2014-2020*** actuará en prol da incorporación de novos traballadores ao sector primario e terciario neste ámbito e dunha mellora do nivel de vida das persoas que residen nel.

Por outra banda, o indicador de ***Autosuficiencia en emprego*** sinala o nivel de equilibrio nas comarcas entre a oferta e demanda de emprego tendo en conta as distintas ramas de actividade.

Das 53 comarcas, seis rexistran un índice de ocupabilidade superior a 1 en todas as ramas de actividade, mentres que no ano 2011 só catro comarcas o facían. A formación que imparte a Consellería de Economía, Emprego e

Industria aos traballadores estará orientada a diminuír os desequilibrios entre oferta laboral e man de obra dispoñible. No ano 2015, foron 26.009 persoas as que recibiron formación *continua* ou *a desempregados* en 27 familias profesionais.

Neste eido, a Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0, contempla a formación como un dos compoñentes necesarios do programa de reforzo das persoas e das organizacións, así como a necesidade de que o sistema formativo se oriente ás necesidades da industria, de maneira que cómpre que se impartan accións formativas vinculadas con certificados de profesionalidade relacionados coa *Industria 4.0*.

Así mesmo, no informe sobre a Axenda 20 para o Emprego inclúese o reto "Formación e capacitación como pancas de cambio" e contémplanse as medidas de reforzo e modernización dos centros de formación profesional para o emprego, desenvolvendo vínculos co seu contorno sectorial e local, así como de implantación de novos sistemas de formación atendendo ás necesidades do mercado.

Por último, cabe sinalar que no ano 2015, coincidindo co inicio da recuperación económica, púxose en marcha o ***Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia 2015-2020*** co obxectivo de impulsar a competitividade do sector comercial galego. Este plan incide na necesidade de adecuar a estrutura comercial á estrutura territorial comarcal e na importancia da potenciación do comercio rural como modo de incrementar a calidade de vida e os servizos do territorio galego.

Liña estratéxica E: Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural

A dinamización do medio rural é un dos obxectivos prioritarios do desenvolvemento socioeconómico de Galicia, o cal incidirá na mellora medioambiental e paisaxística do territorio. Estes son obxectivos que formulan as DOT en desenvolvemento da Lei 45/2007, de desenvolvemento sostible do medio rural, na que se precisa a necesidade de adaptar as actuacións ás potencialidades de cada zona rural. O devandito ***Plan de desenvolvemento rural*** é unha das ferramentas que pula por unha dinamización do rural en todas as súas facetas.

Desde unha perspectiva territorial faise preciso a posta en práctica de políticas específicas que consideren a diferente vocación produtiva de cada espazo rural e preserven o recurso do solo. Debido á irreversibilidade do proceso da edificación, este proceso non debería afectar, en xeral, ecosistemas fundamentais como humidais, as hortas tradicionais ou substituír ecosistemas de gran valor ecolóxico, como bosques, por superficies artificiais.

Neste contexto territorial e social, o ***Plan territorial integrado do Eume***, actualmente en redacción, desenvolve unha metodoloxía para a identificar a potencialidade do territorio para os distintos usos agroambientais e así contribuír á mellorar a eficiencia do sector primario galego. O mapa de aptitude agroambiental incluído neste plan, pretende ser o primeiro paso para a "identificación e cartografado da aptitude do solo como base dunha planificación rural eficiente en Galicia" (det. 3.3.2).

Con este obxectivo, o PTI da bacía hidrográfica do Eume introduce criterios de eficiencia no uso do solo a partir indicadores baseados na aptitude agroforestal e ambiental, no estado das masas de auga, na función hidrolóxica do terreo, na aptitude para a conectividade ecolóxica ou na accesibilidade a equipamentos.

Á Consellería de Medio Rural correspóndenlle as actuacións de potenciación do sector primario do medio rural, nun contexto que pon de manifesto a necesidade urxente de actuacións en prol dun sector agrogandeiro eficiente e sustentable.

Indicadores como o de ***Agricultura ecolóxica*** amosan un cambio nas tendencias e a aparición de novas oportunidades no medio rural, presentando un incremento constante da superficie rexistrada e do número de operadores, o 30% e o 21% entre 2013 e 2015 respectivamente, sen embargo, a

súa representatividade respecto da superficie de cultivo, prados e pasteiros total segue a ser baixa, ao redor do 1,5%. A relevancia deste subsector inscríbese dentro da política de calidade alimentaria e o seu desenvolvemento incide favorablemente no medio ambiente (solo, auga, biodiversidade etc.) pola aplicación de principios ecolóxicos nos cultivos, polo que é desexable que esta actividade siga incrementándose e constitúa un dos alicerces da Economía verde.

Outros indicadores como o ***Número de explotacións agrarias*** amosan unha redución continuada do número de explotacións de gando vacún (un 3% entre 2013 e 2014) aínda que simultaneamente se aprecia un crecemento do tamaño destas; así o número de vacas por explotación pasou de 15,7 no ano 2013 a 16,6 no ano 2014.

A consellería iniciou a revisión do ***Plan forestal*** co obxectivo de adecuar o modelo de ordenación do monte ás novas circunstancias, demandas e tendencias emerxentes. A aproximación ao grao de xestión do sector forestal mediante o indicador de ***Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal*** amosa un crecemento continuado aínda que débil. En 2015, a superficie ordenada é de 199.928 ha o que representa un 9,8% respecto da superficie arborada, desarborada e de pasteiro.

A Consellería de Medio Rural, nunha clara aposta polo sector agrario, acometeu o ***Plan de reestruturación parcelaria 2016*** co obxectivo de mellorar a base territorial das explotacións agrícolas e, sobre todo, das agrogandeiras. Para iso, dun investimento de 27,1 millóns de euros, 23,7 corresponden a este plan, que se destinarán á concentración parcelaria de 21.000 ha no ano 2016. Os fondos distribúense entre os destinados á execución das redes de camiños principais e secundarios e os destinados ao acondicionamento de terreos para a súa adecuación ás labores agrogandeiras.

Así mesmo, puxo en marcha o ***Plan MARCOS (Mecanismo Agrario de Reestruturación Comunitaria da Superficie),*** un novo modelo de reorganización da superficie para facilitar a mobilidade de terras agrarias e mellorar o seu aproveitamento.

Pola súa banda, o IGVS estableceu como medida de fomento do tecido empresarial, vinculado ao sector primario, o acceso de empresas deste sector ao solo empresarial nos parques da Xunta de Galicia mediante o dereito de superficie.

Liña estratéxica F: Protexer o patrimonio natural e cultural

Os recursos naturais e os espazos de interese ambiental son un dos activos diferenciais de Galicia e unha das claves para o desenvolvemento dalgunhas das áreas máis desfavorecidas da Comunidade.

No eido do patrimonio natural, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza aprobou[3], mediante decreto, a creación da ***Rede de parques naturais de Galicia***, co fin de facilitar unha xestión coordinada dos espazos que a conforman, así como contribuír ao seu coñecemento e divulgación; e iniciou a tramitación da norma pola que se crea a ***Rede de Reservas da Biosfera de Galicia,*** como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación, para promover o coñecemento e difusión dos valores das reservas da biosfera de Galicia. A xestión sustentable destes espazos suporán a salvagarda dos seus valores. O Plan director da Rede Natura incorporou máis de 306.952,50 ha como superficie suxeita a instrumentos de planificación.

O patrimonio cultural é un dos maiores atractivos, xeneralizado no territorio galego e que se manifesta mesmo en poboacións de moi escasa entidade; destaca pola súa abundancia, variedade e ampla dispersión xeográfica, así como pola vinculación á paisaxe que o rodea. Esta abundancia e dispersión, unida ao despoboamento dalgunhas zonas do territorio, son, en parte, a causa da dificultade para garantir que todos os elementos do patrimonio cultural sexan obxecto da axeitada protección e desempeñen unha función relevante na posta en valor do territorio.

Por conseguinte, resulta prioritario desenvolver ao máximo o coñecemento do territorio, para poder identificar e caracterizar estes bens e así poder facer posible a súa protección, a toma de conciencia, a valorización e o seu uso.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, neste ano 2016, completou a tramitación da ***Lei do patrimonio cultural de Galicia***[4], norma que nace co obxectivo reforzado do "desenvolvemento dos principios estatutarios que lle dan sentido á autonomía de Galicia, consciente do valor material e inmaterial do recibido nesas mil formas que ao longo do tempo configuraron a identidade cultural galega".

[3] Decreto 69/2016, do 19 de maio, polo que se crea a Rede de parques naturais de Galicia
[4] Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

Para favorecer a conservación e protección do Camiño, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas e da dirección técnica do Instituto de Estudos do Territorio, puxo en marcha unha liña de actuación para a posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago nese concello. Trátase do acondicionamento do Camiño Inglés e do Camiño Francés, á súa chegada a Santiago de Compostela, unha estratexia considerada prioritaria e aliñada co ***Plan director e Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021***, co obxectivo de potenciar os valores culturais e avanzar na excelencia turística da capital de Galicia.

Así mesmo, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural tramitou e completou os procedementos de protección que culminaron coas declaracións de cinco bens de interese cultural novos (un inmoble e catro coleccións de bens mobles).

Por outra banda, e como xa se mencionou, outra das accións do Goberno galego para promover e potenciar os recursos patrimoniais é o ***Plan estratéxico de dinamización dos pequenos cascos históricos***.

Liña estratéxica G: Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental

Resulta prioritario mellorar os niveis de eficiencia dos vectores ambientais para reducir a pegada ecolóxica e aproximarse aos niveis fixados polos acordos de París.

O obxectivo das políticas da Xunta de Galicia, como organismo implicado nos compromisos internacionais, é reducir a pegada que o consumo de materiais, de enerxía e os residuos xerados imprimen no territorio e na atmosfera, e que inciden directamente na calidade de vida da cidadanía galega, é dicir, encamiñarse cara a unha economía circular e hipocarbónica.

No que se refire ao ciclo da auga, tanto en relación cos recursos existentes e futuros como na calidade da mesma, no ano 2016 aprobouse o ***Plan hidrolóxico da Demarcación hidrográfica Galicia costa 2015 - 2021***[5] e o ***Plan de xestión do risco de asolagamento da Demarcación hidrográfica Galicia costa 2015 - 2021***[6].

Nas restantes demarcacións hidrográficas da Comunidade Autónoma aprobáronse os correspondentes plans hidrolóxicos[7]:

- Plan hidrolóxico 2015-2021 do Miño-Sil
- Plan hidrolóxico do Cantábrico occidental
- Plan hidrolóxico do Duero

Así mesmo, por Real decreto 18/2016, do 15 de xaneiro, aprobáronse os ***plans de risco das demarcacións do Miño-Sil, Cantábrico occidental e Duero***.

A calidade das augas é outro dos retos fixados pola Unión Europea e o *Plan hidrolóxico Galicia Costa* unha das ferramentas para acadalo, xunto a outras planificacións como os ***Plans de saneamento das rías***.

[5] Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro
[6] Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro
[7] Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro

En particular, no que se refire ao estado das masas de auga, na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, o estado é bo no 77.3.% das augas superficiais (continentais, de transición e costeiras) mentres que nas augas subterráneas é bo no 100%.

De cara a acadar o bo estado das masas de auga, en cumprimento da Directiva Marco da Auga, resulta prioritario o saneamento das rías, obxectivo dos plans de saneamento local da ría do Burgo, da ría Arousa, da ría de Ares-Betanzos e o da ría de Corcubión-Cee que ten rematado Augas de Galicia e do plan de saneamento local da ría de Pontevedra, en elaboración.

No que se refire á calidade das augas de baño, o indicador refire unha tendencia constante na mellora das masas de auga destinadas ao lecer, tanto na diminución dos puntos con calidade insuficiente como no incremento das augas con cualificación de "excelente". Dende o ano 2011 o número de puntos con calidade excelente viuse incrementado nun 4%, os de calidade boa e suficiente nun 2,3% mentres que os de calidade insuficiente diminuíron un 21%.

No que atinxe á xeración, recollida selectiva e valorización dos residuos, no período 2011- 2015, os indicadores estudados sinalan unha tendencia positiva excepto o que se refire á recollida selectiva que apenas sofre variacións.

O indicador de ***Xeración de residuos urbanos*** revela unha tendencia descendente dende o ano 2011. Non obstante, no período 2013-2015, verifícase un incremento tanto do volume total de residuos xerado como da relación por habitante e día.

Na repercusión por habitante e día debe terse en conta a diminución da poboación neste período pero tamén o incremento do turismo. O indicador subliña os valores máis altos en gran parte dos concellos costeiros, as grandes cidades e as súas periferias, así como noutros nos que existen grandes superficies de solo empresarial (San Cibrao das Viñas) ou en concellos pequenos con complexos penitenciarios importantes (Curtis).

O indicador de ***Recollida selectiva*** apenas marca variación neste período para cada unha das fraccións analizadas (envases lixeiros, materia orgánica, vidro ou papel-cartón).

O indicador de ***Dotación de puntos limpos*** sinala un incremento constante dende 2011. Para o ano 2015, dá como resultado un 80% de poboación con instalación de punto limpo no seu concello e un 88% de poboación con servizo de punto limpo. Ese ano tiñan instalacións de punto limpo 143 concellos, o que supón o 46% dos municipios galegos, e un 19% máis que no ano 2011.

Por outra banda, o Programa aire puro para Europa foi aprobado en decembro de 2013 e establece a política da UE sobre calidade do aire nos próximos anos. Inclúe a proposta dunha nova Directiva sobre teitos nacionais de emisión e unha proposta de Directiva para reducir a contaminación procedente das instalacións de combustión de tamaño medio.

O Marco de actuación en materia de clima e enerxía para 2030, de 2014, propón novos obxectivos e medidas para que o sistema económico e enerxético da UE sexa máis competitivo, seguro e sustentable. Inclúe obxectivos para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro: establece o obxectivo vinculante de polo menos un 40% menos de emisións de GEI en comparación con 1990.

Neste marco internacional, en Galicia os datos de emisións de GEI debuxan unha curva que no ano 2012 ten un punto de inflexión e inicia o descenso das emisións, liña que se suaviza no período 2013-2014.

Outros dos obxectivos sinalados pola Unión Europea refírese á porcentaxe de enerxía renovable empregada na xeración de electricidade e que o Programa Nacional de Enerxía Renovable (PANER) fixa no 40% para o ano 2020, valor que Galicia cumpre sobradamente ao acadar un 55,7%.

Liña estratéxica H: Afianzar o protagonismo exterior de Galicia

O reto de Galicia cara a ter un papel destacado no contexto internacional demanda o desenvolvemento de políticas de diversa índole ao goberno galego: por unha banda políticas de inversión en infraestruturas capaces de articular Galicia e Europa pero tamén accións de apoio ao emprendemento e a mellora da competitividade do tecido produtivo da Comunidade Autónoma, dentro do contexto internacional e particularmente europeo.

As iniciativas de cooperación e integración en e con Europa amósanse claves para o desenvolvemento económico. Trátase da ***Axenda da competitividade industrial de Galicia***, o ***Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015***, a ***Estratexia de especialización intelixente de Galicia*** ou a ***Estratexia de internacionalización 2020.***

O ***Plan director e Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021*** favorece a contribución do Camiño ao afianzamento da identidade universal de Galicia. Conseguirase:

- garantindo a experiencia da peregrinación nun contexto no que a seguridade e a atención excelente sexan prioritarias.
- garantindo a continuidade dos seus valores no tempo mediante o seu mantemento, protección e difusión, e mediante un desenvolvemento sustentable, social, económico e ambiental.
- convertendo o Camiño no embaixador de Galicia para dar apoio ás empresas e á cultura galegas na súa proxección internacional.

Neste contexto, desenvolveranse accións como a nova sinalización do Camiño en Galicia, o Centro internacional de acollida ao peregrino, o Plan de actuación do Monte do Gozo, a recuperación de rutas marítimas dende outros países, o impulso do Smart Camiño, o deseño de programas para a cooperación internacional, o apoio á Federación Europea do Camiño, entre outras moitas.

O turismo é un subsector económico que contribúe a afianzar o protagonismo exterior de Galicia. De feito, a intensidade turística está crecendo –nas súas tres vertentes: oferta, demanda e poboación turística– despois de acusar a crise económica, como reflectiu o Informe anterior do PSST, onde se analizaba a información correspondente ao ano 2013. Agora, o balance do ***Plan integral de turismo de Galicia 2014-2016*** amosa o cumprimento e mesmo a superación dos obxectivos marcados.

A ocupación media hoteleira do 2015 pechou co 33,81%, 24 décimas por riba do obxectivo fixado.

O número de viaxeiros internacionais que elixiron os establecementos regrados da nosa comunidade en 2015 superou o obxectivo presentado de 1.250.000, ao rexistrarse 1.271.687 viaxeiros internacionais só nos establecementos hoteleiros, cifra que se incrementará coa publicación dos datos rexistrados nos establecementos extra hoteleiros da Comunidade.

Estudos sobre o sector turístico de Galicia confirman o seu papel relevante na economía galega. Segundo estes, o PIB turístico en Galicia alcanzou no ano 2014 os 6.015 millóns de euros, o que supón o 11,1% do total do PIB da Comunidade e un crecemento interanual do 1,2% respecto aos niveis do ano 2013.

Tamén é relevante, en termos de emprego, ao xerar este sector 109.762 empregos en 2014, o que representa o 12% do total do emprego de toda a Comunidade nese ano.

2. Eficacia das Directrices de ordenación do territorio

A eficacia das directrices abórdase tanto dende a análise dos indicadores de sustentabilidade territorial (IST) como dende os datos que achega a Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU), a cal é quen de aproximar á visión da cidadanía sobre os efectos que se están a producir, tanto no seu contexto vital como na súa calidade de vida.

Os IST permiten relacionar os valores obtidos cos obxectivos que para as variables e aspectos clave da sustentabilidade marcaron as DOT. Organízanse en sete bloques: Ocupación do territorio, Paisaxe, Patrimonio cultural, Patrimonio natural, Sociedade e economía, Metabolismo e Mobilidade (Ilustración 7)



Ilustración 7. Esquema eficacia das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)

Ocupación do territorio (OC)

Táboa 3. Indicadores do bloque Ocupación do territorio

Subbloque	Indicador	Ámbito
Usos do solo	Usos do solo	DOT
	Vivendas familiares	DOT
	Índice de saturación	DOT
Intensidade	Crecemento previsto	DOT
	Grao de conurbación-Fragmentacion urbana	DOT
	Superficie ocupada pola edificación	DOT

As DOT perseguen acadar un modelo territorial que promova un uso eficiente do solo, racionalizando o seu consumo e integrando as afeccións derivadas da implantación das actividades e usos, tanto de carácter urbano como de natureza rural, de maneira coherente cos seus valores ambientais.

A variación cuantitativa e cualitativa da ocupación do territorio reflectirá o modelo de ocupación do territorio, se ten en conta a vocacionalidade e aptitude do solo ou a súa capacidade de acollida para os distintos usos.

A relación entre a superficie transformada e a superficie ocupada pola edificación indicará o grao de dispersión do construído ou, dito doutra forma, se a construción se produce sobre os ámbitos de desenvolvemento planificados.

Subbloque Usos do solo

OC.A.01 Usos do solo

A análise do SIOSE 2011 amosa que a superficie cuberta por arboredo e por matogueira representan, cada un deles, o 32% da superficie de Galicia. O arboredo repártese entre coníferas (11%), frondosas caducifolias (15%) e eucaliptos e outras frondosas perennifolias (6%). A terceira cobertura máis abundante é a de cultivos herbáceos, cun 16%; os prados e pasteiros ocupan un 7%, e a superficie artificializada un 6,5%.

A análise da variación das coberturas entre 2005 e 2011 apunta cara a un incremento da cobertura artificial (1,7%) pero tamén doutras naturais como son a matogueira (2,2%) ou as frondosas caducifolias. Así mesmo, no eido agroforestal, os cultivos leñosos e o viñedo presentan un incremento do 1,6% e do 2% respectivamente. O incremento rexistrado das coberturas de auga (3,9%) tería a súa explicación no lago artificial das Pontes de García Rodríguez polo enchido da antiga mina de lignito. Pola contra, diminúen coberturas forestais de coníferas e frondosas perennifolias (4,34%) e os prados e pasteiros (2%) (Ilustración 8).

Por concellos, destaca o comportamento inverso do arboredo e da matogueira nos concellos do Eixo Atlántico, onde os cambios máis importantes son o incremento da matogueira en detrimento do arboredo. Nos concellos do interior de Galicia, especialmente nos concellos da provincia de Lugo, diminúe a cobertura de cultivos e tamén experimenta un incremento a cobertura de matogueira. Ambos feitos son indicativos dun incremento do abandono da terra ou dun uso menos intensivo da mesma.



Ilustración 8. Variación relativa dos usos do solo 2005-2011

Subbloque Intensidade

OC.C.01 Vivendas familiares

Actualízase unha única medida deste indicador, a de bens inmobles de uso residencial, xa que as outras catro proveñen dunha fonte de información de periodicidade decenal.

No ano 2015, o número de bens inmobles de uso residencial ascendía a 1.585.353. Os concellos con maior número de inmobles son Vigo e A Coruña con 134.461 e 124.744 respectivamente. A evolución anual desde a aprobación das DOT indica que os bens inmobles de uso residencial seguen unha liña ascendente, aínda que non tan pronunciada como en períodos anteriores coincidentes coa "burbulla inmobiliaria". Na serie temporal 2008–2015 aprécianse incrementos porcentuais superiores ao 1 e 2% ata o ano 2012, data a partir da cal, entre os anos 2012 e 2014, se rexistrou un incremento máis moderado, próximo ao medio punto porcentual, que no último ano sobe ata case un punto (Ilustración 9).

Nunha análise provincial (Ilustración 10) cabe destacar que as provincias da Coruña e Pontevedra acollen o 68,4% do total dos bens inmobles de uso residencial de Galicia.

Atendendo ao sistema de asentamentos, Lugo entre as sete grandes cidades, cun 3,1%, Verín entre as cabeceiras e subcabeceiras do SUI, cun 9,1%, e Maceda entre os NET, cun 25,1%, rexistran os maiores incrementos no número de bens inmobles de uso residencial entre os anos 2012 e 2015. Porén, os maiores incrementos relativos rexístranse en pequenos concellos como Folgoso do Caurel, que supera o 90%.



Ilustración 9. Bens inmobles de uso residencial (2008-2015)



Ilustración 10. Distribución provincial de bens inmobles de uso residencial (2015)

OC.C.02 Índice de saturación

Relaciona a superficie de solo urbano, actual e previsto e a total do concello; entendendo por solo urbano previsto o clasificado polo planeamento como solo urbanizable. A interpretación deste indicador precisa ter en conta outros indicadores como o de *Crecemento previsto* ou o de *Conectividade ecolóxica* e será a súa evolución a que indique se a pegada ecolóxica tende a reducirse.

Estimado para toda Galicia (computando unicamente 267 concellos con planeamento en vigor segundo datos rexistrados no SIOTUGA[8] en febreiro de 2016), o índice de saturación é do 8,5%, mentres que por provincias, destaca Pontevedra cun 17,2% fronte a Lugo que non supera o 3,8%.

Analizando o mapa temático (Ilustración 11) resulta evidente a concentración de valores máis altos do Índice de saturación nos concellos que conforman o eixo Atlántico e no Corredor do Miño, dende Ourense ata a súa desembocadura na Guarda. O interior da Comunidade, onde tamén se atopan maioritariamente os concellos sen planeamento, rexistra os valores menores do indicador, con ata 25 concellos que non acadan nin o 1% de saturación; Santiso, Samos, Montederramo, Pol ou Tordoia, cun 0,1%, son só algúns exemplos.

Na zona litoral advírtense dúas áreas con baixos índices de saturación; correspóndense con concellos situados no contorno da Comarca de Ortegal, entre Valdoviño e O Vicedo, e na Costa da Morte. Ortigueira, por exemplo, non supera o 2,3% e Muxía o 2,9%.

Polo contrario, A Coruña presenta o valor máis alto de Galicia, un 70,5%, cunha superficie municipal de 3.854 ha, o que significa unha altísima saturación das posibilidades de desenvolvemento de solo no termo municipal. Tamén significativos son os casos de Sanxenxo cun 64,4% e 4.415 ha de superficie e, moi singularmente, polo que representa tamén en termos de superficie en valor absoluto, o de Vigo, cun 61,2% e 10.949 ha de superficie municipal.



Ilustración 11. Índice de saturación (%), febreiro 2016

[8] Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia

OC.C.03 Crecemento previsto

O obxectivo deste indicador é avaliar o crecemento previsto dos solos urbanos ou de núcleo rural a partir da análise da información dispoñible do planeamento urbanístico no SIOTUGA. O indicador calcula a porcentaxe de superficie de solo urbanizable respecto da superficie de solo urbano e solo de núcleo rural.

O consumo racional do solo é un dos obxectivos recollidos nas DOT e no POL, polo que resulta necesario establecer criterios que permitan perfilar a definición dun crecemento en coherencia co modelo territorial definido por estes instrumentos e, ademais, coa dinámica demográfica.

Analizar o Crecemento previsto conxuntamente cos datos do Índice de saturación e/ou outros indicadores deste Bloque permite extraer conclusións en relación a como o proceso urbanizador se está a axustar a ese modelo territorial.

O valor deste indicador para toda Galicia acada o 39,4%. Isto suporía a transformación en solo urbano da superficie equivalente a case o 40% do existente, nun contexto no que a poboación diminúe. Porén, para a súa axeitada avaliación, hai que ter en conta que o cálculo se realiza só sobre os 267 concellos con planeamento en vigor (en febreiro de 2016 segundo o SIOTUGA). Co mesmo criterio, calculáronse os índices provinciais, onde destacan A Coruña e Pontevedra, que superan o 43% e duplican o de Lugo, inferior ao 22%.

Por concellos, o indicador revela unha importante dispersión e amplitude de valores que oscila entre o 874% (Forcarei) e o 0% en 41 concellos; isto fai preciso obter outros valores como o da mediana, que acada o 12,1% (moi por debaixo do 39,4% para o conxunto de Galicia) ou os dos percentís 25 e 75, co 3,7% e o 30% respectivamente. Porcentaxes de crecemento superiores ao 100% rexístranse en 20 concellos.

A observación do mapa temático (Ilustración 12) non achega evidencias claras para identificar un patrón de comportamento do indicador asociado á localización; o "mosaico" dos crecementos previstos non permite tampouco extraer conclusións inmediatas en relación ás causas que determinan a contía dun valor concreto.



Ilustración 12. Crecemento previsto (febreiro 2016)

Quizais a única conclusión é que o crecemento previsto non vén determinado actualmente pola súa situación xeográfica e que son outros os factores que inciden. Neste sentido, cómpre sinalar que o crecemento urbano debería ser coherente co crecemento poboacional, pero os resultados deste indicador evidencian que só 8 dos 23 concellos que rexistran un crecemento previsto superior ao 100% teñen necesidades reais de expansión urbanística, en maior ou menor medida. Trátase de Mos, Moraña, Foz, O Barco de Valdeorras, Narón, Barbadás, Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa. Pola contra, nos outros 15 municipios a variación poboacional está amosando unha tendencia decrecente nos últimos 10 anos (2005-2015), o que quere dicir que o seu crecemento previsto non garda relación coas expectativas demográficas.

Atendendo ao Sistema de asentamentos, entre as cidades, Santiago de Compostela rexistra o valor máximo cun 82% e Pontevedra o mínimo, cun 9,5%. Polo que ao SUI se refire, as diferenzas son aínda más amplas, rexistrándose valores que van dende o 355% de Foz ao 0% do Grove ou Corcubión. Constátase unha maior homoxeneidade de valores entre os NET, aínda que Maceda e A Cañiza chegan a un 214% e un 176% respectivamente, fronte ao 0% de Mondoñedo, Bande ou Castro Caldelas.

Finalmente, aínda que moitos dos restantes concellos de Galicia presentan baixos valores, é neste grupo de concellos do último nivel do sistema, onde se atopan os crecementos máximos previstos, o que non parece moi acorde co modelo territorial definido nas DOT.

OC.C.04 Grao de conurbación–Fragmentación Urbana

O obxectivo deste indicador é avaliar o grao de contigüidade co solo urbano ou de núcleo rural existente que presentan os crecementos previstos no planeamento vixente rexistrado no SIOTUGA. O grao de conurbación dos ámbitos de desenvolvemento previstos polos plans indica se estes se formulan de forma illada ou ben en contigüidade coa trama urbana existente, e en que grao se da tal contigüidade. É dicir, o indicador mide o perímetro de contacto entre os solos de desenvolvemento respecto aos solos urbanos existentes.

O crecemento conurbado ou compacto racionaliza os sistemas de asentamentos e fomenta a concentración urbana, evitando a dispersión e moitas das súas consecuencias ambientais, como son a fragmentación de hábitats. Do mesmo xeito, favorece a preservación da paisaxe natural e a eficiencia enerxética derivada da mobilidade ou da propia xestión dos servizos. A contigüidade da trama urbana é un dos principais criterios para un urbanismo sustentable.

O coñecemento do grao de conurbación ou fragmentación das reservas de solo para desenvolvemento urbanístico permite caracterizar o territorio segundo a maior ou menor contigüidade destas aos solos urbanos ou de núcleo rural. Asemade, a análise deste indicador podería servir para establecer prioridades de desenvolvemento para os diferentes crecementos previstos.

O valor deste indicador para toda Galicia acada o 39,9% e indica a porcentaxe do perímetro conformado polos ámbitos contiguos de crecemento previsto en contacto cos ámbitos de solo urbano ou de núcleo rural existentes. Así mesmo, o valor da mediana é do 32%, o que indica que os concellos con máis superficie de solo urbanizable presentan un maior grao de conurbación. A evolución do indicador deberá reflectir incrementos en ambos valores para indicar unha maior compacidade dos novos espazos planificados.

Por concellos, a diversidade de valores obtidos revela fortes contrastes entre concellos que planifican os crecementos en contigüidade coa trama urbana existente e, polo tanto, dun xeito máis eficiente, e outros nos que o solo urbanizable se sitúa de forma máis desconectada do solo urbano. Mentres o 17% dos concellos acadan un grao superior ao 50% que pode considerarse un valor suficientemente elevado para indicar un crecemento compacto na planificación de asentamentos, a cuarta parte non acada o 13%.

Ademais, cómpre destacar que 41 concellos (13%) non contan con solo urbanizable.

Fronte ás situacións referidas anteriormente, concellos con importante superficie de solo urbanizable presentan un escaso grao de conurbación, como pode ser o caso de Forcarei (30%, 366.962 ha) ou Ponteceso (29%, 254.367 ha).

Como sucede no anterior indicador, a observación do mapa temático (Ilustración 13) non mostra evidencias claras para identificar un patrón de comportamento do valor do indicador asociado á localización, polo que probablemente a fragmentación urbana tampouco vén condicionada actualmente pola situación xeográfica, senón que son outros os factores que inciden de xeito determinante na súa variación.

Cabe sinalar o diferente comportamento deste indicador cando se refire ao ámbito litoral; neste caso o valor medio é superior ao de Galicia, o que indica unha maior contigüidade dos ámbitos de solo urbanizable na franxa costeira que nos concellos do interior e, polo tanto, unha tendencia a unha maior compacidade dos asentamentos.

Atendendo ao sistema de asentamentos, entre as grandes cidades, Vigo rexistra o valor máximo, cun 74%, e Santiago de Compostela o mínimo, cun 40,2%. Polo que ao Sistema Urbano Intermedio se refire, destaca o xa mencionado 71% do Carballiño, fronte ao 0% de Vilalba ou o 3,4% de Noia. Entre os Nodos para o Equilibrio Territorial, Quiroga rexistra o valor máximo, cun 75,8%, e Meira ou Ortigueira o mínimo, cun 0%.

Finalmente, aínda que moitos dos restantes concellos presentan valores aceptables, é neste último nivel do sistema, onde, como se ten recollido, atópanse os crecementos máximos previstos ligados a baixos valores de Grao de conurbación-Fragmentación urbana, o cal non responde ao modelo de asentamento da poboación proposto nas DOT.

A evolución deste indicador deberá ser coherente coa directriz de evitar os crecemento illados e formular os novos desenvolvementos desde o xa construído.



Ilustración 13. Grao de conurbación–Fragmentación urbana, febreiro 2016

OC.C.06 Superficie ocupada pola edificación

O indicador ***Superficie ocupada pola edificación*** mide a intensidade do proceso construtivo en termos de ocupación de solo.

En termos absolutos, a edificación ocupa 26.247 ha en Galicia, o que supón menos do 1% da superficie, un consumo de solo aínda moderado, aínda que en constante aumento.

Por outra banda, a análise da evolución no tempo dos valores deste indicador permite detectar, entre outras cuestións, procesos como o da denominada "burbulla inmobiliaria" seguido da posterior crise e paralización da actividade edificatoria. Así, mentres que no período 2003-2010 aumentou a superficie ocupada pola edificación nun 10,2%, entre 2011 e 2014 este incremento non superou o 2,3%.

A análise municipal amosa unha ampla variabilidade moi relacionada coa poboación, pero é evidente que, en termos porcentuais, os valores máis altos concéntranse nos concellos do Arco Atlántico situados no eixo entre as dúas Rexións Urbanas. Na Galicia interior, Ourense e os seus concellos máis próximos contrastan cunha situación xeneralizada de moi baixa ocupación, só interrompida puntualmente polos casos de Lalín, Lugo, Sarria, Monforte de Lemos, A Rúa e O Barco de Valdeorras ou Verín. Fóra destas zonas, só se atopan na comarcas das Mariñas concellos con valores que superan o baixísimo ton xeral, especialmente Burela, con 42,1 ha que supoñen o 5,5% do seu territorio (Ilustración 14).

Atendendo á distribución de valores segundo o Sistema de asentamentos definido nas DOT, pode comprobarse como, loxicamente, os máis altos corresponden a aqueles concellos que conforman os primeiros niveis do sistema, onde destaca Vigo con 995 ha construídas, seguido de Lugo (624), Santiago de Compostela (586) e A Coruña (580). Narón (278), O Porriño (252) e Arteixo (240), malia que non son nodos principais do Sistema, destacan tamén polos seus altos valores; isto explícase polo seu emprazamento nos ámbitos das dúas Rexións Urbanas galegas.



Ilustración 14. Superficie ocupada pola edificación, ano 2014.

Paisaxe

Táboa 4. Indicadores do bloque Paisaxe

Subbloque	Indicador	Ámbito
Dinámica da paisaxe	Diversidade da paisaxe	DOT
	Índice de xestión das paisaxes	DOT
	Paisaxes abandonadas	DOT
	Dispersión urbana	DOT
Xestión da paisaxe	Aplicación dos instrumentos da Lei da Paisaxe	DOT

Os indicadores de Paisaxe, estruturados nos subbloques de Dinámica da paisaxe e Xestión da paisaxe, analizan a transformación que acusan os diferentes elementos que configuran a paisaxe e o grao de aplicación da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia para aproximarse aos obxectivos de calidade paisaxística.

Subbloque Dinámica da paisaxe

PAI.A.01 Diversidade da paisaxe

O fomento dunhas paisaxes agrícolas e forestais diversas é un dos obxectivos sinalados pola cidadanía no proceso de participación pública das Directrices de paisaxe de Galicia.

A análise céntrase no patrón espacial das coberturas do solo a través de métricas como a da porcentaxe das diferentes coberturas, a media do tamaño das manchas ou o índice de diversidade de Shannon.

O indicador baséase en métricas espaciais e atende unicamente á distribución e relación da cobertura agrícola e forestal, o que permite cuantificar a evolución da paisaxe e consecuentemente os obxectivos de calidade paisaxística.

A paisaxe agrícola, en xeral, presenta unha baixa diversidade, onde os cultivos e prados supoñen a cobertura dominante en case a cuarta parte da superficie. É nas grandes áreas paisaxísticas do sur nas que a diversidade acada os valores máis altos, ben pola baixa intensificación da agricultura, ben pola marxinalización da agricultura nas áreas urbanas no caso de Rías Baixas e Costa Sur-Baixo Miño, ben pola orografía adversa en Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil ou polo abandono da agricultura en Serras Surorientais. Pola contra, as grandes áreas situadas ao norte son as que presentan a menor diversidade agrícola, debido a unha maior intensificación da agricultura nalgúns casos como Galicia Central e Chairas e Fosas Luguesas (Ilustración 15).

No entanto, as paisaxes forestais presentan unha alta diversidade. As distintas coberturas forestais presentan porcentaxes de ocupación similares aínda que as especies caducifolias, cun 12%, son as máis abundantes. Por tipo de cultivo, as especies intensivas, como o eucalipto ou as repoboacións de coníferas teñen unha presenza superior ás masas próximas ás naturais. Asemade, a variabilidade do tamaño das manchas é bastante grande; as máis grandes son as de eucalipto, especie que tamén rexistra a maior variabilidade no tamaño da mancha. O índice de diversidade de Shannon para as coberturas forestais é bastante similar en todas as grandes áreas (Ilustración 16).



Ilustración 15. Índice de Shannon das coberturas agrícolas (2011)



Ilustración 16. Índice de Shannon das coberturas forestais (2011)

PAI.A.02 Índice de xestión das paisaxes agroforestais

Un dos obxectivos identificados pola cidadanía para a paisaxe de Galicia foi o de "Promover unhas paisaxes agroforestais ben xestionadas". A análise da diversidade da paisaxe agroforestal ofrece información sobre a integración entre usos e, por tanto, dá unha visión do grao de mestura e xestión da paisaxe.

O resultado do índice de diversidade de Shannon agroforestal é bastante elevado a nivel Galicia. Este dato é especialmente relevante dende o punto de vista comparativo e servirá como referencia para analizar a súa evolución.

Por grandes áreas paisaxísticas, a diversidade agroforestal é menor nas áreas do centro norte e centro sur de Galicia. Estas zonas coinciden coas que teñen menor diversidade de coberturas tanto agrícolas como forestais. No caso de Galicia Central, a baixa diversidade débese a que a diversidade agrícola é moi baixa e a diversidade forestal é media (Ilustración 18).

Por comarcas paisaxísticas, o mapa é moi semellante ao do índice de diversidade agrícola. No fin de contas, as coberturas agrícolas son as máis abundantes en case todas as comarcas e teñen un gran peso á hora de calcular o índice de Shannon.



Ilustración 17. Índice de Shannon agroforestal (2011)

PAI.A.03 Paisaxes abandonadas

O indicador de ***Paisaxes abandonadas*** permite analizar a degradación do patrimonio etnográfico. A cuantificación do número de asentamentos abandonados ofrece información sobre que zonas poden ser máis susceptibles de sufrir deterioro das edificacións e degradación da paisaxe circundante por falta de poboación que a xestione.

A maior parte dos asentamentos abandonados en Galicia localízanse nas grandes áreas do centro de Galicia e na costa norte. Resulta especialmente curioso que na GAP Serras Orientais, Rías Baixas, Costa Sur-Baixo Miño e Golfo Ártabro o número de asentamentos abandonados sexa similar (Ilustración 18). Isto debe interpretarse con precaución debido á posible asignación da poboación de asentamentos periféricos ás entidade principais cando se fusionan por mor da expansión urbana, como pode ocorrer na GAP Rías Baixas ou Golfo Ártabro, mentres que na GAP Serras Orientais debe atribuírse á diminución da poboación ou ao abandono do rural.

Os datos de asentamentos abandonados a nivel de comarca case debuxan unha serie de aneis concéntricos ás comarcas de Rías Altas Litoral, Rías Altas Interior, Serras e Fosas Setentrionais e Terra Chá nos que vai diminuído o número de asentamentos abandonados.



Ilustración 18. Número de asentamentos abandonados (2011)

PAI.A.04 Dispersión urbana

Este indicador permite analizar a dispersión das coberturas urbanas e responde ao obxectivo de "Fomentar a integración dos asentamentos de poboación na paisaxe".

Entre as métricas espaciais escolleuse o índice de proximidade. Este índice non só ten en conta a distancia entre as manchas na análise, senón tamén o seu tamaño, o que ofrece unha idea sobre a fragmentación das manchas. Así, se as manchas están moi afastadas, diminúe a conectividade entre elas e pode ter repercusións na mobilidade nun espazo urbano (por exemplo, un aumento do uso do automóbil). Ademais complementase coa media da área do núcleo das manchas.

A media do índice de proximidade é moi alta para as grandes áreas Rías Baixas e Golfo Ártabro, mentres que as de Serras Orientais e Serras Surorientais presentan a máis baixa (Ilustración 19).

A media da área do núcleo das manchas segue un patrón similar ao da media do índice de proximidade. Non obstante, obsérvase que, en Rías Baixas, as manchas son máis pequenas e menos compactas que en Golfo Ártabro. De feito, o coeficiente de varianza da área do núcleo das manchas urbanas é maior en Rías Baixas, indicando que o tamaño das mesmas é máis irregular.

Este patrón coincide coas zonas de maior e menor superficie urbanizada. A maior urbanización, existen máis manchas e están máis próximas entre elas, como se observa nos resultados do índice de proximidade.

Por comarcas paisaxísticas, as que presentan maior superficie urbana son, en orde de maior a menor: Golfo Ártabro Litoral, Vigo Litoral, Pontevedra, Arousa Baixo-Ulla, Arco Bergantiñán, Umia-O Salnés, Costa Sur-Baixo Miño Litoral, Terra de Santiago-A Barcala, O Condado-A Paradanta e A Mariña-Baixo Eo Litoral. Existe bastante diferenza entre a superficie urbanizada de Golfo Ártabro Litoral (31,3%) e Vigo Litoral (20,5%). O resto de comarcas coinciden coas zonas de influencia das áreas metropolitanas de Galicia (Arco Bergantiñán, Costa Sur-Baixo Miño Litoral, O Condado-A Paradanta) ou zonas de costa (Arousa Baixo-Ulla, Umia-O Salnés e A Mariña-Baixo Eo).



Ilustración 19. Media do índice de proximidade nas grandes áreas paisaxísticas (2011)

A análise dos índices de compacidade urbana a nivel de comarca paisaxística fai máis evidente que as áreas máis poboadas son as que presentan índices de proximidade e áreas de núcleo de manchas urbanas máis grandes. O índice de proximidade é moi alto para Vigo Litoral, Golfo Ártabro Litoral e Pontevedra. Tamén se observan valores altos en Arco Bergantiñán, na Mariña-Baixo Eo Litoral, en Lugo, en Terra de Santiago-A Barcala, en Fosa de Ourense, en Umia-O Salnés e en Arousa-Baixo Ulla.

Reparando na media da área de núcleo das manchas, obsérvase que as comarcas de Rías Baixas presentan patróns máis dispersos, xa que o núcleo das manchas é máis pequeno que en Golfo Ártabro Litoral. Destaca especialmente Arousa-Baixo Ulla, pois as manchas urbanas están relativamente dispersas e son pequenas. Ocorre o mesmo con Pontevedra.

Subbloque Xestión da paisaxe

PAI.C.01 Aplicación dos instrumentos da Lei da Paisaxe

O obxectivo do indicador é avaliar o grao de implantación dos instrumentos da Lei da paisaxe e as consecuencias que se derivan da súa aplicación.

O indicador reflectirá, a través das diferentes medidas, os catálogos que se teñan redactado, o ámbito territorial caracterizado en función das súas peculiaridades paisaxísticas ou a actividade da Administración na súa competencia de control sobre as actividades con potencial incidencia sobre a paisaxe.

O 25 de agosto de 2016, publicábase no DOG o Decreto 119/2016, do 28 de xullo de 2016, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia. Coa súa aprobación, a totalidade da superficie de Galicia queda delimitada en 12 grandes áreas paisaxísticas e 50 comarcas.

Así mesmo, como resultado da elaboración do Catálogo obtívose o mapa de unidades de paisaxe de Galicia. En total o mapa inclúe 28.350 unidades de paisaxe pertencentes a 258 tipos de paisaxe diferentes, resultado da combinación das 5 clases de rexións xeomorfolóxicas, 12 clases de cuberta e 5 clases de termotipos.

A estas unidades hai que engadir as 428 unidades litorais e 13 prelitorais definidas polo Plan de ordenación do litoral para o seu ámbito de xestión.

Por tanto, coa aprobación deste catálogo acadouse o cumprimento do 100% para as medidas unha e dúas do indicador (superficie dos ámbitos territoriais dos catálogos de paisaxe elaborados e superficie delimitada en unidades de paisaxe).

En relación á medida tres, durante o período 2014-2015, o número de Estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP) realizados foi 67 (43 no ano 2014 e 24 no 2015) e o seu ámbito de afectación abarcou 72 concellos. Por provincias, o 34% dos informes corresponden á provincia da Coruña, o 24% á de Pontevedra, e a Lugo e Ourense o 21% respectivamente (Ilustración 20).



Ilustración 20. EIIP en aplicación da Lei 7/2008, do 7 xullo, de protección da paisaxe de Galicia

Patrimonio natural

Táboa 5. Indicadores do bloque Patrimonio natural

Subbloque	Indicador	Ámbito
Biodiversidade	Conectividade da paisaxe	DOT
Xestión	Superficie de espazos naturais protexidos (ENP)	DOT
	Superficie con instrumentos de planificación dos ENP	DOT
	Ocorrencia de incendios	DOT

A Axencia Europea do Medio Ambiente publicou no ano 2015 o informe SOER[9] 2015 que pon de manifesto que, aínda que as políticas europeas para conservar o noso patrimonio natural abordaron con éxito moitos desafíos ambientais, quedan retos pendentes para garantir a sustentabilidade do noso planeta, como sinala o 7º Programa de Acción en materia de Medio Ambiente.

No modelo territorial proposto polas DOT, os recursos que constitúen o patrimonio natural de Galicia son un dos sinais identitarios máis representativos de Galicia, non só desde o punto de vista da diversidade biolóxica, senón tamén desde o entendemento deste como un factor de desenvolvemento socioeconómico, polo que resulta relevante a súa planificación e xestión orientada a garantir a súa conservación e mellora.

No que se refire á variable Patrimonio Natural, os indicadores referidos á ***Superficie de espazos naturais protexidos*** permiten relacionar a delimitación destes espazos naturais, con e sen instrumento de xestión ou ordenación, con outros fenómenos como a ***Ocorrencia de incendios***, a ***Artificialización do territorio*** ou a ***Conectividade ecolóxica***, xa que os espazos naturais proporcionan áreas continuas de hábitats de interese, evitando a fragmentación da paisaxe e favorecendo a calidade e integridade desta.

[9] AEMA, 2015. El medio ambiente en Europa: Estado y perspectivas 2015

Subbloque Biodiversidade

PN.B.02 Conectividade da paisaxe

Un dos obxectivos das Directrices de paisaxe expresa a necesidade de promover unhas paisaxes de valor natural, ecolóxico e estético que preserven a súa calidade, biodiversidade e singularidade, e nos que sexan compatibles a preservación de ditos valores co aproveitamento de recursos e do lecer da cidadanía. Trátase de fomentar paisaxes que garantan a provisión de servizos ecosistémicos.

Isto está intimamente ligado ao grao de conectividade da paisaxe, é dicir, á maior ou menor facilidade que a matriz biofísica ofrece ás especies para a súa dispersión e mantemento no territorio.

Pártese da conectividade espacial como o feito de que dúas áreas xeográficas coa mesma cobertura do solo sexan adxacentes, isto é que estean unidas no espazo, ou ben accesibles. A conectividade funcional relaciónase ao feito de que un individuo dunha especie de fauna ou os propágulos dunha especie vexetal poidan pasar dunha mancha a outra, con independencia das características autoecolóxicas dunha especie en particular (Baudry & Merriam, 1988). Por iso considérase o concepto de hábitat para definir as estruturas aptas.

A análise da conectividade ecolóxica, que a partir da facilidade que as distintas coberturas do solo e a súa distribución espacial proporcionan para a mobilidade das especies no territorio, sinala que Galicia ten un alto índice de conectividade nas áreas das serras orientais e surorientais, mentres que é baixo nas comarcas que albergan as áreas metropolitanas do Eixo Atlántico (Ilustración 21).



Ilustración 21. Conectividade da paisaxe 2011 (índice de contaxio)

Subbloque Xestión

PN.C.01 Superficie de espazos naturais protexidos

Non se produciron novas declaracións de espazos protexidos. As pequenas variacións do indicador ***Superficie de espazos naturais protexidos*** son froito do cambio de sistema de referencia[10] (transformación do Datum europeo ED50 ao ETRS89) e de pequenos axustes con respecto á capa de concellos, principalmente nos concellos fronteirizos.

A Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) representa un 12,14% do territorio galego, as áreas protexidas no marco da Rede Natura 2000 o 11,99% e os espazos incluídos en ámbitos Reserva da Biosfera o 24,63% (Ilustración 22).



Ilustración 22. Superficie de espazos naturais protexidos (2015)

[10] Real Decreto 1071/2007, do 27 de Xullo de 2007, polo que se regula o Sistema Xeodésico de referencia oficial en España,

PN.C.02 Espazos naturais con instrumentos de planificación

A lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza establece que a planificación dos espazos naturais protexidos efectuarase mediante os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, os Plans Reitores de Uso e Xestión ou os Plans de Conservación.

A aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000 en marzo de 2014 supuxo a incorporación de 306.952,50 ha á superficie de espazos protexidos con instrumento de planificación, o que representa un incremento do 612%. Deste xeito, a superficie da Rede Galega de Espazos Protexidos suxeita a algún instrumento de planificación representa o 99,5% da superficie total.

Os plans de conservación do Humidal protexido Lagoa e Areal de Valdoviño e do Monumento natural da praia das Catedrais suman 494,97 ha máis. Isto eleva o total a 307.447,47 ha de espazos naturais protexidos con instrumento de planificación (Ilustración 23).



Ilustración 23. Evolución dos espazos naturais con instrumentos de planificación (2012-2015)

PN.C.03 Ocorrencia de incendios

Este indicador ten un comportamento bastante conxuntural dependendo fundamentalmente das condicións meteorolóxicas, polo que a pesar da tendencia positiva da súa diminución, tanto en superficie queimada como en número de incendios, cómpre ter en conta esta característica.

A serie temporal 2011-2014 sinala a diminución do número de incendios total e do número de incendios por km^2, así como do número de hectáreas queimadas, cun pequeno aumento no ano 2013 debido ao comportamento dos incendios nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Por outra banda, no ano 2014, a superficie incendiada e o número de incendios reducíronse nun 78% e nun 93% respecto da media dos dez anos anteriores (2004-2013).

A densidade de incendios reflicte a incidencia dos lumes sobre os distritos forestais. Para o ano 2014 a afección é maior nos distritos localizados nas Rías Baixas e na zona sur das provincias de Ourense e Pontevedra.

A superficie total incendiada en Galicia no ano 2014 foi de 1.991 hectáreas e o número de incendios forestais de 1.227. Isto supón unha diminución respecto do ano 2013 do 90% en canto a superficie incendiada e do 66% respecto ao número de incendios.

A tendencia da superficie incendiada e do número de incendios nas últimas décadas é á baixa e con dentes de serra, correspondéndose os picos, polo xeral, con anos con condicións meteorolóxicas favorables para o inicio e propagación dos incendios forestais. Os dous últimos picos rexistráronse nos anos 2006 e 2011, e dende este último rexistrase unha tendencia descendente que culmina no ano 2014, o mellor da serie histórica.

A provincia que soporta máis as vagas de lumes é Ourense, cun 55% da superficie incendiada e un 37% do número de incendios no ano 2014.

Este dato pon de manifesto a relación do abandono da actividade agraria e a perda de poboación con este indicador de ocurrencia de incendios, pois esta provincia é a que amosa valores menos positivos nestes aspectos (Ilustración 24).



Ilustración 24. Superficie incendiada e número de incendios

Patrimonio cultural

Táboa 6. Indicadores do bloque Patrimonio cultural

Subbloque	Indicador	Ámbito
Abundancia e diversidade	Número de BIC	DOT
Valorización	Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais	DOT

En consonancia coa Estratexia Territorial Europea 2020, tanto as DOT como o POL sinalan a valorización do patrimonio cultural como factor de atracción do territorio e potencial de desenvolvemento socioeconómico, en especial, nas áreas de menor dinamismo do país, que se localizan habitualmente no medio rural.

Completar o Inventario de bens patrimoniais, así como protexer de forma axeitada estes elementos, son determinacións que as DOT impoñen ao conxunto da sociedade e particularmente á Administración pública. O bloque de Patrimonio Cultural, co que se pretende analizar o recoñecemento e valorización do patrimonio humano, definiu dous indicadores, un relacionado cos Bens de Interese Cultural (BIC) e outro centrado nas accións de conservación sobre os bens materiais do patrimonio cultural.

Subbloque Abundancia e diversidade

PC.A.01 Número de BIC

A finais do ano 2015 había 714 BIC identificados cun número de rexistro individual en Galicia, o que supón un incremento no 9% respecto aos que existían tres anos antes (primeiro Informe do Plan de seguimento das DOT) (Ilustración 25).



Ilustración 25. Evolución do número de BIC

Os resultados deste indicador demostran que se continúa avanzando na liña marcada polos instrumentos orientadores da política patrimonial e territorial, recollidos nas DOT, en concreto, nas determinacións 9.1; 9.2; 1.2.q.; 1.3 e 7.1.2.d.

Con todo, xa desde o seu inicio, a traxectoria deste indicador a nivel municipal manifesta que as declaracións novas están a incrementar a densidade dos BIC nalgúns dos municipios nos que xa existían anteriormente (A Coruña, Cangas, Cervo, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, Oleiros, Ourense, Padrón, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo), pero non se está a cubrir moito máis territorio. A única excepción é Mondariz (Ilustración 26).



Ilustración 26. Número de BIC (ano 2015)

PC.B.01 Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais

O indicador **Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais** recompila información cuantitativa en relación coas actuacións sobre bens do patrimonio cultural (medida 1) e cos conxuntos históricos con/sen plan especial aprobado (medida 2).

Os resultados constatan o aumento progresivo do número de actuacións realizadas sobre bens do patrimonio cultural: 6.829 no ano 2013, 7.225 en 2014 e 7.657 en 2015. Iso supón un incremento do 12% entre 2013 e 2015. Cómpre subliñar que o carácter destas actuacións, ao depender da iniciativa privada, constitúe un síntoma de recuperación económica (Ilustración 27).

Así mesmo, resulta inequívoca a relación entre o incremento de autorizacións concedidas polo Comité do Camiño (79%) e o aumento do ámbito territorial protexido nos últimos anos, ben polos novos camiños delimitados, ben pola incorporación dos Camiños de Santiago do Norte á listaxe do Patrimonio Mundial da Unesco, incluíndoos no ben Camiños de Santiago.

Polo que respecta aos conxuntos históricos, incorpórase en decembro de 2015 o Plan especial de Ferrol Vello. Este feito coloca a Ferrol nunha situación excepcional, xa que actualmente é o único concello galego que conta con dous cascos antigos declarados (Barrio da Magdalena e Ferrol Vello) con cadanseu plan especial aprobado (Ilustración 28).

Estes datos amosan unha tendencia positiva na estratexia marcada polas DOT para a valorización e protección do patrimonio cultural así como para o fomento das actuacións de restauración, rehabilitación e conservación.



Ilustración 27. Evolución das autorizacións 2013-2015



Ilustración 28. Conxuntos históricos con/sen plan especial aprobado (ano 2015)

Sociedade e economía

Táboa 7. Indicadores do bloque Sociedade e economía

Subbloque	Indicador	Ámbito
Espectro social	Variación da poboación (nº de habitantes)	DOT/POL
	Densidade de poboación	DOT
Complexidade	Actividade comercial	DOT/POL
Emprego e formación	Formación especializada	DOT/POL
Autosuficiencia	Autosuficiencia en emprego	DOT/POL
Innovación	Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais	DOT/POL
	Número de certificacións en vigor con EMAS	DOT
	Instalacións con autorización ambiental integrada	DOT
Agricultura e gandería	Agricultura ecolóxica	DOT
	Especialización gandeira	DOT
	Especialización agrícola	DOT
	Carga gandeira	DOT
	Explotacións agrarias	DOT
Pesca e acuicultura	Especialización acuícola	DOT
	Ocupación na pesca e na acuicultura	DOT
Aproveitamento forestal	Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal	DOT
Turismo	Intensidade turística	DOT/POL

Os indicadores que constitúen o bloque de Sociedade e Economía analizan un amplo abano de aspectos sociais e económicos que permiten avaliar a aproximación a dous obxectivos globais: o aumento da cohesión social e a diversidade de usos e funcións do territorio.

Subbloque Espectro social

SE.A.01 Variación da poboación (nº de habitantes)

A actualización do indicador ***Variación da poboación*** permite tirar resultados moi interesantes, dado que a compoñente demográfica ten unha incidencia directa sobre o eido socioeconómico e a ocupación do territorio, tanto a corto, como a medio e longo prazo.

En 2015 estaban empadroadas en Galicia 2.732.347 persoas, o que supón unha variación do -1,1% na última década, do -2,3% no último quinquenio e do -0,6% respecto ao ano anterior. En total, perdéronse case 30.000 habitantes entre 2005 e 2015 (Ilustración 29).



Ilustración 29. Evolución da variación da poboación en Galicia

Estes valores indican un cambio de tendencia que parece consolidarse. Os primeiros indicios detectáronse no primeiro informe deste sistema de seguimento (medida 3, que mide o período máis recente e breve), acentuáronse no segundo informe (medidas 3 e 2) e, nesta edición, xa se fai patente nas tres medidas analizadas (interdecenal, interquinquenal e interanual).

Os factores responsables desta situación son o saldo natural actual, que é negativo, e a estrutura poboacional herdada, que está moi avellentada. Por enriba, o saldo migratorio tampouco consegue equilibrar a situación.

A información analizada continúa mostrando unha dualidade costa-interior. Os concellos do ámbito POL –onde se concentra o 57% da poboación galega– aínda mantiveron un lixeiro crecemento poboacional na última década (1,1%) pero xa está inverténdose a tendencia (-1,2% e -0,4% no último quinquenio e no último ano respectivamente).

A nivel municipal, obsérvase que só o 22% dos concellos (68) experimentaron unha variación positiva entre 2005 e 2015, e que a maioría deles están localizados na periferia das rexións e áreas urbanas, tanto da costa como do interior. Ames, Barbadás, San Cibrao das Viñas, Salceda de Caselas etc. son algúns dos concellos demograficamente máis dinámicos de Galicia, en termos relativos (Ilustración 30).

Esta distribución espacial do crecemento tampouco mostra coherencia coas expectativas formuladas polas DOT, que propugnaban a necesidade de consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades, xa que tamén se está perdendo poboación neses termos municipais. Neste sentido, é moi ilustrativo o feito de que durante o período 2005-2015 só creceron a metade dos concellos do Sistema Urbano Intermedio (SUI) e catro dos 26 Nodos para o Equilibrio do Territorio (NET) existentes.



Ilustración 30. Variación relativa da poboación no decenio 2005-2015

SE.A.02 Densidade de poboación

Ao existir unha correlación directa entre este indicador e o da variación da poboación, ambos os dous comparten a mesma tendencia estatística. En Galicia está baixando a **densidade de poboación**: dos 94,5 hab/km^2 en 2011 pasouse aos 92,4 en 2015. Este comportamento supón unha variación do -2,2% en catro anos (Ilustración 31).

O que permanece case invariable é unha diferenza enorme entre os valores extremos (3,0 e 6.328,2 hab/km^2), así como a súa distribución espacial (o mínimo en Negueira de Muñiz e o máximo na Coruña).

Entre 2001-2015, só aumentou a ocupación relativa en 37 concellos, case todos eles localizados na periferia das rexións e áreas urbanas (San Cibrao das Viñas, Barbadás, Ames, O Porriño, Oroso, Mos, Salceda de Caselas, O Pereiro de Aguiar, Esgos, Poio etc.). Nas cidades e vilas o aumento da densidade foi máis limitado. Nas cidades só se incrementou a densidade –e ademais timidamente– en Santiago de Compostela (0,4%), Pontevedra (0,2%) e Lugo (0,1%). O único concello do SUI onde se densificou a ocupación foi Burela (0,1%) e o único NET foi Allariz (1,1%).

Simultaneamente, nalgúns concellos rurais está descendendo a densidade de xeito espectacular: Dozón (-32,7%), Arbo (-23,9%), Avión (-22,4%), Calvos de Randín (-21,6%), Beariz (-20,5%), Cerdedo[11] (-20,4%) etc. E, ao contrario do que puidera crerse, estes municipios non coinciden cos de menor densidade en 2015, dado que estes están situados nas montañas orientais de Galicia (Negueira de Muñiz, Vilariño de Conso, Chandrexa de Queixa, A Veiga etc.)

Con referencia ao ámbito de xestión do POL, cómpre dicir que o descenso da variación da poboación (-1,3%) é menor que no conxunto de Comunidade Autónoma galega.



Ilustración 31. Evolución da densidade de poboación (2011-2015)

[11] Datos previos á fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade

Subbloque Complexidade

SE.D.02 Actividade comercial

A ***Actividade comercial*** calcúlase poñendo o énfase na oferta comercial relativa, medindo a relación que existe entre o número de establecementos comerciais e os demandantes potenciais de bens ou servizos máis próximos (habitantes da mesma unidade territorial).

En Galicia existían 65.976 comercios no ano 2014, é dicir, 2.372 menos que en 2012 (Ilustración 32) ou, dito en outras palabras, o número de establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes é 24 (0,6 menos que en 2012).

Segundo a información dispoñible, as diferenzas entre os valores provinciais son escasas. Así, obsérvase que Pontevedra e Lugo superan a cifra media, ao contar con 24,9 e 24,6 establecementos por mil habitantes, respectivamente. Pola contra, Ourense e A Coruña –con 23,5 e 23,2– sitúanse por debaixo da media galega.

A comparativa co ámbito de xestión do POL tampouco revela grandes diferenzas. Nos concellos costeiros estaban situadas 37.929 unidades locais dedicadas ao comercio no ano 2014, así que concentraban o 57% do total de Galicia. Pero, como esta franxa costeira está máis densamente poboada que o resto do territorio galego, o número de establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes é similar (24,1 fronte a 24,0).

Por municipios, sobresae San Cibrao das Viñas, que con 302 unidades locais, acada os 60,7 establecementos por mil habitantes (Ilustración 33). En contraposición, outros concellos da mesma provincia rexistran a actividade comercial máis feble de Galicia (Porqueira, Parada de Sil, Os Blancos, Monterrei, Chandrexa de Queixa, Muíños, Boborás, A Bola, Paderne de Allariz, Lobeira).



Ilustración 32. Evolución do indicador Actividade comercial (2012-2014)



Ilustración 33. Nº de establecementos comerciais/1.000 habitantes (ano 2014)

Dado que a tendencia deste indicador ten que incardinarse na estratexia das DOT que determina a necesidade de consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades cunha adecuada base urbana e de servizos, tamén se analizou a actividade comercial relacionándoa co sistema de asentamentos do modelo territorial. Os resultados permiten concluír que nos tres niveis xerárquicos superiores se rexistra unha actividade comercial superior á media galega, o cal resulta positivo, dado que unha das principais funcións dos espazos urbanos consiste en ofertar servizos comerciais a un área de mercado que desborda a propia poboación local, seguindo unha lóxica xerárquica.

Para ser máis concretos, no primeiro nivel do sistema de asentamentos (cidades) supéranse os 28 establecementos/1.000 habitantes. A actividade no seguinte chanzo (SUI) cífrase en 27,3 establecementos/1.000 habitantes e o 80% desas cabeceiras e subcabeceiras superan a media galega. No terceiro chanzo (NET) existen 27,1 establecementos/1.000 habitantes e o 65% dos nodos superan a media de Galicia.

Subbloque Emprego e formación

SE.E.02 Formación especializada

O indicador Formación especializada informa do número e distribución de traballadores e parados que reciben formación continua para mellorar as oportunidades laborais ou actualizar a súa formación. Así mesmo o indicador estuda o peso das distintas ramas de formación que se imparten.

Dos 26.009 alumnos, no ano 2015, o 58,5% son alumnos na modalidade de formación continua mentres que un 41,5% son persoas que buscan traballo. Con respecto ao ano 2014, o número de alumnos diminuíu nun 1,8%.

Tres das 27 familias profesionais concentran máis do 50% dos alumnos. A familia profesional con maior número de alumnos é a de Administración e xestión cun 22,2%, seguida de Servizos socioculturais e á comunidade cun 15,4%, e de Informática e comunicacións cun 14,2% (Ilustración 34).

A distribución territorial reflicte que arredor do 50% das familias profesionais en formación continua e do 80% en formación a desempregados impártense nas catro provincias. O alumnado reside principalmente nunha das sete grandes cidades (51%) e o resto distribúese no Sistema Urbano Intermedio, cabeceiras e subcabeceiras, nun 14,3%; nos Nodos para o Equilibrio Territorial, un 3,6%; e un 31% reside en concellos do último nivel do sistema, no ámbito máis rural.



Ilustración 34. Alumnos formados segundo familia profesional

Subbloque Autosuficiencia

SE.F.02 Autosuficiencia en emprego

O indicador ***Autosuficiencia en emprego*** mide a capacidade dun territorio de xerar a actividade necesaria para fixar laboralmente a súa poboación. Así, a ratio de coberturas das demandas de emprego deste indicador, resultado do cociente entre os contratados nun territorio e os demandantes de emprego nese mesmo territorio, en Galicia, acadou no 2015 o 1,43, o que amosa unha variación relativa en Galicia dun -0,7% respecto ao 2011. O grupo ocupacional que experimentou, neste tempo, máis variación foi o de Técnicos, profesionais de apoio, cun incremento do 25,9%, seguidamente Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) incrementouse nun 23,4% (Ilustración 35).

No ano 2011, as comarcas cunha ratio de contratados entre demandantes superior a 1 nos distintos grupos ocupacionais eran as da Mariña Central, A Mariña Occidental, Eume e O Salnés. No ano 2015, seis comarcas rexistran valores superiores a 1 en todos os grupos ocupacionais: O Sar, A Mariña Central, A Mariña Oriental, A Ulloa, Deza e O Salnés, o que indica un incremento de comarcas que poden absorber a man de obra de traballadores residentes en todos os grupos ocupacionais, dende os postos de maior cualificación ata as denominadas ocupacións elementais.



Ilustración 35. Variación relativa 2011-2015 dos distintos grupos ocupacionais

Subbloque Innovación

SE.G.01 Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais

O indicador Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais está relacionado co obxectivo de acadar a cohesión territorial con medidas e accións encamiñadas a garantir un rango de infraestruturas de telecomunicacións equiparable ao das contornas urbanas. O adecuado despregamento das TIC contribúe a mellorar a calidade de vida da poboación e á competitividade do sector empresarial.

No período 2010-2015 a porcentaxe de poboación con cobertura de banda larga pasou do 78% a máis do 98%. No que se refire aos núcleos con cobertura, no ano 2010 eran menos do 50% e no ano 2015 superan o 97%. Estes valores indican a completa consecución dos obxectivos do Plan de Banda Larga (Ilustración 36).



Ilustración 36. Evolución indicador 2012 – 2015

SE.G.03 Número de certificacións en vigor con EMAS

A análise do indicador ***Número de certificacións en vigor con sistema de xestión ambiental*** lévase a cabo a través dunha única medida denominada Número de certificacións EMAS por rama de actividade, mediante a que se pretende cuantificar o interese das organizacións públicas e privadas en fomentar a produción de bens e servizos de xeito responsable, desde o punto de vista medioambiental, ao tempo que axuda a coñecer o grao de integración da compoñente ambiental nos sistemas de produción.

A medida definida permite coñecer anualmente o número de certificacións EMAS *(Eco-Management and Audit Scheme*) en cada concello e por rama de actividade económica, segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE).

No 2015 contabilízanse 363 certificacións EMAS en vigor, 3 máis que en 2013. As trece ramas de actividade económica consideradas contaban con centros de traballo con certificados EMAS, aínda que o 62% das certificacións respondían a tres delas (Ilustración 37). En concreto, foron maioritarios os certificados relacionados con centros de traballo dedicados a actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais (89), seguidos dos propios das Administracións Públicas, Educación, Sanidade e outros servizos (74) e os dedicados a Comercio, transporte e hostalaría (63)

A nivel provincial, esta superioridade dáse unicamente na Coruña; Lugo lidera as certificacións na rama do Comercio, transporte e hostalería, e as provincias de Pontevedra e Ourense fano na rama das Administracións Públicas, Educación, Sanidade e outros servizos

Por provincias, máis da metade das certificacións EMAS (52%) corresponderon á da Coruña, con 187, seguida pola provincia de Pontevedra, con 120, a de Lugo con 38 e, finalmente, Ourense con 18.

Unha análise municipal revela que o 32% dos concellos galegos contaba con algunha organización con certificado EMAS e que tres concellos acumulaban o 37% dos certificados EMAS; os concellos da Coruña con 53, Vigo con 45 e Santiago de Compostela con 36.



Ilustración 37. Evolución do número de certificados con SXA (EMAS) en vigor segundo rama de actividade (2013 a 2015)

SE.G.04 Instalacións con autorización ambiental integrada

O indicador ***Instalacións con autorización ambiental integrada (AAI)*** analiza o número das autorizacións que con carácter obrigatorio deben obter as instalación industriais relativas a ramas cun alto potencial contaminante. Este indicador deriva do principio de prevención que a Unión Europea ven de aplicar ás instalacións industriais máis contaminantes, principio recollido na Directiva 96/61/CE relativa á prevención e control integrado da contaminación, e permite analizar o seguimento e control que desde a Administración se leva a cabo das emisións procedentes das actividades industrias tanto á atmosfera, como á auga e ao solo.

No ano 2015, contabilízanse 263 instalacións con AAI vixentes, das cales 140, que representan o 53% respecto ao total, pertencen ao sector das industrias agroalimentarias e explotacións gandeiras; maioritariamente son instalación dedicadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos (92) ou industrias agroalimentarias (48). O segundo grupo de actividade é o da xestión de residuos, con 38 AAI en vigor, que representaban o 14% das totais (Ilustración 38).



Ilustración 38. Evolución do número de instalacións con autorización ambiental integrada (AAI) vixentes (2013 e 2015)

Subbloque Agricultura e gandería

SE.H.01 Agricultura ecolóxica

Unha das estratexias seguidas polas diferentes administracións é a de potenciar a competitividade do sector agrario aumentando o valor engadido dos produtos na cadea alimentaria.

Neste sentido, a produción ecolóxica produce unha mellora na calidade dos produtos finais, contribuíndo a mellorar a calidade de vida dos cidadáns e a crear emprego. Ademais, a expansión de sistemas produtivos ecolóxicos supón un beneficio en termos de biodiversidade e leva consigo unha maior eficiencia na utilización da enerxía. Tamén supón unha diminución na potencial contaminación ocasionada polos residuos gandeiros e os agroquímicos empregados pola agricultura convencional.

A Agricultura Ecolóxica vén mantendo unha tendencia crecente nos últimos anos, tanto en superficie inscrita como en número de operadores, aínda que a representatividade territorial sobre o total da superficie destinada a cultivos, prados e pasteiros (SAU) segue a ser baixa, xa que está ao redor do 1,5% en Galicia.

Os datos do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica (CRAEGA) amosan un gran potencial de crecemento, que se concreta no período 2013-2015 nun aumento de case un 30% da superficie inscrita no consello regulador e máis dun 21% no número de operadores (Ilustración 39).

Cabe resaltar que este crecemento vén xerado de forma maioritaria pola expansión da gandería extensiva con base en prados e pasteiros, sendo as provincias de Lugo e Ourense as que amosan un maior crecemento e actividade (Ilustración 40).



Ilustración 39. Superficie total rexistrada e núm. de operadores (CRAEGA)



Ilustración 40. Superficie total rexistrada a nivel provincial

SE.H.02 Especialización gandeira

Segundo os datos reflectidos no *Censo Agrario (1999-2009)* e na *Enquisa sobre a estrutura das explotación agrícolas (INE-IGE, 2003- 2005-2007-2013),* en termos absolutos obsérvase unha diminución progresiva da cabana gandeira galega, medida en número de unidades gandeiras (UG), tendencia que se modera nos últimos anos (Ilustración 41).

En termos relativos, a especialización gandeira non ten variado substancialmente nos últimos anos, en particular é o subsector do vacún o que acada maior representatividade aínda que se observa unha lixeira diminución. En 2013 representaba un 58% das UG totais mentres que no 1999 era o 59%. O sector gandeiro é a principal actividade económica no medio rural galego e, ademais, a que máis contribúe á fixación de poboación no territorio.



Ilustración 41. Número total de unidades gandeiras (UG)



Ilustración 42. Especialización gandeira relativa



Ilustración 43. Especialización gandeira absoluta

O subsector do porcino e o avícola sitúanse detrás do vacún e van gañando peso progresivamente; do 35,8% no ano 1999 pasaron ao 39,1% no 2013. Os subsectores ovino, caprino e equino, con moi pouca representatividade, seguen unha tendencia decrecente e pasaron de representar no ano 1999 case o 5% das UG a menos do 3% en 2013 (Ilustración 42).

En termos absolutos, esta tendencia á diminución da cabana gandeira de Galicia amosa un comportamento flutuante nos subsectores porcino e avícola. Esta tendencia é máis constante no caso do vacún, o ovino, o caprino e o cabalar (Ilustración 43).

En base á evolución desta serie histórica cabe dicir que a diminución do número de UG pode estar supoñendo unha tendencia á intensificación no sector gandeiro, dado que esta perda de efectivos estase a producir principalmente en especies como o vacún de carne, o ovino, o caprino e o cabalar, que son máis dependentes dos recursos forraxeiros que se poden producir nas explotacións e, polo tanto, máis eficientes.

Se observamos os datos da Consellería do Medio Rural no referente ás prazas de porcino en explotacións industriais, apréciase unha tendencia crecente motivada pola dimensión deste subsector na provincia de Ourense e do dinamismo que amosa na de Pontevedra (Ilustración 44).



Ilustración 44. Prazas de porcino

Tamén, analizando os datos da Consellería do Medio Rural sobre o número de vacas, podemos observar que na serie 2012-2014 existe unha certa estabilización. Cómpre salientar a escasa dimensión deste subsector no sur da Comunidade Autónoma, o que pode constituír unha das causas da aceleración na despoboación deste territorio, especialmente na provincia de Ourense.

Nesta serie obsérvase tamén unha tendencia a incrementarse o peso do vacún de leite sobre o de carne. No ano 2012 era do 60% mentres que no 2014 era do 61,4% en relación ao total do vacún de Galicia, coa excepción da provincia de Ourense onde esta tendencia se inverte.

Esta tendencia, xunto ao feito de que o sector leiteiro sexa máis demandante de recursos forraxeiros que o cárnico, fai que a demanda de recursos forraxeiros producidos nas explotacións siga sendo unha prioridade do sector do vacún en Galicia, co fin de reducir custos de produción e diminuír a dependencia dos mercados internacionais (Ilustración 45).



Ilustración 45. Número de vacas

SE.H.03 Carga gandeira

O indicador ***Carga gandeira*** relaciona os efectivos en termos de unidades gandeiras (UG) nas explotacións cos recursos do territorio para sustentar esa cabana, é dicir, a SAU. Este indicador está relacionado coa sustentabilidade dos sistemas agrarios.

Segundo os datos reflectidos no *Censo Agrario (1999-2009),* na *Enquisa sobre a estrutura das explotación agrícolas (INE-IGE, 2003- 2005-2007-2013)* e en *SIOSE (2005, 2009, 2011), a* carga gandeira entre 1999 e 2013 comportouse de forma diferente se se considera o conxunto das seis especies máis representativas da cabana gandeira galega ou se se separan os monogástricos (porcino e aves) do resto.

A nivel de Galicia a carga calculada a partir das UG dos monogástricos aumentou. Obsérvase unha tendencia crecente a partir de 2007, mentres que a referida ás UG de bovino, ovino, caprino e equino mantén a súa tendencia decrecente, ao igual que o fai a carga total, é dicir, considerando as UG das seis especies respecto das hectáreas de SAU.

Os datos procedentes do *Sistema de Información da Ocupación do solo de España (SIOSE*), amosan unha lixeira tendencia decrecente da *SAU: 24,72%* en 2005, 24,59% ha en 2009 e 24,58% en 2011. Este dato, unido á tamén lixeira tendencia decrecente da cabana gandeira, indica unha redución paulatina da actividade gandeira.

Por outra parte, esta análise parece indicar que, en liñas xerais, non estamos ante un escenario de sobreexplotación dos recursos por parte da cabana gandeira, a pesar da tendencia á intensificación da produción (e a dependencia do mercado internacional de forraxes) que se pode deducir da análise doutros indicadores como o de especialización agrícola (Ilustración 46).

Este comportamento é desigual cando baixamos ao nivel provincial, comarcal ou municipal. Así, obsérvase un incremento da carga gandeira baseada nas especies de porcino a aves na provincia de Ourense e no sur de Pontevedra, mentres que se consideramos as seis especies nestas provincias a carga diminúe debido ao pouco peso que no sur de Galicia ten o subsector do vacún, especialmente o de leite.

Nalgúns concellos aprécianse cargas maiores de 5 UG/ha SAU e moi baixas noutros, menores de 1 UG/ha SAU. Ambas as dúas situacións poden xerar problemas derivados da sobreexplotación dos recursos *vs.* contaminación ou abandono *vs.* incendios.



Ilustración 46. Carga gandeira

SE.H.04.Especialización agrícola

Co indicador de ***Especialización agrícola*** abórdase outro dos factores determinantes do sector primario galego, moi relacionado co anterior dado o carácter maioritariamente gandeiro de Galicia.

A evolución da superficie ocupada polos distintos cultivos na base territorial das explotacións é un dos factores máis relevantes desde a perspectiva da rendibilidade e a sustentabilidade das explotacións. A superficie ocupada polos *prados e pasteiros* é a maior en Galicia pero obsérvase unha tendencia decrecente entre os anos 2011 e 2015 respecto aos demais grupos de cultivos. Os *cultivos forraxeiros* é o segundo grupo en termos de superficie ocupada e ademais obsérvase unha tendencia crecente no período de 2011-2015. Nesta serie de datos ponse de manifesto a importancia en Galicia do sector gandeiro, como se comentou anteriormente (Ilustración 47).

O cultivo de forraxes, principalmente millo e pradeira, supón unha intensificación na produción respecto do aproveitamento mediante pastoreo de prados e pasteiros, polo que unha diminución do peso dos prados e pasteiros pode estar indicando unha aposta por producir máis forraxe en menos terra nas explotacións.

A nivel de Galicia, o peso relativo dos cultivos forraxeiros vense incrementando nos últimos anos, xa que pasou do 30% en 2011 ao 32% en 2015, mentres que o dos prados e pasteiros decreceu, ao pasar do 52% no 2011 o 50% 2015. Na base de datos de SIOSE tamén se observa esta lixeira tendencia á perda de representatividade dos prados e pasteiros: 7,51% en 2005, 7,40% en 2009 e 7,36% en 2011, respecto do total da superficie de Galicia.

Este feito parece indicar unha tendencia clara á intensificación da produción de forraxes, posiblemente motivada pola dificultade no acceso ao uso da terra, optando por sistemas máis intensivos de produción.

A nivel provincial, no ano 2015, A Coruña é a que ten un maior peso relativo de cultivos forraxeiros respecto dos demais cultivos, cun 49,6%, non obstante, os prados e pasteiros teñen un gran peso nas provincias de Lugo e Ourense.

Por outra banda, o viñedo amosa a súa maior importancia nas provincias de Pontevedra e Ourense. O seguinte grupo en importancia superficial son as froiteiras onde o castiñeiro é a especie máis relevante, especialmente na provincia de Ourense (Ilustración 48).



Ilustración 47. Evolución da especialización agrícola relativa



Ilustración 48. Especialización agrícola relativa en 2015

SE.H.05 Explotacións agrarias

O subsector do vacún, especialmente na súa orientación leiteira, é o que ten máis relevancia en Galicia dentro do sector agrario tanto polo valor económico e o emprego xerado como polo número de explotacións.

Segundo o *Anuario de Estatística Agraria de Galicia* o *número total de explotacións de vacún* segue unha tendencia decrecente desde o ano 1999 arrastrando consigo o emprego do medio rural. No ano 2014 rexistráronse 32.983 explotacións, un 11% menos que no ano 2011 (Ilustración 49).



Ilustración 49. Número de explotacións de vacún

De forma oposta ao número de explotacións, a evolución do número de vacas por explotación mantén unha tendencia crecente, incrementándose no ano 2014 con respecto ao 2011 nun 11%. Este dato reflicte a tendencia do sector a concentrarse en explotacións de maior tamaño co fin de diminuír custes produción e acceder ao mercado en mellores condicións (Ilustración 50).



Ilustración 50. Número de vacas por explotación

Con respecto ao número de vacas, reflíctese unha tendencia á diminución na serie histórica estudada, o que revela nos últimos anos unha moderación nesta tendencia próxima á estabilidade (Ilustración 51).

Como xa se comentou, esta situación reflíctese no emprego cunha tendencia decrecente segundo a *Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas do INE–IGE.*

Nesta enquisa tamén se reflicte un incremento sostido do emprego asalariado fronte ao familiar o cal vai en consonancia coa re-dimensión que está a acontecer no sector (Ilustración 52).



Ilustración 51. Número de vacas



Ilustración 52. Número de UTA nas explotacións



Ilustración 53. Réxime de tenza da terra 1999 a 2013



Ilustración 54. Evolución relativa do réxime de tenza da terra

Neste proceso de redimensionalización do sector, o réxime de tenza da terra é outro dos factores clave. A propiedade é o réxime de tenza máis representativo na agricultura e a gandería galega. Sen embargo, na serie temporal 1999–2009 - 2013 reflíctese unha diminución moi significativa da superficie baixo o réxime de propiedade, experimentando un importante crecemento o arrendamento, a parcería e outros réximes de tenza ou uso da terra (Ilustración 53).

En termos relativos obsérvase que o peso da terra en réxime de arrendamento e outros está experimentando un notable incremento nos últimos anos (Ilustración 54).

Á vista da análise dos indicadores pódese dicir que a actividade agrogandeira non está sendo capaz de inverter o proceso de perda de poboación no rural en Galicia.

Sen embargo parece que se están encamiñando algúns aspectos clave como a potencialización da agricultura ecolóxica, a transferencia do uso da terra con base en arrendamentos e a profesionalización e o redimensionamento das explotacións, aínda que en proporción e dimensión insuficiente.

Obsérvase unha gran dependencia do sector gandeiro, especialmente do vacún de leite, do porcino e o avícola, fronte ao viñedo, horta, pataca etc., que poderían contribuír a crear riqueza e fixar poboación. Constátase unha perda de presenza de subsectores como o ovino, o caprino, o cabalar ou o do vacún de carne que podían contribuír á sustentabilidade territorial, amortiguando o desequilibrio que se está a producir en termos norte-sur e leste-oeste, tanto poboacional como no referente á actividade agrogandeira.

Neste contexto, nos datos analizados aprécianse nalgúns concellos cargas maiores de 5 UG/ha SAU e moi baixas noutros, menores de 1 UG/ha SAU. Ambas as dúas situacións poden xerar problemas derivados da sobreexplotación dos recursos, contaminación, abandono ou incendios. Non obstante, cabe destacar que o mosaico característico da paisaxe rural galega, formado por parcelas de pequeno tamaño onde a cobertura forestal convive coa agrícola, constitúe unha malla protectora contra os posibles efectos derivados da contaminación, rexistrándose valores moi baixos incluso en zonas con alta carga gandeira.

Subbloque Pesca e acuicultura

SE.I.01 Especialización acuícola

O indicador de ***Especialización acuícola*** no ano 2015 reafirma o maior peso dos bivalvos na acuicultura cun incremento dun punto porcentual (95,9%) en relación ao ano 2013. O mexillón representa o 96% da produción acuícola mariña e o 60,25% do valor económico deste sector. A produción segue a concentrase na provincia marítima de Vilagarcía, onde se obtiveron case as tres cuartas partes da produción, e nos distritos de Pobra do Caramiñal e Cambados.

A produción de peixe descendeu; case un 1% para o peixe de auga salgada e arredor dunha décima para o de auga doce (Ilustración 55).



Ilustración 55. Porcentaxe do valor da produción por especie 2015

SE.I.02 Capacidade Pesqueira

A caracterización da flota pesqueira galega realizouse a partir da asociación do número de buques inscritos no Rexistro de Buques de Galicia, o seu tamaño, medido polo arqueo (GT) e a súa potencia, e o caladoiro e zona administrativa onde teñen o seu porto base.

No ano 2015 foron 4.438 os buques con porto base en Galicia, un 3,2% menos que no 2013. A zona administrativa con máis buques segue a ser a de Arousa, con 1.717 buques inscritos, o 38,69% do total de Galicia e a de menos o porto de Cedeira, cun peso de 2,8%. O 96% dos buques con porto base en Galicia pescan no caladoiro nacional, empregando principalmente artes menores (Ilustración 56).

O arqueo de rexistro bruto nos buques con porto base en Galicia reduciuse, respecto do 2013, un 9,3%. Os arqueos medios por buque superiores danse nos que saen ás pesqueiras internacionais e comunitarias. Os buques cunha potencia media menor son os que saen ao caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste.

A Mariña Lucense é a zona administrativa que destaca cos buques con máis capacidade e potentes de toda a flota galega, a moita distancia dos doutras zonas administrativas.



Ilustración 56. Número de buque con porto base en Galicia segundo zona administrativa

Subbloque Aproveitamento forestal

SE.J.01 Superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal

Na evolución deste indicador nos últimos anos apréciase unha tendencia mantida de crecemento da superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal e da súa ratio con respecto á superficie forestal en Galicia. O incremento de superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal en 2015 incrementouse un 4,8% respecto de 2014 e un 22% respecto de 2011 (Ilustración 57).

A superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal no ano 2015 é de 199.928 ha, representando un 9,8% respecto da superficie arborada, desarborada e de pasteiro, unha porcentaxe menor que na zona do POL onde é do 15%.



Ilustración 57. Evolución da superficie con instrumentos de xestión e ordenación

No ano 2015 apréciase que a provincia con máis superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal é Lugo con 63.500 ha, representando case un 32% respecto de Galicia, dato moi relacionado co feito de ser a provincia con máis superficie de montes veciñais en man común. A provincia da Coruña é a que ten menos superficie ordenada, con 30.310 ha, que representan o 15% respecto de Galicia.

No ano 2015, Pontevedra é a provincia con maior ratio entre a superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal con respecto á superficie arborada, desarborada e pasteiros, cun 15,14% e A Coruña, cun 5,99% é a que menor ratio presenta (Ilustración 58).

Na base de datos do SIOSE obsérvase unha tendencia á estabilización da superficie forestal cunha lixeira tendencia ao crecemento da superficie ocupada por frondosas caducifolias, 14,89% en 2005, 14,95% en 2009 e 14,99% en 2011 sobre o total da superficie de Galicia.



Ilustración 58. Superficie con instrumentos de xestión e ordenación

Subbloque Turismo

SE.L.01 Intensidade turística

A información correspondente a 2015 reflicte que a **intensidade turística** de Galicia aumentou nos tres parámetros de medida calculados: oferta, demanda e poboación turística (Ilustración 59).



Ilustración 59. Evolución da intensidade turística

A serie analizada durante o período que abrangue este plan de seguimento (2011-2015) mostra que a oferta turística medrou lenta e paulatinamente ata superar as 132.000 prazas de aloxamento en establecementos turísticos regrados. En 2015, a intensidade da oferta ascendía a 4,5 prazas/km^2 (0,3 puntos por enriba da do ano 2011).

A demanda turística estase recuperando tras a caída experimentada no ano 2013. En 2015 rexistráronse 9.201.869 pernoctacións, o que equivale a 311 pernoctacións/ km^2 (un 14% máis que en 2013). Cómpre salientar que o 71% dos viaxeiros procedían de fóra de Galicia.

A presión do turismo sobre a poboación local tamén se está a recuperar. Durante o ano 2015, a Comunidade Autónoma recibiu 0,92 turistas por cada 100 residentes habituais, a maior parte deles procedentes de fóra de Galicia (0,65).

Entrando en pormenores, os concellos que continúan destacando por teren a maior concentración de prazas por km^2 son: Sanxenxo (335,3), O Grove (294,8) e Mondariz-Balneario (216,9), dado o seu reducido tamaño. O destino máis demandado –tanto en termos absolutos como relativos– continúa sendo Ría de Arousa, onde o número de pernoctación/km^2 se elevou a 2.876 (1.865 foron de forasteiros) (Ilustración 61).

O índice de poboación turística (Ilustración 62) tamén acadou valores máis elevados que a media en Ría de Arousa (2,58, dos cales 1,67 son turistas procedentes de fóra de Galicia).

Segundo os resultados obtidos para os concellos do ámbito POL, o litoral concentra o 64% das prazas e o 60% das pernoctacións de Galicia. O seu índice de poboación turística tamén supera o galego.

A tendencia observada na costa é similar á comentada para o conxunto de Galicia. Os valores correspondentes a 2015 aquí tamén son superiores aos de 2011: conta con 33,8 prazas de aloxamento por km de costa, acolleu 2.191 pernoctacións por km de costa e o seu índice de poboación turística acadou os 0,97 turistas por cada 100 habitantes (0,67 no caso dos foráneos).

Polo que respecta á coherencia co modelo territorial, a distribución espacial da intensidade da oferta turística mostra certa coherencia co modelo de asentamentos de Galicia que se recolle nas DOT e que formula, entre outras, a necesidade de consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades cunha adecuada oferta de servizos (tamén turísticos). O indicador reflicte que a intensidade é maior nas cidades e no SUI. Pola contra, nos NET tería que duplicarse para converxer co valor medio de Galicia (Ilustración 60).

Para finalizar, só falta engadir que este indicador está reflectindo un afianzamento do protagonismo de Galicia no exterior, que se manifesta nun aumento do peso do turismo receptor fronte ao interior nos últimos anos. Esta tendencia é máis perceptible nos destinos urbanos e litorais.



Ilustración 60. Intensidade da oferta turística (2015)



Ilustración 61. Intensidade da demanda turística (2015)



Ilustración 62. Índice de poboación turística (2015)

Metabolismo

Táboa 8. Indicadores do bloque Metabolismo

Subbloque	Indicador	Ámbito
Enerxía	Intensidade enerxética final	DOT
	Consumo final bruto de enerxía renovable	DOT
	Consumo final bruto de electricidade renovable	DOT
	Consumo enerxía primaria renovable	DOT
	Consumo biocarburantes no transporte terrestre	DOT
Ciclo hídrico	Calidade da auga nas zonas de baño	DOT/POL
Ciclos de materiais	Xeración de residuos urbanos	DOT/POL
	Recollida selectiva bruta	DOT/POL
	Dotación de puntos limpos	DOT/POL
Atmosfera e cambio climático	Emisións de gases efecto invernadoiro	DOT

De xeito transversal, os indicadores que conforman este bloque veñen a avaliar a autosuficiencia dos fluxos metabólicos ou o intercambio de materia e enerxía entre sistemas.

Subbloque Enerxía

MET.A.01 Intensidade enerxética final

A intensidade enerxética final é unha forma de avaliar a eficiencia enerxética nun territorio, xa que analiza o custo enerxético que ten a produción de riqueza.

O indicador Intensidade enerxética final amosa unha tendencia positiva, é dicir, unha mellora da eficiencia enerxética desde o ano 2010 ata o 2013. Esta mellora vén acompañada dunha tendencia decrecente do consumo enerxético final, oposta á acontecida no período 2005–2008, cando as melloras na eficiencia estaban acompañadas por incrementos do consumo (Ilustración 63).



Ilustración 63. Intensidade enerxética final e consumo enerxético final

MET.A.02 Consumo final bruto de enerxía renovable

Este indicador mide a enerxía consumida procedente de fontes de enerxía renovables, expresada en termos relativos.

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de abril de 2009 fixou o obxectivo dun consumo do 20% para o ano 2020. En Galicia supérase ese obxectivo desde hai unha década (Ilustración 64); en 2013 acadouse o 36,4%, un 4% máis que en 2011.



Ilustración 64. Consumo final bruto de enerxía renovable (%)

MET.A.03 Consumo final bruto de electricidade renovable

O obxectivo deste indicador é aumentar o consumo final bruto de electricidade procedente de fontes de enerxía renovables.

O consumo final bruto de electricidade (Ilustración 65) obtida a partir de fontes renovables presenta unha tendencia crecente; no ano 2013 Galicia acadou 17.281 GWh/ano, un 9,8% máis que en 2011.)



Ilustración 65. Consumo (GWh/ano) final bruto de electricidade xerada a partir de fontes renovables

MET.A.04 Consumo enerxía primaria renovable

No ano 2013 Galicia xestionou 12.136 ktep (quilotoneladas equivalentes de petróleo), o 10,0% da enerxía primaria do Estado, que provén de distintas fontes: petróleo, carbón, gas natural, residuos e renovables. Os combustibles fósiles (petróleo, carbón e gas natural) dominan o consumo anual de enerxía primaria. O petróleo continúa sendo a nosa principal fonte de enerxía primaria (cun 47,0%), seguido polo carbón (18,6%) e polo gas natural (11,4%).

No *Libro Branco para unha Estratexia e un Plan de Acción Comunitarios,* a Unión Europea marcou como obxectivo para o ano 2010 a obtención dun 12% de enerxía primaria total mediante fontes de enerxía renovables. España, no seu Plan de Enerxías Renovables 2005-2010, marcou como obxectivo que o 12,1% do consumo de enerxía primaria no ano 2010 proceda das enerxías renovables. En Galicia, a porcentaxe de enerxía primaria procedente de fontes de enerxías renovables acadou no ano 2010 o 21,6%, superior ao 12% marcado como obxectivo.

Aínda que o obxectivo xa está derrogado, séguese calculando para poder seguir a súa evolución ao longo dos anos. No ano 2013 Galicia tamén supera amplamente a porcentaxe do 12% de consumo de enerxía primaria procedente de fontes de enerxías renovables, xa que a porcentaxe de enerxía primaria procedente de fontes de enerxía renovable foi do 23,0% do total. Esta cifra supón, no marco do Plan de Enerxías Renovables (PER) 2005-2010 de España, que Galicia segue a cumprir co obxectivo que foi marcado para o ano 2010, dun consumo de enerxía primaria procedente de fontes de enerxía renovables do 12,1% (Ilustración 66).



Ilustración 66. Enerxía primaria (%) procedente de fontes renovables

MET.A.05 Consumo biocarburantes no transporte terrestre

A evolución do consumo de biocombustibles no transporte terrestre marca unha tendencia ascendente. Ata o ano 2005, o único biocombustible xerado en Galicia era o bioetanol; a partir do ano 2006 xa se empezou a producir e comercializar o biodiésel.

Para o ano 2020, a Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, marca como obxectivo unha cota do 10% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo de combustibles para calquera tipo de transporte.

Esta directiva está trasposta en España na Ley 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostenible, que establece no artigo 78 un obxectivo nacional mínimo de participación das enerxías renovables no consumo de enerxía final bruto do 20%. Este obxectivo deberá alcanzarse cunha porcentaxe de enerxía procedente de enerxías renovables en todos os tipos de transporte, que sexa, como mínimo, equivalente ao 10% do consumo final de enerxía do sector do transporte.

Para cumprir este obxectivo, España estableceu, en distintas ordes, reais decretos e leis, unhas porcentaxes de venta ou consumo de biocarburantes, que se calculan como as porcentaxes das ventas ou consumos de biocarburantes sobre o total da gasolina e gasóleo vendidos ou consumidos, con fins de transporte, en contido enerxético, incluíndo os biocarburantes.

O obxectivo que persegue este indicador é avaliar o grao de cumprimento da porcentaxe de biocarburantes marcados nos obxectivos obrigatorios lexislados para cada ano mediante distintos reais decretos. Estes obxectivos foron dun 6,2% para o ano 2011, un 6,5% para o 2012 e un 4,1% para 2013. Así, o consumo de biocarburantes en Galicia increméntase ata o ano 2013, no que cambia a lexislación e o obxectivo para o ano 2013 pasa dun 4,1% a un 3,9%, o cal foi acadado (Ilustración 67) mediante o Real decreto-lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.



Ilustración 67. Consumo de biocarburantes no transporte terrestre

Subbloque Ciclo hídrico

MET.B.01 Calidade da auga nas zonas de baño

En 2015, o 73% das zonas de baño acadaron a cualificación de Excelente, o 16% de Boas, o 6% de Suficientes e o 6% de Insuficientes (Ilustración 68).

En comparación co ano 2011, aumentaron os valores absolutos (en 30) e as porcentaxes (nun 6%) das zonas de baño de mellor calidade sanitaria (clasificacións Excelente e Boa), e descenderon as de peor calidade sanitaria (clasificacións Suficiente e Insuficiente) nun 5%. Esta tendencia mantense desde 2011.

A nivel provincial, son Pontevedra e Lugo as provincias que acaparan os valores máis altos na porcentaxe de zonas cualificadas como Excelente (80% e 72% respectivamente). Na Coruña e Ourense as porcentaxe de augas cualificadas como Excelente son respectivamente o 69% e o 52% (Ilustración 69).

No ámbito do POL, a tendencia é semellante á xeral para Galicia, aínda que, se se considera o tipo de auga (continental ou marítima), compróbase que a evolución foi máis positiva nas primeiras, xa que en 2015 en ningunha zona de baño continental se obtiveron resultados Suficientes ou Insuficientes.



Ilustración 68. Evolución da calidade das augas de baño



Ilustración 69. Evolución das porcentaxes de zonas de baño con cada clasificación sanitaria por provincias (2011, 203 e 2015)

Subbloque Ciclo de materiais

MET.C.01 Xeración de residuos urbanos

A redución da pegada humana precisa necesariamente dunha redución na xeración de residuos, cuestión que ten acadado niveis alarmantes no contexto mundial.

A evolución do indicador **Xeración de residuos urbanos** entre 2011 e 2015 revela unha tendencia descendente, tanto en valor absoluto por ano (59.979,57 t menos) como por habitante e día (0,034 kg/hab/d menos), situándose por debaixo do valor limiar fixado polo Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020, establecido en 1,094 kg de RU/hab/d en 2020.

Sen embargo, entre 2013 e 2015, ambas medidas rexistran valores superiores aos do período 2011-2013 (25.575,976 t e 0,039 kg/hab/d máis) o que supón un incremento do 2,41% (Ilustración 70).

A comparación dos resultados globais obtidos para Galicia e para os concellos do POL revela unha xeración maior por habitante e día, dato moi relacionado coa intensidade turística de moitos dos concellos costeiros (Ilustración 71).



Ilustración 70 Evolución da xeración de residuos urbanos



Ilustración 71. Xeración de residuos urbanos en Galicia e nos concellos do POL (2015)

MET.C.02 Recollida selectiva bruta

A valorización dos residuos resulta un compoñente fundamental da redución da pegada ecolóxica.

No período 2011-2015, o indicador de ***Recollida selectiva bruta*** apenas marca variación para cada unha das fraccións analizadas (envases lixeiros, materia orgánica, vidro ou papel-cartón) e tampouco entre o ámbito litoral e o conxunto de Galicia (Ilustración 72).

Obsérvanse pequenas variacións en vidro e papel cartón; a fracción de vidro incrementa a ratio por habitante e día mentres que o papel cartón o diminúe.

Ilustración 72. Recollida selectiva bruta en Galicia (2011 -2105)

MET.C.03 Dotación de puntos limpos

A dotación *de puntos limpos* favorece outro dos obxectivos ligados á sustentabilidade como é a reutilización dos materiais.

No período 2011–2015, o indicador ***Dotación de puntos limpos*** revela unha tendencia positiva ao reflectir un aumento do 7% no número de concellos con instalacións de punto limpo (de 120 a 143) e do 11% (de 200 a 233) no número dos que dispoñen do servizo e, consecuentemente, da poboación que conta con este servizo, que se incrementou un 17% (Ilustración 73).

En 2015, 143 concellos galegos contaban con instalación de punto limpo, aínda que o número total das mesmas ascendía a 147. Se a análise se fai sobre o número de concellos que contaba con servizo, a cifra ascende a 233. Finalmente, en termos de poboación, máis do 88% dos habitantes galegos contaban con servizo de punto limpo (2.407.212 persoas).

No ámbito do POL, o número de concellos que contaban con instalación de punto limpo, pasou de 44 a 52. Así mesmo, tamén se incrementou o número total de instalacións, que ascendeu de 44 a 53. Se a análise se fai sobre o número de concellos que contaban con servizo, a cifra incrementouse en 13 concellos, xa que agora hai 67.



Ilustración 73. Evolución do indicador 2011 - 2015

Subbloque Atmosfera e cambio climático

MET.D.01 Emisións de GEI

O cambio climático, ao que contribúe a emisión de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) de orixe antrópico, é un fenómeno global e de tal xeito ten que ser abordado, polo que resulta moi importante a suma dos esforzos para frealo.

Neste marco internacional, en Galicia os datos de emisións de GEI debuxan unha curva na que o ano 2012 é o punto de inflexión e o inicio do descenso das emisións, liña que suaviza a súa pendente no período 2013-2014 (Ilustración 74).



Ilustración 74.Emisións de GEI en Galicia (2011-2014)

As seguintes ilustracións reflicten as porcentaxes de GEI por categoría e subcategoría de actividade en 2013 (Ilustración 75 e Ilustración 76).



Ilustración 75. Emisións de CO_2 equivalente por categoría de actividade Galicia (2013)



Ilustración 76. Emisións de CO_2 equivalente por subcategoría de actividade Galicia (2013)

Enquisa de percepción territorial e urbanística EPTU

Como percibe a cidadanía o desenvolvemento das DOT?

Un dos obxectivos do PSST é avaliar o grao de satisfacción da cidadanía coa calidade de vida e a percepción desta en relación coas melloras propostas nos instrumentos de planificación territorial. Para iso deseñouse a ***Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)***.

A denominada EPTU baséase nas que realiza o IGE desde o ano 1999[12] co fin de obter información sobre as características socioeconómicas dos fogares galegos. A *Enquisa Estrutural a Fogares*" (EEF), incluída na programación anual do Instituto Galego de Estatística (IGE), desenvolveu no ano 2015 por primeira vez o modelo da EPTU.

A citada enquisa consta de dous módulos: un primeiro de carácter xeral, que se repite anualmente, e un segundo módulo de carácter específico, dedicado a bloques temáticos de variables que presentan unha máis lenta evolución, polo que non necesitan un período anual de recollida de datos.

Entre os módulos específicos investigados está o Módulo de vivendas familiares: características e medio, que ten como finalidade obter información sobre as características das vivendas, das infraestruturas do seu contorno e do equipamento dos fogares. Este módulo efectuouse nos anos 1999, 2005 e 2010. Na planificación dos módulos específicos da EEF para o período 2012-2016 estaba programado realizalo de novo no ano 2015, incluíndo ademais algunhas preguntas sobre mobilidade e medio ambiente.

En colaboración co IGE e coas achegas dos grupos técnicos de traballo, propuxéronse unha serie de modificacións na Enquisa Estrutural a Fogares, concretamente no Módulo de mobilidade e vivendas familiares: características e medio 2015, a fin de dar resposta a estes obxectivos. A finais do primeiro semestre deste ano, obtivéronse os datos da mesma e, como froito da súa explotación e análise, elabórase este epígrafe. No anexo IV deste Informe recóllese integramente a EEF.

O obxecto básico da EPTU é coñecer a percepción da cidadanía e da veciñanza acerca da situación da calidade da vida nas cidades e no rural, así como a valoración dos obxectivos acadados polos instrumentos de ordenación do territorio e/ou de urbanismo.

ASPECTOS A VALORAR NA EPTU:

a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.

b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.

c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.

d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.

e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

PERFIL ESTATÍSTICO DA ENQUISA:

En relación cos niveis de calidade de vida e a vivenda podemos facer as seguintes afirmacións:

Desde 1999 ata o 2015 houbo un detrimento da vivenda unifamiliar independente (48,51% a 40,30%) en prol, principalmente, do piso ou apartamento nun edificio con 10 ou máis vivendas (do 23,98% ao 34,27%).

No que atinxe á antigüidade do parque de vivendas no ano 2015, o maior valor (45,66%) maniféstase nas vivendas de 20 a 49 anos (Pontevedra a que máis, cun 48,06%), seguidas das de 50 ou máis anos, cun 28,49%, (liderado por Lugo cun 34,17%), acadando o terceiro lugar as de 10 a 19 anos de antigüidade, cun 17,98%, (A Coruña cun 19,6% marca a maior ratio neste tramo).

Se no ano 1999 a maioría das vivendas (41,68%) contaban cunha superficie de 60,01 m^2 a 90,00 m^2, no ano 2015 seguía sendo a maioría cun 43,05%. Chama a atención que no mesmo período se producise un incre-

[12] Denominación da enquisa ata o 2014: Enquisa de Condicións de Vida das Familias

mento daquelas vivendas con mais de 120,00 m^2, pasando dun 12,61% a un 20,47%

O 60,22% das vivendas en Galicia atenden a un réxime de tenza en propiedade sen hipoteca, quedando nun 19,81% aquelas en propiedade con hipoteca e sendo o 11,63% en réxime de aluguer. En canto á carga que supoñen os gastos totais da vivenda, o 59,45% manifesta que é pesada (A Coruña lidera este rango con 64,50%), seguida dos que consideran que é razoable (36,25%) e dos que manifestan que non supón ningunha carga, (4,20%) (Ilustración 77).



Ilustración 77. Vivendas segundo o réxime de tenza.

Analizados os datos entre os anos 1999-2015 relativos a instalacións ou servizos que posúen as vivendas (auga quente, baño ou ducha, calefacción, ascensor e seguro do fogar), todos eles sufriron incrementos, sendo os máis singulares os de calefacción instalada, que pasou dun 41,73% a un 71,95%, e o ascensor, dun 22,31% a un 37,44%.

As fontes de enerxía que lideran á hora de quentar a auga son o propano/butano, cun 39,49%, seguida do gas natural, cun 22,66%, e do gasóleo e electricidade, con 18,80% cada un; no que atinxe á calefacción, o gas natural, cun 35,25%, é a fonte máis empregada; séguenlle o gasóleo (26,22%) e a electricidade (25,31%). As enerxías limpas aínda teñen pouco peso; delas a biomasa é a máis empregada: un 3,34% para quentar a auga e un 10,00% para a calefacción, seguida da solar, cun 0,61% e un 0,49% respectivamente.

Máis do 80% das vivendas dispoñen de teléfono móbil, televisor, microondas, forno, lavadora e frigorífico segundo o seguinte gráfico no que se sinalan ademais outros electrodomésticos (Ilustración 78).



Ilustración 78. Vivendas con dispoñibilidade de electrodomésticos (%)

En relación coa mellora estrutural, a calidade dos espazos, a prestación de servizos públicos e a súa accesibilidade, estas son as conclusións:

Se analizamos os servizos exteriores da vivenda, aínda que en xeral atopamos incrementos en case todos, o que máis destaca é o referido á recollida selectiva do lixo, pois pasou dun 36,75% no ano 1999 a un 79,50% no ano 2015.

A accesibilidade, dende a vivenda, a determinados servizos públicos (centros de saúde, farmacia, ata centros educativos) nunha distancia a pé de aproximadamente 15 minutos supera o 60%. Un 18,80% dispón deses servizos en transporte público, un 11,17% mediante outros medios de transporte e case un 10% non dispón deses servizos nesa distancia e tempo (Ilustración 79).



Ilustración 79. Accesibilidade das vivendas a servizos en menos de 15 min (%)

O 79,49% dos fogares galegos dispoñen de coche (Pontevedra dispón da ratio máis alta: 81,29%) e un 9,68% de moto, ciclomotor ou asimilado (tendo Pontevedra tamén o valor máis alto: un 12,23%). Dispoñen de praza de garaxe ou instalación similar cuberta o 60,98% dos fogares.

No que atinxe aos desprazamentos dende a súa vivenda ata o centro de traballo, máis do 66% dos ocupados despázanse só en transporte privado (coche, moto,...); o 25,86% van andando, en bicicleta ou vehículo non motorizado e o 5,04% en transporte público (Ilustración 80).



Ilustración 80. Ocupados segundo o medio de transporte utilizado desde a vivenda da que se desprazan ata o centro de traballo por idade

Facendo a análise segundo o tamaño do concello, o uso de transporte público vai decrecendo do 9,52% naquelas poboación de máis de 50.000 habitantes ata o 1,31% nas de menos de 10.000 habitantes. A seguinte gráfica reflicte o medio de transporte utilizado dende a vivenda ata o centro de traballo atendendo ao tamaño do concello (Ilustración 81).



Ilustración 81. Ocupados segundo o medio de transporte utilizado desde a vivenda da que se desprazan ata o centro de traballo por idade

A nivel autonómico preto do 40% (39,30%) dos ocupados traballan fóra do seu concello de residencia, fronte ao 60,70% que o fai no seu propio concello e domicilio. Destaca a provincia da Coruña con máis do 43% dos ocupados traballando fóra do seu concello, sendo a de Lugo a que menos (28,38%) (Ilustración 82).



Ilustración 82. Porcentaxe de ocupados segundo lugar de traballo

Aínda que nos derradeiros 16 anos os diferentes problemas manifestados coa vivenda foron decrecendo, na súa maioría, as humidades (28,99%), as deficiencias de illamento térmico ou acústico (18,72%) e os ruídos (14,34%) seguen a ser os máis importantes.

Atendendo aos problemas na contorna da vivenda, no ano 2015 o 43,71% dos enquisados manifesta deficiencias no acceso ás vivendas; o 37,57% deficiencias nos servizos de transporte; o 26.65% di que dispón de poucos centros culturais/sociais de ocio público e o 25,37% refírese ao aparcamento (poucas áreas, prazas, prezos altos,...).

O grao de satisfacción coa vivenda por provincia reflíctese nos seguintes gráficos (Ilustración 83)

En Galicia o 14,34% dos fogares manifestan ter problemas de ruído na vivenda; deles, o 53,24% sófreno de xeito diario. A causa do problema é o tráfico terrestre (59,51%), seguido do ruído xerado polos veciños (36,10%) e das actividades comerciais e de ocio como as máis singulares. Entre as medidas levadas a cabo para atallar este problema destacan: ningunha (63,22%), queixarse ao causante (22,78%), denunciar o feito (11,26%) e insonorizar a vivenda (10,62%).

En relación aos problemas de ruído, o 41,56% consideran que regular o nivel de emisión do ruído permitido sería unha solución axeitada; o 29,57% non ten ningunha medida; o 23,16% propón trasladar as actividades molestas que orixinan o ruído; o 18,69% construír barreiras acústicas; e o 17,31% crear circunvalacións afastando o tráfico non urbano.

Os fogares con problemas de cheiros acadan o 9,79%, dos cales, o 48,56% manifesta que a frecuencia coa que o sofre é algunhas veces; o 37,54% a miúdo; e o 13,90% restante manifesta telo a diario. As causas máis salientables derivan da canalización ou saneamento (40,81%); das industrias (alimentarias, conserveiras, talleres,...) nun 22,87% e das explotacións agrogandeiras (21,47%). En canto ás medidas levadas a cabo, destaca o 74,46% que manifesta que ningunha; o 7,69% denuncian o feito; o 7,62% quéixanse ao causante e o 6,02% limpan a zona.



Ilustración 83. Nivel de satisfacción coa vivenda (2015)

En relación ao nivel de satisfacción da cidadanía coa paisaxe da súa contorna, estes son os resultados:

O 39,97% manifesta que non teñen ningún impacto negativo na paisaxe da súa contorna; o 26,82% apunta ás edificacións ruinosas como a causa principal de impacto; o 23,79% ao abandono da terra; o 21,46% ao estado da urbanización na súa contorna (pavimento, mobiliario urbano, graffiti,..) e o 20,89% aos cableados aéreos (electricidade, telefonía...). O grao de satisfacción coa paisaxe da contorna exprésase nas seguintes gráficas (Ilustración 84-86).



Ilustración 84. Grao de satisfacción (%) coa paisaxe da contorna (2015)

Segundo o tamaño do concello e tipo da contorna:



Ilustración 85. Grao de satisfacción coa paisaxe por tamaño do concello (%)



Ilustración 86. Grao de satisfacción (%) coa paisaxe segundo tipo de paisaxe

CONCLUSIÓNS/ASPECTOS QUE DEBEN TERSE EN CONTA:

- No que se refire ao acceso aos servizos públicos nun tempo de 15 minutos, é destacable que máis do 60% dos fogares ten a menos de 15 minutos a pé o centro de saúde, o centro de educación infantil e primaria, a farmacia, a parada de bus, a tenda de comestibles e o servizo bancario; mentres que baixan as porcentaxes para os servizos da estación do tren e dos centros públicos de gardería, ESO, FP e bacharelato.

- Se ao acceso a pé lle engadimos a dispoñibilidade de transporte público, máis do 97% das vivendas dispoñen dun centro de saúde ou ambulatorio; máis dun 88% teñen accesible neses termos, os centros públicos de educación infantil e primaria; superan o 84% os que teñen acceso a centro públicos de ESO; máis do 83% teñen farmacia, parada de bus e tenda de comestibles; superan o 74% as vivendas con acceso a centro públicos de gardería e bacharelato. E quedan, na derradeira posición cun 48,42%, as vivendas con acceso a pé ou en transporte público e nun tempo de 15 minutos, á estación de tren.

- Incremento das vivendas ou apartamentos en edificios de 10 ou máis vivendas, o que supón unha concentración da poboación en zonas/áreas urbanas.

- Envellecemento do parque de vivendas que pon de manifesto a potencial demanda de servizos, rehabilitación ou acondicionamento.

- Incremento, en case 8 puntos, da superficie nas vivendas de mais de 120 m^2, no período 1999-2015, que se atribúe á vivenda unifamiliar independente ou vivendas unifamiliares acaroadas, mentres que o 43% das vivendas en 2015 incluíanse no tramo de 60 m^2 a 90 m^2.

- O réxime de tenza en propiedade da vivenda é o maioritario, xa que supera o 80% (España 77,3% e UE28 70,1%); territorialmente Lugo e Ourense superan en máis de 10 puntos á Coruña e Pontevedra. Porén, máis do 59% manifestan que son unha carga pesada os gastos totais que xera a vivenda pero aínda así, máis do 88%, manifesta estar satisfeito ou moi satisfeito coa súa vivenda.

- Incremento das condicións de accesibilidade (máis de 15 puntos) coa instalación de ascensor e de confort (máis de 30 puntos entre 1999 e 2015), fundamentalmente en instalación de calefacción.

- Uso preferente de propano/butano no servizo de auga quente e de gas natural no servizo de calefacción. O emprego de enerxías limpas nas vivendas segue a ser minoritario polo que cómpre persistir nas políticas, tanto orientadas a eficiencia enerxética como á utilización de fontes de enerxía renovables.

- En 2015, máis do 90% dos fogares dispoñen de frigorífico, lavadora, forno, teléfono móbil e televisor; máis do 80%, microondas; séguenlle o teléfono fixo e o lavalouza cun 43,50%; e, por detrás deles, a secadora cun 23,31%.

- Máis do 79% das vivendas dispoñen de coche para uso persoal e o 60,98% de praza de garaxe cuberta. Por provincias, Pontevedra sustenta a ratio máis alta na disposición de coche (81,29%) mentres que Ourense ten a máis baixa (75,35%); en canto ás prazas de garaxe, Lugo lidera a porcentaxe de vivendas que dispoñen dela (68,57%) e a máis baixa é Ourense (55,68%).

- Os problemas nas vivendas máis reiterados son as humidades, as deficiencias de illamento térmico ou acústico e os ruídos; menor incidencia teñen a falta de espazo e as deficiencias no subministro de auga ou nas instalacións. Aínda así, apúntase unha mellora das construción, pois tanto as humidades como o illamento baixaron ao redor de 10 puntos no período 1999-2015, mentres que os ruídos acadou unha baixada de 7 puntos entre o 2010-2015.

- No mesmo período, houbo un incremento en case todos os servizos exteriores á vivenda, destacando a recollida selectiva do lixo, que superou os 42 puntos, do 36,75% en 1999 a 79,50% en 2015.

- No que atinxe ás deficiencias na contorna da vivenda, a enquisa pon de manifesto que a iluminación, estado das beirarrúas e acceso para persoas con discapacidade son os problemas que máis preocupan cun 43,71%, seguidos dos servizos de transporte, cun 37,57%; as deficiencias no mobiliario urbano cun 27,43%, e a escaseza de centros culturais/sociais ou de ocio públicos, cun 26,65%.

- No que se refire aos problemas nas vivendas por ruídos e cheiros, o 14,34% dos fogares manifestan ter problemas de ruído, dos cales, máis do 95% proceden do tráfico terrestre e dos veciños; superan o 53% aqueles que o padecen a diario e só un 22,78% tomaron algunha medida ou formularon unha queixa. O resto considera que é a Administración a que ten o deber de regular os niveis de emi-

sión de ruídos (41,56%), así como a obriga de trasladar as actividades que os xeran (23,16%).

- Os problemas de cheiros son menos significativos: o 9,79% manifesta ter problemas de cheiros na súa vivenda, provenientes principalmente da canalización ou saneamento (40,81%), industrias (22,87%) e explotacións agrogandeiras (21,47%). Só o 8% dos afectados denuncian o problema.

- Por último, coñecer o grao de satisfacción da cidadanía en relación á paisaxe ofrece unha visión do grao de aceptación do conxunto das accións sobre o territorio e os seus ámbitos de desenvolvemento. En xeral, o grao de satisfacción coa paisaxe da contorna propia é moi alto e acadan máis dun 86% os que manifestan estar satisfeitos ou moi satisfeitos, sen que existan diferenzas significativas se atendemos ao tamaño poboacional do concello ou á caracterización da contorna (urbano, rural, rururbano).

- A maioría dos impactos negativos na paisaxe suscítanse polas edificacións ruinosas (26,82%), seguidos do abandono da terra (23,79%), o estado deficiente da urbanización (21,46%) e os cableados aéreos (20,89%).

- Da análise deste datos tamén se desprende que, nos concellos de menos de 10.000 habitantes, o maior impacto negativo na paisaxe é o abandono da terra, que supera o 42%, seguido das edificacións ruinosas (35,20%); pola contra, nos concellos de máis de 50.000 habitantes manifestan que a circulación e os aparcadoiros de vehículos son os que causan maior impacto, cun 25,60%, seguido das edificacións ruinosas (22,65%) e do estado da urbanización (pavimento, mobiliario urbano, *graffiti*,...), cun 20,54%.

- Se a análise se fai atendendo á caracterización da contorna da vivenda (urbano, rural e rururbano), a percepción dos impactos negativos coinciden tanto nos concellos no rural de menos de 10.000 habitantes como en ámbitos urbanos, en concellos de máis de 50.000.

3. Desenvolvemento da Lei da paisaxe de Galicia

O Convenio Europeo da Paisaxe, adoptado en Florencia o 20 de outubro de 2000 e ratificado por España o 6 de novembro de 2007, ten como obxectivo promover a protección, xestión e planificación da paisaxe, así como a organización e cooperación europea neste ámbito.

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, conforme ás disposicións do Convenio Europeo da Paisaxe, ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia. Con tal fin, establece os seguintes instrumentos para o seu desenvolvemento e aplicación: o Catálogo das paisaxes de Galicia; as Directrices de paisaxe de Galicia, os Estudos de impacto e integración paisaxística e os Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio puxo en marcha no ano 2011 a Estratexia da paisaxe galega para a posta en valor, protección e recuperación da paisaxe. No ano 2014 incluíuse a elaboración do Atlas das Paisaxes de Galicia.

Convenio Europeo da Paisaxe

Lei 7/2008, da paisaxe de Galicia



Estratexia da paisaxe galega

Catálogo das paisaxes de Galicia	Decreto 119/2016, do 28 de xullo
Directrices de paisaxe de Galicia	Documento ambiental estratéxico

O Catálogo das paisaxes de Galicia

O Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado por Decreto 119/2016, do 28 de xullo (DOG do 25.08.2016), é un documento de carácter técnico que aborda a primeira etapa do proceso de planificación da paisaxe, consistente na súa análise e diagnose, e serve de base para a elaboración posterior das Directrices de paisaxe de Galicia.

O conxunto do Catálogo e das Directrices de paisaxe constituirá o Atlas das Paisaxes de Galicia, que dará soporte aos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística, así como aos Estudos de impacto e integración paisaxística e aos informes sectoriais en materia de paisaxe.

Un obxectivo adicional do Catálogo, contemplado na Estratexia Galega da Paisaxe, é a concienciación e sensibilización da sociedade, así como a posta en valor da paisaxe galega, contribuíndo a unha cultura e coñecemento da poboación sobre a paisaxe.

O proceso de elaboración do Catálogo foi guiado por unha serie de criterios ou directrices xerais, que se resumen en:

1. Coherencia cos instrumentos de ordenación e xestión territorial
2. Simplicidade
3. Transparencia
4. Xustificación científica
5. Participación pública
6. Consideración do patrimonio cultural
7. Aplicación de novas tecnoloxías

En canto ao contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, este inclúe:

a) A identificación dos diferentes tipos de paisaxe e a delimitación das unidades de paisaxe presentes en cada área, entendidas como ámbitos territoriais con valores paisaxísticos homoxéneos e coherentes.

b) Un inventario dos valores paisaxísticos presentes en cada área paisaxística.

c) A identificación e delimitación de determinadas zonas xeográficas como Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP), en atención aos valores naturais e culturais alí presentes.

d) A identificación de Ámbitos de Especial Atención Paisaxística (AEAP), en atención ao seu estado de deterioración e á necesidade de medidas de intervención e protección.

e) Unha análise de visibilidade para identificar as zonas de maior exposición visual e as de maior potencial de vistas.

f) Unha análise das causas que determinaron a existencia deses tipos de paisaxe.

g) Unha diagnose do estado actual da paisaxe en cada área paisaxística.

Como base para a estruturación do Catálogo partiuse do Mapa deGrandes Áreas Paisaxísticas de Galicia, que divide o territorio galego en 12 grandes áreas e 50 comarcas paisaxísticas.



Ilustración 87. Mapa de grandes áreas paisaxísticas de Galicia

A primeira etapa da metodoloxía consistiu na definición dos tipos de paisaxe e na delimitación das unidades de paisaxe. Aplicouse un método semiautomático de análise espacial e estatística, baseado na combinación de mapas de relevo, ocupación do solo e bioclima.

Posteriormente, e dada a estreita vinculación entre a paisaxe e o patrimonio cultural, as unidades de paisaxe caracterizáronse en función do patrimonio cultural coñecido.

O inventario de valores paisaxísticos foi abordado dende tres frontes. Nunha primeira aproximación, elaborouse a cartografía de valores paisaxísticos inventariados mediante a recompilación e análise de información xeográfica xa existente, así como a través da elaboración ou xeorreferenciación de fontes documentais ou inventarios publicamente accesibles. Esta información foi revisada e complementada por dúas vías: o panel de expertos e o proceso de participación pública.

Como se mencionou anteriormente, un dos principais produtos do Catálogo é a delimitación de Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP), definidas como aquelas zonas xeográficas nas que concorren diversos e notables valores paisaxísticos. Os criterios para esta delimitación tiveron, tamén neste caso, unha tripla orixe: a preselección de lugares de interese paisaxístico polo equipo técnico a partir de múltiples fontes, a identificación destes lugares pola cidadanía durante o proceso de participación pública e a análise e superposición dos mapas de valores paisaxísticos.Unha análise incluída a maiores no Catálogo foi a determinación das zonas de visibilidade estratéxica, tanto das zonas de maior exposición visual, nas que as actuacións sobre o territorio terán un maior impacto na paisaxe percibida habitualmente pola poboación, como das zonas de maior potencial de vistas, caracterizadas por ser o lugar de orixe de vistas de calidade e/ou de amplas extensións do territorio.

Finalmente, a análise das relacións entre as características territoriais e socioeconómicas de cada grande área e os tipos de paisaxe existentes nelas, combinada coa caracterización dos valores paisaxísticos de cada unha delas, levou á diagnose da orixe e estado actual das paisaxes máis representativas da área.

Como resultado, o Catálogo das paisaxes de Galicia inclúe 28.350 unidades de paisaxe pertencentes a 258 tipos de paisaxe diferentes, resultantes da combinación das 5 clases de rexións xeomorfolóxicas, 12 clases de patrón espacial ou uso de cuberta do solo e 5 clases de termotipos; 211 Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) e sete tipos de Ámbitos de Especial Atención Paisaxística (AEAP).

As Directrices de paisaxe de Galicia

O artigo 10 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia define as Directrices de paisaxe como as determinacións que baseadas nos catálogos da paisaxe definen e precisan para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden alcanzar. Estes obxectivos deben expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e ao grao de compromiso da colectividade na protección das nosas paisaxes, polo que se determinarán mediante un proceso de participación pública.

Os contidos das Directrices de paisaxe son establecidos no artigo 10 da Lei de protección da paisaxe de Galicia, que no seu punto 3 indica que este documento incluirá:

"a) A definición dos obxectivos de calidade paisaxística para cada unidade de paisaxe.

b) Unha proposta de medidas e accións específicas para acadar os obxectivos de calidade e de recuperación daquelas áreas nas que existen ámbitos degradados.

c) Unha descrición dos indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e da evolución das unidades de paisaxe.

d) Unha serie de normas e recomendacións para a definición dos plans urbanísticos e sectoriais e das estratexias rexionais ou locais encamiñadas a un desenvolvemento sostible do territorio, co fin de integrar neles os obxectivos de calidade paisaxística."

Unha vez concluído o proceso de participación pública do Catálogo das paisaxes de Galicia, retomouse o programa de participación cidadá orientado á elaboración das Directrices de paisaxe.

O resultado deste proceso deu lugar á definición dos obxectivos de calidade paisaxística (OCP). Estes obxectivos, de carácter xeral e particular, enúncianse para as Áreas de especial interese paisaxístico (AEIP), para os Ámbitos de especial atención paisaxística (AEAP), para distintos elementos caracterizadores da paisaxe como infraestruturas, parques eólicos, elementos patrimoniais, sendas ou camiños históricos, miradoiros e puntos de observación, así como para as grandes áreas paisaxísticas e as unidades de paisaxe.

A partir destes OCP definíronse as Directrices de paisaxe destinadas a integrar estes obxectivos nas políticas sectoriais. O carácter destas directrices é vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística.

Por último, o documento fai unha proposta de indicadores para o seguimento dos obxectivos de calidade paisaxística. A calidade dunha paisaxe estímase en base ao aproveitamento que se fai da mesa, é dicir, da función que cumpre (Washer, 2004). Antes de analizar a función dunha paisaxe é preciso definir a súa composición e estrutura; por este motivo téñense desenvolto unha serie de métricas espaciais (McGarigal et al., 2002) que son amplamente utilizadas para atopar relacións entre a estrutura e composición das paisaxes e as súas funcións (Uuemaa et al., 2013).

O número total de obradoiros realizados foi de 64; 50 corresponden a cada unha das comarcas paisaxísticas e 14 complementarios son froito do interese das administracións locais e asociacións. Participaron 776 persoas cun perfil moi variado: un 35% dos participantes corresponde a persoal da Administración, tanto técnico como político; un 30% con membros de asociacións; o 13% con representantes de empresas ou profesionais, e o 21% a outros perfís.

En canto á avaliación de satisfacción dos obradoiros: o 86% dos asistentes valoraron en termos xerais o obradoiro como "moi ben" ou "ben". En relación á pregunta sobre a importancia deste tipo de procesos de participación pública, o 93% consideraron como "moi importante" ou "bastante importante" contar como procesos de debate público. Así mesmo, o 87% confirmaron o seu interese en asistir en caso de celebrar un novo obradoiro.

Na plataforma web, onde as actividades incluídas foron unha enquisa fotográfica e un Sistema de Información Xeográfica para a participación pública, o número de participantes foi de 882 persoas.

A partir da enquisa fotográfica, que foi cuberta 988 veces, calculouse un índice de satisfacción coa paisaxe actual para cada tipo de paisaxe en cada comarca paisaxística. A través do visor xeográfico os participantes valoraron 948 escenas paisaxísticas predeterminadas, correspondentes a exemplos representativos dos tipos de paisaxe identificados no Catálogo das paisaxes de Galicia, e localizaron e valoraron outras 1.254 escenas, en total 2.202 escenas. Para estas escenas seleccionaron 25.616 medidas de protección, xestión e ordenación da paisaxe entre as propostas e propuxeron 1.399 novas medidas. A partir de todas estas medidas calculouse un índice

de intervención desexada para cada tipo de paisaxe e elemento paisaxístico.

A partir do índice de satisfacción e do índice de intervención desexada na paisaxe obtido para cada tipo de paisaxe definiuse un escenario de planificación para esa comarca, atendendo ao gráfico que se achega (Ilustración 88).

Ilustración 88. Proceso da planificación segundo os índices de satisfacción e intervención.

A definición dun tipo de escenario ou doutro determina a redacción dos obxectivos de calidade paisaxística para cada unidade de paisaxe e grande área paisaxística.



Ilustración 89. Directrices da paisaxe de Galicia.

Os resultados indican unha clara preferencia polos tipos de paisaxe máis naturais (ríos e bosques) e algúns tipos de paisaxes agrícolas (especialmente viñedos, prados e pastos), mentres que as paisaxes nas que poboación considera máis necesario intervir son as correspondentes a actividades extractivas e a edificacións diseminadas recentes (Ilustración 90 e Ilustración 91).

Por outra parte, a avaliación das medidas propostas para a xestión da paisaxe, realizada a partir dos resultados de 1.451 cuestionarios, indica na maior parte dos casos unha preferencia da poboación por intervir ou regular as actividades ou actuacións con incidencia na paisaxe. Entre estes datos destaca o 79% da poboación que está totalmente de acordo con limitar as actividades mineiras, o 74% que apoia totalmente a protección dos bosques e espazos naturais, o 66% que está totalmente de acordo con limitar encoros e centrais hidroeléctricas, o 63% que o está con conservar a estrutura parcelaria tradicional e o patrimonio cultural e o 62% con dar prioridade a integración paisaxística das infraestruturas.



Ilustración 90. Índice de satisfacción segundo tipo de paisaxe



Ilustración 91. Índice de satisfacción segundo tipo de paisaxe

Sistema de información xeográfica colaborativo de imaxes da paisaxe galega

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio puxo en funcionamento o SIX Colaborativo de Imaxes da Paisaxe Galega destinado a poñer en valor as paisaxes de Galicia e proporcionar un repositorio de información útil para a xestión da paisaxe (Ilustración 92).



Ilustración 92. URL do SIX: http://mapas.xunta.gal/visores/imaxespaisaxe/

Con este sistema crearase un repositorio de información gráfica e documental sobre a paisaxe galega, que resultará de grande utilidade para a xestión e planificación da paisaxe, xa que facilitará:

- A análise das dinámicas paisaxísticas e das causas que deron lugar aos diferentes tipos de paisaxe. O obxectivo é que os cidadáns envíen non só imaxes actuais, senón tamén fotografías históricas, o que permitirá o emprego da "fotografía comparativa", unha técnica habitual en estudos paisaxísticos, consistente na confrontación de imaxes históricas (fotografías, pinturas, gráficos etc.) coa vista actual para analizar as transformacións da paisaxe.

- A valoración da paisaxe, co fin de identificar lugares de especial interese a protexer ou ámbitos degradados nos que levar a cabo actuacións de recuperación e mellora (Ilustración 93).

- A caracterización da paisaxe, xa que o usuario pode indicar o principal valor que, na súa opinión, posúe a paisaxe representada na fotografía (natural, ecolóxico, cultural, patrimonial, perceptivo, panorámico ou de uso). A partir destes datos poderá analizarse o carácter e os valores paisaxísticos de cada unidade de paisaxe, de xeito similar á análise de valores paisaxísticos por tipo de paisaxe realizada no Catálogo das paisaxes de Galicia, o cal resulta fundamental para determinar a forma en que debe ser xestionada a paisaxe.

Deste xeito, as achegas da cidadanía contribuirán a unha mellor gobernanza da paisaxe, facendo participe á sociedade na elaboración e revisión dos instrumentos de protección, xestión e planificación da paisaxe establecidos na Lei de protección da paisaxe de Galicia.

A importancia deste sistema e da información achegada polos cidadáns deriva da propia definición de paisaxe, establecida no Convenio Europeo da Paisaxe como "unha parte do territorio tal e como é percibida pola poboación". En resumo, trátase non só dun repositorio gráfico sobre paisaxe senón tamén dun sistema que proporcionará datos para a análise da evolución histórica e o seguimento das dinámicas paisaxísticas actuais, con información de gran relevancia para a xestión e planificación da paisaxe. Todo isto incorporando a valoración e a percepción da paisaxe por parte da sociedade, tal e como se establece no Convenio Europeo da Paisaxe.



Ilustración 93. Imaxe do SIX Colaborativo de Imaxes da Paisaxe Galega

Guías de boas prácticas para a integración paisaxística

Ao longo destes anos, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten desenvolvido distintas guías de integración paisaxística co obxectivo de dotar outros departamentos da Xunta de Galicia, os municipios, e os técnicos en xeral, de manuais de boas prácticas que acaden una mellor xestión integrada do territorio e a nosa paisaxe.

Enmarcadas na liña da sensibilización, formación e divulgación da paisaxe, de acordo co recollido nas DOT, no POL e na Estratexia da paisaxe galega, elaboráronse diversas guías de integración paisaxística relativas á metodoloxía de elaboración dos Estudos de impacto e integración paisaxística, establecementos de acuicultura litoral, intervención nos núcleos rurais ou sistemas praia duna. Na actualidade estase rematando unha sobre valados e peches no medio rural.

Ilustración 94. Guías de integración paisaxística

Guía de cor e materiais

Enmarcado na Estratexia da paisaxe galega, a Xunta de Galicia asinou en xuño un convenio co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a elaboración da Guía de cor e materiais, coa que se pretende dotar á Comunidade dunhas directrices técnicas, científicas e obxectivas para o emprego da cor e os materiais nos revestimentos arquitectónicos.

É unha iniciativa que trata de afondar na protección e mellora da paisaxe construída mediante o establecemento do marco necesario para que as construcións se integren axeitadamente na súa contorna, tendo en conta o feito de que tanto a cor como os materiais das edificacións inciden de forma directa na composición da paisaxe.

O convenio deu lugar á formación de seis equipos que desenvolveron o traballo para as 12 grandes áreas paisaxísticas. Este traballo inclúe unha análise da gran área e a descrición da metodoloxía empregada e a proposta de cores e materiais que incorpora fichas coas propostas de cartas de cores e materiais para cada comarca paisaxística e cada ámbito: núcleos de poboación, construcións en solo rústico e polígonos industriais.

Neste momento, estase a analizar a documentación entregada para integrar toda Galicia nun documento único que servirá de base para levar a cabo un proceso de diálogo e consulta cos diferentes colectivos, axentes socioeconómicos e administracións interesadas, co fin de recibir as súas achegas e suxestións. Considérase imprescindible continuar o proceso de participación cidadá posto en marcha co Catálogo e Directrices de paisaxe, o cal permitirá definir o alcance normativo desta guía e que, en todo caso, constituirá un documento aberto a novos materiais, cores e técnicas.

Informes en materia de paisaxe

A protección e fomento da mellora da paisaxe introduce maiores cautelas sobre a actividade desenvolvida no territorio susceptible de causar impactos paisaxísticos. A integración destes obxectivos en normas como a de avaliacion ambiental estratéxica e a Lei do solo obriga a ter en conta o valor da paisaxe de xeito que as modificacións sexan coherentes cos valores paisaxísticos inherentes ao lugar no que se actúa e non se produzan impactos negativos.

O Instituto de Estudos do Territorio, que desempeña as competencias en materia de paisaxe, neste último ano informou 523 expedientes, dos cales 234 emitíronse en aplicación do POL, 113 no procedemento de avaliación de impacto ambiental, 96 en aplicación do previsto no procedemento de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas e 80 responderon a consultas derivadas doutras normas (Ilustración 95).



Ilustración 95. Informes en materia de paisaxe (2014-2016)

4. Conclusión

O seguimento da sustentabilidade territorial de Galicia

As Directrices de ordenación do territorio de Galicia, na súa determinación 10.1.19, establecen que a Xunta de Galicia impulsará un sistema de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial co obxectivo de emprender unha xestión dinámica do territorio.

Para estes efectos, mediante o Decreto 156/2012, do 12 de xullo, creouse a Comisión de Seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia como órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nas súas actuacións. Esta comisión é a responsable de desenvolver e adaptar o sistema de indicadores ou métodos para o seguimento que permiten coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre as ditas variables e, por outra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada variable.

A comprobación da coherencia dos resultados con estes obxectivos precisa dunha metodoloxía que sexa quen de avaliar os efectos producidos polas diferentes políticas e actuacións sobre o territorio. Con este obxectivo deseñouse o PSST que actúa a través de tres instrumentos: o seguimento dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, os indicadores de sustentabilidade territorial e a EPTU.

A implementación dos indicadores segue a completarse neste informe co fin de abarcar progresivamente o conxunto de determinacións das que emana o seguimento das DOT. A evolución destes indicadores, irá mostrando a coherencia coa tendencia explicitada para cada un deles, en virtude das que concreten os diferentes instrumentos que en desenvolvemento das DOT se aproben, como é o caso do Plan de ordenación do litoral. No caso de que a evolución sinale unha distorsión coa tendencia de referencia será preciso actuar para a corrección da desviación a través das políticas sectoriais da Administración Autonómica.

No Anexo I recóllese a relación entre as determinacións e obxectivos das DOT e os distintos indicadores, así como unha táboa resumo da evolución dos indicadores do PSST.

No Anexo II inclúese a relación dos Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI) incluídos no PSST. A súa análise permite avaliar en que medida as administracións están a cumprir cos compromisos derivados das determinacións das DOT no ámbito das súas competencias. É dicir, deben dar resposta aos compromisos que a Comunidade Autónoma se impón no desenvolvemento dos seus instrumentos de planificación territorial.

No período de tempo transcorrido dende a emisión do segundo informe, cabe subliñar algunhas cuestións relevantes, como a aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia, elaborado polo Instituto de Estudos do Territorio; un documento de carácter técnico que aborda a primeira etapa do proceso de planificación da paisaxe, consistente na súa análise e diagnose, e que serve de base para as Directrices de paisaxe, xa na súa última fase de elaboración. O conxunto do Catálogo e as Directrices de paisaxe dará soporte aos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística, así como aos Estudos de impacto e integración paisaxística e aos informes sectoriais en materia de paisaxe.

No eido da planificación, 33 concellos en Galicia teñen adaptado o seu plan urbanístico ás DOT, o que supón máis do 15,5% da súa poboación e o 9,8% da súa superficie. Neste último ano aprobáronse 11 novos PXOM, o maior número dende 2011 e que supón un incremento superior ao 115% respecto á taxa rexistrada no período correspondente ao Informe anterior (5,1 PXOM/ano). Por outra banda, ata 182 concellos están tramitando o seu plan xeral, un 58% da totalidade dos municipios, que en termos de poboación supón un 47,6% e un 59,2% da superficie galega. Resumindo, 215 concellos, que constitúen o 63% da poboación e o 68% da superficie da Comunidade teñen o seu planeamento adaptado ás DOT ou en elaboración.

O Anexo III contén os indicadores de sustentabilidade territorial (IST). No primeiro informe sentouse a base conceptual e o punto de partida para o desenvolvemento deste sistema de avaliación e recolleuse o estado actual de cada un dos aspectos que avalían os indicadores de sustentabilidade territorial.

Desde a aprobación das DOT transcorreron cinco anos, lapso insuficiente para avaliar con rigor a evolución dalgúns indicadores, aínda que cabe subliñar algunhas cuestións que permitirán a obtención de conclusións en relación ás tendencias observadas sobre variables como a funcionalidade dos ecosistemas naturais, metabolismo urbano, mobilidade, cohesión social ou paisaxe.

Segundo isto, na terceira edición do PSST, aínda que sen a perspectiva suficiente en moitos casos, algúns indicadores amosan valores e tendencias, que cómpre subliñar, ben polo que significan como reflexo dunha evolución cara á sustentabilidade, ou ben, para pular pola mellora das condicións reflectidas. Trátase de analizar esas evolucións, que nuns casos ratifican procesos coñecidos, e noutros demandan unha especial atención cara a despregar políticas e instrumentos sectoriais orientados á consecución do modelo territorial recollido nas DOT; neste senso, cómpre salientar os seguintes aspectos relativos a:

Consumo eficiente de solo:

A necesaria racionalidade no consumo de solo como recurso finito e non renovable precisa da avaliación de indicadores como o Índice de saturación, que pon en relación a superficie de solo que o planeamento recolle como xa transformada ou suxeita a futuros desenvolvementos urbanísticos fronte a superficie total. En Galicia este índice acada o 8,5%, o que significa que máis do 90% da superficie queda ao marxe de iniciativas de transformación urbana.

A ocupación do solo pola edificación tamén rexistra valores moi moderados, menos do 1% da superficie total, unha situación que debería estabilizarse mediante iniciativas que promovan a rehabilitación, reforma e renovación fronte a actuacións que demanden maior consumo de solo.

Os plans urbanísticos que se elaboran baixo os criterios das DOT e da Lei do solo deben pular por unha planificación dos usos do solo acorde coa súa capacidade de acollida e a súa potencialidade produtiva, residencial, económica etc. e que propicien unha maior cohesión social a partir da planificación dos usos, servizos e equipamentos.

Autosuficiencia dos fluxos metabólicos

Diminución das emisións Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) en Galicia. Os datos de emisións de GEI debuxan unha curva na que o ano 2012 é o punto de inflexión e o inicio do descenso das emisións, liña que suaviza a súa pendente no período 2013-2014 ata acadar a cifra de 27.114 CO_2-eq (kt). Isto supón unha redución superior ao 12% en dous anos, o que sitúa esta Comunidade na senda de cumprimento do obxectivo europeo para 2020 (40% de redución respecto dos niveis de 1990).

Mellora da eficiencia no consumo de enerxía a través da redución da intensidade enerxética, medida como a cantidade de enerxía necesaria para a creación de riqueza, en coherencia cos obxectivos establecidos pola Comisión Europea que fixan un incremento do 27% para 2020.

Aumento do consumo de enerxía primaria procedente de fontes renovables nun 23% en 2013 que supera os niveis marcados polo Plan de Enerxías Renovables (PER).

Aumento do consumo final bruto de enerxía obtida a partir de fontes renovables que se reflicte na liña crecente, e sempre superior ao obxectivo do 20% para o ano 2020 (no ano 2013 Galicia acadou o 36,4%).

Nesta mesma tendencia crecente de utilización das enerxías renovables cabe situar o consumo final bruto de electricidade obtida a partir destas fontes; no ano 2013 Galicia acadou 17.281 GWh/ano superando as cifras de anos anteriores.

A evolución do consumo de biocombustibles no transporte terrestre marca unha tendencia ascendente en coherencia cos obxectivos fixados. En Galicia acadouse unha porcentaxe superior ao 3,9% fixado para o ano 2013.

En relación á situación do ciclo hídrico, destaca a mellora da calidade das augas de baño, que se reflicte aumentando as de cualificación ‘excelente’ ou ‘boa’ nun 3% entre os anos 2011 e 2015 ata representar o 86% do total.

Mellor xestión dos residuos, reflectido na redución da xeración de residuos urbanos nun 4% dende a aprobación das DOT e no incremento entre 2011 e 2015 dun 22% da poboación con acceso aos puntos limpos, ata acadar o 88% neste último ano.

Funcionalidade dos ecosistemas

Mellora da funcionalidade dos ecosistemas naturais que se sustenta sobre as máis de 360.000 ha que se engaden aos espazos protexidos que contan con un instrumentos de ordenación, o que supón un incremento superior ao 600% con respecto ao ano 2013. A planificación, ordenación e xestión dos espazos naturais redunda nunha mellora destes ecosistemas e, consecuentemente, nos múltiples beneficios ambientais e sociais que delas se derivan.

A delimitación de novos corredores, iniciada nos concellos litorais de acordo aos obxectivos sinalados no POL, son exemplos que se deben seguir para mellorar a conectividade entre os espazos naturais de maior valor favorecendo a dispersión das especies e a biodiversidade.

O estudo da conectividade ecolóxica a partir da facilidade que as distintas coberturas, o tamaño destas e a súa distribución para a dispersión das especies no territorio sinala que Galicia ten un alto índice de conectividade en áreas das serras orientais e surorientais, mentres que é baixo nas comarcas que albergan as áreas metropolitanas do Eixo Atlántico.

Redución continuada dos incendios entre 2011 e 2014, tanto no que se refire ao seu número como á superficie queimada. A perda de biodiversidade, erosión do solo ou inundacións son, xunto cos riscos para a poboación e as perdas económicas, efectos que deben combaterse de xeito decidido, traballando para que sexa mínima a incidencia dos incendios.

Valorización do patrimonio humano

As estratexias de valorización do patrimonio cultural que sinalan as DOT móstranse nos valores dos indicadores definidos, tanto no que se refire á novas declaracións de elementos protexidos como á intervencións nestes elementos. Cinco novos BIC, que totalizan 714, e un novo Plan especial de conxunto histórico, para Ferrol Vello, súmanse ás máis de 7.600 actuacións sobre os bens patrimoniais, un 12% máis que en 2013.

Cohesión social e diversidade

Demografía. Os datos relativos á poboación, tanto de variación como de densidade, seguen a reflectir o problema demográfico de Galicia que leva consigo desequilibrios territoriais por coexistir espazos onde se continúan dando procesos de densificación con outros nos que predomina o abandono humano, socioeconómico e paisaxístico.

A información analizada continúa mostrando unha dualidade costa-interior. Os concellos do ámbito POL –onde se concentra o 57% da poboación galega– aínda mantiveron un lixeiro crecemento poboacional na última década (1,1%) pero tamén se está invertendo a tendencia (-1,2% e -0,4% no último quinquenio e no último ano).

A distribución espacial do crecemento tampouco mostra coherencia coas expectativas formuladas polas DOT, que propugnaban a necesidade de consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades, xa que tamén se está perdendo poboación neses termos municipais. Neste sentido, é moi ilustrativo o feito de que durante o período 2005-2015 só creceron a metade dos concellos do Sistema urbano intermedio (SUI) e catro dos 26 Nodos para o equilibrio do territorio (NET) existentes.

Desenvolvemento das novas tecnoloxías da telecomunicación contribuíndo a mellorar a calidade de vida da poboación e a competitividade do sector empresarial. Esta evolución evidénciase no incremento tanto da porcentaxe de poboación como dos núcleos con acceso ás novas tecnoloxías da información (TIC). O indicador *Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais* está relacionado co obxectivo de acadar a cohesión territorial con medidas e accións encamiñadas a garantir un rango de infraestruturas de telecomunicacións equiparable ao das contornas urbanas.

No período 2010–2015 a porcentaxe de poboación con cobertura de banda larga pasou do 78% a máis do 98%. No que se refire aos asentamentos de poboación con cobertura, no ano 2010 eran menos do 50% e no ano 2015 superan o 97%.

Sector primario. O sector gandeiro, a principal actividade económica no medio rural galego e a que máis contribúe a fixación de poboación no territorio, segue unha tendencia decrecente tanto en número de explotacións como no emprego, particularmente derivado do subsector vacún (58% das UG totais). Porén, o número de vacas por explotación experimentou un lixeiro incremento en 2014 nas provincias da Coruña, Lugo e norte de Pontevedra.

É destacable a escasa presenza dos subsectores equino, ovino e caprino en Galicia, especies cunha importante capacidade de aproveitar os recursos pastícolas nas zonas menos produtivas.

Segue a reducirse a superficie ocupada por prados e pasteiros mentres que os cultivos forraxeiros manteñen unha tendencia crecente. Isto indica a intensificación do sistema de produción e posiblemente a dificultade de acceso á terra que atopan os gandeiros.

Outros cultivos como o viñedo só teñen unha presenza significativa en Pontevedra e Ourense. Ao viñedo síguelle as froiteiras e o castiñeiro a especie máis relevante en Ourense.

A *Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas do INE – IGE.* Reflicte, xunto a certa caída do emprego total, un incremento sostido do emprego asalariado fronte o familiar, o cal vai en consonancia co redimensionamento das explotacións que está a acontecer no sector.

Relacionado co este proceso está a diminución da superficie baixo o réxime de propiedade, o máis representativo en Galicia, que se mantén desde 1999 ata 2013 e simultaneamente un importante crecemento do arrendamento, a parcería e outros réximes de tenza ou do uso da terra.

Un dato que pode pode significar un maior grao de *resiliencia* do territorio rural galego e do proceso de reestruturación no que está inmerso é o aumento do número de mulleres titulares de explotacións, como o reflicte *a Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas,* pasando do 51,4% en 2003 o 56,1% en 2013.

A acuicultura en Galicia é ademais dunha actividade de profunda pegada cultural e na paisaxe unha fonte de recursos moi importante para a súa economía. O indicador de Especialización acuícola no ano 2015 analiza as producións do sector e reafirma o maior peso dos bivalvos, entre os que destaca o mexillón, que representa o 94,8% da produción acuícola mariña e o 60,25% do valor económico deste sector.

Porén, o sector pesqueiro transluce perdas no número (3,2%) e tamaño (9,3%) dos buques con porto base en Galicia, dos cales máis dun terzo pertencen á zona administrativa de Arousa.

No sector servizos destaca a tendencia alcista da oferta, da demanda e do índice de poboación turística, que poñen de manifesto a recuperación desta actividade económica en Galicia. Ademais, aumentou o peso dos turistas procedentes de fóra da Comunidade, o que constitúe un indicio do afianzamento da presenza de Galicia no exterior.

Integración paisaxística

Nestes cinco anos tense avanzado significativamente no desenvolvemento da Lei de protección da paisaxe de Galicia.

A determinación 8.2 establece que a Xunta desenvolverá os instrumentos previstos pola lexislación paisaxística necesarios para asegurar unha axeitada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia. Estes instrumentos legais son os *Catálogos de paisaxe*, as *Directrices de paisaxe* e os *Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas*. En cumprimento desta Determinación, no ano 2016 aprobouse o Catálogo das paisaxes de Galicia e as Directrices de paisaxe atópanse na fase inicial da avaliación ambiental estratéxica, despois de ter desenvolvido un proceso de participación pública ao longo do 2016.

Por outra banda, modificacións normativas como as rexistradas na Lei do solo incrementaron as cautelas sobre a actividade desenvolvida no territorio susceptible de causar impactos paisaxísticos. Nestes últimos 12 meses, informáronse xa 1.015 expedientes en materia de paisaxe e é previsible que estas cifras aumenten significativamente no futuro.

Mobilidade

O xeito no que se produce a ocupación do territorio ten consecuencias na mobilidade. Un urbanismo difuso aumenta non só o consumo de solo, tamén o de enerxía, materiais e auga. A división en usos e funcións no territorio incide negativamente nos desprazamentos e na súa natureza, aumentando aqueles dependentes de medios motorizados. Os novos crecementos deben orientarse a concentrar as maiores densidades de edificación na contorna dos grandes eixes que soportan o transporte público e dos nodos que dan acceso a eles, co fin de evitar a urbanización difusa e a dispersión da poboación en extensións de moi baixa densidade, así como posibilitar e facer viables os modos de mobilidade alternativa coa planificación de percorridos peonís e ciclistas. Ambos criterios son fundamentais para reducir a necesidade de novas estradas, aumentar o atractivo da vida cidadá, usar a enerxía de forma máis eficiente e reducir a contaminación.

A denominada Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU) tamén achega datos de interese en relación aos obxectivos de mobilidade derivados do modelo territorial definido nas DOT.

A poboación que pode acceder en 15 minutos dende a súa vivenda a determinados servizos públicos (centros de saúde, farmacia e centros educativos) supera o 60%. Un 18,8% dispón deses servizos en transporte público, un 11,17% noutros medios de transporte e case un 10% non dispón deses servizos nese tempo.

No que atinxe aos desprazamentos dende a súa vivenda ata o centro de traballo, máis do 66% dos ocupados desprázanse só en transporte privado (coche, moto,...); o 25,86% van andando ou en bicicleta, e o 5,04% empregan só en transporte público.

Atendendo ao tamaño do concello, o uso de só o transporte público vai decrecendo do 9,52% naquelas poboación de máis de 50.000 habitantes ata o 1,31% nas de menos de 10.000 habitantes.

Índice de ilustracións

Ilustración 1. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2016 11
Ilustración 2. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT 11
Ilustración 3. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2016 11
Ilustración 4. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos 11
Ilustración 5. Estado do planeamento municipal en setembro de 2016 ... 12
Ilustración 6. Planeamento de desenvolvemento 2016 12
Ilustración 7. Esquema eficacia das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) 24
Ilustración 8. Variación relativa dos usos do solo 2005-2011 26
Ilustración 9. Bens inmobles de uso residencial (2008-2015)..... 27
Ilustración 10. Distribución provincial de bens inmobles de uso residencial (2015) 27
Ilustración 11. Índice de saturación (%), febreiro 2016 28
Ilustración 12. Crecemento previsto (febreiro 2016) 29
Ilustración 13. Grao de conurbación–Fragmentación urbana, febreiro 2016 31
Ilustración 14. Superficie ocupada pola edificación, ano 2014. 32
Ilustración 15. Índice de Shannon das coberturas agrícolas (2011) 34
Ilustración 16. Índice de Shannon das coberturas forestais (2011) 34
Ilustración 17. Índice de Shannon agroforestal (2011) 35
Ilustración 18. Número de asentamentos abandonados (2011) 36
Ilustración 19. Media do índice de proximidade nas grandes áreas paisaxísticas (2011)..... 37
Ilustración 20. EIIP en aplicación da Lei 7/2008, do 7 xullo, de protección da paisaxe de Galicia 38
Ilustración 21. Conectividade da paisaxe 2011 (índice de contaxio) 40
Ilustración 22. Superficie de espazos naturais protexidos (2015)..... 41
Ilustración 23. Evolución dos espazos naturais con instrumentos de planificación (2012-2015) 41
Ilustración 24. Superficie incendiada e número de incendios 42
Ilustración 25. Evolución do número de BIC 44
Ilustración 26. Número de BIC (ano 2015)..... 44
Ilustración 27. Evolución das autorizacións 2013-2015 45
Ilustración 28. Conxuntos históricos con/sen plan especial aprobado (ano 2015)..... 45
Ilustración 29. Evolución da variación da poboación en Galicia 46
Ilustración 30. Variación relativa da poboación no decenio 2005-2015 47
Ilustración 31. Evolución da densidade de poboación (2011-2015) 48
Ilustración 32. Evolución do indicador Actividade comercial (2012-2014).49
Ilustración 33. Nº de establecementos comerciais/1.000 habitantes (ano 2014) 50
Ilustración 34. Alumnos formados segundo familia profesional.....51
Ilustración 35. Variación relativa 2011-2015 dos distintos grupos ocupacionais 52
Ilustración 36. Evolución indicador 2012 – 2015 53
Ilustración 37. Evolución do número de certificados con SXA (EMAS) en vigor segundo rama de actividade (2013 a 2015).....54
Ilustración 38. Evolución do número de instalacións con autorización ambiental integrada (AAI) vixentes (2013 e 2015).....55
Ilustración 39. Superficie total rexistrada e núm. de operadores (CRAEGA) 56
Ilustración 40. Superficie total rexistrada a nivel provincial 56
Ilustración 41. Número total de unidades gandeiras (UG).....57
Ilustración 42. Especialización gandeira relativa 58
Ilustración 43. Especialización gandeira absoluta 58
Ilustración 44. Prazas de porcino.....58
Ilustración 45. Número de vacas.....59
Ilustración 46. Carga gandeira 60
Ilustración 47. Evolución da especialización agrícola relativa 61
Ilustración 48. Especialización agrícola relativa en 2015 61
Ilustración 49. Número de explotacións de vacún 62
Ilustración 50. Número de vacas por explotación 62
Ilustración 51. Número de vacas.....63
Ilustración 52. Número de UTA nas explotacións 63
Ilustración 53. Réxime de tenza da terra 1999 a 2013 64
Ilustración 54. Evolución relativa do réxime de tenza da terra 64
Ilustración 55. Porcentaxe do valor da produción por especie 2015 65
Ilustración 56. Número de buque con porto base en Galicia segundo zona administrativa 66
Ilustración 57. Evolución da superficie con instrumentos de xestión e ordenación.....67
Ilustración 58. Superficie con instrumentos de xestión e ordenación.....67
Ilustración 59. Evolución da intensidade turística 68
Ilustración 60. Intensidade da oferta turística (2015).....69
Ilustración 61. Intensidade da demanda turística (2015).....70

Ilustración 62. Índice de poboación turística (2015)..... 70
Ilustración 63. Intensidade enerxética final e consumo enerxético final ... 71
Ilustración 64. Consumo final bruto de enerxía renovable (%) 72
Ilustración 65. Consumo (GWh/ano) final bruto de electricidade xerada a partir de fontes renovables 72
Ilustración 66. Enerxía primaria (%) procedente de fontes renovables 73
Ilustración 67. Consumo de biocarburantes no transporte terrestre 74
Ilustración 68. Evolución da calidade das augas de baño 75
Ilustración 69. Evolución das porcentaxes de zonas de baño con cada clasificación sanitaria por provincias (2011, 203 e 2015) 75
Ilustración 70 Evolución da xeración de residuos urbanos 76
Ilustración 71. Xeración de residuos urbanos en Galicia e nos concellos do POL (2015) 76
Ilustración 72. Recollida selectiva bruta en Galicia (2011 -2105) 77
Ilustración 73. Evolución do indicador 2011 - 2015 77
Ilustración 74.Emisións de GEI en Galicia (2011-2014) 78
Ilustración 75. Emisións de CO_2 equivalente por categoría de actividade Galicia (2013) 78
Ilustración 76. Emisións de CO_2 equivalente por subcategoría de actividade Galicia (2013) 78
Ilustración 77. Vivendas segundo o réxime de tenza. 80
Ilustración 78. Vivendas con dispoñibilidade de electrodomésticos (%).. 80
Ilustración 79. Accesibilidade das vivendas a servizos en menos de 15 min (%) 81
Ilustración 80. Ocupados segundo o medio de transporte utilizado desde a vivenda da que se desprazan ata o centro de traballo por idade 81
Ilustración 81. Ocupados segundo o medio de transporte utilizado desde a vivenda da que se desprazan ata o centro de traballo por idade 82
Ilustración 82. Porcentaxe de ocupados segundo lugar de traballo 82
Ilustración 83. Nivel de satisfacción coa vivenda (2015) 83
Ilustración 84. Grao de satisfacción (%) coa paisaxe da contorna (2015) 84
Ilustración 85. Grao de satisfacción coa paisaxe por tamaño do concello (%) 84
Ilustración 86. Grao de satisfacción (%) coa paisaxe segundo tipo de paisaxe 84
Ilustración 87. Mapa de grandes áreas paisaxísticas de Galicia 88
Ilustración 88. Proceso da planificación segundo os índices de satisfacción e intervención. 91
Ilustración 89. Directrices da paisaxe de Galicia. 91
Ilustración 90. Índice de satisfacción segundo tipo de paisaxe 92
Ilustración 91. Índice de satisfacción segundo tipo de paisaxe 92
Ilustración 92. URL do SIX: http://mapas.xunta.gal/visores/imaxespaisaxe/ 93
Ilustración 93. Imaxe do SIX Colaborativo de Imaxes da Paisaxe Galega 93
Ilustración 94. Guías de integración paisaxística.....94
Ilustración 95. Informes en materia de paisaxe (2014-2016).....95

Índice de táboas

Táboa 1. Indicadores IDI do bloque Ordenación do territorio 10
Táboa 2. Indicadores IDI do Bloque Planificación urbanística 10
Táboa 3. Indicadores do bloque Ocupación do territorio 25
Táboa 4. Indicadores do bloque Paisaxe 33
Táboa 5. Indicadores do bloque Patrimonio natural 39
Táboa 6. Indicadores do bloque Patrimonio cultural 43
Táboa 7. Indicadores do bloque Sociedade e economía 46
Táboa 8. Indicadores do bloque Metabolismo 71

Sustentabilidade Territorial

Plan de Seguimento das DOT

INFORME 2016

Anexo I:
Traballo desenvolvido cos GTT/
Valoración e tendencia dos indicadores

Anexo II:
Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI)

Anexo III:
Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST)

Anexo IV:
Enquisa de Percepción Territorial e Urbanísitica (EPTU)

Anexo V:
Metodoloxía

XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE:

Introdución..... 2

Dinámica do traballo desenvolvido cos GTT..... 4

Valoración e tendencia dos indicadores: IDI..... 6

Valoración e tendencia dos indicadores: IST_DOT..... 8

Introdución

Dende a constitución dos diferentes grupos técnicos de traballo (GTT), pola Comisión de Seguimento, baixo o Decreto 156/2012, do 12 de xullo, a mecánica de traballo consolídase con pequenos cambios a fin de acadar maior eficiencia no proceso; sempre tendo en conta que, en cada GTT, ten un papel protagonista o departamento con competencias de alcance territorial, tanto na definición, como na validación e consenso das propostas que o IET propón, tanto para as DOT como para os restantes instrumentos de ordenación do territorio.

Para a elaboración deste terceiro Informe a dinámica de traballo dos GTT reflíctese no seguinte apartado.

No marco da Lei de ordenación do territorio de Galicia, as Directrices son o instrumento que ofrece a visión global da ordenación territorial de Galicia e serven como referencia para o resto das figuras de planificación e para as actuacións que desenvolvan tanto as Administracións coma os particulares.

De conformidade co previsto no artigo 9 de Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, as determinacións terán a forza vinculante que sexa congruente coa súa función de instrumento directriz. Estas determinacións poden ser: excluíntes de calquera outro criterio, localización, uso ou deseño territorial ou urbanístico, ou orientativas, nas que a Administración competente debe concretar a proposta que conteñan as Directrices de ordenación territorial.

Os instrumentos de ordenación territorial, os restantes da planificación sectorial, así como os instrumentos de planeamento urbanístico deberán xustificar a súa coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos polas Directrices de ordenación do territorio, incorporando unha valoración da correspondencia dos seus contidos con respecto ao disposto nas DOT.

No Plan se seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial, como xa se deu conta na exposición do modelo conceptual (Anexo V), para completar a proposta do sistema de indicadores é preciso incorporar a consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, xa recollidos no ISA das DOT, así como nos Documentos de referencia dos procesos de AAE de ditos instrumentos. Definidas as variables, identifícanse unha serie de efectos previsibles e extráense unha serie de aspectos claves que é necesario valorar. A integración destes aspectos clave non se realizou cunha translación directa ao esquema de bloques, senón que se tiveron que conxugar outras cuestións como, por exemplo, os potenciais indicadores en función das fontes de información dispoñibles e posibles.

Deste xeito, identificamos en cada un dos indicadores a relación coas determinacións establecidas, en concreto no apartado de *Coherencia co modelo territorial*. A partir do segundo Informe, ademais de completar esa relación, apuntamos a súa tendencia, establecendo unha lectura meramente estatística, e unha valoración da mesma.

Dinámica do traballo desenvolvido cos GTT:

MARZO 2016

SOLICITUDE OS GTT

CONFIRMACIÓN/RENOVACIÓN REPRESENTANTES DOS GTT

XUÑO 2016

PROPOSTA INDICADORES – SOLICITUDE DE DATOS

XULLO 2016

Selección de indicadores
-
Recepción dos datos
-
Validación de datos

AGOSTO 2016

SETEMBRO 2016

Elaboración de fichas

APLICACIÓN METODOLOXÍA DE CÁLCULO
ELABORACIÓN DE GRÁFICOS
ELABORACIÓN DE MAPAS
ELABORACIÓN DE FICHAS
CÁLCULO DE INDICADORES
AVALIACIÓN DA EVOLUCIÓN

OUTUBRO 2016

ELABORACIÓN BORRADOR DO INFORME DO PLAN DE SEGUIMENTO

NOVEMBRO 2016

VALIDACIÓN GTT

REUNIÓNS CO SEGUINTE ORDE DO DÍA:

1. Informes previos. Cronograma de desenvolvemento do PSST 2016
2. Análise do traballo realizado: Fichas indicadores IDI e IST
3. Referencias Informe/Memoria: Plans, proxectos, actuacións
4. Rogos e preguntas

DECEMBRO 2016

VALIDACIÓN FINAL

TERCEIRO INFORME / Indicadores

DECEMBRO 2016

ELEVACIÓN Á COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO TERCEIRO INFORME DO PSST

Valoración e tendencia dos indicadores: IDI

SIMBOLOXÍA	
Tendencia	Descendente
	Ascendente
	Non varía
Valoración	**Verde**: Positivo
	Vermello: Negativo
	Laranxa: Habendo variación nos valores estatísticos ou polo período de tempo analizado esta non supón unha valoración negativa ou positiva
	Gris: Sen variación
	Blanco: Non se analiza
Indicadores/medidas sin valor actualizado neste Informe	Sen valor (s.v.)

CÓDIGO	INDICADOR IDI	Medidas	DATOS INFORME			Tendencia / Valoración
			PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	
PA1	Número de PXOM aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración	Nº PXOM aprobados	9	21	32	▲
		Nº PXOM en elaboración	184	170	184	▲
PA2	Porcentaxe de PXOM aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración	% aprobados	2,86	6,69	10,19	▲
		% en elaboración	58,41	54,14	58,6	▲
PA3	Porcentaxe de superficie con PXOM aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración	% aprobados	2,01	5,75	9,77	▲
		% en elaboración	61,55	57,84	68,79	▼
PB1	Desenvolvemento urbanístico	Nº concellos	20	27	41	▲
OTA1	PTI aprobados ou en elaboración que desenvolven o modelo territorial das DOT	PTI aprobados	2	2	s.v.	□
OTB1	Programas coordinados de actuación que desenvolven o modelo territorial das DOT	Nº de programas	0	0	0	□
OTC1	Número de Plans sectoriais aprobados ou en elaboración que desenvolven o modelo territorial das DOT	Nº de plans aprobados	3	4	s.v.	▲

Valoración e tendencia dos indicadores: IST_DOT

SIMBOLOXÍA	
Tendencia estatística	Descendente ▽
	Ascendente △
	Non varía □
Valoración	**Verde**: Positivo
	Vermello: Negativo
	Laranxa: Habendo variación nos valores estatísticos ou polo período de tempo analizado, esta non supón unha valoración negativa ou positiva
	Gris: Sen variación
	Blanco: Non se analiza
Indicadores/medidas sin valor actualizado neste Informe	Sen valor (s.v.)
Indicadores/medidas non implementados	Non implementada (n.i.)

CÓDIGO	INDICADOR IST	Medidas	Variables	DATOS INFORME GALICIA			Tendencia / Valoración DOT
				PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	
OCA01	Usos do solo	1. Variación da superficie de Galicia segundo usos do solo		(1)	(1)	(1)	
		2. Variación da superficie por municipio segundo usos do solo		(1)	(1)	(1)	
OCC01	Vivendas familiares	1. Porcentaxe de vivendas secundarias respecto ao total de vivendas no municipio	%	12,70%	15,40%	s.v.	
		2. Porcentaxe de vivendas baleiras respecto ao total de vivendas no municipio	%	18,40%	19,40%	s.v.	
		3. Número de vivendas secundarías por municipio	núm	166.711	246.735	s.v.	
		4. Número de vivendas baleiras en cada municipio	núm	241.047	310.988	s.v.	
		5. Número de bens inmobles de uso residencial	núm	1.544.749	1.563.045	1.585.353	

(1) Dada a caracterización das medidas non se reflicte nesta táboa (Ver anexo do indicador)

CÓDIGO	INDICADOR IST	Medidas	Variables	DATOS INFORME GALICIA			Tendencia / Valoración DOT
				PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	
0CC02	Indice de saturación	1. Porcentaxe de superficie de solo urbano actual e previsto e de núcleo rural respecto á total do municipio	%	n.i.	n.i.	8,50	
OCC03	Crecemento previsto	1. Porcentaxe de superficie de solo urbanizable respecto á superficie de solo urbano e de núcleo rural	%	n.i.	n.i.	39,40	
0CC04	Grao de conurbación - Fragmentación urbana	1. Porcentaxe do perímetro conformado polos ámbitos contiguos de crecemento previsto en contacto cos ámbitos de solo Urbano consolidado ou de Nucleo rural existentes.	%	n.i.	n.i.	39,90	
OCC05	Superficie ocupada pola edificación	Superficie de solo ocupado pola edificación en cada municipio	ha	n.i.	n.i.	26.247	
PNA01	Artificialización do territorio	1. Superficie de cada categoría na unidade territorial	Cat. I (ha)	1.351.457	1.362.042	s.v.	▲
			Cat. II (ha)	1.418.294	1.405.478	s.v.	▼
			Cat. III (ha)	17.841	18.016	s.v.	▲
			Cat. IV (ha)	164.431	166.926	s.v.	▲
		2. Porcentaxe de superficie de cada categoría na unidade territorial	Cat. I (%)	46	46	s.v.	
			Cat. II (%)	48	48	s.v.	
			Cat. III (%)	1	1	s.v.	
			Cat. IV (%)	6	6	s.v.	
		3. Índice de Artificialización	Ia	2,04	2,04	s.v.	
PNB02	Conectividade da paisaxe	1. Índice de contaxio	CONTAG (%)	n.i.	n.i.	79,99	

CÓDIGO	INDICADOR IST	Medidas	Variables	DATOS INFORME GALICIA			Tendencia / Valoración DOT
				PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	
PNC01	Superficie de espazos naturais protexidos	1. Superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación por concello	RGEP (ha)	358.895	358.895	358.984	
			RN2000 (ha)	354.411	354.411	354.529	
			OFRI (ha)	614.432	728.403	728.215	
		2. Porcentaxe de superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación por concello	RGEP (%)	12,14	12,14	12,14	
			RN2000 (ha)	11,89	11,89	11,89	
			OFRI (ha)	24,63	24,63	24,63	
PNC02	Espazos naturais con instrumentos de planificación	1. Superficie da RGEP con instrumentos de planificación aprobados	(ha)	50.165	50.165	357.067	▲
PNC03	Ocorrencia de incendios	1. Superficie incendiada	(ha)	42.392	19.776	1.991	▼
		2. Número de incendios	núm	6.342	3.583	1.227	▼
		3. Número de incendios por Km2	Nº/km^2	0,21	0,12	0,04	▼
PAIA01	Diversidade da paisaxe	1. Índice de diversidade de Shanon de coberturas agrícolas	SHDI	n.i.	n.i.	0,68	
		2. Porcentaxe de cobertura agrícola	%	n.i.	n.i.	(1)	
		3. Media da área das manchas de coberturas agrícolas	ha	n.i.	n.i.	(1)	
		4. Índice de diversidade de Shanon de coberturas forestais	SHDI	n.i.	n.i.	2.02	
		5. Porcentaxe de cobertura forestal	%	n.i.	n.i.	(1)	
		6. Media da área das manchas de coberturas forestais	ha	n.i.	n.i.	(1)	
PAIA02	Índice de xestión da paisaxe	1. Índice de diversidade de Shannon agroforestal	SHDI	n.i.	n.i.	2.02	
PAIA03	Paisaxes abandonadas	1. Número de asentamentos tradicionais abandonados	núm	n.i.	n.i.	1.434	
PAIA04	Dispersión urbana	1. Media do índice de proximidade	Índice	n.i.	n.i.	(1)	
		2. Porcentaxe de superficie urbana	%	n.i.	n.i.	(1)	
		3. Media da área do núcleo das manchas	ha	n.i.	n.i.	(1)	

(1) Dada a caracterización das medidas non se reflicte nesta táboa (Ver anexo do indicador)

CÓDIGO	INDICADOR IST	Medidas	Variables	DATOS INFORME GALICIA			Tendencia / Valoración DOT
				PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	
PAIC01	Aplicación dos instrumentos da Lei da Paisaxe	1. Superficie dos ámbitos territoriais dos catálogos de paisaxe elaborados	ha	78.620	78.620	2.952.953	▲
		2. Superficie delimitada en Unidades de Paisaxe	ha	830.997	830.997	2.125.980	▲
		3. Número de Estudos de impacto e integración paisaxística realizados	núm	270	84	67	▼
PCA01	Número de BIC	1. Número de BIC segundo tipo de declaración	Específica (núm)	244	246	263	▲
			Xenérica (núm)	410	451	451	△
PCB01	Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais	1. Número de actuacións sobre bens patrimoniais	núm	n.i.	6.829	7.657	▲
		2. Conxuntos históricos con/sen plans especiais	Con plan especial (núm)	n.i.	19	20	▲
			Sen plan espepcial (núm)	n.i.	15	15	□
META01	Intensidade enerxética final	1. Consumo de enerxía final por unidade de producto interior bruto (PIB)	ktep/M€	0,1696	0,1156	0,1150	▼
		2. Consumo enerxético final	ktep	6.570	6.393	6.133	▼
META02	Consumo final bruto de enerxía renovable	1. Consumo final bruto de enerxía renovable	%	n.i.	n.i.	36,40	□
META03	Consumo final bruto de electricidade renovable	1. Consumo final bruto de electricidade renovable	GWh/ano	n.i.	n.i.	17281	□
META04	Consumo enerxía primaria renovable	1. Consumo enerxía primaria renovable	%	n.i.	n.i.	23,00	□
META05	Consumo de biocarburantes no transporte terrestre	1. Consumo de biocarburantes no transporte terrestre	%	n.i.	n.i.	3,60	□

CÓDIGO	INDICADOR IST	Medidas	Variables	DATOS INFORME GALICIA			Tendencia / Valoración DOT
				PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	
METB01	Calidade da auga nas zonas de baño	1. Número de zonas de baño por concello	Excelente (núm)	357	367	376	▲
			Boas (núm)	72	76	83	▲
			Suficientes (núm)	42	38	29	▼
			Insuficientes (núm)	48	33	29	▼
		2. Porcentaxe das zonas de baño con cada clasificación sanitaria por concello	Excelente (%)	69	71	73	▲
			Boas (%)	14	15	16	▲
			Suficientes (%)	8	7	6	▼
			Insuficientes (%)	9	6	6	▼
METC01	Xeración de residuos urbanos	1. Xeración de residuos urbanos por habitante e día	kg/día	1,125	1,052	1,090	▲
		2. Xeración total de residuos urbanos por ano	kg/ano	1.147.451	1.061.896	1.087.472	▲
METC02	Recollida selectiva bruta	1. Recollida selectiva bruta de cada fracción. Modelo Sogama	Papel-cartón (kg/día)	0,037	0,031	0,033	▲
			Vidro (kg/día)	0,036	0,038	0,040	▲
			Matería orgánica (kg/día)	0,051	0,043	0,046	▲
			Envases lixeiros (kg/día)	0,022	0,022	0,022	▭
METC03	Dotación de puntos limpos	1. Concellos con instalación de punto limpo	núm	120	131	143	▲
		2. Concellos con servizo de punto limpo	núm	200	219	233	▲
		3. Poboación con servizo de punto limpo	%	71	85	88	▲
METD01	Emisión de gases efecto invernadero	1. Produción de gases efecto invernadoiro	t de CO_2 equivalente	25.903	30.048	27.114	▼

CÓDIGO	INDICADOR IST	Medidas	Variables	DATOS INFORME GALICIA			Tendencia / Valoración DOT
				PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	
MOBA01	Repartición modal da mobilidade cotiá	1. Porcentaxe de persoas que se desprazan habitualmente en cada modo de transporte respecto ao total de persoas desprazadas	Vehículo privado motorizado (%)	45,00	53,30	s.v.	▲
			Vehículo motorizado combinando público e privado (%)	1,00	0,70	s.v.	▼
			Vehículo motorizado público (%)	10,00	9,80	s.v.	▼
			Mobilidade alternativa (%)	18,00	17,00	s.v.	▼
			Outros (%)	1,00	3,40	s.v.	△
			Non aplicable (%)	24,00	15,70	s.v.	▽
		2. Porcentaxe de persoas que non se desprazan habitualmente	%	7,10	12,10	s.v.	△
SEA01	Variación da poboación (nº de habitantes)	1. Variación relativa en tanto por cen en 10 anos	%	2,3	0,5	-1,1	▼
		2. Variación relativa en tanto por cen en 5 anos	%	1,0	-0,7	-2,3	▼
		3. Variación relativa en tanto por cen nun ano	%	-0,1	-0,6	-0,6	▼
SEA02	Densidade de poboación	1. Habitantes por km^2	hab/km^2	94,5	93,5	92,4	▼
		2. Densidade de poboación en ZPP superbaixa	hab/km^2	n.i.	23,8	s.v.	▭
SEA03	Poboación en áreas pouco poboadas	1. Porcentaxe de poboación en ZPP superbaixa	%	n.i.	22,3	s.v.	▭
		2. Porcentaxe de poboación fóra do NET	%	n.i.	56,6	s.v.	▭

CÓDIGO	INDICADOR IST	Medidas	Variables	DATOS INFORME GALICIA			Tendencia / Valoración DOT
				PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	
Co indicador preténdese determinar cales son os concellos e os habitantes que contan, ben con instalación fixa de punto limpo ou ben co servizo, o que fai preciso expresar a información de diferentes formas (ver "Medidas do indicador").

Enténdese por “punto limpo” o centro de recepción e almacenaxe selectivo específico da fracción dos residuos municipais que non son obxecto de recollida domiciliaria ao requirir dunha xestión específica, ben polo seu tamaño, ben pola súa composición (pilas, disolventes etc). Entre os obxectivos destas instalacións están facilitar a valorización destes residuos e a correcta xestión dos mesmos. Estas instalacións son de uso de particulares e pequenos comercios de acordo coas ordenanzas municipais.

Mediante o indicador coñecemos os concellos que contan con instalación física (pública ou privada) e tamén os que contan co servizo de punto limpo conforme a uns requisitos previamente fixados, tanto se o servizo é prestado no propio concello ou noutro próximo. Paralelamente, tamén se achega outra información relevante relacionada cos habitantes que teñen dispoñible este servizo. Non se contemplan os concellos que, aínda que recollen os residuos, lévanos a depósitos que non se poden considerar en sentido estrito como punto limpo, independentemente de que a recollida se faga a domicilio ou non.

Evolución do indicador:



Bloque	METABOLISMO MET
Subbloque	CICLO DE MATERIAIS C
Nome	Dotación de puntos limpos 03

Estado:

En 2015 no ámbito do POL, dos 82 concellos, 52 deles contaban con instalación de PL, aínda que o número total ascendía a 53 (porque o concello da Coruña conta con dúas).

Respecto á medida 2, 67 concellos do ámbito contaban co servizo, o que representa o 77% deles: todos os da provincia de Lugo, o 83% dos da Coruña o 74% dos de Pontevedra.

En canto á medida 3, durante 2015 a poboación que recebía o servizo era de 1.432.683 persoas, o 92% do total dos concellos do POL.

Nas gráficas que se xuntan nas respectivas medidas poden consultarse polo miudo as diferencias entre os concellos das diferentes provincias respecto ao s concellos do POL. Pode comprobarse que é a da Coruña a que ten máis concellos con instalación, con servizo e tamén é a que atende a máis habitantes, aínda que en termos porcentuais é a de Lugo a que ofrece unha maior cobertura, a dispor todos os concellos incluidos no POL do servizo de PL.

Coherencia co modelo territorial

O indicador apunta unha tendencia positiva nas tres medidas, en coherencia cos obxectivos do plan sectorial PXRUG 2010-2020 que desenvolve as determinacións das Directrices en materia de residuos. Na súa liña estratéxica 5, recóllese a mellora e ampliación da rede e tipoloxía dos PL existente e co seu obxectivo xeral de potenciar o uso dos puntos limpos nas súas diferentes formas. Noutra das liñas estratéxicas establece a implantación do servizo en núcleos de máis de 3.000 habitantes.

A análise da información indica que aumentaron tanto os concellos con instalación de punto limpo, como os que prestan o servizo, como a poboación que conta con el.

A comparación da situación de 2011 en relación a de 2015 sinala que neste último ano hai 8 concellos máis con instalación e 13 concellos máis que ofrecen o servizo.

Respecto á poboación, incrementouse nun 25% a que conta co servizo, xa que en 2011 tiña o servizo no seu concello o 67% dos habitantes dos concellos do POL.

Indicador: MET.C.03 Dotación de puntos limpos

Concellos con instalación de punto limpo

Caderno Medida 01

IET
Decembro 2015

Concellos con instalación de punto limpo (2011)

♦ Punto limpo Sen punto limpo Con punto limpo

Concellos con instalación de punto limpo (2015)

♦ Punto limpo Sen punto limpo Con punto limpo

MET C 03 Dotación de puntos limpos

Medida: 01 Concellos con instalación de punto limpo

Descrición:

Concellos do POL que dispoñen no seu territorio dunha instalación fixa (ou varias). Inclúense no cómputo puntos limpos e minipuntos limpos.

Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL(Ámbito do POL) Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.

- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha

Gráfico:



MET.C.03 01 Concellos con instalación de punto limpo

Gráfico ámbito POL:



Indicador: MET.C.03 Dotación de puntos limpos

Concellos con servizo de punto limpo

Caderno Medida 02

IET
Decembro 2015

Concellos con servizo de punto limpo (2011)

- Sen servizo de PL
- Con servizo por ter PL noutro concello
- Con servizo por ter PL

Concellos con servizo de punto limpo (2015)

- Sen servizo de PL
- Con servizo por ter PL noutro concello
- Con servizo por ter PL

MET C 03 Dotación de puntos limpos

Medida: **02 Concellos con servizo de punto limpo**

Descrición:

Concellos do POL que contan con servizo de punto limpo, ben porque conten con instalación fixa no seu propio territorio, ben porque reciban o servizo por parte doutro concello limítrofe (que permita a achega de residuos doutros concellos), ou ben servizo de punto limpo móbil (unidade para o transporte de residuos ata un punto limpo central).

Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL(Ámbito do POL) Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.

- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha

Gráfico:



MET.C.03 02 Concellos con servizo de punto limpo

Gráfico ámbito POL:



Indicador: MET.C.03 Dotación de puntos limpos

Poboación con servizo de punto limpo

Caderno Medida 02

IET
Decembro 2015

Poboación con e sen servizo de punto limpo (2011)

Número de habitantes

100.001 - 300.000

224 - 5.000

Con servizo de punto limpo

Sen servizo de punto limpo

Poboación con e sen servizo de punto limpo (2015)

Número de habitantes

100.001 - 300.000

224 - 5.000

Con servizo de punto limpo

Sen servizo de punto limpo

MET C 03 Dotación de puntos limpos

Medida: **03 Poboación con servizo de punto limpo**

Descrición:

Poboación dos concellos do POL que contan con servizo de punto limpo, ben porque conten con instalación fixa no seu propio territorio, ben porque reciban o servizo por parte doutro concello limítrofe (que permita a achega de residuos doutros concellos), ou ben porque dispoñan servizo de punto limpo móbil (unidade para o transporte de residuos ata un punto limpo central).

Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL(Ámbito do POL) Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.

- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha

Gráfico:



MET.C.03 03 Poboación con servizo de punto limpo

Gráfico ámbito POL:



Indicador: MET.C.03

Dotación de puntos limpos

Caderno Anexo

IET
Decembro 2015

Bloque	METABOLISMO MET
Subbloque	CICLO MATERIAIS C
Nome	Dotación de puntos limpos 03

NOTAS METODOLÓXICAS:

A información do indicador para o POL foi elaborada para os concellos completos que forman parte do ámbito.

Nas táboas de datos que figuran ao final deste anexo, sinaláronse en cor gris as modificacións de 2013 respecto a 2011 para as medidas 1 e 2, e tamén as variacións da poboación. Dáse a circunstancia de que algúns destes cambios unicamente se reflicten nestas táboas porque non teñen repercusión cuantitativa. Por exemplo, cando un concello en 2011 recibía o servizo doutro concello A e en 2013 continúa a recibir o servizo pero do concello B: os dous anos o concello estará contabilizado como "con servizo", aínda que o recibe dun diferente dependendo da data.

Respecto ao Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020, foi aprobado polo Goberno galego o 13 de xaneiro de 2011 co fin de dar cumprimento ao disposto pola Lei 10/2008 de residuos de Galicia.

A continuación faremos referencia ás dúas liñas estratéxicas directamente relacionadas co indicador:

"Liña estratéxica 5 (Fomento da prevención e a recollida selectiva da fracción "outros")", que ten varios obxectivos xerais, algún deles directamente relacionado con puntos limpos:

- Previr a xeración destas fraccións, especialmente das que son máis habituais ou conteñen residuos especiais. Porase especial atención a: voluminosos, aparellos eléctricos e electrónicos, téxtil e téxtil sanitario, cascallos e pilas.

- Desenvolver a responsabilidade do produtor nos casos en que exista a normativa adecuada (RAEE, pilas e baterías, vehículos fóra de uso, etc.).

- Fomentar a cultura do mantemento e a reparación e reutilización dalgunhas destas fraccións, como por exemplo mobles, electrodomésticos ou téxtil.

- Aumentar a recollida selectiva destas fraccións.

- Fomentar a loxística inversa promovendo a entrega de determinadas fraccións nos puntos de venda cando sexa preciso.

- Potenciar o uso do punto limpo nas súas diferentes formas como punto de recollida selectiva, especialmente para as fraccións reutilizables, reciclables ou especiais.

- Potenciar a utilización dos servizos a demanda ofrecidos polo concello.

- Mellorar as opcións e a eficiencia da recuperación e a reciclaxe destas fraccións.

As actuacións correspondentes á prevención destas fraccións atópanse recompiladas na Liña Estratéxica 2.

A "Liña estratéxica 6 (Plan de Ampliación e mellora de puntos limpos)" establece varios obxectivos xerais. A continuación resúmense todos eles, as actuacións previstas e as táboas relacionadas coas medidas empregadas no cálculo do indicador.

O Plan prevé mellorar e ampliar a rede e tipoloxía existente de puntos limpos, mellorando a súa xestión e gañando en eficiencia en canto a recuperación de materiais, pero tamén en eficiencia económica.

Os obxectivos principais son:

- Ofrecer un servizo de recollida das fraccións minoritarias cuxo peso vai aumentando na xeración de residuos.

- Ampliar o servizo de puntos limpos a toda a poboación.

- Fomentar a proximidade das instalacións.

- Fomentar o coñecemento e o uso destes servizos.

- Potenciar a xestión dos puntos limpos de maneira que se facilite a posterior reutilización de materiais.

- Potenciar a adecuación de espazos de reparación e preparación para a reutilización integrados nos puntos limpos cando sexa posible.

- Fomentar os puntos limpos como espazos de formación e sensibilización ambiental da poboación en xeral e dos usuarios en particular.

As novidades na xestión destas instalacións de recollida veñen introducidas pola implantación de novos tipos de puntos limpos: os puntos limpos móbiles e os minipuntos, cos que se pretende adaptar aínda máis o servizo ás características de cada zona, e ao mesmo tempo ampliar a súa prestación a máis sectores de poboación que ata o momento tiñan barreiras de acceso aos puntos limpos fixos (ben por estar a moita distancia ou pola inexistencia de servizo no concello).

ACTUACIÓNS

[6.1] Ampliación da rede de puntos limpos de xestión municipal ou mancomunada

[6.2] Implantación de puntos limpos nos polígonos comerciais a partir de certo tamaño.

[6.3] Fomento da mellora da xestión interna dos puntos limpos

[6.4] Fomento da organización en rede dos puntos limpos

[6.5] Introdución da prestación de novos servizos nos puntos limpos

[6.6] Continuidade á liña de axudas para a correcta explotación/mantemento dos puntos limpos

Polo tanto, estas novas instalacións implantaranse de acordo cos seguintes criterios técnicos baseados na demanda de servizo e na súa distribución territorial:

Táboa 25. *Criterios para a situación de Puntos Limpos*

Tipo de instalación	Puntos limpos fixos	Puntos limpos móbiles	Minipuntos limpos
Núcleos urbanos de máis de 3.000 habitantes	X Implantación obrigatoria do servizo Xestión do concello o mancomunada		
Concellos de menos de 3.000 habitantes		X Fomento da implantación Xestión mancomunada	
Centro dos concellos urbanos			X Fomento da implantación Xestión do concello ou de pequenos recuperadores
Barrios dos concellos urbanos que non dispoñan de servizo de minipunto.		X Fomento da implantación Xestión do concello	

En total prevense os seguintes puntos limpos, segundo tipoloxía:

Táboa 26. *Previsión de Puntos Limpos*

Previsións de puntos limpos necesarios totais *(existentes e novos)*	
Puntos limpos fixos*	228[1]
Minipuntos	40[2]
Puntos limpos móbiles	28[3]

*As características e o tamaño dos puntos

[1] Valor aproximado calculado segundo a poboación de 2009. Quedan incluídos no valor da táboa os puntos limpos existentes na actualidade.

[2] Calculado segundo a poboación de 2009 dos concellos urbanos.

[3] Valor aproximado calculado segundo a poboación de 2009.

PROCESO DE CÁLCULO:

MEDIDA 1:

Esta medida ten correspondencia cun dato fonte de información. Determinouse que concellos do POL dispoñen dunha ou máis instalacións fixas de punto limpo e aqueles que non.

MEDIDA 2:

Esta medida ten correspondencia cun dato fonte de información. Determinouse que concellos do POL contan con servizo, independentemente de que sexa prestado polo propio concello ou por outro. Os datos fonte da información de partida foron adaptados para a súa representación gráfica e cartográfica, de forma que a interpretación resultase sinxela, en particular no caso das agrupacións supramuncipais, que en ocasións contan con varias instalacións fixas e un concello do ámbito pode prestar e recibir o servizo simultaneamente.

MEDIDA 3:

Esta medida ten correspondencia directa cun dato fonte de información. A partir dos datos do nomenclátor do Instituto Nacional de Estadística (INE), e da información elaborada para a medida 2 (concellos con servizo de punto limpo), asignouse a poboación aos concellos do POL que contan co dito servizo.

FONTES DE INFORMACIÓN:

Código	Descrición	Orixe datos	Data	Escala	Periodicidade	Natureza
	Concellos con punto limpo e concellos aos que presta servizo	Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (CMATI)	31.12.2015	—	Actualización continua	
	Cifras de poboación resultantes da Revisión do Padrón municipal a 1 de xaneiro	Instituto Nacional de Estadística (INE), Procesado polo IET	01.01.2015	—	Anual	
	Límites municipais	Centro nacional de Información Geográfica (CNIG)	..	1:25.000	..	

REFERENCIAS:

- Lei 10/2008 de residuos de Galicia, do 3 de novembro (DOG Nº 224, do 18-11-2008 e BOE Nº 294, de 6-12-2008)

- Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, aprobado en virtude do acordo do Consello da Xunta de 13 de xaneiro de 2011

DATOS:

Ámbito POL:

codINE	Concello	Concello con instalación de punto limpo	Concello con servizo de punto limpo	Poboación con servizo (2015)
36054	Tomiño	NON	SI	13.662
36023	A Guarda	SI	SI	10.193
36048	O Rosal	SI	SI	6.406
36036	Oia	NON	SI	3.008
36003	Baiona	SI	SI	12.072
36021	Gondomar	SI	SI	14.056
36035	Nigrán	SI	SI	17.619
36057	Vigo	SI	SI	294.098
36045	Redondela	NON	NON	
36053	Soutomaior	NON	NON	
36058	Vilaboa	NON	NON	
36029	Moaña	NON	SI	19.492
36008	Cangas	SI	SI	26.520
36004	Bueu	NON	SI	12.251
36026	Marín	NON	NON	
36038	Pontevedra	SI	SI	82.539
36041	Poio	NON	NON	
36027	Meaño	SI	SI	5.382
36051	Sanxenxo	SI	SI	17.391
36022	O Grove	SI	SI	10.801
36046	Ribadumia	SI	SI	5.087
36006	Cambados	SI	SI	13.895
36901	A Illa de Arousa	SI	SI	4.956
36061	VilaNONva de Arousa	NON	NON	
36060	Vilagarcía de Arousa	SI	SI	37.482
36010	Catoira	NON	NON	
36056	Valga	SI	SI	6.062
15033	Dodro	NON	NON	
15072	Rianxo	SI	SI	11.386
15011	Boiro	SI	SI	18.950
15067	A Pobra do Caramiñal	SI	SI	9.623
15073	Ribeira	SI	SI	27.372
15071	Porto do Son	SI	SI	9.436
15057	Noia	SI	SI	14.472
15062	Outes	SI	SI	6.691
15053	Muros	SI	SI	8.960
15020	Carnota	SI	SI	4.284
15034	Dumbría	NON	SI	3.077
15028	Corcubión	NON	NON	
15037	Fisterra	NON	NON	
15023	Cee	NON	SI	7.723
15052	Muxía	SI	SI	5.025
15016	Camariñas	NON	NON	
15092	Vimianzo	NON	SI	7.520
15040	Laxe	NON	SI	3.185
15014	Cabana de Bergantiños	NON	SI	4.552
15068	Ponteceso	SI	SI	5.789
15043	Malpica de Bergantiños	NON	SI	5.666
15019	Carballo	SI	SI	31.283
15041	A Laracha	SI	SI	11.402
15005	Arteixo	SI	SI	30.950
15030	A Coruña	SI	SI	243.870
15031	Culleredo	SI	SI	29.593
15017	Cambre	SI	SI	24.076
15058	Oleiros	SI	SI	34.693
15075	Sada	SI	SI	15.080
15008	Bergondo	SI	SI	6.700
15009	Betanzos	SI	SI	13.202
15064	Paderne	NON	NON	
15048	Miño	SI	SI	5.859
15069	Pontedeume	SI	SI	8.011
15015	Cabanas	NON	SI	3.299
15004	Ares	NON	NON	
15051	Mugardos	NON	NON	
15035	Fene	SI	SI	13.385
15055	Neda	NON	SI	5.261
15036	Ferrol	SI	SI	69.452
15054	Narón	SI	SI	39.565
15087	Valdoviño	NON	SI	6.753
15022	Cedeira	SI	SI	7.062
15901	Cariño	NON	NON	
15061	Ortigueira	SI	SI	6.136
15044	Mañón	NON	SI	1.454
27064	O Vicedo	NON	SI	1.820
27066	Viveiro	SI	SI	15.735
27025	Xove	SI	SI	3.424
27013	Cervo	SI	SI	4.336
27902	Burela	SI	SI	9.580
27019	Foz	SI	SI	9.891
27005	Barreiros	SI	SI	3.021
27051	Ribadeo	SI	SI	9.929
27061	Trabada	SI	SI	1.178
	TOTAL POL	**52**	**67**	**1.432.683**

GLOSARIO:

Xunta de Galicia

MET.D.01

Emisión gases efecto invernadoiro (GEI)

Caderno indicador

IET
Decembro 2015

Obxectivo e relevancia:

Analizar a evolución na emisión de gases de efecto invernadoiro.

O fenómeno do cambio climático de orixe antrópico, ao que contribúe a emisión de GEI, é un fenómeno global e de tal xeito ten que ser abordado, resultando moi importante a suma dos esforzos das actuacións das diferentes administracións, para que cada unha no seu ámbito contribúa a frear este fenómeno.

Para a consecución deste obxectivo disponse dun diagnóstico dos principais impactos e as respectivas políticas sectoriais, principalmente en dúas liñas: control das emisións de GEI e apoio os sumidoiros de carbono.

Medidas do indicador:

Produción de gases efecto invernadoiro GEI (t de CO2 equivalente).

Descrición do indicador:

Avalíanse e calcúlanse as emisións dos GEI en toneladas de CO2 derivadas das diferentes actividades antrópicas, categorizadas segundo que a súa orixe sexa o procesado da enerxía, os procesos industriais, o uso de disolventes, a agricultura ou o tratamento ou eliminación de residuos

Evolución do indicador:



Sustentabilidade Territorial

Plan de Seguimento das DOT

INFORME 2016

Anexo I:
Traballo desenvolvido cos GTT/
Valoración e tendencia dos indicadores

Anexo II:
Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI)

Anexo III:
Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST)

Anexo IV:
Enquisa de Percepción Territorial e Urbanísitica (EPTU)

Anexo V:
Metodoloxía

XUNTA DE GALICIA

A seguir exponse os resultados da Enquisa Estrutural a Fogares *Módulos de mobilidade e viviendas familiares: caracteristicas e medio 2015* que ven a dar resposta á demanda que se recollía no Informe de sustentabilidade ambiental (ISA) no marco do sistema de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), a elaboración dunha Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU). A súa explotación e análise desenvolvese no apartado correspondente do Informe.

Vivendas segundo a clase de vivenda e tipo de edificio. Galicia

Porcentaxe

	1999	2005	2010	2015
Vivenda unifamiliar independente	48,51	48,72	42,22	40,30
Vivenda unifamiliar acaroada	6,51	5,56	5,62	7,97
Piso ou apartamento nun edificio con menos de 10 vivendas	20,80	16,59	20,66	17,25
Piso ou apartamento nun edificio con 10 ou máis vivendas	23,98	29,04	31,38	34,37
Outro tipo	0,20	0,09	0,13	0,12
Total	**100**	**100**	**100**	**100**

Nota: "Outro tipo" inclúe as vivendas situadas nun edificio destinado principalmente a outros fins (colexio, oficina, taller)

Vivendas segundo a súa antigüidade. Ano 2015

Porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Menos de 5 anos	0,55	0,95	0,90	0,66	0,68
De 5 a 9 anos	8,23	5,57	5,48	7,11	7,18
De 10 a 19 anos	19,6	17,7	15,57	16,96	17,98
De 20 a 49 anos	44,94	41,61	45,75	48,06	45,66
De 50 ou máis anos	26,67	34,17	32,31	27,21	28,49
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Vivendas segundo a súa superficie. Galicia

Porcentaxe

	1999	2005	2010	2015
Menos de 40,00 m^2	1,28	0,74	0,35	0,53
De 40,00 a 60,00 m^2	11,12	8,19	7,26	6,95
De 60,01 a 90,00 m^2	41,68	41,15	42,93	43,05
De 90,01 a 120,00 m^2	33,30	30,65	30,75	29,00
Máis de 120,00 m^2	12,61	19,26	18,71	20,47
Total	**100**	**100**	**100**	**100**

Vivendas segundo o réxime de tenza. Ano 2015

Porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
En propiedade sen hipoteca	56,78	68,11	68,83	58,34	60,22
En propiedade con hipoteca	21,47	16,25	14,78	20,94	19,81
En aluguer	13,43	10,06	9,12	10,91	11,63
Cedida e outro	8,31	5,58	7,26	9,81	8,34
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Fogares segundo a carga que supoñen os gastos totais da vivenda. Ano 2015

Porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Unha carga pesada	64,50	52,20	58,99	56,04	59,45
Unha carga razoable	33,12	43,33	38,98	36,79	36,35
Non supoñen ningunha carga	2,38	4,46	2,03	7,17	4,20
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Porcentaxe

	1999	2005	2010	2015
Auga quente	96,09	98,02	98,85	99,31
Baño ou ducha	98,68	99,04	99,68	99,83
Calefacción instalada	41,73	54,69	67,28	71,95
Ascensor	22,31	28,88	34,84	37,44
Seguro do fogar	..	..	64,65	70,96

(..) Dato non dispoñible

Vivendas segundo as fontes de enerxía que empregan para a auga quente e a calefacción. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	Auga quente	Calefacción
Solar	0,61	0,49
Biomasa (madeira e derivados)	3,34	10,00
Xeotérmica	0,22	0,36
Electricidade	18,87	25,31
Gasóleo	18,80	26,22
Gas natural	22,66	35,25
Propano/butano	39,49	6,94
Outra	0,03	0,04

Vivendas que dispoñen de determinados servizos exteriores. Galicia

Porcentaxe

	1999	2005	2010	2015
Terraza, patio ou xardín	58,95	68,99	59,35	64,52
Terraza privada	..	..	..	58,37
Terraza pública	..	..	..	9,30
Tendedeira	..	..	82,86	78,80
Conexión pública de augas residuais (rede de sumidoi	72,93	72,60	82,90	82,81
Saneamento individual ou outros	..	..	..	20,54
Conexión á rede pública de auga potable	..	..	83,76	82,22
Abastecemento de auga, comunitario ou individual	..	..	..	23,51
Recollida de lixo nun contorno inmediato á súa vivend	94,52	97,12	98,80	97,65
Recollida selectiva de lixo	36,75	66,16	78,53	79,50
Recollida de vidro	..	56,80	71,42	68,16
Recollida de plásticos, metálicos (latas...)	..	63,12	72,69	74,68
Recollida de papel e cartón	..	56,57	69,90	67,00
Iluminación pública exterior	97,42	97,25	97,46	97,88

(..) Dato non dispoñible

Vivendas segundo a accesibilidade a determinados servizos nunha distancia de aproximadamente 15 minutos. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	Centro de saúde ou ambulatorio	Farmacia	Banco, caixa de aforros, caixeiro	Tenda de comestibles	Parada de autobús	Estación de tren
A pé	60,44	70,95	65,41	73,85	83,78	22,84
Nalgún medio de transporte	37,06	27,07	31,38	23,40	10,53	34,18
Con posibilidade de transporte público	*20,13*	*12,06*	*15,36*	*10,52*	*3,20*	*25,58*
Sen posibilidade de transporte público	*16,92*	*15,01*	*16,02*	*12,87*	*7,33*	*8,60*
Non dispoñen	2,50	1,98	3,21	2,75	5,69	42,99
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Vivendas segundo a accesibilidade a determinados servizos nunha distancia de aproximadamente 15 minutos. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	Gardería pública	Centro público de educación	Centro público de educación primaria	Centro público de ESO	Centro público de bacharelato	Centro público de FP
A pé	56,60	67,44	65,90	59,09	52,79	42,08
Nalgún medio de transporte	32,54	29,56	30,97	32,97	32,68	37,25
Con posibilidade de transporte público	*17,41*	*20,69*	*23,14*	*25,67*	*24,47*	*27,33*
Sen posibilidade de transporte público	*15,13*	*8,88*	*7,83*	*7,30*	*8,21*	*9,92*
Non dispoñen	10,86	3,00	3,13	7,94	14,54	20,67
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Ocupados segundo o medio de transporte utilizado desde a vivenda da que se desprazan ata o centro de traballo por idade

	Porcentaxe 2015
De 16 a 29 anos	
Só transporte privado (coche, moto...)	65,08
Só transporte público (autobús, taxi, tren...)	6,70
Só non motorizado (andando, bicicleta...)	25,77
Outro	2,45
Total	**100,00**
De 30 a 44 anos	
Só transporte privado (coche, moto...)	73,19
Só transporte público (autobús, taxi, tren...)	4,71
Só non motorizado (andando, bicicleta...)	19,99
Outro	2,11
Total	**100,00**
De 45 ou máis anos	
Só transporte privado (coche, moto...)	60,98
Só transporte público (autobús, taxi, tren...)	4,99
Só non motorizado (andando, bicicleta...)	31,86
Outro	2,17
Total	**100,00**
Total	
Só transporte privado (coche, moto...)	66,92
Só transporte público (autobús, taxi, tren...)	5,04
Só non motorizado (andando, bicicleta...)	25,86
Outro	2,17
Total	**100,00**

Nota: os datos fan referencia aos ocupados cuxo centro de traballo non se atopa no propio domicilio nin en varios concellos (comercial, condutor...) e que realizan normalmente unha ou máis viaxes diarias de ida e volta ata o centro de traballo.

"Outro" inclúe "Transporte privado e transporte público", "Transporte privado e non motorizado", "Transporte público e non motorizado" e "Transporte privado, transporte público e non motorizado".

O medio de transporte "Andando" utilízase se se anda 10 ou máis minutos ou non se usa outro medio.

Ocupados segundo o medio de transporte utilizado desde a vivenda da que se desprazan ata o centro de traballo por tamaño de municipio

	Porcentaxe 2015
Menos de 10.000 habitantes	
Só transporte privado (coche, moto…)	69,93
Só transporte público (autobús, taxi, tren…)	1,31
Só non motorizado (andando, bicicleta…)	27,88
Outro	0,87
Total	**100,00**
Entre 10.000 e 20.000 habitantes	
Só transporte privado (coche, moto…)	72,85
Só transporte público (autobús, taxi, tren…)	2,43
Só non motorizado (andando, bicicleta…)	22,17
Outro	2,55
Total	**100,00**
Entre 20.000 e 50.000 habitantes	
Só transporte privado (coche, moto…)	76,74
Só transporte público (autobús, taxi, tren…)	3,38
Só non motorizado (andando, bicicleta…)	17,33
Outro	2,55
Total	**100,00**
Máis de 50.000 habitantes	
Só transporte privado (coche, moto…)	58,13
Só transporte público (autobús, taxi, tren…)	9,52
Só non motorizado (andando, bicicleta…)	29,58
Outro	2,77
Total	**100,00**
Total	
Só transporte privado (coche, moto…)	66,92
Só transporte público (autobús, taxi, tren…)	5,04
Só non motorizado (andando, bicicleta…)	25,86
Outro	2,17
Total	**100,00**

Nota: os datos fan referencia aos ocupados cuxo centro de traballo non se atopa no propio domicilio nin en varios concellos (comercial, condutor...) e que realizan normalmente unha ou máis viaxes diarias de ida e volta ata o centro de traballo.
"Outro" inclúe "Transporte privado e transporte público", "Transporte privado e non motorizado", "Transporte público e non motorizado" e "Transporte privado, transporte público e non motorizado".
O medio de transporte "Andando" utilízase se se anda 10 ou máis minutos ou non se usa outro medio.

Ocupados segundo o lugar no que se atopa o centro de traballo

	Porcentaxe 2015	Número 2015
Galicia		
No propio domicilio	1,56	15.602
No mesmo concello	59,14	591.126
Noutro concello de Galicia	33,01	330.019
En varios concellos (comercial, condutor…)	4,64	46.379
Noutra provincia	0,82	8.180
Noutro país	0,83	8.306
Total	**100,00**	**999.613**
15 A Coruña		
No propio domicilio	1,86	7.897
No mesmo concello	54,87	233.112
Noutro concello de Galicia	36,99	157.129
En varios concellos (comercial, condutor…)	4,39	18.671
Noutra provincia	0,80	3.396
Noutro país	1,09	4.617
Total	**100,00**	**424.821**
27 Lugo		
No propio domicilio	0,70	912
No mesmo concello	70,92	92.402
Noutro concello de Galicia	20,98	27.337
En varios concellos (comercial, condutor…)	5,29	6.897
Noutra provincia	1,71	2.224
Noutro país	0,40	517
Total	**100,00**	**130.289**
32 Ourense		
No propio domicilio	1,39	1.487
No mesmo concello	62,79	67.291
Noutro concello de Galicia	29,72	31.848
En varios concellos (comercial, condutor…)	5,35	5.729
Noutra provincia	0,43	465
Noutro país	0,32	343
Total	**100,00**	**107.163**
36 Pontevedra		
No propio domicilio	1,57	5.307
No mesmo concello	58,79	198.321
Noutro concello de Galicia	33,71	113.705
En varios concellos (comercial, condutor…)	4,47	15.082
Noutra provincia	0,62	2.095
Noutro país	0,84	2.829
Total	**100,00**	**337.339**

Vivendas segundo a dispoñibilidade e o motivo da falta de posesión de determinados electrodomésticos. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	Frigorífico	Lavadora	Secadora	Lavalouza	Forno	Microondas
Dispoñen	99,70	98,60	23,31	43,50	93,52	82,20
Non dispoñen	0,30	1,40	76,69	56,50	6,48	17,80
Non o poden comprar	*0,14*	*0,62*	*19,38*	*16,40*	*3,02*	*5,22*
Non, por outros motivos	*0,15*	*0,78*	*57,31*	*40,10*	*3,46*	*12,58*
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Porcentaxe

	Televisor	Antena parabólica colectiva	Antena parabólica propia	Televisión por cable	Canle de pago	Cadea, equipo de música
Dispoñen	99,17	15,46	8,52	19,33	12,03	42,78
Non dispoñen	0,84	84,54	91,48	80,67	87,96	57,22
Non o poden comprar	*0,25*	*10,41*	*12,72*	*13,85*	*16,27*	*8,89*
Non, por outros motivos	*0,59*	*74,13*	*78,76*	*66,82*	*71,69*	*48,33*
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Porcentaxe

	Cámara de fotos analóxica	Cámara de fotos dixital	Cámara de vídeo	Reprodutor/gravador dvd, blu-ray	Home cinema
Dispoñen	18,20	49,23	16,81	49,61	4,56
Non dispoñen	81,79	50,73	83,19	50,39	95,45
Non o poden comprar	*10,06*	*8,43*	*11,98*	*7,95*	*15,22*
Non, por outros motivos	*71,73*	*42,30*	*71,21*	*42,44*	*80,23*
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Porcentaxe

	Reprodutor MP, iPod	Radio, radiocasete	Consola de videoxogos	Teléfono fixo	Teléfono móbil
Dispoñen	32,24	69,12	28,59	75,86	91,55
Non dispoñen	67,76	30,88	71,41	24,14	8,45
Non o poden comprar	*9,60*	*4,59*	*9,15*	*5,62*	*1,66*
Non, por outros motivos	*58,16*	*26,29*	*62,26*	*18,52*	*6,79*
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Fogares que dispoñen de coche, motocicleta, ciclomotor ou similar, praza de garaxe ou instalación cuberta similar. Ano 2015

Porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Coche para uso persoal	79,14	79,97	75,35	81,29	79,49
Moto, ciclomotor ou asimilado	8,34	8,31	8,71	12,23	9,68
Praza de garaxe ou instalación similar cuberta	60,24	68,57	55,68	61,01	60,98

Fogares que manifestan ter determinados problemas coa vivenda. Galicia

Porcentaxe

	1999	2005	2010	2015
Falta de espazo	21,12	14,44	11,54	10,97
Ruídos (tráfico, negocios, veciños...)	..	..	22,40	14,34
Ruídos producidos polos veciños	..	..	10,72	5,18
Ruídos procedentes do exterior (tráfico, negocios...)	22,73	15,65	16,25	11,94
Vibracións	..	..	..	6,05
Luz natural insuficiente nalgunha habitación	15,37	10,31	10,86	9,14
Deficiencias de illamento térmico ou acústico	28,38	18,29	18,28	18,72
Goteiras	13,26	7,77	7,94	5,32
Humidades	39,40	26,84	24,02	28,99
Podremia en solos ou en ventás	11,52	5,45	4,98	2,47
Deficiencias na instalación eléctrica da vivenda	..	..	4,94	3,95
Deficiencias na instalación de fontanería da vivenda	..	..	5,13	4,29
Subministro deficiente de enerxía eléctrica	9,80	10,67	6,68	3,40
Subministro deficiente de auga	10,31	5,76	4,82	3,16
Contaminación, suciedade ou outros problemas pola industria ou tráfico	17,69	15,34	5,60	5,38
Deficiente acceso a internet	..	..	12,27	13,98

Fogares que manifestan ter determinados problemas no contorno da vivenda. Ano 2015

Porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Deficiencias no acceso ás vivendas (iluminación, beirarrúas, acceso para minusválidos...)	45,11	42,55	46,99	41,18	43,71
pavimentación...)	40,46	33,71	42,44	36,60	38,57
Deficiencias na iluminación	18,22	21,02	15,65	15,16	17,23
Deficiencias noutro mobiliario urbano (bancos, papeleiras, marquesiñas...)	27,31	26,49	35,85	24,82	27,43
Delincuencia ou vandalismo	14,03	14,78	11,33	10,82	12,72
Presenza de lixo	13,45	12,29	11,26	9,37	11,67
Insuficiencia de espazos abertos públicos para o ocio (parques...)	25,02	23,33	30,17	18,09	23,13
Deficiencias nos servizos de transporte (paradas, rutas, frecuencias...)	39,39	41,80	40,86	32,48	37,57
Insuficiencia de servizos sanitarios de atención primaria	15,01	21,21	15,27	14,81	15,76
Insuficiencia de servizos de ensinanza obrigatoria	11,61	15,52	18,37	6,46	11,22
Insuficiencia de equipamentos deportivos (abertos e pechados)	23,33	27,92	28,47	18,30	22,86
Poucos centros culturais/sociais de ocio públicos (da terceira idade, ludotecas...)	25,51	32,74	35,23	22,61	26,65
Aparcamento (poucas áreas, prazas, prezos altos...)	26,69	20,10	23,61	26,34	25,37

Porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Moi insatisfeito	3,04	1,68	2,21	2,50	2,59
Algo insatisfeito	10,45	6,04	10,70	8,36	9,23
Satisfeito	72,41	75,68	72,36	70,96	72,33
Moi satisfeito	14,10	16,61	14,73	18,18	15,86
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Fogares con problemas de ruído na vivenda segundo a frecuencia coa que os sofren. Ano 2015

Porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Diariamente	56,39	37,50	53,57	53,18	53,24
A miúdo	23,56	39,77	31,61	31,75	28,92
Algunhas veces	20,05	22,74	14,82	15,07	17,85
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Fogares con problemas de ruído na vivenda segundo as causas. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	2015
Tráfico terrestre	59,51
Tráfico aéreo	4,59
Veciños	36,10
Orixe animal	7,56
Explotacións acuícolas	0,42
Orixe mecánica (obras, canteiras, minas…)	6,11
Actividades comerciais e de ocio	18,55
Reunións informais urbanas (botellón…)	7,78
Outra	2,10

Fogares con problemas de ruído na vivenda segundo as medidas que levaron a cabo. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	2015
Insonorizar a vivenda	10,62
Queixarse ao causante	22,78
Denunciar o feito	11,26
Formar unha asociación ou asociarse con organismos para loitar contra o problema	3,23
Outra	0,17
Ningunha	63,22
	111,28

Fogares con problemas de ruído na vivenda segundo as medidas que consideran axeitadas para solucionar o problema por parte da Administración. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	2015
Trasladar as actividades molestas que orixinen o ruído	23,16
Regular o nivel de emisión de ruído permitido	41,56
Peonalizar as rúas que son fonte do problema	8,10
Crear circunvalacións afastando o tráfico non urbano	17,31
Construír barreiras acústicas cando é posible	18,69
Outra	5,90
Ningunha	29,57

Fogares con problemas de cheiros na vivenda. Ano 2015

Porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Con cheiros	12,79	7,71	6,28	8,11	9,79

Fogares con problemas de cheiros na vivenda segundo as causas. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	2015
Fumes, tabaco	9,44
Canalización, saneamento	40,81
Explotacións agrogandeiras	21,47
Explotacións acuícolas	0,89
Industrias (alimentarias, conserveiras, talleres…)	22,87
Comercios (supermercados, peixarías…)	2,41
Colectores de residuos	3,05
Vertedoiros	6,06
Outra	5,64

Fogares con problemas de cheiros na vivenda segundo as medidas que levaron a cabo. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	2015
Poñer depuradores de aire na vivenda	1,12
Limpar a zona	6,02
Queixarse ao causante	7,62
Denunciar o feito	7,69
Formar unha asociación ou asociarse con organismos de loita ambiental	2,71
Outra	1,69
Ningunha	74,46

Vivendas segundo os aspectos que producen un impacto negativo na paisaxe do seu contorno. Ano 2015

Porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Edificacións ruinosas	28,64	26,99	40,02	19,59	26,82
Edificacións e urbanización inacabadas	21,91	22,79	15,55	16,06	19,28
As cores das construcións	10,26	8,95	5,31	5,90	8,03
Os materiais das construcións	9,55	8,73	5,63	6,72	8,02
Paredes medianeiras vistas	13,68	9,48	7,89	7,41	10,34
Os peches e valados	15,51	10,98	9,16	9,01	11,98
O estado da urbanización (pavimento, mobiliario urbano, graffiti…)	26,30	18,03	15,77	18,82	21,46
A circulación e aparcadoiros de vehículos	20,21	12,71	16,18	14,38	16,82
Os cableados aéreos (electricidade, telefonía…)	24,59	18,05	20,32	17,54	20,89
A mestura de tipos de edificacións (vivendas unifamiliares, bloques de vivendas, naves industriais, talleres…)	12,49	15,02	9,55	10,27	11,71
A mala conservación do patrimonio cultural (monumentos, conxuntos históricos, restos arqueolóxicos, espazos protexidos…)	14,32	16,76	10,73	8,80	12,34
O abandono da terra	19,15	24,92	42,69	22,17	23,79
Determinadas explotacións forestais ou de cultivos	6,23	8,37	3,53	6,80	6,36
Outro	0,57	0,28	0,15	0,19	0,35
Ningún	39,36	43,26	26,12	44,61	39,97

Fogares segundo o grao de satisfacción global coa paisaxe do seu contorno. Ano 2015

Porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Moi insatisfeito	2,66	1,66	2,38	0,85	1,89
Algo insatisfeito	14,19	8,46	12,54	7,93	11,18
Satisfeito	73,00	80,20	77,05	74,65	74,96
Moi satisfeito	10,15	9,68	8,04	16,57	11,97
Total	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Fogares segundo o grao de satisfacción global coa paisaxe do seu contorno por tipo de contorno paisaxístico. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	Urbano	Rural	Mixto (periurbano)	Total
Moi insatisfeito	1,78	1,39	3,00	1,89
Algo insatisfeito	10,46	10,09	14,54	11,18
Satisfeito	76,02	75,12	72,52	74,96
Moi satisfeito	11,73	13,41	9,94	11,97
Total	**100**	**100**	**100**	**100**

Vivendas segundo os aspectos que producen un impacto negativo na paisaxe do seu contorno por tamaño de municipio. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	Menos de 10.000 habitantes	Entre 10.000 e 20.000 habitantes	Entre 20.000 e 50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	Total
Edificacións ruinosas	35,20	20,93	26,02	22,65	26,82
Edificacións e urbanización inacabadas	21,72	19,44	19,86	16,92	19,28
As cores das construcións	6,93	6,31	8,30	9,60	8,03
Os materiais das construcións	6,54	6,42	7,77	10,08	8,02
Paredes medianeiras vistas	8,05	9,13	14,06	11,28	10,34
Os peches e valados	11,97	11,82	15,14	10,77	11,98
O estado da urbanización (pavimento, mobiliario urbano, graffiti…)	18,77	20,38	30,34	20,54	21,46
A circulación e aparcadoiros de vehículos	9,13	10,47	18,10	25,60	16,82
Os cableados aéreos (electricidade, telefonía…)	25,68	20,82	27,77	14,03	20,89
A mestura de tipos de edificacións (vivendas unifamiliares, bloques de vivendas, naves industriais, talleres…)	8,82	12,56	17,68	11,31	11,71
A mala conservación do patrimonio cultural (monumentos, conxuntos históricos, restos arqueolóxicos, espazos protexidos…)	15,74	15,98	11,58	8,18	12,34
O abandono da terra	42,20	29,46	25,80	4,90	23,79
Determinadas explotacións forestais ou de cultivos	9,17	11,52	7,28	1,32	6,36
Outro	0,42	0,18	0,17	0,45	0,35
Ningún	31,95	41,87	37,23	47,04	39,97

Vivendas segundo os aspectos que producen un impacto negativo na paisaxe do seu contorno por tipo de contorno paisaxístico. Galicia. Ano 2015

Porcentaxe

	Urbano	Rural	Mixto (periurbano)	Total
Edificacións ruinosas	21,03	29,99	32,98	26,82
Edificacións e urbanización inacabadas	16,60	15,19	31,88	19,28
As cores das construcións	8,48	5,01	12,39	8,03
Os materiais das construcións	8,91	4,85	11,77	8,02
Paredes medianeiras vistas	10,76	6,32	16,55	10,34
Os peches e valados	8,95	10,51	20,71	11,98
O estado da urbanización (pavimento, mobiliario urbano, graffiti...)	18,16	20,74	29,40	21,46
A circulación e aparcadoiros de vehículos	23,77	6,29	21,20	16,82
Os cableados aéreos (electricidade, telefonía...)	12,53	24,67	31,21	20,89
A mestura de tipos de edificacións (vivendas unifamiliares, bloques de vivendas, naves industriais, talleres...)	11,51	5,46	23,04	11,71
A mala conservación do patrimonio cultural (monumentos, conxuntos históricos, restos arqueolóxicos, espazos protexidos...)	7,99	13,19	19,67	12,34
O abandono da terra	0,00	44,23	36,18	23,79
Determinadas explotacións forestais ou de cultivos	0,00	12,17	9,06	6,36
Outro	0,40	0,29	0,38	0,35
Ningún	50,16	34,25	29,34	39,97

Sustentabilidade Territorial

Plan de Seguimento das DOT

INFORME 2016

Anexo I:
Traballo desenvolvido cos GTT/
Valoración e tendencia dos indicadores

Anexo II:
Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI)

Anexo III:
Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST)

Anexo IV:
Enquisa de Percepción Territorial e Urbanísitica (EPTU)

Anexo V:
Metodoloxía

XUNTA DE GALICIA

1 Metodoloxía

A lei de ordenación do territorio de Galicia[1] (LOT) estableceu a necesidade de facer un seguimento dos efectos que as Directrices de ordenación do territorio (en adiante DOT) teñen no territorio e na sociedade.

O Consello da Xunta, aprobou o Decreto 176/2013, do 21 de novembro de, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.

Coa aprobación do citado decreto, iniciouse a tarefa de avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos enunciados nas DOT, e con elo poder coñecer se as políticas implementadas son concorrentes con estes obxectivos.

1.1 Órganos

A consellería competente en materia de ordenación do territorio é o órgano promotor do seguimento dos obxectivos e determinacións das DOT.

O Decreto 156/2012, do 12 de xullo, crea a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, órgano responsable de desenvolver e adaptar o sistema de indicadores, aplicándoo proporcionalmente ao grao de desenvolvemento das DOT, coa finalidade última de dar cumprimento ao mandato que recolle o artigo 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia (LOT).

A Comisión de Seguimento será a encargada de aprobar as propostas que configuren o sistema de seguimento da sustentabilidade territorial.

Dependentes dela, no seo desta Comisión, constituíronse diferentes Grupos Técnicos de traballo (GTT), nos que cada departamento autonómico con competencias de alcance territorial terá un papel protagonista na definición, validación e consenso das propostas que o IET propoña, tanto para as DOT, como para os restantes instrumentos de ordenación do territorio.

No seo de cada GTT concrétanse os contidos e alcance das ferramentas que conforman o armazón do plan, segundo o ámbito competencial correspondente. Nestes GTT participan, ademais, o órgano ambiental, responsable da Avaliación ambiental estratéxica, e o Instituto Galego de Estatística (IGE).

Creáronse atendendo ao propio organigrama da Xunta de Galicia e ás propias competencias por unha banda, e por outra, baseados na proposta do ISA e da Memoria ambiental das DOT e do POL, que estruturan os indicadores en bloques e sub-bloques que engarzan cos campos competenciais.

Cada grupo está constituído por unha persoa representante do órgano ambiental, do Instituto Galego de Estatística, por un representante do departamento ou organismo con competencias na materia de que se trate, así como polo persoal do IET, organismo que desenvolveu as labores de apoio, análise e coordinación técnica do traballo nos diferentes GTT. O representante do departamento que ostenta as competencias na materia ao que se refira o GTT actúa como fonte e validador dos datos e dos indicadores asignados a dito grupo.

Neste decreto sinálase ao IET como o soporte técnico para o desenvolvemento das funcións da Comisión de Seguimento que levará a cabo labores de coordinación entre os GTT e a Comisión. Estas tarefas están incardinadas no cometido de prestar apoio á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, na realización da avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial, que lle atribúe os estatutos (Decreto 244/2011, do 29 de decembro). O IET formula, os GTT elaboran, consensúan e propoñen á Comisión: e esta aproba.

O resultado deste seguimento, pola maior ou menor aproximación, no tempo, aos obxectivos fixados nas DOT, será o que faga que dende esta Comisión se formulen as propostas que procedan para evitar desviacións negativas.

[1] Lei 10/1995, do 23 de decembro, de ordenación do territorio de Galicia

1.2 Ferramentas. Indicadores e enquisa

O punto de partida da elaboración das ferramentas do seguimento da sustentabilidade territorial é o plan de seguimento da Memoria ambiental do procedemento de AAE das DOT e o indicado no seu ISA.

Nel proponse un sistema de indicadores que permita avaliar a sustentabilidade da planificación territorial derivada das DOT mediante o seguimento da súa evolución e a verificación do cumprimento dos obxectivos xerais propostos, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables de sustentabilidade identificadas.

O sistema de indicadores contempla unha dobre avaliación do cumprimento dos obxectivos das DOT; por unha banda o que se refire ao desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio que nela se citan, e pola outra, propiamente unha batería de indicadores que midan a evolución cara a unha sociedade sustentable.

De xeito análogo ao sistema de indicadores, formúlase a inclusión no seguimento que se faga, dun instrumento que permita coñecer a percepción da cidadanía sobre os efectos dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo na calidade de vida; para o cal se propón a realización dunha enquisa.

As distintas ferramentas propostas poderán ser revisadas no desenvolvemento do plan de seguimento polos órganos definidos a tal fin.

1.2.1 Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)

Estes Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI) deben dar resposta aos compromisos que a Comunidade Autónoma se impón no desenvolvemento dos documentos que permitan avanzar na sustentabilidade da sociedade. Algúns destes indicadores establécense na propia tramitación ambiental das DOT, entendendo que o desenvolvemento destes instrumentos suporá unha ordenación do territorio en clave de sustentabilidade, e dicir, a planificación vertical ou en "cascada" será a ferramenta que dirixa as actuacións no territorio para que estas dean unha resposta coherente coas necesidades da sociedade.

O plan de seguimento considera que o número de indicadores pode ser ampliado con outros de análogas características e funcións, que as administracións públicas, en virtude das súas competencias, podan desenvolver. Por isto, os distintos departamentos con incidencia territorial son consultados sobre as actuacións que poidan estar levando a cabo neste senso.

O procedemento de AAE recolleu os seguintes IDI:

Número de Plans territoriais integrados en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT

Porcentaxe de superficie ordenada segundo un Plan territorial integrado

Número de Programas coordinados de actuación desenvolvidos

Número de Plans sectoriais en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT

Número de Plans xerais de ordenación municipal en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT

Porcentaxe de superficie con PXOM adaptado ás DOT

Non obstante, outras figuras como os plans directores ou as estratexias deseñadas e postas en marcha por distintas consellerías son igualmente documentos vinculantes cos obxectivos das DOT, cunha clara finalidade de ordenación territorial que supoñen pasos intermedios ou previos aos recollidos nas DOT.

1.2.2 Indicadores de sustentabilidade territorial (IST)

1.2.2.1 Obxecto

O sistema de Indicadores de sustentabilidade territorial (IST) constitúe unha das ferramentas para a realización do seguimento dos instrumentos de ordenación do territorio, tal e como se reflectiu na Determinación 10.1.19 das DOT e no Informe de sustentabilidade ambiental (ISA) das DOT e do POL.

O plan de seguimento propón un sistema de indicadores denominados de sustentabilidade territorial (IST), xurdidos para a

avaliación dos obxectivos específicos de sustentabilidade para cada unha das variables establecidas no ISA das DOT e na súa memoria ambiental.

1.2.2.2 Modelo conceptual

Para que a selección de indicadores constitúa un único sistema, unha das tarefas clave é a definición dun modelo conceptual que atenda aos obxectivos aos que terá que dar reposta este sistema de indicadores.

A definición do modelo conceptual do sistema de indicadores de sustentabilidade territorial xurde do proceso de elaboración das DOT e do POL e os seus respectivos procesos de AAE. Trátase da identificación das variables de sustentabilidade, o establecemento de obxectivos específicos para cada unha delas, así como da identificación dos seus aspectos clave.

Estrutura das variables de sustentabilidade

No modelo conceptual que se propón, as variables de sustentabilidade correspóndense cunha nova relación de BLOQUES, que se presenta cunha organización moi semellante á existente nas DOT e no POL, con algún axuste sinxelo en aras dunha maior claridade e simplificación.

A continuación preséntase un cadro coa equivalencias entre as variables de sustentabilidade consideradas no ISA das DOT e do POL, e os bloques que organizan o sistema de indicadores.

Táboa 1. Correspondencia entre as variables de sustentabilidade do ISA das DOT e os bloques do IST

Bloques sistema indicadores IST	Variables ISA DOT e POL
1.ocupación do territorio	Solo
2.paisaxe	Paisaxe
3.patrimonio natural	Patrimonio natural
4.patrimonio cultural	Patrimonio cultural
5.sociedade e economía	Socioeconomía
6.metabolismo	Atmosfera
	Ciclo hídrico
	Enerxía
	Ciclos de materiais
	Cambio climático
7.mobilidade	Mobilidade

Estes bloques ou variables de sustentabilidade relaciónanse entre eles seguindo o esquema conceptual da Ilustración 1. Esquema conceptual.

No que o patrimonio natural de Galicia é a matriz biofísica, a cal é o soporte dos sistemas humanos, conformados polas variables sociais e económicas, que configuran e determinan o patrimonio cultural.

Estes tres elementos dos sistemas humanos (sociedade, economía e patrimonio cultural), organízanse atendendo a un modelo de ocupación do territorio establecido polos instrumentos de ordenación, que a súa vez determina e caracteriza o proceso de antropización do patrimonio natural.



Ilustración 1. Esquema conceptual

Pódese afirmar desta maneira, que dito proceso de antropización é froito da interacción entre os propios factores naturais e antrópicos.

Así, o modo no que son aproveitados e xestionados os recursos dese patrimonio natural (os fluxos de enerxía, auga-ciclo hídrico, outros materiais e a atmosfera) constitúe o que se pode denominar o metabolismo do sistema humano, mentres que os múltiples fluxos socioeconómicos posibles sintetízanse na variable ou bloque de mobilidade.

Finalmente, a **paisaxe**, como reflexo da sociedade, configúrase como elemento holístico e de síntese ou resultado de todas as relacións e interaccións naturais e antrópicas.

Aspectos clave para a sustentabilidade

Asemade, para completar a proposta do modelo conceptual do sistema de indicadores é preciso incorporar a consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, xa recollidos no ISA das DOT e no ISA do POL, así como nos Documentos de referencia dos procesos de AAE de ditos instrumentos. Definidas as variables, e trala reflexión sobre as oportunidades e riscos que leva a implementación dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio e o urbanismo, segundo un proceso de planificación en "cascada", identifícanse unha serie de efectos previsibles e extráense unha serie de aspectos claves que é necesario valorar.

A integración destes aspectos clave non se realizou cunha translación directa ao esquema de bloques, senón que se tiveron que conxugar outras cuestións como, por exemplo, os potenciais indicadores en función das fontes de información dispoñibles e posibles. O resultado foi a identificación de SUB-BLOQUES que inclúen a consideración destes aspectos, aínda que non de forma expresa.

A listaxe de bloques e sub-bloques, e a súa relación coas aspectos clave, reflíctese na táboa seguinte.

Táboa 2. Correspondencia entre os aspectos clave e os sub-bloques

CLASIFICACIÓN NAS DOT				CLASIFICACIÓN NO PSST	
VARIABLES		ASPECTOS CLAVE		BLOQUE	SUBBLOQUE
OT	OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Cal. S.	Calidade do solo	OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Usos do solo
					Distribución-Dispersión
					Intensidade
		Voc. A.	Vocacionalidade dos ámbitos		Usos do solo
		Ris. N. T.	Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos		Riscos
PPNC	PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	Integ. P.	Integridade paisaxística	PAISAXE	Dinámica da paisaxe
					Valoración da paisaxe
					Xestión da paisaxe
		Frag. T.	Fragmentación do territorio	PATRIMO-NIO NATURAL	Naturalidade
		Consv.	Conservación do patrimonio natural e cultural		Naturalidade
					Biodiversidade
					Xestión
				PATRIMONIO CULTURAL	Abundancia e diversidade
					Valorización
SE	SOCIOECO-NOMÍA	Comp. E.	Competitividade económica	SOCIEDADE E ECONOMÍA	Autosuficiencia
					Innovación
					Agricultura e gandería
					Pesca e acuicultura
					Aproveitamento forestal
					Solo empresarial
					Turismo
		Eq. D. E.	Equilibrio do desenvolvemento económico		Complexidade
					Emprego e formación
					Autosuficiencia
					Agricultura e gandería
					Pesca e acuicultura
					Aproveitamento forestal
					Solo empresarial
					Turismo
		Coh. S.	Cohesión social		Espectro social

CLASIFICACIÓN NAS DOT				CLASIFICACIÓN NO PSST	
VARIABLES		ASPECTOS CLAVE		BLOQUE	SUBBLOQUE
					Poder adquisitivo
					Servizos
		Cal. V. P.	Calidade de vida da poboación		Poder adquisitivo
					Servizos
					Emprego e formación
		Gob.	Gobernanza		Gobernanza
A	ATMOSFERA	Cal. Ai.	Calidade do aire	METABOLIS-MO	Atmosfera e cambio climático
CH	CICLO HÍDRICO	Cal. Au.	Calidade da auga		Ciclo hídrico
		Cons. R. H.	Consumo de recursos hídricos		
En	ENERXÍA	Cons. En.	Consumo enerxético		Enerxía
Re	CICLOS DE MATERIAIS	Xer. Re.	Xeración de residuos		Ciclos de materiais
CC	CAMBIO CLIMÁTICO	Em. GEI	Emisións de GEI		Atmosfera e cambio climático
M	MOBILIDADE	Nec. M.	Necesidades de mobilidade	MOBILIDA-DE	Situación global
		Eq.Rp.Modal	Equilibrio no reparto modal		Situación modo a modo

Obxectivos específicos

Por último, faltaría considerar os obxectivos específicos de sustentabilidade para cada unha das variables ou bloques do sistema. Estes obxectivos, adaptándose ás características da realidade galega, responden á integración das tres liñas de acción fundamentais da política territorial da UE: o desenvolvemento dun sistema equilibrado e policéntrico de cidades e una nova relación entre campo e cidade, a garantía dun acceso igualitario ás infraestruturas e ao coñecemento, a protección da natureza e do patrimonio cultural e ao desenvolvemento sustentable.

Para a súa translación ao modelo estes obxectivos foron simplificados e xeneralizados a prol dun modelo sinxelo e máis directo.

No seguinte cadro amósanse os obxectivos específicos para cada unha das variables de sustentabilidade e a súa translación como obxectivos para os bloques do modelo do sistema de indicadores.

ISA DAS DOT E DO POL			IST	
Variables e elementos estratéxicos	**Obxectivos DOT**	**Obxectivos POL**	**Bloque**	**Obxectivo**
OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Definir un modelo territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia, conformando unha acción de goberno coordinada e eficaz.	Establecer un modelo territorial que promova un uso eficiente do solo, racionalizando o seu consumo e integrando as afeccións derivadas da implantación das actividades e usos, tanto de carácter urbano como os de natureza rural, de maneira coherente cos seus valores.	OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Consumo eficiente desolo
PAISAXE	Configurar a paisaxe como elemento integrador das políticas de ordenamento territorial e urbanístico e de protección ambiental. Contribuír á conservación e recuperación de espazos, paisaxes e elementos que favorezan a calidade paisaxística. Garantir o mantemento dos trazos paisaxísticos e xeomorfolóxicos do territorio con especial atención aos elementos singulares de interese xeolóxico, morfolóxico ou paleontolóxico existentes.	Caracterización da paisaxe (identificación dos elementos e os procesos). Promover un modelo territorial en harmonía coa paisaxe que poña en valor os seus elementos e trazos identitarios.	PAISAXE	Integración paisaxística
PATRIMONIO NATURAL	Garantir unha adecuada conservación que posibilite a valorización das áreas de interese natural e os recursos patrimoniais de Galicia.	Identificación dos sistemas naturais. Establecer un modelo territorial que favoreza a funcionalidade e conectividade dos sistemas naturais.	PATRIMONIO NATURAL	Preservación da funcionalidade dos ecosistemas
PATRIMONIO CULTURAL	Crear as condicións para que a conservación do patrimonio natural e cultural de Galicia se xustifique polas funcións e beneficios que xera a súa valorización. Contribuír á conservación e recuperación de espazos e elementos de interese natural e cultural. Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais e a conectividade ecolóxica. Establecer criterios para a adecuación das actividades que se localizan no territorio á capacidade de acollida de cada espazo. Facilitar unha permeabilidade do territorio ambientalmente compatible, que permita o aproveitamento colectivo.	Recoñecer os elementos de valor patrimonial. Promover estratexias para a súa posta en valor.	PATRIMONIO CULTURAL	Recoñecemento e valorización do patrimonio humano
SOCIOECONOMÍA	Fomentar o desenvolvemento económico equilibrado e sustentable, para que Galicia se siga aproximando aos niveis de renda e de riqueza das rexións máis desenvolvidas. Conseguir a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación, de xeito que todas as persoas dispoñan dun nivel axeitado de servizos e de oportunidades. **1. Produción de alimentos** Facilitar a ampliación da base territorial das explotacións que o precisen e proporcionar superficie agraria útil. Aproveitar os recursos con potencial agrogandeiro, como base dunha produción alimentaria de calidade e fonte de recursos fundamental no medio rural. Consolidar a competitividade das zonas pesqueiras. Facilitar a diversificación de actividades económicas na costa. Protexer o medio natural das zonas de pesca, co fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as zonas	Establecer un modelo territorial racional. Procurar a implicación da cidadanía no establecemento deste modelo. Favorecer a diversificación das actividades económicas en harmonía cos valores e a funcionalidade dos recursos presentes no ámbito litoral, implicando para iso as poboacións locais.	SOCIEDADE E ECONOMÍA	Aumento da cohesión social Diversidade de usos e funcións

ISA DAS DOT E DO POL			IST	
Variables e elementos estratéxicos	**Obxectivos DOT**	**Obxectivos POL**	**Bloque**	**Obxectivo**
	costeiras protexendo e mellorando o seu patrimonio natural e arquitectónico.			
	2. Aproveitamento forestal Favorecer o establecemento de modelos de xestión forestal sustentables e de calidade que aproveiten a riqueza diversa do monte galego.			
	3. Solo empresarial Establecer criterios de localización e de características dos espazos produtivos que permitan maximizar a súa eficacia para a atracción de actividades, e para a competitividade das empresas da Comunidade. Mellorar a oferta incidindo na rehabilitación dos espazos existentes, a adaptación ás demandas e potencialidades de cada ámbito territorial e a busca de localizacións compatibles coa calidade dos ámbitos urbanos e do medio natural. Xerar novos espazos de actividade axeitados ás demandas creadas polas novas actividades terciarias como elementos de grande incidencia na calidade, no atractivo urbano e na competitividade territorial da Comunidade. Fixar as bases para unha administración racional da superficie industrial de Galicia, axustando a dispoñibilidade de solo á demanda existente e ás condicións do mercado.			
	4. Turismo Valorizar os abundantes recursos naturais e patrimoniais como elemento fundamental do desenvolvemento turístico sustentable. Fomentar a diversificación de actividades no rural a través do aproveitamento do potencial do turismo ecolóxico.			
	5. Equipamentos e servizos Articular unha rede de atención eficiente ás necesidades persoais, sociais e familiares de toda a cidadanía e a veciñanza de Galicia. Coordinar o investimento público en infraestruturas, equipamentos e servizos básicos.			
ATMOSFERA	Minimizar os efectos das emisións contaminantes nocivas, tanto para o medio como para a saúde das persoas	Promover un modelo territorial tendente á redución das fontes emisoras de contaminación.	METABOLISMO	Máxima autosuficiencia dos fluxos metabólicos
CICLO HÍDRICO	Potenciar e favorecer o uso eficiente da auga e a optimización das infraestruturas de abastecemento e saneamento. Promover o mantemento da calidade dos recursos hídricos, e no caso das masas de auga deterioradas, pular pola mellora do seu estado. Protexer as masas de auga destinadas á captación co obxectivo de evitar a deterioración da súa calidade, con	Propiciar un modelo territorial que fomente un uso racional dos recursos hídricos ao mesmo tempo que asegure o mantemento das funcións ecolóxicas e a mellora da calidade e funcionalidade das distintas formas de auga.		

ISA DAS DOT E DO POL			IST	
Variables e elementos estratéxicos	**Obxectivos DOT**	**Obxectivos POL**	**Bloque**	**Obxectivo**
	especial atención á definición dos caudais ecolóxicos.			
ENERXÍA	Pular por garantirlle a subministración enerxética de calidade a toda a cidadanía en todo o territorio. Reducir o consumo enerxético en termos globais e de intensidade enerxética. Favorecer a diversificación das fontes de aprovisionamento enerxético, de xeito que se intensifiquen os esforzos tendentes a un maior aproveitamento dos recursos autóctonos e, en especial, de fomento das fontes de enerxía renovables.	Fomentar o aforro e chamar a atención sobre a necesidade de impulsar a explotación dos recursos naturais renovables fronte aos fósiles.		
XESTIÓN DE RESIDUOS	Contribuír á xestión eficiente dos residuos; favorecendo a minimización da súa xeración e produción. Favorecer a posibilidade da execución de modelos de xestión complementarios de sistemas de recollida e tratamento en función das características do territorio.	Fomentar un modelo territorial que promova modelos de xestión máis eficaces, en coherencia coa planificación sectorial de residuos.		
CAMBIO CLIMÁTICO	Contribuír ao cumprimento dos obxectivos establecidos no Protocolo de Kyoto e a outros acordos internacionais, estatais e autonómicos. Favorecer a adaptación para os efectos previsibles derivados do cambio climático.	Tomar en consideración estudos sobre os efectos do cambio climático no establecemento do modelo territorial. Minimizar as fontes emisoras de gases contaminantes e potenciar a funcionalidade e calidade dos espazos que funcionan como sumidoiros.		
MOBILIDADE	Pular pola redución das necesidades de mobilidade, a mellora da accesibilidade e o equilibrio modal. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.	Racionalizar os procesos de ocupación para así facer un uso máis eficiente dos modos de transporte e diminuír os desprazamentos. Poñer de manifesto a necesidade do establecemento de modos de transporte máis limpos e eficientes.	MOBILIDADE	Fomento da mobilidade sustentable

Esquema conceptual

A definición das relacións entre as variables ou bloques do modelo e os obxectivos de sustentabilidade contemplados para cada un deles representa unha parte fundamental do modelo conceptual do sistema de indicadores.

Esta síntese dos obxectivos realizada segue a responder coherentemente ao modelo territorial definido nas DOT, e a uns principios ou criterios de sustentabilidade emanados dos referentes institucionais e científicos en materia de planificación territorial.

Os principios e os obxectivos de sustentabilidade enunciados pódense organizar en dous eixos fundamentais: a eficiencia ambiental e a cohesión social, sobre os que se sustente o avance cara a un modelo territorial sustentable.

Estes eixos conceptuais incardínanse nas políticas recollidas nas sucesivas declaracións e documentos, subscritos pola comunidade internacional e, fundamentalmente, polos países membros da UE, na procura dun desenvolvemento sustentable.

En definitiva, estes eixos articulan os diferentes obxectivos do sistema, de xeito que permiten acoutar a selección de indicadores e as interpretacións dos seus resultados.

A "Estratexia Europa 2020" aposta por converter á UE nunha economía intelixente, sustentable e integradora que goce de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social. Europa 2020 propón tres prioridades que se reforzan mutuamente:

- **Crecemento intelixente:** desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación.
- **Crecemento sustentable**: promoción dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, que sexa máis verde e competitiva.
- **Crecemento integrador:** fomento de una economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial.

Na chamada "Carta de Leipzig", asinada polos ministros de Urbanismo da Unión Europea o 24 de maio de 2007, incidíase de novo na necesidade de reforzar a política de cohesión territorial da UE, mediante un novo modelo de gobernanza baseado na cooperación, e que debe dar unha resposta máis eficaz ás necesidades e características territoriais, aos desafíos xeográficos específicos e ás oportunidades das rexións e das cidades.

Tamén cómpre lembrar aquí, a "Estratexia Española de Sustentabilidade Urbana e Local (EESUL)", onde se enuncian unha serie de principios xerais para a sustentabilidade que se axustan aos criterios do modelo proposto, e son susceptibles de clasificación segundo os mesmos eixos fundamentais que converxen na configuración dunha paisaxe resultado da acción de factores naturais ou humanos e das súas interrelacións:

- Ecoeficiencia, Austeridade, Optimización dos recursos, Uso sustentable, Biodiversidade (eficiencia ambiental)
- Solidaridade inter e intraterritorial e social; Equidade; Mellora e restauración do patrimonio cultural e natural, Información e participación dos cidadáns nas políticas públicas (cohesión social)

Eficiencia ambiental

O eixo da eficiencia ambiental vertebra a relación entre a xestión e a ordenación territorial, orientada a conseguir a máxima eficiencia no uso dos recursos. Representa a capacidade dos ciclos de materia e enerxía para manter o metabolismo dos sistemas humanos, procurando a mínima perturbación dos ecosistemas.

A renovada "Estratexia de Lisboa" acordada polos Estados membros en 2005, ademais de apostar polos diversos potenciais territoriais das rexións para o crecemento económico sustentable e a creación de emprego na UE, poñía de manifesto a importancia do compromiso de cada rexión e cidade na contribución ao aforro de enerxía e ao seu subministro descentralizado e a mitigar o cambio climático, apoiando o desenvolvemento de asentamentos con emisións baixas ou nulas, desenvolvendo novas fontes potenciais de enerxía renovable e promovendo a eficiencia enerxética.

Así, este eixo da eficiencia ambiental pódese analizar a partir dun conxunto de variables-bloques e de obxectivos-criterios relativos a:

- A morfoloxía territorial -consumo eficiente de solo-. O modelo sustentable de ocupación do territorio será aquel que opte por un modelo compacto, de implosión territorial, onde o crecemento urbano se conteña ou se xustifique baixo determinados supostos.
- O metabolismo -autosuficiencia de fluxos-. Procura de sistemas autárquicos que minimicen a presión sobre a matriz soporte, orixinada, tanto pola extracción de recursos, como pola asimilación dos produtos que se lle retornan. Regresión da entropía proxectada no sistema, debida ao consumo masivo de materiais, enerxía, auga e alimentos, así como a procura do peche destes fluxos de intercambio.
- A funcionalidade dos ecosistemas. Preservación e conectividade dos sistemas naturais.
- A mobilidade sustentable como resposta aos impactos sociais, económicos e ambientais derivados do uso intensivo dos vehículos a motor e como factor para configurar un territorio ambientalmente sustentable.
- Finalmente, a integración paisaxística configúrase como obxectivo integrador, síntese e resultado de todas as variables do eixo da eficiencia ambiental.

Cohesión social

O segundo eixo, a cohesión social, articula os obxectivos definidos para garantir a igualdade de oportunidades individuais que contribúen ao desenvolvemento dunha comunidade con identidade común e a unha sociedade do coñecemento.

Este segundo eixo abrangue aspectos como o desenvolvemento económico, a creación de riqueza, a distribución da renda e o acceso equitativo da poboación aos equipamentos e servizos colectivos. Debe aspirarse á consecución dunha sociedade capaz de xerar sentimentos de identidade e solidariedade asentados en valores comúns e na que os individuos acadan unha conciencia de pertenza que transcende do mero feito do acceso equitativo a determinados servizos ou oportunidades, ou da atención a determinadas necesidades sociais. Segundo isto, o eixo de cohesión social articula os seus obxectivos con:

- A valorización do patrimonio humano, como valor de identidade colectiva.
- O nivel de accesibilidade e a mobilidade, en tanto que debe garantirse unha igualdade no tempo de acceso a servizos básicos cara a integración e a convivencia social de todos os individuos.
- A articulación no espazo dos elementos estratéxicos do territorio, que definen a ocupación do solo. A realidade física do territorio e, polo tanto, as solucións formais adoptadas que determinan a proximidade entre os usos e funcións e a súa diversidade, están intimamente relacionadas co modelo de mobilidade e o modelo de ordenación do territorio derivado.
- O equilibrio da estrutura social e a diversidade, que permiten coñecer o grado de multifuncionalidade de cada ámbito. A diversidade está ligada á complexidade; os organismos vivos son portadores de información e atesouran, de forma dinámica no tempo, características que nos indican o grado de acumulación de información e a capacidade para influír no presente e controlar o futuro.
- A integración paisaxística, de novo en relación ao eixo de cohesión social, é o obxectivo integrador, pero tamén a consecuencia e síntese do cumprimento dos obxectivos do mesmo. Así, a paisaxe configúrase como o resultado das relacións e interaccións naturais e antrópicas sobre o medio.

Modelo territorial sustentable

Así, co o "debuxo" do modelo conceptual do sistema de seguimento da sustentabilidade territorial complétase coa relación coas liñas estratéxicas das DOT. Deséñase así unha estrutura coherente e equilibrada de referencia para a selección de indicadores e as interpretacións dos seus resultados.

As liñas estratéxicas definidas na memoria das DOT (1.5 Un modelo territorial para o futuro de Galicia. 1.5.1. Orientacións estratéxicas do modelo territorial de Galicia) e recollidas na Memoria ambiental correspondente ao proceso de avaliación ambiental estratéxica orientase a:

A. Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa.
B. Fortalecer os núcleos tradicionais e o litoral, e valorizar o territorio.
C. Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio.
D. Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial.
E. Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural.
F. Protexer o patrimonio natural e cultural.
G. Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental.
H. Afianzar o protagonismo exterior de Galicia.



Ilustración 2. Modelo territorial sustentable

Un territorio estruturado conduce a unha maior eficiencia dos ciclos e fluxos metabólicos e a unha maior equidade de oportunidades e accesibilidade, acadando unha maior cohesión social.

O esquema reflicte o modelo conceptual proposto para o sistema de indicadores de sustentabilidade territorial: liñas estratéxicas trazadas a partires dos criterios-obxectivos. E todo segundo os dous eixos fundamentais de eficiencia ambiental e coherencia social na configuración dun modelo territorial sustentable e en equilibrio.

A posición central do obxectivo de integración paisaxística, en relación directa co resto de obxectivos a través dos diferentes eixos de sustentabilidade, ven xustificada polo recoñecemento holístico da paisaxe, en coherencia co seu tratamento na Lei de Protección da Paisaxe de Galicia de xuño de 2008 e coa súa definición no "Convenio Europeo da Paisaxe", que entrou en vigor en 2004:

> *"Calquera anaco do territorio tal e como é percibida polas poboacións e que o seu carácter resulta da acción de factores naturais ou humanos e das súas interrelacións".*

O modelo resulta igualmente coherente co marco da planificación territorial de referencia e por ende coa "Estratexia Territorial Europea", subscrita en Postdam en maio de 1999, e na que se pon de manifesto que as actuacións no eido da ordenación do territorio, ademais da corrección dos desequilibrios territoriais e a procura dunha maior cohesión espacial dentro dos países e das rexións, debe acadar un desenvolvemento económico sustentable e una mellora da calidade de vida, a través do compromiso na xestión responsable e intelixente dos recursos patrimoniais, naturais e culturais e na protección e a mellora da paisaxe, dentro dunha política de utilización racional do territorio.

Neste senso, cumpre recordar a xa mencionada "Carta de Leipzig", na que deféndese a necesidade de que a dimensión territorial xogue un papel máis forte na futura política de cohesión para promover o benestar económico e social; esta estratexia coincide plenamente coa definición do modelo territorial para o futuro de Galicia descrito nas DOT,onde, previo ao enunciado das oito liñas estratéxicas fundamentais da nova política territorial de Galicia, afírmase que:

"O territorio de Galicia é un factor de identidade esencial nunha nova etapa marcada pola globalización, é o espazo onde se desenvolve a vida cotiá dos cidadáns, é o principal activo para que a nosa economía sexa competitiva e é o lugar clava para innovar e construír un futuro sostible, pero tamén o marco referencial con grandes calidades humanas, ambientais, culturais e paisaxísticas que debemos preservar"

Trátase pois, do deseño dun sistema incardinado no marco legal definido polos instrumentos de ordenación do territorio e coherente coas políticas europeas no eido da ordenación e o desenvolvemento territorial que permita, a través da monitorización do territorio, unha xestión dinámica sustentada na participación social e a gobernanza activa e integral.

1.2.2.3 Selección e proposta de indicadores

Aplicando os criterios de sustentabilidade definidos, se realiza unha proposta concreta de indicadores segundo a estrutura de Bloques-Variables e Subbloques- Aspectos clave. Este sistema de indicadores debe funcionar como unha ferramenta de medición da evolución das DOT e do resto de instrumentos de ordenación do territorio, cara o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada variable de sustentabilidade.

Para a definición desta serie partiuse da definida no ANEXO I.-Plan de seguimento da Memoria ambiental das Directrices de Ordenación do Territorio.

O traballo desenvolvido pola Comisión de Seguimento completou o sistema inicial, incorporándolle os específicos derivados do POL, definindo unha serie de indicadores, que cumpren cunha serie de características básicas:

- Están relacionados cos obxectivos de maneira que presentan a evolución da aplicación das DOT.
- Son facilmente medibles e susceptibles de analizar en series temporais.
- Reflicten a evolución temporal, de xeito que poden analizarse para prever ou corrixir tendencias negativas.
- O seu número é suficientemente reducido, co obxectivo de ser facilmente comprensibles por todos os axentes implicados.

Este sistema de indicadores permite avaliar a sustentabilidade das DOT e dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio mediante o seguimento da súa evolución cara o cumprimento dos obxectivos xerais propostos para o desenvolvemento dos mesmos, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables.

1.2.3 Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)

Establecido no ISA das DOT e recollido na Memoria ambiental, outro elemento que se considera complementario para o seguimento dos obxectivos e determinacións das DOT, é aquel que é capaz de reflectir a percepción da cidadanía sobre a calidade de vida e do medio físico que habita

Para tal fin, proponse a realización dunha enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU), que ten por obxecto incorporar ao Plan de seguimento a consideración da percepción territorial da poboación acerca da situación da calidade da vida nas cidades e no rural así como a valoración acerca das melloras pretendidas polos instrumentos de ordenación do territorio e/ou de urbanismo.

Como aproximación xeral, os aspectos máis significativos son:

- Acceso a servizos urbanísticos e dotacións (equipamentos e espazos libres)
- Proximidade a servizos comerciais
- Opcións ou alternativas para a mobilidade obrigada
- Calidade ambiental dende o punto de vista do confort e a minimización de problemas para a saúde. Isto pódese traducir na minimización da contaminación de calquera tipo.

Considerando estes aspectos e os mencionados nas orientacións recollidas nos ISA correspondentes (a-e), a modo de síntese, enténdese que a EPTU debería conseguir a seguinte información:

- Servizos urbanísticos: existencia ou acceso, calidade e valoración de melloras levadas a cabo o pretendidas
- Dotacións (equipamentos e espazos libres): existencia ou acceso, calidade e valoración de melloras levadas a cabo ou pretendidas
- Opcións ou alternativas para a mobilidade obrigada: existencia, calidade
- Calidade ambiental: problemas identificados e valoración de melloras levadas a cabo ou pretendidas
- Satisfacción global en atención aos temas anteriores
- Paisaxe: satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global

1.3 Procesos



O plan de seguimento aprobado por Decreto 176/2013 enténdese como un instrumento aberto, de avaliación do cumprimento dos obxectivos definidos nas DOT para os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo. Neste senso, o plan concibiuse como unha ferramenta que evolucionará e perfeccionarase a medida que se desenvolvan os correspondentes plans con incidencia sobre o territorio, pero tamén en función das actualizacións das fontes de datos ou das tendencias mostradas.

Deseñouse unha metodoloxía de traballo que contempla tres fases coas distintas funcións dos órganos implicados. O fluxo do traballo a realizar, de modo esquemático, consiste en:

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) coordina e formula as propostas.

Os Grupos Técnicos de Traballo (GTT) analizan, consensúan e validan as propostas.

A Comisión de Seguimento aproba as propostas.

O punto de partida da elaboración das ferramentas do seguimento da sustentabilidade territorial é o plan de seguimento da Memoria ambiental do procedemento de Avaliación ambiental estratéxica das DOT e o indicado no seu ISA.

Os indicadores propostos cumprirán cunha serie de características básicas:

- Estarán relacionados cos obxectivos de maneira que presenten a evolución da aplicación das DOT.
- Serán medibles e susceptibles de analizar en series temporais.
- Reflectirán a evolución temporal, de xeito que poden analizarse para prever ou corrixir tendencias negativas.
- seu número será suficientemente reducido, co obxectivo de ser facilmente comprensible polos axentes implicados.
- Estarán facilmente dispoñibles.

O sistema de indicadores permitirá avaliar a sustentabilidade da planificación territorial derivada das DOT mediante o seguimento da súa evolución e a verificación do cumprimento dos obxectivos xerais propostos, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables

Cada indicador mostra un aspecto concreto do desenvolvemento nalgunha das súas dimensións e permite tirar conclusións sobre a realidade parcial que describe. Pero un conxunto de indicadores, como agregado de realidades parciais que coinciden no tempo, tamén ten potencial para a análise estrutural, como suma de descricións parciais, xa que supón a obtención de información relevante dende perspectivas distintas.

Os resultados dos distintos indicadores deberán facilitar unha lectura en termos de tendencia sobre os aspectos clave da sustentabilidade co obxectivo, no seu caso, de poder deseñar medidas que permitan reconducir aquelas que non sexan coherentes cos obxectivos estratéxicos das DOT e os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo que as desenvolvan.

No que se refire á Enquisa de percepción territorial e urbanística, esta deberá, segundo recolle o ISA das DOT, permitir coñecer a valoración de cuestións territoriais e urbanísticas como a satisfacción xeral da cidadanía e da veciñanza cos niveis de calidade de vida acadados en relación á ordenación territorial; as posibilidades de mellora estrutural e puntual; as melloras percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións das DOT; a calidade de espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento; e a satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

O proceso de deseño da EPTU baséase nas que realiza o IGE desde o ano 1999 coa fin de obter información sobre as características socioeconómicas dos fogares galegos.

En colaboración co IGE e coas achegas dos grupos técnicos de traballo, propóñense unha serie de modificacións na Enquisa Estrutural a Fogares, concretamente no módulo de mobilidade e vivendas familiares, a fin de dar resposta aos obxectivos do PSST

As propostas que desenvolvan os diferentes grupos técnicos de traballo (GTT) incluirán a avaliación dos resultados obtidos e, de ser o caso, as posibles medidas de resposta a estes.

O plan de seguimento da sustentabilidade territorial enténdese como un instrumento aberto na tarefa de avaliar o cumprimento dos obxectivos definidos nas DOT para os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.

Debe terse en conta que os instrumentos como o catálogo (xa elaborado) e directrices da paisaxe que deben elaborarse en resposta á Lei da paisaxe galega, os plans territoriais integrados que se redacten, así como os plans sectoriais ou de ordenación do medio físico, farán que tanto os Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI) como os Indicadores de sustentabilidade territorial (IST) vaian redefiníndose, axustándose en función da concreción dos obxectivos que poden aportar estes documentos.

O sistema de indicadores irase modificando e perfeccionando ao longo do tempo de estudo, co criterio de utilizar os mellores indicadores posibles, en función de mellores fontes de información ou coñecementos implementados.

O conxunto de ferramentas que se definan deberá irse actualizando, e tamén completando e modificando progresivamente nos Plans que ano tras ano se vaian aprobando, en atención aos resultados, ás tendencias mostradas, aos datos de que se dispoña, ou aos posibles novos obxectivos, máis concretos, a acadar.

Por isto, o sistema de seguimento actualizarase periodicamente, en función da actualizacións dos datos que serven de base a formulación dos indicadores (IDI / IST) ou á Enquisa de percepción territorial e urbanística.

O seguimento dos resultados destas ferramentas poderán sinalar se existen desviacións, non previstas respecto aos obxectivos e aos posibles efectos, que fagan preciso implementar medidas correctoras para reconducir cara a unha maior sustentabilidade determinadas dinámicas no territorio.

Neste caso, elaboraranse propostas de corrección das tendencias negativas, que avaliarán os Grupos Técnicos de Traballo, e que a Comisión de Seguimento recomendará incorporar nas actuacións das administracións públicas co obxecto de servir de apoio para o establecemento de estratexias de desenvolvemento acordes aos parámetros de sustentabilidade.

Tanto a definición das ferramentas como os seus resultados ou as recomendacións que, de ser o caso, se formulen formarán parte do Informe de seguimento, que ten unha periodicidade anual.

1.4 Contextualización no marco das operacións estatísticas

O Plan de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial (PSST) fundaméntase, nunha recompilación de información e elaboración da mesma para un mellor coñecemento das distintas variables de sustentabilidade e da súa evolución no tempo, coa vocación de formar parte do coñecemento xeral nunha sociedade participada por todos, cidadáns, empresas, asociacións e administracións.

Da análise da definición que da actividade estatística se da na lei reguladora galega, dedúcese que esta é quen de reforzar a solvencia do sistema de seguimento formulado.

A estes efectos, no seo dos dezasete grupos de traballo (GTT), contouse, dende o inicio, coa presenza do órgano estatístico da Comunidade Autónoma (IGE), coa finalidade de que aportara, non só o seu coñecemento na xestión de datos, senón que ademais velase porque os procedementos de recompilación, tratamento e xestión dos datos, foran quen de incorporarse, a medio prazo, ao programa estatístico da Comunidade autónoma.

Neste senso, e de xeito parello a elaboración do primeiro Informe, iniciouse a elaboración do correspondente proxecto estatístico integrado pola meirande parte dos indicadores e que seguirá, alimentando a converxencia á oficialidade do sistema de indicadores. Así, a Consellería de Facenda, a través do Decreto 164/2014, do 26 de decembro polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2015, incorpora no apartado "Territorio" o proxecto "*11-102 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia"*.

Esta acción, derivada do PSST, non so contribúe a enriquecer o programa estatístico galego, senón que tamén demanda un esforzo de extraordinaria utilidade para a sistematización dos procesos de obtención e explotación da información levada a cabo a partir dos distintos procedementos e accións da administración pública no desenvolvemento das políticas sectoriais.